ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Sabela
Pillado Villaronga

Tese de doutoramento

HISTORIA DO CINE DO SALNÉS. A EXHIBICIÓN CINEMATOGRÁFICA EN CAMBADOS E OUTRAS VILAS

Santiago de Compostela, 2022

Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte

TESE DE DOUTORAMENTO

HISTORIA DO CINE DO SALNÉS.

A EXHIBICIÓN CINEMATOGRÁFICA EN CAMBADOS E OUTRAS VILAS

Sabela Pillado Villaronga

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA / LUGO

ANO 2022

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

D./Dna. **Sabela Pillado Villaronga**

Título da tese: *Historia do Cine do Salnés. A exhibición cinematográfica en Cambados e outras vilas*

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Santiago de Compostela**, **31 de Maio de 2022**.

Sinatura electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

D./Dna. **Ángel Luis Hueso Montón**

En condición de: **Director/a**

Título da tese: *Historia do Cine do Salnés. A exhibición cinematográfica en Cambados e outras vilas*

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Sabela Pillado Villaronga, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **31 de Maio de 2022**

Sinatura electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

D./Dna. **Xosé Nogueira Otero**

En condición de: **Titor/a**

Título da tese: *Historia do Cine do Salnés. A exhibición cinematográfica en Cambados e outras vilas*

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Sabela Pillado Villaronga, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **31 de Maio de 2022**

Sinatura electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Aos meus pais.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

Ao meu director de tese, Ángel Luis Hueso Montón, así como a Xosé Nogueira Otero, titor da mesma.

Á xente do Salnés e a todos aqueles que puxeron á miña disposición o seu tempo, lembranzas e coñecementos, así coma os seus fondos persoais, pola súa desinteresada colaboración e tódalas facilidades outorgadas. Os nomes son moitos e de todos eles dáse conta na bibliografía, así coma en moitas citas desta tese.

Aos meus pais, irmán, parella e amigos, polo seu apoio, axuda e contribución a este traballo, e pola súa paciencia comigo no camiño longo e non exento de dificultades que foi a investigación e redacción do mesmo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE

RESUMO 17
PRÓLOGO: OBXECTIVOS E METODOLOXÍA 19
INTRODUCIÓN: APUNTES SOBRE O SALNÉS 23

1. CAMBADOS 31

1.1. INTRODUCIÓN 33
1. 2. A EXHIBICIÓN CINEMATOGRÁFICA EN CAMBADOS 36
1.2.1. OS ANTECEDENTES: Primeiras proxeccións públicas 37
1.2.2. SALÓN VARIEDADES (1909-1940): O pioneiro 40
1.2.2.1. Primeira etapa: 1909-1917 40
1.2.2.2. A paréntese de 1918-1921 52
1.2.2.3. Segunda etapa: 1922-1940 54
a) Período silente: 1922-1933 57
b) Período sonoro: 1933-1940 73
c) Outras actividades no local 87
1.2.3. CINEMA JUVENTUD (1934-1948): Do papel da Igrexa na exhibición cinematográfica 91
1.2.4. CINE CERVANTES (1943-1973): O "cine vello" 104
1.2.5. CINE AVENIDA (1961-1988): O "cine novo". Chega a "modernidade" 125
1.2.6. CINE AVENIDA (1994-1999): A derradeira experiencia 145
1.2.7. CINE NON COMERCIAL 151
1.2.7.1. Os Cineclubs 151
a) "Cineclub Vento Mareiro": un proxecto de 1978 151
b) "Cineclub da Sociedade Cultural": 1978-1983 152
c) "Cineclub Cambados": finais 1985-1986 153
1.2.7.2. Outros modelos alternativos de proxección 155
1.2.7.3. A televisión local: Canal Rías Baixas 157

2. OS OUTROS CONCELLOS DO SALNÉS..... 161

2.1. VILAGARCÍA DE AROUSA 164
2.1.1. AS PRIMEIRAS PROXECCIÓNS: OS BARRACÓNS ITINERANTES E O SALÓN GARCÍA 165
2.1.2. SALÓN VARIETÉS (1908-1935) 170
2.1.3. SALÓN-TEATRO VILLAGARCÍA (1911-1936) 176
2.1.4. CINE FANTASIO (1933-2000) 185

2.1.5. CINE-TEATRO CERVANTES (1935-1977) 189
2.1.6. CINE AROSA (1943- 1990) 196
2.1.7. MINICINES UVE (1986-2002) 199
2.1.8. MULTICINES GRAN AROUSA (2001-ACTUALIDADE) 203
2.1.9. CINE NON COMERCIAL 207
2.1.9.1. Os Cineclubs 207
2.1.9.2. Certame de Cine Afeccionado de Vilagarcía/ Curtas Festival do Imaxinario 210
2.1.9.3. Outros modelos de proxección 212

2.2. O GROVE 214
2.2.1. O CINE NOVEDADES (1919/1920-1934) 215
2.2.2. O TEATRO-CINE BESADA (1921-1976): ‘‘La sala de moda’’ 217
2.2.3. CINE EL MARINO (1944 - 2004): ‘‘La sala de los máximos triunfos’’ 225
2.2.4. O CINE ANDURIÑA (1949-1956): ‘‘La sala de los grandes estrenos’’ 232
2.2.5. PROXECCIÓNS NA TOXA (PRINCIPIOS DOS ANOS 50) 235
2.2.6. PROXECCIÓNS NA CASA DA CULTURA 236

2.3. SANXENXO 237
2.3.1. O CINE DE VILALONGA (1934-1991): O SALÓN-CINE/ CINE TORRES/ CINE DON JUAN 238
2.3.2. DORRÓN: CINE A GRANXA (ENTRE 1940-1945) 246
2.3.3. PORTONOVO: CINE GONDARIÑO (1946-1992) 246
2.3.4. SANXENXO (1947-2013): CINE LA TERRAZA E CINE RÍAS BAJAS.... 249

2.4. MEAÑO 254
2.4.1. OS PRIMEIROS PASOS: O SALÓN-CINE MEAÑO (1930-1936) 254
2.4.2. DENA: O CINE AROSA E A SÚA EVOLUCIÓN ATA UN COMPLEXO DE OCIO (1949-1985) 255

2.5. RIBADUMIA 259
2.5.1. CINE PUENTE ARNELAS (1944-1978/1979) 259
2.5.2. BARRANTES (1946- MEDIADOS DOS ANOS 90): CINE BARRANTES E CINE ESPACIO AZUL 263

2.6. MEIS 270
2.6.1. O CINE MOSTEIRO (1946-1978) 270

2.7. VILANOVA DE AROUSA 276
2.7.1. SALÓN NOVEDADES (ANOS 20-30) 276
2.7.2. CINE COLISEO (1943-1978) 278
2.7.3. IDEAL CINEMA BAYÓN (1947-INICIOS ANOS 60) 283

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.8. A ILLA DE AROUSA 285
2.8.1. CINE CAPITOL (1933-1987) 287
2.8.2. CINE AROSA (1943?-1951) 292
2.8.3. CINE ROXY (1953-1978) 294
2.8.4. CINE AROSA (1980-1986?) 295
2.8.5. CINE NON COMERCIAL: OS CINECLUBS 298
2.8.5.1. Cineclub Arosa 298
2.8.5.2. Cineclub Illa de Arousa 299

CONCLUSIÓNS 303

BIBLIOGRAFÍA 307
ARQUIVOS 309
LIBROS 312
HEMEROGRAFÍA 319
PÁXINAS WEB 321
VIDEOGRAFÍA 322
TESTEMUÑOS 322

ANEXOS 327
ÍNDICE 329
ANEXO I: DATOS BÁSICOS DAS SALAS DE CINE DO SALNÉS 331
ANEXO II: FICHAS TÉCNICAS DE FILMES DE INTERESE 351
ANEXO III: OUTRA DOCUMENTACIÓN 363

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

Ao abeiro do camiño iniciado por outros estudos de cine local en Galicia, a presente tese de doutoramento pretende ser un achegamento ao que foi, e segue a ser, a historia do cine na comarca galega do Salnés.

O principal obxectivo do proxecto é pois facer un estudo local, con especial fincapé no punto de vista social, da chegada do cine á comarca e a evolución do mesmo nos seus diferentes períodos a nivel nacional e internacional, movido polos cambios sociais, económicos, políticos ou técnicos. Todo iso por medio do estudo da exhibición cinematográfica nas vilas do Salnés, dando especial importancia a Cambados.

A tese dividirase en dous grandes bloques. O primeiro, centrado no concello de Cambados, coa análise en detalle das diferentes salas que nel existiron, e co seguimento dos filmes proxectados, os estudos de porcentaxes de taquilla, prezos das entradas... que permiten avaliar os xéneros, actores, etc do gusto nas diferentes épocas. Todo iso, sen deixar de lado a implicación dos cambios tecnolóxicos nas salas e a evolución na tipoloxía dos edificios dos cines.

No segundo bloque da investigación, trataremos —dun xeito equilibrado e coherente, aínda que non tan minucioso coma en Cambados— os outros concellos do Salnés, e as vilas que neles albergaron exhibicións cinematográficas. Mediante o seu estudo veremos os nexos entre os diferentes núcleos de poboación a nivel de exhibición, e as diferenzas e semellanzas entre os seus cines.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

PRÓLOGO:
OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Os estudos sobre as historias locais veñen sendo, nas últimas décadas, cada vez máis numerosos. Ben sexa por traballos dentro do ámbito académico, caso das teses de doutoramento, ou por outras vías de investigación á marxe desta, están a adquirir unha cada vez maior importancia e complexidade, feito do que o aspecto cinematográfico ha tirar tamén proveito. No ámbito galego os traballos sobre a materia estanse a desenvolver poida que de modo lento, pero tamén constante. Así, estas historias locais do cinema galego abranguen dende as grandes cidades, como Santiago de Compostela ou A Coruña, ata outras "menores" coma O Carballiño. Delas tan só están publicadas[1], á parte das citadas, as referidas a poboacións como Pontevedra, Lugo, Betanzos, Ferrol e O Grove. Isto non quita, evidentemente, que estean tamén estudadas outras áreas, en traballos aínda inéditos ou en vías de realización[2].

A importancia de todas estas investigacións é evidente, xa que por medio delas podemos ter acceso a un abano de aspectos moito máis amplo, pois o cine estará sempre en íntima relación cunha serie de variables socioeconómicas, políticas, demográficas... que traspasan a barreira da mera exhibición de imaxes en movemento. Isto axuda a configurar o fresco que sería a propia historia da poboación que se vai tratar e, extrapolando todo iso, contribúe tamén á realización e maior comprensión da propia historia da comunidade —galega neste caso—, xa que toda historia a nivel xeral está conformada, coma se dun crebacabezas se tratase, destas pequenas "pezas" locais.

OBXECTIVOS

O presente traballo obedece por tanto a un desexo de, por unha parte, contribuír a dar un paso máis na configuración dunha historia do cine galego cada vez máis completa; e por outra banda, a título máis persoal, afondar na historia da vila onde nacín e crecín: Cambados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1] Ver Bibliografía, *Historias do cine locais*.

[2] Sirva de exemplo o caso de Vilagarcía de Arousa, do que falaremos no apartado correspondente.

Así mesmo, e derivado diso, este estudo danos a posibilidade de ampliar o raio de estudo cara a poboacións lindantes, e incluso a toda a comarca do Salnés, por compartir similares características (xeográficas, sociais, culturais...) á vila nomeada.

Polo tanto, o obxectivo inicial deste traballo foi o dar unha panorámica do devir do feito cinematográfico na vila de Cambados, e por extensión, aínda que xa dun modo máis xenérico, na comarca do Salnés, amosando cunha vontade sempre contextualizadora a evolución do cine nestes lugares a través dun aspecto fundamental: a exhibición, é dicir, os cines existentes no Salnés e a "vida" de cada un deles, amais das formas alternativas de exhibición e do cine non comercial. Porque todos e cada un dos concellos do Salnés, independentemente das súas diferenzas poboacionais, contaron nalgún momento da súa historia non só con exhibicións cinematográficas, se non con edificios dedicados especificamente a elo.

A singularidade de compaxinar o estudo local co rexional, porá de relevo un feito tan salientable como é a importancia de coñecer unha manifestación hoxe tristemente desaparecida, que é a proliferación dos cines no medio rural.

Con todo isto, queda claro que a nosa intención é, ante todo, a de proporcionar unha síntese coherente do que foi, como sinala o título, a historia do cine do Salnés. Servirá ademais como base para futuros estudos sobre o tema, xa que abre o camiño cara a un maior afondamento no que aquí se inicia, ofrecendo tamén a posibilidade de ampliar o raio de estudo cara a outro aspecto en absoluto carente de importancia e que aquí optamos por non abordar dada a súa extensión —a cal nos afastaría do principal obxectivo a tratar—, e que é o bloque temático que abranguería as rodaxes realizadas no Salnés, así coma os habitantes orixinarios desta zona que participaron e participan no ámbito cinematográfico a nivel profesional.

METODOLOXÍA

As fontes empregadas para esta fin son tan diferentes como complementarias, e levan dunha inicial busca bibliográfica ao que será un dos pilares básicos de información, marcado polo propio carácter deste estudo: o traballo de campo.

Estas foron pois, en liñas xerais, as principais fontes para a investigación:

- Arquivos e hemerotecas, provinciais e especialmente municipais.
- Historias, dicionarios, estudos e fondos videográficos sobre o cinema galego.
- Documentación de particulares: consistente en libros de contas, rexistros de filmes, correspondencia, fotos, gravacións... de propietarios (e descendentes) dos negocios de exhibición cinematográfica da comarca, así como dos traballadores dos mesmos.

- Testemuños orais con lembranzas e vivencias propias ou alleas, que relatan as historias vivas da comunidade no referido ao aspecto cinematográfico; así como entrevistas con profesionais do sector pertencentes á zona.

Como pode observarse, o rastrexo en diversos arquivos ou os baldeirados de prensa, van da man dunha recollida de memoria oral, que é un dos elementos máis relevantes desta investigación. A recuperación de protagonistas, ou de testemuños directos ou indirectos, permiten á súa vez a recuperación de datos e aspectos tanxenciais que serán fundamentais no desenvolvemento deste estudo.

Son fontes que, por tanto, como en todo traballo deste tipo, caracterizaranse sobre todo pola súa descontinuidade, así como falta de homoxeneidade, feito que repercutirá no resultado final da redacción. Os principais problemas que podemos atopar á hora de investigar a historia do cine do Salnés son semellantes aos doutros lugares; a falta de información canto máis atrás nos retraemos no tempo, a perda da documentación ao longo dos anos, a desaparición dos propios edificios físicos, o certo grado de imprecisión que pode conter a memoria oral… Este traballo pretende recompoñer a Historia na medida do posible, enchendo ao máximo os ocos e baleiros atopados inicialmente, pero sempre dende un seguimento levado a cabo dende o apego aos datos documentais, o que fai que, mal que nos pese, queden incógnitas por resolver. Froito diso resultará por conseguinte unha dedicación máis exhaustiva a uns aspectos (e vilas) que a outros, dependendo da cantidade e fiabilidade da información atopada, e así é posible que, en ocasións, se dea a impresión dun certo desequilibrio na atención outorgada a cada unha das partes. Loitaremos sen embargo por manter un equilibrio, aínda que ás veces resulte difícil.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN:
APUNTES SOBRE O SALNÉS

Situación da comarca do Salnés en Galicia.
Extraído do libro *O Salnés. Plan de desenvolvemento comarcal*

O val do Salnés, segundo un amplo número de historiadores, é un nome que procede das salinas existentes na zona dende a antigüidade (e que están amplamente documentadas), así coma o nome da comarca como *Territorium Saliniense*. É unha comarca perfectamente definida xeograficamente polo val formado polos cursos medio e baixo do río Umia, con vértice en Caldas de Reis e delimitado ao norte polos montes do Xiabre e ao sueste polo Castrove, abríndose cara á ría de Arousa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A fertilidade do chan, a abundancia de pesca e marisqueo e a benignidade do clima explican a remota ocupación do territorio, da que dan testemuño a existencia de restos de petróglifos (Os Ballotes-Bamio, Monte Meán-Vilagarcía, Outeiro do Cribo-Armenteira), túmulos (Treviscoso-Vilanova, Fonte do Lagarto-Armenteira, Xidoiro Areoso-Illa de

Arousa) e construcións castrexas (A Lanzada, Castro de Besomaño, Sete Pías-Vilariño, Dorrón) por todo o val e montes próximos.

A romanización someteu as tribos nativas, ben pola forza ou mediante tratados e acordos, tamén estableceu rutas comerciais coa metrópole, documentadas na variada cerámica orixinaria doutras zonas atopada nas escavacións feitas nos castros costeiros (A Lanzada, A Braña-Vilanova), e deixou importantes restos (Adro Vello- O Grove, ánforas atopadas na illa de Cortegada, estela funeraria de Noalla).

Na época medieval o val do Salnés padecerá directamente os efectos das invasións normandas, obrigando á construción defensiva das torres de Oeste en Catoira. Tamén sufrirá as consecuencias das revoltas irmandiñas (destrución das torres de Lobeira e a Lanzada), adoptará a arte románica e a gótica mariñeira nas súas igrexas e conventos e acollerá a orde do Císter nas abas do Castrove.

Nos séculos XVI e XVII a fidalguía, os segundóns da nobreza, convértese na clase emerxente, que continuará o seu poder no XVIII e XIX. Nunha situación intermedia entre a nobreza e o resto da poboación acaparan foros que subarrendan a outros labregos. A súa principal actividade será a explotación agraria, que combinará con cargos burocráticos, militares e eclesiásticos. É a época do nacemento dos pazos, e o val do Salnés, cunha rica agricultura, verase inzado destas novas construcións (Fefiñáns, Bazán, Montesacro, en Cambados; Golpelleira, Rubiáns, O Rial, en Vilagarcía; Rúa Nova, Cuadrante, en Vilanova; Barrantes, A Pedreira, en Ribadumia; Moroza, Torre Penelas, San Bieito, en Portas; Pompeán, Caticovas, en Meis; Quintáns, Revel, Miraflores, en Sanxenxo; O Sineiro, en O Grove).

A vida en Galicia no século XIX vai estar influenciada polo fenómeno da emigración, que afectou sobre todo á poboación rural, como é o caso do Salnés. Calcúlase que ao longo do século abandonaron Galicia unhas 900.000 persoas, con destino maioritariamente a Lisboa, Arxentina, Brasil, Cuba e Uruguai. Se ben é certo que moitos volveron, a influencia dos seus aforros na reactivación económica do país foi moi limitada. Un feito importante desta época, que tivo repercusión no Salnés, foi a implantación do ferrocarril en Galicia, xa que a primeira liña construída, en 1873, foi dende Santiago ata Carril, contribuíndo á industrialización e progreso do concello de Vilagarcía. Por outra banda, en política, o sistema de quenda de partidos establecido a partir da Restauración en 1874 favoreceu a expansión do caciquismo, que no Salnés tivo preclaros representantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O incremento demográfico e o despegue económico durante o século XX son dúas características de España e de Galicia, que teñen o seu reflexo no Salnés. A poboación que sumaban a principios de século os oito concellos que constituían o antigo partido xudicial de Cambados, ou sexa, a actual comarca do Salnés, a finais aumentara un 112,4

%, porcentaxe superior á que experimentou a provincia de Pontevedra (84,6 %) ou Galicia (32,3 %). A emigración continuou durante a primeira metade do século, dirixíndose cara a Europa (Suíza, Alemaña, Francia) nas décadas dos 50 e 60, pero nos anos 70 e 80 este fluxo detense polas crises que xorden a nivel mundial.

Na actualidade, a franxa litoral conformada polas zonas do Salnés-Vigo é a que conta cunha maior densidade poboacional en Galicia.

O val do Salnés consta a día de hoxe de nove concellos, que abranguen dende zonas de carácter máis urbano a, principalmente, zonas máis rurais. No que respecta á poboación correspondente a cada un deles, esta é unha última actualización, seguindo unha orde descendente[3]:

CONCELLO	Nº HABITANTES
Vilagarcía de Arousa	37.545
Sanxenxo	17.635
Cambados	13.673
O Grove	10.699
Vilanova de Arousa	10.306
Meaño	5.314
Ribadumia	5.157
Illa de Arousa	4.951
Meis	4.796

A diferenza entre as distintas poboacións do Salnés ha constatarse na estrutura do traballo, que prestará especial atención a Cambados, e tras del a Vilagarcía (como capital da comarca), mentres as demais poboacións servirán como apoio e testemuña á hora de ver como foi evolucionando o cine na comarca ao longo das décadas.

Antes de comezar co groso do traballo, convén tamén falar aquí dunha estrutura que será mencionada ao longo del, e que é a parroquial. As parroquias son unha estrutura poboacional que en Galicia conta con grande peso. A súa orixe son as divisións territoriais de orixe eclesiástica, de menor entidade que un municipio, unhas unidades de poboación que conforman un concello, e que á súa vez poden subdividirse en unidades menores, que son os ‘‘lugares’’.

[3] Datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), na súa última actualización do 1-1-2021.

Para mellor comprender o caso do Salnés, e por posibles dúbidas que poidan ir xurdindo na lectura, no cadro a seguir relátanse as parroquias actuais de cada un dos concellos[4]:

CONCELLO	Nº PARROQUIAS	PARROQUIAS
Vilagarcía de Arousa	13	Arealonga (Santa Baia), Bamio (San Xinés), Carril (Santiago de Fóra), Carril (Santiago), Cea (San Pedro), Cornazo (San Pedro), Fontecarmoa (San Pedro), Rubiáns (Santa María), Sobradelo (San Salvador), Sobrán (Santa Mariña de Fóra), Sobrán (San Martiño), Soloveira (San Fins), Vilagarcía (Santa Baia)
Sanxenxo	9	Adina (Santa María), Arra (San Amaro), Bordóns (San Pedro), Dorrón (San Xoán), Gondar (San Tomé), Nantes (Santa Baia), Noalla (Santo Estevo), Padriñán (San Xenxo), Vilalonga (San Pedro)
Cambados	5	Cambados (Santa Mariña), Castrelo (Santa Cruz), Corvillón (Santo Amedio), Oubiña (San Vicenzo), Vilariño (Santo Adrián)
O Grove	2	O Grove (San Martiño), San Vicente do Grove (San Vicente)
Vilanova de Arousa	6	András (San Lourenzo), Baión (San Xoán), Caleiro (Santa María), Deiro (San Miguel), Tremoedo (Santa Estevo), Vilanova de Arousa (San Cibrán)
Meaño	7	Covas (Santa Cristina), Dena (Santa Eulalia), Lores (San Miguel), Meaño (San Xoán), Padrenda (San Martiño), Simes (Santa María), Xil (Santa Eulalia)
Ribadumia	3	Barrantes (Santo André), Barrantes (Santo André e Santa Baia), Besomaño (Santa María)
Illa de Arousa	1	Illa de Arousa
Meis	8	A Armenteira (Santa María), San Martiño de Meis (San Martiño), Meis (San Salvador), San Lourenzo de Nogueira (San Lourenzo), Nogueira (San Vicente), San Tomé de Nogueira (San Tomé), Nogueira (San Tomé e San Vicente), Paradela (Santa María)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[4] Cadro de elaboración propia segundo datos de *O Salnés. Plan de desenvolvemento comarcal*, e www.mapas.xunta.gal. Este cadro segue a orde de concellos do anterior, para mellor visualizar que a densidade poboacional non vai en relación co número de parroquias.

En xeral, en Galicia a ‘‘fortaleza’’ das diferentes parroquias en cada concello é moi diferente, e no Salnés poderemos velo claramente. Mentres hai concellos que funcionan máis coma unha unidade, outros farano como a suma dunhas parroquias de carácter máis ‘‘marcado’’, algunhas con tal relevancia propia que poden ser confundidas por aqueles alleos á idiosincrasia galega, con concellos diferentes ou propios (coma, por poñer un exemplo, o caso de Sanxenxo e Portonovo).

Sen máis, e tras destes trazos respecto do Salnés, pasamos ao primeiro grande bloque deste traballo: a exhibición cinematográfica en Cambados.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Municipios do Salnés (*O Salnés. Plan de desenvolvemento comarcal*)

Parroquias do Salnés (*O Salnés. Plan de desenvolvemento comarcal*)

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Fragmentos de vistas do Salón Variedades. Cambados, anos 10 >
Arquivo Persoal de Xoán Antonio Pillado Silvoso (APXAPS). P.31 e 32



1

CAMBADOS

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

PEREIRA

1.1. INTRODUCIÓN: CAMBADOS. UN POBO, UNHA HISTORIA

A ti, meu Cambados, probe e fidalgo e
soñador que, ó cantareiro son dos pinales
i ó agarimo dos teus pazos lexendarios,
dormes deitado ó sol, á veira do mar.

Ramón Cabanillas
Vento mareiro, 1915

Antes de comezar a tratar de xeito específico o eido cinematográfico, sempre é apropiado, para poñer en antecedentes, dar unha serie de datos sobre as características físicas, económicas..., así como unha breve historia da vila á que nos imos referir. Unha historia por outra banda un tanto parcial, xa que se limitará a unha visión da época máis antiga e ó tránsito do século XIX cara o XX, punto de onde partirán as pesquisas posteriores, posto que será o momento a partir do que a historia xeral da vila se entrelazará coa do espectáculo cinematográfico.

Situado no Val do Salnés, Cambados é un concello costeiro de 23'5 Km^2 de extensión. A súa poboación actual é de 13.673 habitantes, dando como resultado unha das densidades máis elevadas de Galicia, con 560 habitantes por Km^2. Cabeceira do partido xudicial da comarca, está conformado á súa vez por unha serie de parroquias rurais (Castrelo, Corvillón, Oubiña e Vilariño), e outra de carácter urbano (Cambados), centro administrativo, social e de servicios, que aglutina o 45% da poboación e que é resultado da fusión das tres vilas históricas: Cambados, Fefiñáns e San Tomé.

Pobo tradicionalmente agrícola, pesqueiro e turístico, estes tres valores son os que seguen a predominar hoxe en día na súa economía. A agricultura baséase no cultivo de hortalizas e especialmente no viño albariño, grazas a un relevo suave e de baixa altitude, pero sobre todo a un microclima de temperaturas benignas que oscilan entre unha media de 9º en inverno e 20º no verán, xunto a un elevado volume de precipitacións. Pola súa banda, o sector pesqueiro oriéntase tanto cara á pesca litoral (é un dos principias portos de Galicia na pesca de sardiña e xurelo), como ao marisqueo. A industria cambadesa depende polo

tanto maioritariamente destes dous sectores, aínda que non haxa que desdeñar tampouco o papel xogado polo turismo, atraído pola proximidade das praias e a riqueza histórico-artística.

Pasemos agora a unha breve panorámica histórica, que complete a dada na introdución xenérica do Salnés.

Á hora de facer unha análise etimolóxica do termo "Cambados" atoparemos teorías moi diversas; así, estarán dende aqueles que defenden unha orixe grega do topónimo, ata os que falan de raíces celtas (*Cambra-Cune* e *Cambracum*), ou da fusión de *Cam* (lago) e *Bados* (casa), o que significaría "casa na auga/lago". Sen deixar de lado teorías máis curiosas, como que a vila foi fundada polos irmáns Inés e Sancho Camba, do que xurdiría *Camba-dos* (xa que tal era o número de irmáns). A pregunta de se Cambados apareceu rexistrado sempre con ese nome, ou sufriu unha natural evolución, é de difícil resposta. Autores como Murguía sostiveron na súa época que a histórica cidade de *Lámbrica* non foi outra que Cambados, aínda que esa é hoxe en día unha tese aínda non demostrada.

Remontándonos aos tempos máis antigos[5], nos séculos VI e V a. C. Cambados foi ocupado polos celtas, que se instalaron nos puntos máis achegados ó mar. Contou tamén co paso dos fenicios; dos gregos, que viñeron atraídos pola cantidade de estaño da ría; cartaxineses (presuntamente); os romanos, estando documentados numerosos enfrontamentos e un tratado de paz co seu exército; e suevos[6]; sen desprezar a pegada dos musulmáns (con invasións nos anos 716, 816 e 821), ou dos normandos, que realizaron a primeira incursión no 844. Xa na Idade Media, acadou o título de "Muy Leal Villa", outorgado por Fernando II de León, e a exención de certos tributos polos Reis Católicos, participando ademais nas Guerras Irmandiñas. Entre os feitos destacados da Idade Moderna estaría o alzamento, xunto con outros pobos arousanos, contra o invasor francés.

Pero é no século XVIII cando os diferentes conxuntos de poboación (Fefiñáns, Santa Mariña, Dozo e San Tomé) comezan a soldarse para a paulatina constitución do actual Cambados. Sen embargo, se falamos das tres vilas históricas anteriormente apuntadas, estas non pasaron a conformar unha unidade ata mediados do século XIX (1842), e aínda así foi esta unha realidade predominantemente teórica xa que, nas últimas décadas do período decimonónico, conservaban aínda certos trazos diferenciados, basicamente de tipo socioeconómico[7].

[5] Seguindo a J. Caamaño Bournacell en *Cambados a la luz de la historia* (Santiago de Compostela, 1933), onde comparte a identificación Lámbrica-Cambados.

[6] Relatan as crónicas que Witiza, fillo do rei visigodo Egica, viña a miúdo a Galicia, amosando unha clara preferencia por Cambados. Por este motivo, tras subir ó trono, outorgoulle foros e privilexios, xunto coa honra de plasmar no seu escudo a coroa real.

[7] Por exemplo, Fefiñáns seguiu adscrita para efectos eclesiásticos á parroquia de Vilariño ata 1880.

Fefiñáns, lugar señorial por excelencia, foi en tempos un condado e vizcondado da xurisdición de Lobeira (que abarcaba de Carril á Lanzada). Xa dende moi antigo foi tamén o núcleo mercantil de toda a bisbarra. A chamada "Praza do Mercado", punto central da zona, concibiuse e deseñouse orixinariamente como patio central do pazo, pero pronto foi transformada en "campo de feira", levando a cabo unha actividade comercial que aparece documentada de modo intermitente dende as primeiras décadas do século XVII. Esta praza está flanqueada por, nun dos seus laterais, a igrexa de San Benito (comezada a construír no 1415, pero obxecto de sucesivas reedificacións); e noutros dous polo pazo de Fefiñáns, construído a principios do século XVII polos Valladares e Sarmientos, e que estivo ata 1843 unido por unha ponte de pedra coa antedita igrexa.

Por outra banda, San Tomé conta cunha tradición histórica como señorío de Paio Gómez de Soutomaior, pero en cambio, a finais do século XIX era sen dúbida a máis pobre das tres vilas. Pola contra, Cambados erixiuse como o centro administrativo do concello, que unía en si as funcións de capital, cabeza do partido xudicial e emprazamento do cárcere.

Nesta época finisecular, a economía da vila dependía maioritariamente do labor agrícola. Xogaban tamén destacado papel o sector vinícola e o pesqueiro, e neste último, Cambados non sufriu dun modo tan drástico como outros pobos da ría o proceso industrializador e a progresiva edificación de fábricas de conservas.

Por eses anos tiveron tamén lugar outros feitos destacados: inaugurouse a Ponte da Barca, celebrouse a derrota de Carlos VII, xurdiu o Servicio Municipal de Limpeza de Lavadoiros e Fontes, nace Ramón Cabanillas no 1876... Nos albores do novo século, a tónica dominante foi a dos conflitos operarios e pesqueiros, amais do feito de que a emigración seguiu a ser unha constante na vida da vila. Así, entre outros sucesos: creouse a "Asociación Cambadesa de Marineros" por iniciativa de Alfredo Brañas, colectivo pioneiro pero de curta duración; tamén tiveron lugar protestas na ría contra as novas embarcacións, as *traíñas*; apareceron os sindicatos das primeiras conserveiras; e tivo lugar unha ardua polémica que abranguería todo o cambio de século, o trazado da liña férrea que uniría Carril con Pontevedra. Malia ás loitas e protestas, o ferrocarril nunca chegaría a Cambados.

Pero tamén se viviron momentos de avance, e así, houbo unha mellora nas infraestruturas viarias de comunicación co exterior, o turismo incrementouse como consecuencia directa do balneario da Toxa, no 1899 a luz eléctrica veu a substituír ó gas...

Este será polo tanto o panorama que atoparán as compañías ambulantes que, percorrendo o territorio galego, darán a coñecer os espectáculos precinematográficos polas diferentes cidades e vilas e que, máis tarde, traerán tamén a maxia e o divertimento da "pantalla branca" ós habitantes de Cambados.

1.2. A EXHIBICIÓN CINEMATOGRÁFICA EN CAMBADOS

A importancia do sector da exhibición en toda historia do cine que se precie é incuestionable, pero esta importancia adquire visos de esencialidade cando falamos de historias a nivel local. Isto deriva do feito de que a exhibición é, de tódolos sucesivos aspectos do proceso cinematográfico, o que conta cunha maior vinculación social. É, sen dúbida, a canle máis inmediata de relación público-película, e a iso hai que sumar o feito de que esta exhibición se leve a cabo maioritariamente en salas cinematográficas, unhas salas que están encravadas nun medio físico concreto, o que comporta á súa vez un medio económico, político, social... tamén moi definido. Un ámbito que conta polo tanto cunhas características determinadas, que se reflectirán tanto no discorrer da "vida" das propias salas, como na existencia doutras vías de exhibición alternativas (o que poderiamos definir como "cine non comercial") ou na recepción do público deses diferentes modelos de exhibición ofertados.

Ao longo da súa historia, as salas de exhibición non foron concibidas sempre como no momento actual, tanto no plano físico (estrutura arquitectónica, organización de espazos, situación no trazado urbanístico...) coma no social. Hoxe en día, unha sala de cine é basicamente un lugar opcional para o ocio, onde as persoas acoden a ver un filme motivadas polo aspecto artístico ou polo mero espectáculo, e onde as normas de comportamento levan a gardar (teoricamente) un respectuoso silencio. Pero dende logo isto non foi así nun principio, senón que durante moito tempo o cine foi practicamente o único medio de diversión e evasión, e as salas foron entendidas dende o seu xurdimento como lugar de reunión social, o que levaba implícito moito máis que o mero visionamento dun filme. Esta concepción do espazo de exhibición, que perduraría longo tempo, supuxo tamén un determinado tipo de comportamento onde a tónica dominante era a da interactividade público-película (os comentarios e chamadas de atención ao filme eran constantes mentres durase a proxección, "vivindo" a película ó máximo), pero tamén interactividade público-operador, ao que se apelaba directamente ante todo fallo do proxector, censura de escenas... Todo isto chegaba ó seu punto álxido no chamado *galiñeiro* (en realidade a área de Xeral), do que dispoñían tódalas salas, unha zona de butacas máis barata onde se reunía toda a "rapazada" (e os que non o eran tanto), e que se caracterizaba polo peculiar balbordo alí reinante.

Eran polo tanto as salas lugar de diversión, de encontros de parellas na escuridade... E por todo isto son precisamente tan interesantes, xa que constitúen un espello da evolución da sociedade nos seus sucesivos momentos históricos.

Pero tamén serán estas instalacións as que acusen, dun modo máis directo que ningún outro sector (ou polo menos dun modo máis visible), os cambios que sufrirá a propia historia do cine, como a introdución do sonoro, a cor..., que se traducirán no troco dos aparatos de proxección, incidirán na propia estrutura das salas... e pouco a pouco, levarán a un cambio na actitude do público.

No caso que nos ocupa, o de Cambados, o cine contou con numerosísimos adeptos, espertando paixóns "cinéfilas" entre os habitantes, e por iso podemos contabilizar a presencia de ata cinco salas de exhibición estables. Estas abranguen un período de nada menos que noventa anos (1909-1999), aínda que na actualidade non está en funcionamento ningunha delas, sendo empregados os locais para outros negocios[8]. Sucesivos, ou nalgún caso coincidentes, estes cines obedeceron a unhas motivacións, formulacións ou xestión do negocio totalmente diferentes, e serán esas peculiaridades propias, en directa relación coa etapa histórica na que cada un deles se desenvolveu, as que nos permitan trazar o fresco desta pequena Historia.

1.2.1. OS ANTECEDENTES: PRIMEIRAS PROXECCIÓNS PÚBLICAS

Como toda historia, esta debe comezar, valla a redundancia, polo seu principio. Previa construción do primeiro dos locais permanentes, hai que falar dos inicios do cine, uns primeiros pasos titubeantes con aparellos ópticos que pronto acadarían grande sona, pasando logo ás proxeccións cinematográficas, que axiña se converterían nunha das variedades máis atractivas para o pobo chan.

Dende finais do século XVIII, aínda que máis especialmente no XIX, aparece esporadicamente documentada en Galicia a presencia de diferentes espectáculos ópticos e precinematográficos: sombras chinesas, lanterna máxica, poliscopios, panoramas, cosmoramas..., que levaron a cabo funcións en diferentes concellos, especialmente nas cidades máis importantes (como A Coruña ou Vigo). A eles seguiralles o que realmente nos interesa, que é a chegada dos primeiros cinematógrafos ambulantes.

Nas súas primeiras exhibicións públicas, o cinematógrafo compartía espazo con outros espectáculos de feira, dirixidos unicamente ao puro entretemento do público. Pero de seguida comezará a acadar un maior éxito, o que sumado á súa pronta aceptación por tódalas clases sociais, fará que de mero complemento pase a ocupar un lugar preferente,

[8] Tenda de electrodomésticos, supermercado... Para máis información ver Anexo I.

desprazando ás demais atraccións. Aínda así este carácter itinerante manterase ao longo da primeira década do pasado século, cunha ruta marcada polas festividades locais e polas distintas estacións.

O cine chegaba daquela da man de, por un lado, compañías que explotaban este invento de modo exclusivo, ou que contaban con outras actividades complementarias, pero en calquera caso mantendo o cinematógrafo como "prato forte"; e polo outro, por medio de artistas que incluían as proxeccións nos seus espectáculos pero nun segundo plano, supeditadas aos seus números de variedades propiamente ditos. Amais, podían ter lugar en barracóns instalados onde outorgase licenza o concello, uns pavillóns erixidos de modo inestable, con malas condicións de luz, hixiene..., ou en locais preexistentes (como cafés, salas de festas...) cedidos para tal fin.

Por outra banda, o novo invento chegará a Galicia relativamente cedo. Concretamente, a primeira cidade en recibilo será A Coruña, no mes de setembro de 1896[9], proseguida de Pontevedra, Vigo, Tui e Ferrol no ano seguinte, mentres que a Ourense chegará no 1898 e por fin a Santiago no 1900. A partir de entón, pouco a pouco irá xeneralizándose e pasando a vilas de menor entidade, ata chegar finalmente a case tódolos recunchos da comunidade.

Esta fase inicial do espectáculo é en realidade unha faceta que aínda resta moi escura no caso de Cambados. As novas documentais ao respecto son practicamente inexistentes, e por iso debemos recorrer á memoria colectiva daquela xente de máis idade que conserva retallos de información, ben de recordos propios, ben de relatos ou comentarios alleos que poidan lembrar.

Pese á falta de constancia documental, é de supoñer que por aquí pasasen diversos espectáculos ambulantes que contaban con este invento, sempre con posterioridade a 1899 (data da instalación do fluído eléctrico en Cambados). A chegada do cine a esta poboación non é por tanto noticia de primeira plana, de aí que non se poida dar unha data

[9] Como inciso, sinalar que será tamén a cidade de A Coruña o lugar que rexistre a filmación das primeiras películas cinematográficas do cine español. Fronte ao sostido longo tempo pola historiografía oficial (que atribuía esta condición á *Salida de misa de doce del Pilar de Zaragoza*, de Eduardo Jimeno), en maio de 1897 José Sellier filmará na Coruña as imaxes dos filmes *Fábrica de gas*, *Orzán, oleaje* e *Plaza de Mina*, o que sitúa a Galicia como "berce" do cine español. Fontes: ''José Sellier y las primeras filmaciones españolas: *Fábrica de gas*, *Orzán, oleaje* y *Plaza de Mina* (mayo de 1897). Estado de la cuestión y nuevas aportaciones documentales'' de J.C. Castro de Paz, J.M Folgar de la Calle e Xosé Nogueira Otero, en *A propósito de Cuesta. Escritos sobre los comienzos del cine español, 1896-1920*, Ediciones de la Filmoteca (Institut Valencià de l'Audiovisual i la Cinematografia Ricardo Muñoz Suay), Valencia, 2010, pp. 49-58; e ''José Sellier Loup (Givors, 1850-A Coruña, 1922), fotógrafo y cineasta / José Sellier Loup (Givors, 1850-A Coruña, 1922), fotógrafo e cineasta'' de J.C. Castro de Paz, J.M Folgar de la Calle, Xosé Nogueira Otero e J.C Seguin, en *José Sellier en A Coruña: los comienzos del cine español / José Sellier na Coruña: os comezos do cine español*, coordinado por José Luis Castro de Paz. Deputación da Coruña, Fundación Emalcsa, Concello da Coruña, A Coruña , 2013, pp. 64-119.

concreta, pero polo menos na primeira década do século debeu ser habitual a parada de compañías con cinematógrafo[10].

A única mención precisa nun documento de carácter oficial sobre unha proxección cinematográfica itinerante, é un escrito do alcalde ao xuíz municipal do 26 de febreiro de 1909, motivado polas protestas dos empresarios que naquel entón estaban a construír o primeiro edificio estable para tal fin. Di este escrito, que denuncia a programación proxectada e a ausencia de licenza para a propia proxección:

> "...ningún conocimiento se dio a esta Alcaldía de la función de cinematógrafo que hubiese podido verificarse en la localidad la noche del 24 de enero último a que dicho oficio se refiere debiendo significar que de haberse presentado el programa del espectáculo no autorizaría la representación por películas de actos o figuras inanimadas que ofendieren la moral y buenas costumbres o implicasen una desconsideración a los respetos públicos, no sólo en un local adecuado, ni en el llamado 'Salón Laureana', que es un establecimiento matriculado para la industria del Bodegón"[11].

O Salón mencionado era a Casa Laureana[12], fonda rexentada por dona Laureana Torres Millares onde se hospedaban as compañías de comediantes[13] e onde, ao parecer, tiveron lugar tamén esporádicas (cando menos unha) sesións de cinematógrafo.

Se nos fiamos agora de distintas declaracións, parece ser que as primeiras máquinas ambulantes ían asiduamente a un local situado na praza de Arousa (ocupado agora por un salón de peiteado), propiedade de Ramona Padín Santamarina, que probablemente estivese adecuado para iso. Aquí sería onde se realizarían as exhibicións do cinematógrafo, polo menos cando este era o número exclusivo da función.

Pero tamén había compañías de teatro e comedia que levaban a cabo proxeccións xunto a outras actividades. José Fernández García recorda (por anécdotas escoitadas), por exemplo, "os ambulantes que viñan..., actuaban, e proxectaban sobre unha parede"[14], especialmente no mercado (praza de Fefiñáns, contra a parede do Pazo), pero tamén na praza Ramón Cabanillas.

---

[10] Normalmente en xira polas vilas da comarca. En Vilagarcía de Arousa, por exemplo, si están rexistradas diferentes actuacións (verémolo no capítulo dedicado a este concello), que logo é de supoñer pasasen en ocasións por Cambados.

[11] Arquivo Municipal de Cambados (AMC). *Libro-Rexistro de Saídas 1909*. 331/5.

[12] A Casa Laureana erixíase entre a rúa do Aseo (hoxe rúa Curros Enríquez) e a Travesía do Muelle.

[13] "Venían muchos comediantes, y si el invierno era malo se quedaban aquí...". Testemuño de María Jesús Otero Sarmiento, empresaria do primeiro Cine Avenida.

[14] Testemuño de José Fernández García, mariñeiro e gran afeccionado ó cine, axudante do operador do Cine Cervantes.

Estas son en realidade tódalas novas que podemos aportar con respecto a eses primeiros pasos do cine, unha visión un tanto "brumosa" que se ha aclarar en canto demos paso á aparición da primeira sala estable.

1.2.2. SALÓN VARIEDADES (1909-1940): O PIONEIRO

É a finais da primeira década do século XX, máis concretamente entre os anos 1908-1910, cando o cine sofre unha serie de cambios técnico-artísticos que darán un novo xiro á concepción deste espectáculo. A súa consolidación e progresivo fortalecemento levarán a que a necesidade de creación de pavillóns estables sexa meirande conforme pase o tempo, desembocando, en resposta á demanda popular, na cada vez máis habitual construción de edificios fixos para albergaren un cinematógrafo.

Cambados apúntase pronto a esta tendencia, e é nesta tónica onde se inscribirá o xurdir da súa primeira sala: o Salón Variedades.

Será este Salón o que sente as bases do negocio cinematográfico cambadés, converténdose nun modelo e referente para tódolos que viñeron despois. Ao contar cunha vida moi lonxeva, con trinta anos de servizo en activo, abrangueu moitos dos cambios máis esenciais que sufriu o cine, que se reflectirán especialmente en modificacións no campo técnico: dende os primeiros e máis primitivos aparellos proxectores, a aqueles cada vez máis elaborados, contando co punto de inflexión marcado pola introdución do son.

O Variedades ostentou polo tanto o monopolio da exhibición ao longo de máis de dúas décadas, concretamente ata a apertura do Cinema Juventud no 1934, e aínda así este non conseguiu ensombrecelo, pechando as súas portas de modo definitivo tan só no 1940 con motivo da morte do seu último empresario.

Enlazando con isto último, hai que sinalar que ao longo da súa historia o Variedades non seguiu unha liña homoxénea no que se refire á súa xestión, senón que pola contra, podemos atopar dúas etapas ben diferenciadas na súa evolución marcadas polo cambio de donos no negocio, cunha paréntese de catro anos nos que se formalizará o dito cambio.

Estas dúas fases servirannos para mellor estruturar e relatar o devir deste cine.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2.2.1. Primeira etapa: 1909-1917.

A primeira nova rexistrada sobre a intención de erixir o Salón Variedades data do 7 de novembro de 1908, cando o avogado cambadés Pío Vigo Domínguez, realiza unha

solicitude oficial ao alcalde para a construción nuns terreos do "recheo" —improdutivos e insalubres—, dun pavillón onde instalar un cinematógrafo[15]. Expón neste escrito:

> "... Que existen unos terrenos pertenecientes al Ayuntamiento... fueron ganados al mar, en el llamado relleno del primer trozo del muelle.
>
> Desde hace años, más de quince, están improductivos, y por el sinnúmero de inmundicias que allí se arrojan, constituyen un verdadero peligro para la salud pública.
>
> El exponente desea establecer... un pabellón para instalar un cinematógrafo, que al propio tiempo pueda utilizar para otros espectáculos públicos.
>
> Por ello, propone a V. de cuenta de esta instancia... a fin de que le sea concedida autorización para el establecimiento del pabellón en esos terrenos, satisfaciendo á la vez un canon anual por la concesión que habrá de hacerse por un período mínimo de seis años"[16].

A resposta non se fai esperar, e así o 29 dese mesmo mes, logo de ter visto o plano e a memoria do proxecto, acórdase aprobar a construción do edificio, dándose unha serie de condicións para iso[17]: a obra levarase a cabo en oito meses, contabilizados dende o día da resolución; será unha concesión por oito anos, pagando un canon de trinta pesetas anuais; transcorrido ese prazo, será susceptible de prórroga, quedando senón en mans do concello; e por último, a construción farase de acordo co plano e as normativas vixentes.

Pío Vigo aterase ao prazo acordado, e ao longo deses oito meses iremos tendo novas puntuais que nos informan sobre o curso das obras. Por exemplo, sabemos que no mes de xaneiro aínda non tiñan encomezado, xa que o alcalde require ao enxeñeiro xefe "...que fije línea para la construcción de un Cinematógrafo sobre terreno ganado al mar en la Travesía"[18] (rúa Travesía do Muelle). Pero estas deberon encomezar de seguido, xa que en febreiro o *Faro de Vigo* notifica que "están muy adelantadas las obras del Cinematógrafo que en esta villa (Cambados) se está construyendo"[19]. Entremedias, o outorgamento da escritura pública dos terreos a Pío Vigo, ata daquela concesionario con carácter provisional[20].

[15] Os recheos, zonas de expansión gañadas ao mar nunhas poboacións costeiras en progresivo desenvolvemento, foron dende un principio (e aínda hoxe o seguen a ser) espazos habituais para a celebración de diversos espectáculos, así como lugar de asentamento de pavillóns cinematográficos.

[16] AMC. *Instancias*. 311/5.

[17] AMC. Ídem.

[18] Oficio do alcalde ó enxeñeiro xefe encargado da estrada de Gondar a Vilagarcía, 9-1-1909. AMC. *Libro-Rexistro de Saídas 1909.* 331/5.

[19] *Faro de Vigo (FV)*, 7-2-1909, p. 2 (2).

[20] Autorización ao rexedor-síndico Javier Güimil Hermida a concorrer ao notario para o outorgamento, 17-1-1909. AMC. *Libro de Actas 1909*. 10/1.

Será a continuación disto cando atopemos un documento que terá a súa importancia polo que supón en canto á propiedade deste negocio, e a participación nel dun cambadés que nese momento inda non acadara a importancia e sona que terá nos anos a seguir.

Do 7 de febreiro de 1909 data a formalización dunha estrutura de sociedade, á que chamarán sociedade ‘‘Cambados’’[21] e que será a que se faga cargo da concesión dada a Pío Vigo. Os integrantes desta sociedade son: o xa coñecido Pío Vigo Domínguez, Manuel Silva Núñez, Camilo Arias Armesto e Ramón Cabanillas Enríquez.

Ramón Cabanillas, cambadés nado nesta vila no 1876 e que será o poeta máis importante da época das Irmandades da Fala, membro da Academia Galega e da Real Academia Española e un dos escritores máis importantes da literatura galega do século XX, inda non comezara a súa vida literaria na data que nos ocupa[22]. Por aqueles anos, a súa actividade nese ámbito limitábase especialmente á dirección de dous xornais de ámbito local, ambos de curta duración, *El Umia* (1907)[23] e *El cometa* (1910)[24]. A súa aventura como empresario cinematográfico é por tanto anterior a darse a coñecer como literato, e denota o seu interese polo novo invento, un interese tal que o leva a involucrarse empresarialmente nel[25], feito que non terá sen embargo reflexo na súa obra escrita[26].

[21] Protocolo notarial de Ramón Díaz Ponte, con escritura de constitución da sociedade para a explotación do Cine Variedades. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), G. 20587.

[22] Ramón Cabanillas (1876-1959) marcou na súa obra o paso da tradición ideolóxica do século XIX cara o estilo do ‘‘modernismo’’, mediante a síntese equilibrada e moderada de elementos de ambos. Caracterizarase pola riqueza temática dos seus poemas (temas amoroso, relixiosos e sociais), practicando a poesía lírica, a narrativa e a dramática, de aí que a súa obra sexa de difícil clasificación. Os seus libros de versos (editados entre 1913 e 1958) e ao marxe doutras compilacións da súa obra e escritos, foron: *No desterro*, *Vento mareiro*, *Da terra asoballada*, *O bendito San Amaro*, *Na noite estrelecida*, *A rosa de cen follas*, *Camiños no tempo*, *Da miña zanfona*, *Versos de alleas terras e de tempos idos* e *Samos*. E as súas obras dramáticas, *A man da santiña* e *O mariscal*. Denominado en vida ‘‘Poeta da raza’’, Cabanillas apoiou o movemento agrarista, o que xunto á súa pertenza a Irmandades da Fala e súa activa participación na vida cultural e política da época, converteuno nunha figura fundamental do nacionalismo anterior á Guerra Civil. Datos tomados da *Gran Enciclopedia Gallega*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Silverio Cañada, Santiago de Compostela/Gijón, 1974. Tomo IV, pp. 117-119.

[23] Publicación ‘‘seria’’ para a defensa dos intereses materiais da vila, que constará de nove números.

[24] Publicación satírica e humorística de sete números.

[25] Unha aventura que por outra banda será bastante curta, pois deducimos que finalizou coa emigración de Cabanillas a Cuba en setembro de 1910 (época e lugar onde dará inicio á súa xa mentada vida literaria), pois con posterioridade a ese momento xa non aparecerá nomeado en ningún outro documento referido a este cine.

[26] Aínda que, como curiosidade, a linguaxe cinematográfica si aparece mentada nunha carta que Cabanillas escribe ao seu amigo Manuel Sánchez Peña mentres agarda en Vigo para embarcar rumbo a Cuba, o 13 de setembro de 1910, por tanto coa súa experiencia no negocio ben recente: ‘‘Querido Manolo: Hace treinta y seis horas que mi imaginación, película de cinematógrafo, va presentándome, cuadro tras cuadro, treinta y cuatro años de mi vivir...’’. Extracto da carta en *Ramón Cabanillas: crónica de desterros*, de Luis Rei, p.98.



B.4.650.284*

ciento veinticinco

mil novecientos setenta y ocho

En la Villa de Cambados, a nueve de Febrero de mil novecientos nueve. —

Ante mi Licenciado Ramón Rivas Ponte, Notario del Ilustre Colegio de la Coruña con residencia en dicha Villa, comparecen Don Camilo Arias Arnesto, propietario y Comandante retirado; Don Ramón Caballeiras Barreiro, empleado; Don Pío Vigo Manjón, abogado y Administrador de la Tabacalera, y Don Manuel Silva Ruiz, abogado: todos el último, casados los demás y todos mayores de edad y vecinos de esta Villa. Están provistos de cédulas personales del corriente ejercicio. —

—A mi juicio tienen capacidad legal bastante para otorgar esta escritura de sociedad civil particular, y exponen: —

—Que el Ilustrísimo Ayuntamiento de Cambados, en sesión de veintinueve de Noviembre último, acordó la concesión temporal de una parcela de terreno en el relleno del primer tramo del Muelle, mediante el cánon anual de treinta pesetas, término de ocho años y demás condiciones fijadas en la concesión, para construir un pabellón destinado a cinematógrafo y demás espectáculos públicos, cuyos ocho años empezarían a contarse desde el día en que el edificio estuviese construido y este necesariamente tenía que estarlo en el plazo de ocho meses, a partir de la fecha de la concesión.

Primeira páxina do Protocolo Notarial coa escritura de constitución da sociedade "Cambados". AHPP. G. 20587

Volvendo á escritura de constitución da sociedade do 7 de febreiro de 1909, sinálase, respecto da concesión temporal do concello do 29 de novembro do ano anterior, quen son os copartícipes e en que proporción:

> ‘‘Que aún cuando el Don Pío Vigo aparecía como único concesionario, es lo cierto que los cuatro comparecientes son copartícipes en dicha concesión, en la proporción que se dirá, por cuanto al solicitarla el Don Pío Vigo ya lo hizo, de común acuerdo, con ánimo de que fuese para todos...
>
> Y que habiendo convenido formar sociedad los cuatro comparecientes para explotar el reseñado edificio o pabellón, la establecen bajo los puntos y condiciones siguientes:
>
> ...
>
> Segunda: El capital social es de veintiuna mil pesetas, que se aportan en la forma siguiente: siete mil pesetas de Don Pío Vigo Domínguez, otras siete mil por Don Manuel Silva Núñez, cuatro mil pesetas por Don Camilo Arias Armesto y tres mil pesetas por Don Ramón Cabanillas Enríquez’’[27].

No mesmo documento indícase[28], entre outros aspectos, que a parte de ganancias e perdas será para cada socio proporcional ao aportado, que o administrador será Pío Vigo e que a sociedade durará o tempo polo que foi concedida a parcela de terreo, debendo os socios asistir persoalmente a todo espectáculo, baile e reunión salvo causa lexítima, se queren participar das ganancias desa xornada[29]. Así mesmo, avanza unha pequena descrición do edificio que se está a construír:

> ‘‘Que en dicha parcela concedida se está construyendo un edificio de ladrillo, enlucido de cemento, que será cubierto con teja plana, sus paredes tendrán cinco metros de altura, constará de planta baja solamente con tres puertas de entrada a cada lado y otras tres en la fachada principal, de estas la del centro mayor que las otras dos, y limita por el Oeste con la carretera que de esta Villa va a Dena y por los demás lados con más relleno del primer trozo del Muelle’’[30].

En abril o edificio xa debía atoparse, aínda que non rematado, canda menos minimamente habilitado, pois dáse permiso para nel celebrar o día primeiro de maio un “meeting” (sic) da Sociedade de Canteiros, aínda que denegando “la fiesta y manifestación con música y bombas, objeto también de solicitud”[31], xa que “el local sólo puede destinarse a funciones cinematográficas y demás espectáculos públicos...”[32], pero non a celebracións doutro

[27] Protocolo notarial de Ramón Díaz Ponte... AHPP, pp. 1-2, G. 20587.

[28] Para consultar o documento completo, ver transcrición en Anexo III.

[29] Punto do cal quedará exento *ex profeso* Ramón Cabanillas, por estar a traballar naquel momento en Vilagarcía.

[30] Protocolo notarial de Ramón Díaz Ponte... AHPP, p. 1, G. 20587.

[31] Escrito do alcalde ó tenente da Garda Civil do 29-4-1909, declinando nel toda a responsabilidade do mantemento da orde pública. AMC. *Libro-Rexistro de Saídas 1909.* 331/5.

[32] Escrito do alcalde a D. Pío Vigo o 30-4-1909. AMC. Ídem.

tipo, facendo unha excepción (logo moi repetida) para esta reunión de carácter político. Este edificio, como pode deducirse, subscribirase á tipoloxía da época duns locais plurifuncionais que, á parte da exhibición cinematográfica, eran concibidos como foro de ocio e reunión da poboación, albergando diferentes espectáculos, conferencias... e inclusive os bailes do lugar (aquí rexentados por Amador Mouriño).

A inauguración definitiva terá lugar no mes de xullo, dentro polo tanto da marxe prevista. Do día 14 data un telegrama ao alcalde onde se notifica que está "reconocido local Salón Variedades de esa localidad por comisión junta espectáculos con informe favorable sírvase autorizar la apertura y celebración de espectáculos desde esta fecha"[33].

A data precisa de apertura será sen embargo anterior: o domingo 11 de xullo, día de San Benito, unha das festividades máis sinaladas entre tódalas celebradas na vila. Esta inauguración si merecerá a atención da prensa, aparecendo amplamente reseñada o día 13 en *Galicia Nueva*:

> "Ayer[34] se inauguró con una función extraordinaria de cinematógrafo el 'Salón Varietés'[35], recientemente construído, terminando la sesión con un número de música admirablemente ejecutado por dos notables concertistas. El edificio que reúne todas las condiciones reglamentarias, se halla perfectamente dispuesto y es amplio y cómodo. El escenario y sobre todo el decorado, que con tal motivo han exhibido, mereció la admiración del público. Concurrió mucha gente, habiendo contribuido a los llenos, que en todas las sesiones tuvieron, la grande concurrencia que atrajo la festividad de San Benito... Por cierto y con disgusto, desde unos años a esta parte parece que disminuye la acendrada fe que siempre tuvieron al San Benito de Fefiñanes, con todo fueron muchas las ofertas que vinieron los devotos a cumplir en ese día. El día fue para el santo y para el cine"[36].

A pesar de non facilitar a programación exhibida, esta reseña recolle a interactividade habitual de espectáculos, neste caso un pequeno concerto, o que por outra parte non é de estrañar dada a estreita vinculación do cine primitivo coa música *in situ.* Dá tamén algúns datos, aínda que moi imprecisos, sobre a sala, pero sobre todo permítenos ver claramente o éxito acadado e, dato curioso, observar xa como o cine e a Igrexa encomezaban os seus primeiros roces dende a inauguración do primeiro.

---

[33] Telegrama do gobernador civil de Pontevedra ó alcalde de Cambados. AMC. *Correspondencia Oficial.* 287/1.

[34] A noticia foi redactada o luns día 12.

[35] Como veremos con frecuencia a partir de agora, a terminoloxía ao referirse a este cine variará segundo o ámbito no que sexa amentado; mentres que nos escritos de carácter oficial farase referencia a el como "Salón Variedades", nome oficial co que se rexistra, a prensa e demais medios non serán tan escrupulosos, empregando denominacións que van de, por exemplo, "Salón Varietés", a "Cine Varietés" ou "Cine Variedades" entre outros. Nós mesmos incorreremos nalgunha ocasión nese erro, levados polo influxo do falar popular.

[36] *Galicia Nueva (GN)*, 13-7-1909, p. 2 (5).

Facendo unha rastreadura cronolóxica da súa actividade (para a que vai ser de gran axuda o xornal *Galicia Nueva*), podemos ver como o cine tivo grande éxito dende o seu principio, seguindo nesta liña ao longo de toda a década[37]. Pero este é un gusto dende logo non compartido por todos, e había quen seguía a "batallar" contra o novo invento, ou xa noutro caso, contra a calidade ofertada en ocasións por este. Disto último é exemplificativa a "Lista de cosas inaguantables" que sobre Cambados publica *El Cometa*[38] en 1910: entre o "continuo *din-dan* de las campanas" e a "carencia de sardinas y la abundancia de *merluzas*", ocupan lugar privilexiado "los números de *varietés* del cinematógrafo"[39].

Iso non afectou en absoluto á marcha do local. Pola contra, á parte da frecuente celebración de bailes por sociedades como as do Casino ou a Unión[40], o discorrer de compañías e artistas de xira cos máis variopintos espectáculos terá unha constancia fóra de toda dúbida. Por exemplo, no propio ano 1910, pasaron por este Salón espectáculos entre os que se contarían: unha Compañía Infantil de Ópera Italiana e "los renombrados artistas *Los Alak'sa*"[41], ou "la notable cupletista y bailarina señorita Pilar Soler"[42]. Do ano 1911 data en cambio a actuación doutro grupo, "Les Pizzarts", con números musicais e cómicos, que debutaron en Cambados o xoves 3 de agosto tralo seu paso por Vilagarcía, repetindo logo do día 19 ó 22 do mesmo mes, con ocasión das festas da Divina Pastora[43].

Pero os veciños de Cambados tamén participaban activamente na vida cultural e social da vila, e o edificio do cine serviu para albergar actividades coma obras teatrais interpretadas por eles mesmos. Un exemplo, as veladas organizadas pola Juventud Antoniana, "culta y entusiasta… sociedad que en el escaso tiempo que cuenta de vida… comienza con muy buenos auspicios"[44]. Tal é así que pouco despois repiten, e parece ser que con melloras, xa que segundo o corresponsal de *Galicia Nueva*, que se desfai en loanzas ao respecto, "nadie... hubiera dudado que se trataba de artistas consagrados... tal fue la perfección con que estos notables aficionados ejecutaron sus trabajos"[45].

[37] Aínda que a información atopada fará referencia na súa maioría a espectáculos e actividades paralelas, por riba do propio cinematógrafo.
[38] O xa mencionado periódico local dirixido por Ramón Cabanillas, co cal non deixa de curioso o artigo, aínda que sexa de tipo satírico.
[39] *El Cometa*, nº 3, 26-4-1910, p. 3. Extraído da reprodución completa dese número en *Cabanillas, xornalista cambadés*, coordinado por Xabier Camba e Luís Rei.
[40] *GN*, 4-2-1910, p. 1 (4).
[41] Ambos o día 3 de maio, pasando despois a Vilagarcía e Pontevedra. *GN*, 3-5-1910, p. 1 (5).
[42] *GN*, 5-6-1910, p. 1 (4).
[43] *GN*, 2-8-1911, p. 1 (5), e 19-8-1911, p. 1 (3/4).
[44] *GN*, 31-10-1912, p. 2 (4/5).
[45] *GN*, 10-12-1912, p. 2 (3/4).

Á parte dos afeccionados haberá tamén teatro con "profesionais", como é o caso da Troupe (sic) Suárez Bell, que en abril de 1913 trae ao espazo do Salón entremeses, zarzuelas e números acrobáticos[46].

Pero en realidade, practicamente a única referencia con respecto á programación do cine desta época, témola nunha nova do 3 de abril en *Galicia Nueva*[47], onde se recolle a programación para a Semana Santa de 1915, cos prezos e horarios correspondentes. Dela podemos deducir que o plan deses días foi:

Sábado 3 de abril:
- 20:30 horas; *Devoción de esclavo*, *La heredera del Mesón* e *Los lunares están de moda*.

Domingo 4 (Domingo de Pascua):
- 18:30 e 21:00; *Padre y padrino*, *Heroísmo desconocido* e *La doncella improvisada*.

Luns 5:
- 18:00, 19:00 e 21:00; *Las Willy y el atrevido cocinero*, *La buena Justicia* e *Cebollino, marinero por amor*.

Eran estes filmes silentes e de curta duración, polo que se repetían todos en cada unha das sesións, e moitos deles eran á súa vez parte dunha serie, como *Devoción de esclavo* e *Heroísmo desconocido*, ámbolos dous parte da cinta *Por el honor*[48]. Aínda que non teñamos máis novas doutros títulos cinematográficos exhibidos nesta década, as películas proxectadas seguirían idéntica liña, sendo as mesmas que nos cines coetáneos dos arredores, e contando con grande aceptación por parte do público.

En canto ós prezos, "...por ser sorprendentes películas de lo más nuevo y más selecto que ha salido de los talleres de cinematografía más afamados...", pero "...a fin de que nadie quede sin ver estas películas"[49], neste caso a empresa acordou poñelos a:

- Preferencia: 0'40 ptas
- Xeral: 0'20 ptas
- Nenos: 0'20 ptas en Preferencia e 0'10 ptas en Xeral

[46] *GN*, 9-4-1913, p. 1 (5).
[47] *GN*, 3-4-1915, p. 3 (3).
[48] Unha constante que atoparemos nesta investigación, especialmente nas primeiras décadas de actividade cinematográfica, é a dificultade por identificar moitos dos títulos exhibidos, a pesar de contar con título, datas orientativas e en ocasións inclusive cos intérpretes. Isto ben dado principalmente pola libre adaptación de títulos habitual na época, que imposibilita atopar unha correspondencia fiable.
[49] *GN*, 3-4-1915, p. 3 (3).

O que non sabemos é se se trata dun cambio significativo con respecto ao prezo habitual, ou se é o mesmo e en realidade este anuncio era tan só unha estrataxema para atraer o público.

Por outro lado, parte do anecdotario desta época será o incidente ocorrido entre Pío Vigo e Manuel Silva, que a pesares de ser socios e amigos, no 1913 víronse envoltos nun xuízo debido a que ‘‘la noche del 16 de Enero de 1912, el procesado (Pío Vigo) disparó tres tiros de revólver a D. Manuel Silva Núñez con quien estaba algo enemistado’’[50]. Sen embargo, o que podería ter rematado en prisión quedou en anécdota dado que Manuel Silva declarou favorablemente a favor do seu socio (co cal entendemos que xa se lle pasara a enemistade por aquel entón), seguindo ambos á fronte do negocio cinematográfico.

Curioso é tamén o caso de Luis López de Arcaute, quen dicía ser primeiro tenente de aviadores de enxeñeiros militares, e que baixo tales referencias levou a cabo unha serie de negocios en Vilagarcía e Cambados, desaparecendo “misteriosamente” dous meses despois da súa chegada (que foi ao redor de febreiro de 1915), antes de aboar as débedas contraídas. Entre as empresas levadas a cabo, destaca o feito de que “había arrendado por seis meses el cine ‘Variedades’ de Cambados y en el cual dio algunas funciones, pero según se nos dice se olvidó de satisfacer los alquileres devengados así del local como de las películas proyectadas. Del mismo modo quedó en descubierto con un caballero socio suyo en aquella empresa por una cantidad de ciento y pico de pesetas”[51]. A prensa do día 9 de marzo dá unha detallada lista das contas pendentes deste personaxe, facendo tamén claras alusións á súa afección aos xogos de azar. No referido ao cine atoparemos o seguinte: “un abastecedor de películas, 301’04 ptas. Un maestro pianista, 15. Personal de cine, 18. Otro abastecedor de películas, 56’15. Un impresor, 28’20. Un socio entrañable, 111’50”[52]. Sobra dicir que non apareceu para abonalo...

Tras este contratempo retoma o cine a súa actividade normal, e ese mesmo ano rexistraranse actuacións como as de: a compañía Beut, que os días 2, 3 e 4 de xullo (venres, sábado e domingo respectivamente), porán en escena as óperas *Maruxa* e *El Anillo de Hierro*, conseguindo un éxito tal nos arredores que levará a que dende O Grove fixera “viajes una lancha automóvil para conducir a los que de aquella villa deseen asistir a las funciones”[53]; ou tamén o tenor don José María Jardón, que na celebración das festas do Carme o mes de agosto, interpretará “unas sentidas melodías gallegas, letra de nuestro ya famoso poeta Ramón Cabanillas”[54], acompañado ao piano polos señores Quintanilla e Ulloa, sendo amais este último o pianista habitual do cine no período silente. Vemos

[50] *Diario de Pontevedra* (DP), 25-1-1913, p. 2 (2-3).
[51] *GN*, 8-4-1915, p. 2 (5).
[52] *GN*, 9-4-1915, p. 3 (1).
[53] *GN*, 3-7-1915, p. 3 (2).
[54] *GN*, 5-8-1915, p. 3 (1/2).

con este artigo que Cabanillas xa acadara a fama literaria, o que fai que, aínda que el xa se desligara a nivel empresarial do Salón, a súa presenza retorne ao mesmo por medio da súa obra.

Un dos últimos actos que tiveron lugar no cine ese ano foi a velada de homenaxe ao párroco de Cambados[55], na que tiveron cabida actividades do máis diverso, dende a actuación da "banda de exploradores" (sic) ata o discurso político ou unha zarzuela, todo isto interpretado polos propios lugareños.

E falando de novo de sesións de cine, hai novas de que o escalatorres Puertollano[56] levou a cabo varios pases neste Salón no 1917. O día 12 de febreiro aparece o primeiro apuntamento en prensa ao respecto[57], pero todo parece indicar que a súa estancia tería sido dun mes, posto que o corresponsal encargado da redacción, Dositeo Ulloa, sinala que el asistiu ao espectáculo o cuarto e último domingo no que este tivo lugar. O único que comenta sobre as funcións de cine, en realidade, é que "se proyectaron cuatro hermosas películas con gran fijeza y claridad"[58], xa que ao parecer ficou moito máis abraiado pola actuación de Gloria Puertollano. Filla do escalatorres, cantante e artista de Variedades, Gloria Puertollano compartía cartel coas proxeccións os domingos, mentres que entre semana e os sábados daríanse exclusivamente sesións de cinematógrafo.

Xa no mes de maio dese ano, concretamente o mércores 22, terá lugar "...una velada de carácter gallego... a cargo de los aplaudidos elementos de la laureada *Sociedad Artística de Pontevedra*"[59], na que se incluirán cantos populares, teatro, monólogos...[60], para celebrar as festas de Santa Rita.

Pero non esquezamos que pouco despois, no mes de xullo de 1917, remataría en teoría a concesión de oito anos á sociedade ''Cambados''. En cambio, o cine continúa a funcionar os meses seguintes sen que haxa novas de prórroga da concesión, mudanza na rexencia ou de realugamento a segundos. Segue por tanto a ser explotado por esta sociedade, poida que nun principio de xeito provisorio mentres o concello decidía que facer co edificio, prolongándose a cesión de modo indefinido. En todo caso, a actividade do cine non se interrompeu ata finais de ano, como amosan os diversos actos que seguen: unha velada teatral o 6 de agosto, organizada "...por distinguidos jóvenes aficionados con objeto de allegar recursos para los festejos"[61] (os da Pastora), aínda que parece ser que a actitude

[55] *GN*, 21-12-1915, p. 3 (2/3).

[56] José Puertollano foi un escalatorres moi famoso na Galicia das primeiras décadas do século XX. A súa compañía voltará noutras ocasións por Cambados, aínda que actuando ao aire libre en recintos feirais.

[57] "El famoso escalatorres Puertollano... se halla en Cambados dando sesiones de cine en el Salón Variedades". *GN*, 12-2-1917, p. 1 (3/4).

[58] *GN*, ídem.

[59] *GN*, 18-5-1917, p. 3 (2).

[60] Programa en *GN*, 22-5-1917, p. 3 (2).

[61] *GN*, 5-8-1917, p. 3 (3).

dominante entre os cambadeses foi a apatía, polo que a velada resultou "en resumen: un éxito artístico y un fracaso económico"[62]; tamén o proxecto dunha homenaxe a Alfredo Brañas o día 30 de setembro, suspendida pouco antes de celebrarse[63]; ou algún acto de carácter político, como a reunión do 22 de outubro dos mariñeiros para constituírse en asociación[64].

Neste punto é cando deixamos de ter novas, polo menos a través dos xornais, sobre o ocorrido co cine. Sabemos en cambio por fontes orais que a finais de 1917 ou principios do 1918, sufriu de fixo un catastrófico incendio que o deixou en ruínas. En realidade, sabemos (aínda que tampouco pola prensa, o que non deixa de ser estraño) que o edificio do "cine vello"[65] ardeu en varias ocasións. Isto non é algo insólito na época, máis ben era bastante común que ocorrese nuns edificios onde, a pesar da normativa vixente que esixía unha serie de condicións para garantir a seguridade, moitas non eran cumpridas, ou aínda que así fose, o alto nivel de perigosidade seguía existindo dado a presencia de material inflamable. Este local non foi menos, e tal e como moitos dos primeiros cines foron devorados polo lume, o Variedades rexurdiu del en diversas ocasións, das que a poboación, ou os descendentes de quen o viviron, gardan un claro recordo.

O máis probable é que a raíz deste suceso Pío Vigo e os seus socios perdesen interese polo negocio, que esixía agora unha reconstrución, e por iso o destino do edificio entrará nunha espiral que durará catro longos anos ata que bote a andar de novo, manténdose como donos ata ese momento o devandito xunto a Emilio Cid Arias[66] e Manuel Silva Núñez.

Edificio do Salón Variedades (detalle). Anos 10, antes do incendio. APXAPS

[62] *GN*, 7-8-1917, p. 3 (4).
[63] *GN*, 21-9-1917, p. 3 (4).
[64] *GN*, 21 e 23-10-1917, p. 3 (3) e 3 (4) respectivamente.
[65] Nome co que é recoñecido pola xente de máis idade, mentres que a grande maioría identifica o "cine vello" co Cervantes.
[66] Que tomara o relevo de Camilio Arias Armesto, unha posibilidade da que xa quedaba constancia no Protocolo notarial de Ramón Díaz Ponte... AHPP, p. 4, G. 20587.

Vista lateral do Salón Variedades dende o peirao (foto completa). Anos 10, antes do incendio. APXAPS

Vista frontal do Salón Variedades dende a Calzada. Anos 10, antes do incendio. APXAPS

1.2.2.2. A paréntese de 1918-1921

No ano que seguiu, 1918, o feito de reconstruír o edificio para retomar a tarefa do cinematógrafo non supuxo unha prioridade para a vila, xa que este foi o tamén coñecido coma o fatídico "ano da gripe", debido á desoladora epidemia que desta enfermidade asoballou o país. Con motivo diso, as ruínas foron habilitadas como cociña na que facer comida para levar ás casas dos enfermos.

Superado este transo, iniciaranse ao ano seguinte toda unha serie de negociacións para decidir o sino do edificio, negociacións que entre solicitudes, acordos e renuncias, abarcarán os tres anos do cambio de década. E tres serán tamén os individuos ou asociacións que amosen interese por este negocio.

O primeiro en emprender accións ao respecto foi a asociación Pósito de Pescadores, coa intención de adquirir o Salón ante as intencións do concello, que se reflectirán na instancia presentada na sesión supletoria do 27 de febreiro de 1919:

> "Dióse cuenta de una instancia autorizada por el Presidente de la Sociedad Pósito Pescador de la Ría de Arosa manifestando que conocedora de que el ayumº. al pretender convertir en Lonja el expresado Salón aspiraba á que no se viese el pueblo privado de un local para espectáculos, había acordado adquirirlo por 1.500 pts y proceder a su reparación, siempre que el ayumº. admitiese las condiciones que se fijan en dicha solicitud, y se acuerda pase á informe de la Comisión de la Lonja nombrada en Reunión de 8 de Enero del año último, a fin de que... pueda la Corporación adoptar el acuerdo y proceder"[67].

A pretensión inicial do concello respondía a unha proposta do ano anterior, concretamente do 20 de agosto[68], da Sociedade Hijos de Francisco Deza de Vilagarcía de Arousa, que se ofrecía a reconverter o Salón nunha "Lonja de Pescados", con vistas tamén a unha posterior ampliación a matadoiro público. Pero este proxecto atopa xa unha oposición primeira por parte das "...diferentes observaciones del Concejal Sr. Vigo, encaminadas a demostrar que no es conveniente dicha lonja"[69]. Por iso determinarase que o asunto sexa estudiado por unha comisión que contará co asesoramento da Sociedade de Mariñeiros da localidade, e que desembocará na instancia arriba recollida.

As xestións derivadas dela prolongaranse ata o 14 de marzo de 1919, e englobarán: a propia proposición, que data do 28 de xaneiro e na que se especifican as condicións

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[67] AMC. *Libro de Actas*. 10/6-7.

[68] Sesión do 20-8-1918. AMC. *Libro de Actas*. 11/2.

[69] Sesión do 27-8-1918. AMC. Ídem. Convén aclarar que o Sr. Vigo ao que aquí se fai referencia non é Pío Vigo, senón o seu irmán, do que nos ocuparemos de seguido.

(instalación do Pósito Pescador no mesmo edificio, aproveitamento das ganancias do cine na súa totalidade, concesión por 15 anos cun canon de 10 pesetas anuais...); acordo cos concesionarios do momento; e a aceptación da proposición pola Comisión, conforme a unhas pequenas modificacións (mención á conservación do escenario e correccións de redacción) [70].

Sen embargo, esta concesión non prosperou, en sucesivas sesións do concello non se tomará ningunha resolución[71] e o Pósito renunciará aos seus proxectos sen ter realizado as obras de rehabilitación. Neste estado da cuestión é cando intervén Amancio Vigo Domínguez, amentado concelleiro, farmacéutico e irmán de Pío Vigo, que realiza o 16 de novembro de 1921 unha proposta para a adquisición e reconstrución do Salón. Do estado do edificio non deixan dúbidas as súas palabras:

> "...hallándose el Salón Variedades en estado ruinoso y convertido en un foco de infección, siendo un verdadero peligro para el tránsito y la salud pública, por lo que se hace urgente su demolición, a fin de que el pueblo no se vea privado de un local tan indispensable y único; el que dice, se compromete a reconstruirlo con todas las condiciones necesarias... ...he observado que empiezan a robar el tablado de la preferencia..."[72].

As cláusulas que propón: abono de 600 pesetas (seguindo a taxación do mestre de obras D. Amador Mouriño); compromiso de reparación para a primavera; concesión por quince anos, que soben a vinte se se inclúe o mobiliario e o aparello de proxección... Todo isto sinalando os gastos que lle ocasionaría o acondicionamento (un total aproximado de 16.000 pesetas).

A proposta é do agrado do concello, polo que o 20 de novembro acórdase dar coñecemento dela aos concesionarios, que terán un prazo de corenta e oito horas para que "presten conformidad ó aleguen lo que tengan por conveniente y... pongan valla, ó tomen las medidas necesarias á evitar que ocasione desgracias, caso de que venga al suelo, advirtiéndoles que de no hacerlo, lo llevará a cabo el Ayuntamiento, incluso derribarlo... todo ello por cuenta de los propietarios"[73]. Estes son informados de todo isto[74], pero ao parecer a súa actitude dista de ser dialogante, o que levará a Amancio Vigo a comunicar de modo categórico "...que en vista de la actitud intransigente y poco razonable de los

[70] Recollido en AMC. *Instancias.* 311/1.

[71] Sesións do 27-3 e 1-4-1919 e Sesión supletoria do 3-4-1919. AMC. *Libro de Actas*. 11/2. Non se tomou ningunha resolución pola falta de asistencia da Comisión encargada de emitir o informe, quedando despois "estancadas" tódalas tramitacións.

[72] AMC. *Instancias.* 312/2.

[73] AMC. *Libro de Actas.* 11/1.

[74] A notificación data do 23-11-1921. AMC. *Instancias.* 312/2.

dueños de las ruinas... he decidido retirar la proposición presentada, abandonando... toda pretensión sobre este asunto"[75].

E será agora, coa entrada do novo ano, e ante a necesidade cada vez máis urxente de tomar medidas conforme ao estado do edificio, cando fará a súa entrada en escena un terceiro personaxe, o que será futuro dono do Variedades e co cal entraremos nunha segunda etapa do mesmo: José López Rodríguez.

1.2.2.3. Segunda etapa: 1922-1940

José López Rodríguez (1870-1940), nado en Boimorto (A Coruña), foi o principal artífice do auxe do cine no Cambados dos anos vinte e trinta, nos que sostivo as proxeccións pese aos avatares históricos e ás situacións de inestabilidade política (sen ir máis lonxe durante a Guerra Civil). Tras unha infancia como neno labrego, marchou de mozo a Vilagarcía de Arousa, onde pouco despois casou cunha muller do lugar. Aquel rapaz de aldea, orixinariamente analfabeto, foise formando a si mesmo pouco a pouco, e non tardou en abrir en Vilagarcía un negocio de panadería, sector no que proseguiría a traballar ata o fin dos seus días. Foi algúns anos despois do seu traslado a Cambados, vila onde se asentaría definitivamente, cando comezou a interesarse polo negocio do cine en paralelo a aquel que xa tiña (e que trasladara de Vilagarcía a Cambados).

No cambio do 1921 a 1922 José López adquire pois a propiedade do Salón Variedades. Do 22 de xaneiro deste último ano data a súa proposta formal de reedificación do local, sempre en arreglo ás "...exijencias (sic) de la ley y confort, utilizando para la techumbre y demás maderas de eucalipto que garanticen la máxima duración del edificio, cuyas obras serán terminadas en la próxima primavera"[76]. A súa intención non é outra que a de facerse coa explotación cinematográfica en Cambados, a cal solicita por un prazo de vinte anos (necesarios para recuperar as 15.000

Retrato de José López Rodríguez.
Arquivo persoal de Luís Costa López (APLCL)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[75] AMC. Ídem.

[76] En "Expediente autorizando à D. José López Rodríguez para explotar durante veinte años el Salón Variedades". AMC. *Concesiones 1922.* 346/5.

pesetas que calculaba custarían as obras) tralo cal pasaría a mans do concello, aínda que o contrato sería susceptible de renovación.

Formulada en termos apremiantes, esta proposición conta cunha rápida resposta, e o 8 de febreiro acórdase aprobar as obras así como a concesión do negocio do cine[77]. As condicións impostas para iso[78] son, en resumo: que o presuposto para as obras non baixe desas 15.000 pesetas; o prazo da concesión será para os vinte anos solicitados, pagando unha cota anual de cincuenta pesetas (que pasará a mensual en caso de que no mes de setembro non estea xa a funcionar o negocio); o edificio tan só poderá dedicarse a espectáculos públicos (salvo excepcións autorizadas polo concello); e o concesionario comprometerase á reparación e conservación do edificio, así como a asumir a responsabilidade ante toda reclamación referida a este.

Aceptada por tanto a proposta, o seguinte paso será a tramitación do contrato que materialice o proxecto. O 14 de marzo acórdase por fin a concesión do antedito[79], pero non se formalizará definitivamente ata o 13 de xuño, cando se resolva que José López concorra á Notaría para o outorgamento das escrituras[80].

Tramitado todo isto só queda outorgar a licenza de apertura, o que terá lugar o 20 de xuño de 1922, día no que se lle fai entrega dunha comunicación coa autorización "...para la apertura de un local destinado a Cine y Varietés"[81].

Así, aínda que a formalización definitiva das escrituras non teña lugar ata outubro do ano seguinte[82], o cine abrirá de novo as súas portas en 1922. Da data precisa non temos constancia, pero de seguro foi dentro do prazo previsto (o mes de setembro) e en decembro o funcionamento da sala xa debía de ser regular, posto que o día 10 recóllese na prensa[83] a primeira referencia de actividade no novo recinto, a actuación nas Festas da Inmaculada (8 a 12 de decembro) dunha parella que logo ha volver en máis ocasións por Cambados, os Malvar-Vidal. Deste artigo pódese extraer que o Salón xa levaba aberto certo tempo, posto que se fai unha chamada de atención ao esgotamento de entradas en moitas das sesións, para rematar con: "...esto indicará a la empresa que cuando se traen artistas de verdad el público responde"[84], en evidente alusión a actuacións anteriores no local.

---

[77] Ídem.

[78] Lidas en Sesión extraordinaria do 11 de febreiro de 1922. AMC. *Libro de Actas*. 11/1.

[79] Sesión supletoria do 14 de marzo de 1922. AMC. *Libro de Actas*. 11/3.

[80] Sesión supletoria do 13 de xuño de 1922. AMC. Ídem.

[81] AMC. *Correspondencia Oficial*. 288/2.

[82] Ca autorización ao alcalde a concorrer á Notaría para "otorgamiento de las escrituras de contrato de concesión de terrenos en las marismas, Salón Variedades, fianzas, y demás... pendientes de formalización". Sesión do 21de outubro de 1923. AMC. *Libro de Actas*. 11/5.

[83] *LVG*, 10-12-1922, p. 3 (3).

[84] Ídem.

Deixando de lado a cuestión da data de apertura, o que está claro é que o Salón Variedades estivo baixo a rexencia de José López durante dúas décadas moi significativas, tanto na evolución do cinema coma na situación histórica do país.

No ámbito do cine vaise dar nelas un afianzamento do negocio a nivel xeral; o número de salas estables segue en aumento, dotadas cada vez de maiores comodidades, e a exhibición cinematográfica irase impoñendo progresivamente nos locais (cun aumento ademais dos días de proxección á semana) por riba doutros espectáculos e actuacións de variedades, aínda que a perda de protagonismo destes non implicará a súa desaparición, senón que seguirán a celebrarse con certa asiduidade.

En canto ás obras realizadas para a reconstrución, todo parece indicar que a estrutura e distribución do edificio anterior foi respectada; por exemplo, a situación da zona de Preferencia e Xeral, así como da pantalla na parede sur, onde tamén había outra porta con saída ao solar lindante, e probablemente tamén o aforo, que agora aparece xa rexistrado en 300 localidades (150 de Preferencia e outras tantas de Xeral). A estas habería que sumar o emprego de cadeiras encartables cando a ocasión, por outra banda moi eventual, o esixía[85]. O que tamén está claro é que nesta empresa leváronse a cabo melloras nas instalacións e, evidentemente, cambios na decoración. Desta última hai datos curiosos, como o de que entre as pinturas do teito había "un angelito inspirándose en la cara de un hijo de Serafín Otero (veciño do lugar) que era muy guapo"[86]. Había tamén un piano, instrumento imprescindible, e xunto con el un órgano de manivela, aínda que este último era empregado máis para os bailes que como acompañamento ás películas.

O operador do cine era José Fariña Castro, xenro do empresario, que se someteu a un exame ao respecto[87]. E ao longo de case todo este tempo Amador Mouriño Villaverde exerceu como asociado na xestión do negocio, encargándose xunto a José López das contas, trámites de aluguer das películas... Por isto percibía unha cota mensual, que oscilou dun modo bastante aleatorio en todos estes anos entre as 75 e 110 pesetas.

Para mellor analizar o que será a evolución do Variedades nesta súa última etapa, botaremos man dunha nova subdivisión en dous períodos, propiciada por un feito historicamente determinante que revela en si mesmo a súa importancia: a chegada do cine sonoro a Cambados.

[85] Testemuña diso é unha factura do 20 de xullo de 1934, onde se recolle o importe de 214'50 pesetas a pagar por trinta novas cadeiras deste tipo. APLCL.

[86] Testemuño de María Jesús Otero...

[87] Notificación do Goberno Civil de Pontevedra ao alcalde de Cambados, para que comunicase "...a los operadores de cines que al dorso se consignan que se ha señalado el día 25 del corriente... para sufrir el examen que han solicitado", 20-3-1924. AMC. *Correspondencia oficial*. 288/3.

Así mesmo, trataremos nesta ocasión por separado o feito da exhibición de filmes cinematográficos (que reviste un interese superior e que podemos facer gracias á maior cantidade de información dispoñible ao respecto), das outras actividades que tamén aquí se levaron a cabo. Os apartados resultantes serán polo tanto os seguintes:

a) Período silente: 1922-1933
b) Período sonoro: 1933-1940
c) Outras actividades no local

a) Período silente: 1922-1933

A década dos vinte é sen lugar a dúbidas a que poderiamos denominar coma "época dourada" do cine silente. As películas contan cun cada vez maior perfeccionamento técnico e narrativo, a receptividade do público cara a este espectáculo acada cotas superiores e a súa aceptación é absoluta por parte de tódalas capas sociais (a pesar de que sempre chega a haber voces discordantes, coma no caso da Igrexa). No referente á situación política do país, este é o tempo da ditadura de Miguel Primo de Rivera (1921-1929), con todo o que iso implica a nivel de censura cinematográfica (feito que desenvolveremos con detemento algo máis adiante), seguido dun período de transición e a arribada da II República (1931).

Por estar a falar dos tempos do cine silencioso, é de resaltar o papel do pianista. Ao longo de toda esta década o que desempeña esa tarefa é Ramón Ulloa Blanco. Músico invidente, alumno do Colexio de Cegos de Santiago, participou en prestixiosas veladas artísticas xunto a persoeiros da talla de Juan Montes, Carlos Sobrino, Julio Alonso... Nos anos oitenta do século XIX, destaca a súa participación nas veladas do Círculo das Artes de Lugo, amén do seu traballo no Casino desta cidade[88]. Co novo século chega a Cambados e aquí traballará dende un principio como pianista do Salón Variedades.

Esta actividade desenvolvíase nunha primeira etapa dun xeito máis ben esporádico, e consolidouse definitivamente na segunda, na que se fará cargo incluso da afinación e reparacións necesarias do instrumento, como acredita unha factura de 1924. El será o encargado de poñer música aos filmes, pero tamén de acompañar aos outros espectáculos de varietés, e nun segundo período desta etapa, cando os seus servicios xa non sexan necesarios (canda menos a nivel "cinematográfico"), seguirá a colaborar eventualmente nos actos e representacións que precisen de acompañamento musical. Polo seu labor adoitaba cobrar unha media que oscilaba entre as corenta e as oitenta pesetas mensuais, cantidade susceptible de cambio en base á variación do número de actuacións, xa que non

[88] Datos tomados da *Gran Enciclopedia Gallega*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Silverio Cañada, Santiago de Compostela/Gijón, 1974. Tomo XXIX, p. 180.

cobraba unha renda fixa, así como a un incremento en paralelo ao propio avance da década.


Recibí de Dn José Lopez empresario del Salon Variedades la cantidad de * cuarenta pesetas, por la reparación y afinación del Piano de dicho Salón.
Cambados 30 de Diciembre de 1924
Ramón Ulloa

Factura de reparación e afinación do piano por Ramón Ulloa. 1924. APLCL


Recibí de los Empresarios de Salón Variedades de "Cambados" la cantidad de 80 pesetas por tocar el piano en las funciónes celebradas en dicho Salón, los días 1, 3, 4, 8, 11, 13, 15, 18, 22, y 25, siendo las celebradas 1 y 4 con Variete
Cambados 26 de Febrero 1923
Son 80 pts
Ramón Ulloa

Exemplo de factura de Ramón Ulloa por tocar o piano en sesións de febreiro de 1923. APLCL

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pero volvendo á etapa de esplendor vivida polo cine nestes anos, Cambados non ía ser menos que a tónica xeral, e así o auxe de público ha ser moi considerable, con xente que se achegaba incluso de localidades veciñas ante o reclamo dalgunha película moi

publicitada. Como recorda inda algún veciño, "viña xente de San Miguel, e xente toda esa das aldeas ao cine, porque non sabían o que era, non tiñan costume de vir..."[89].

Contaba a calidade das películas exhibidas, o adaptarse aos gustos do público e ás súas variacións, conseguir boas ofertas... Para isto levaranse a cabo accións orientadas á captación de potenciais espectadores, política reflectida en feitos como o de premiar unha vez ao mes ao vinte por cento dos alumnos matriculados nas escolas do municipio con entradas gratuítas para a primeira función do cinematógrafo do xoves, quede claro que sempre có fin de "...fomentar en los niños el amor al estudio y el interés por la escuela... sobre todo si, como esperamos, se elijan cuidadosamente las películas que han de ser objeto de la inocente curiosidad infantil"[90]. De que se levou a cabo esta iniciativa dá constancia unha nova do 17 de marzo[91], que recolle a excursión o día 15 de trinta nenos da escola de Oubiña, obsequiados coas referidas entradas.

Nesta política de "imaxe" e captación de "adeptos cinematográficos", poderiamos situar actos tales como a doazón do importe das entradas a causas benéficas, por exemplo ao "Ropero de Santa Rita", caso do recadado nas funcións do 25 de maio de 1923[92].

Tamén benéfica, aínda que noutra liña, será unha función como a do mércores 9 de marzo de 1927, exemplo de como a actividade do cine se desenvolvía en consonancia, e compromiso, coa realidade social e política do momento. A finalidade desta proxección, que contaba cun "precioso programa en cuatro partes, con su correspondiente complemento cómico en dos partes, de hilaridad aplastante"[93], non era outra que a de axudar a esclarecer o crime dun agricultor de Fornelos (suceso de 1920 que contara con gran repercusión), pagando os gastos dun avogado co recadado. A pesar do ton acendido do chamamento, orientado especialmente aos traballadores, a sesión non tivo excesivo éxito, conseguíndose tan só 44'50 pesetas.

No que respecta ao prezo das entradas nesta época, había unha cantidade estándar, que estaba á súa vez suxeita a continuas variacións. Dependía por exemplo do día de proxección, xa que en festividades e eventos varios acostumaba incrementarse, ou incluso da película que se proxectase, posto que o feito de que o aluguer fose máis caro para o empresario repercutiría no prezo de venda de tíckets ao público.

Os prezos habituais estaban a mediados da década en torno a 0'50 pesetas en Preferencia e 0'25 en Xeral, mentres que a principios dos anos trinta subiran xa a 0'75 e 0'40 respectivamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[89] Testemuño de José Fernández...
[90] *GN*, 12-1-1923, p. 2 (5).
[91] *GN*, 17-3-1923, p. 2 (6).
[92] *GN*, 25-5-1923, p. 2 (1).
[93] Programa anunciante (APLCL).

SALÓN
VARIEDADES
(EMPRESA LOPEZ)
CAMBADOS.

HOY-Miércoles 9 Marzo de1927-HOY

El crimen de Fornelos

Gran función de Cine

Con objeto de recaudar fondos para los gastos que pueda ocasionar un Abogado y una comisión de agricultores que irá a Madrid, para interesar del Gobierno, un juez especial para el esclarecimiento del crimen del agricultor Juan Dominguez Vieites, ocurrido en Fornelos de la Ribera el año 1920, cuyo móvil fue el robo.

¡Ciudadanos de Cambados! ¡Trabajadores en general! Hoy por vuestros hermanos de Fornelos, mañana por vosotros, no olvidéis que estos casos pueden repetirse. Acudir a este acto, para que este crimen no quede encubierto con el manto de la impunidad para la seguridad personal de todos.

Proyectándose para tal fin benéfico un precioso programa en cuatro partes, con su correspondiente complemento cómico en dos partes, de hilaridad aplastante, cuyos títulos se anuncian en las carteleras.

SESION UNICA A LAS SIETE y ½

PRECIOS:—Butaca, 0'50.—General 0'25.

Con objeto de coadyuvar a tan benéfico acto el empresario Sr. López, ha cedido el Salón gratuitamente; por cuyo rasgo de compañerismo y justicia, le anticipamos gracias. La Comisión.

Imp. P. Abad.-Villagarcía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Programa anunciante de sesións de cine para recadar fondos (crime de Fornelos). APLCL



SALON VARIEDADES

CAMBADOS

RELACION de las localidades vendidas en la función celebrada el día ~~día~~ Mes de Julio de 1926 los dias 4-11-18 y 25

J. BUCETA-VILLAGARCIA

TOTAL DE ENTRADAS	CLASE DE LAS LOCALIDADES	PRECIO Pesetas	PRECIO Cts.	TOTAL Pesetas	TOTAL Cts.
26	Preferencia	0,50		13	
76	General	0,25		19	75
	TOTAL PESETAS.....			32	75

EL EMPRESARIO,

José López

Relación de localidades vendidas o mes de xullo de 1926. APLCL

As proxeccións eran basicamente os xoves e domingos (como en tantos outros lugares do país), días para os que se solicitaban preferentemente os filmes. Amósao por exemplo (ademais do rexistro das sesións nos Libros de contas) unha carta da distribuidora Vilaseca y Ledesma que expresa; "como la hemos comprometido con otras empresas... no podemos servirle esta serie a tres episodios a razón de jueves y domingos... que usted ha pedido"[94], ou outra de Antonio Méndez Laserna; "tomo muy buena nota de que la programación la quiere Vd., a jueves y domingos"[95].

Pero estes días podían pasar a máis, ou variar, dependendo entre outros factores da repercusión do filme, dos días festivos, ou da ausencia de actividades (baile, teatro...) que ocupaban os outros días (canda menos en fin de semana).

Por outra banda, as distribuidoras coas que José López traballou ao longo destes anos foron moitas e moi variadas. Con algunhas delas mantivo unha relación comercial constante e duradeira, mentres que con outras os contactos foron esporádicos ou mesmo puntuais (na busca dalgunha película concreta, tamén como "proba" antes de volver a terreo coñecido...). Como achegamento, propoñemos a continuación unha relación

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[94] 17-10-1924. APLCL.

[95] 14-9-1926. APLCL.

aproximada das distribuidoras coas que o cine Variedades mantivo negociacións nesta etapa[96]:

- "El Repertorio M. de Miguel". La Aristocracia del Film (Bilbao): en 1924
- Vilaseca y Ledesma (A Coruña), concesionarios de Pathé (Madrid): de 1924 a 1926
- Antonio Méndez Laserna (Vigo), representante na rexión de Galicia de Cinematográfica Verdaguer S.A. (Barcelona): 1924-1927
- Román González (A Coruña): 1924-1927
- "Trufil". L. Llatjós Prunés (Madrid): 1925
- Alquiler de Películas Manuel Villar Landeira (Pontevedra): 1926
- Hispano Foxfilms S.A.E. (Madrid): 1926
- M. Romero Piñeiro (Vigo): 1926
- Casimiro López González (Monforte de Lemos): 1926-1927
- Federico Monroy Arizmendy (Vigo), representante en Galicia de Selección MAVI (Madrid) e Exclusivas Julio César S.A. (Bilbao): 1926-1927
- Hispano American Films S.A. (A Coruña), concesionarios da Universal Films (Barcelona): 1926-1927
- José Miguel Montero (A Coruña), representante en Galicia da Gaumont (Barcelona): 1926-1928
- Gómez Hermanos (Vilagarcía de Arousa): 1926 e 1932-1934 (entrando xa no sonoro)

Seguindo o modelo habitual de relación distribuidora-pequeno exhibidor (entendendo como tal os exhibidores de núcleos poboacionais locais), a contratación das películas levábase a cabo mediante uns pequenos panfletos publicitarios con información sobre os filmes, proporcionados ao dono da sala, e polas visitas dos vendedores das diferentes casas, que cada tempada facían un percorrido pola ruta que lles correspondese. Isto implicaba unha relación persoal, ás veces estendida máis aló do campo profesional, ou polo menos do que hoxe entendemos como tal. As estreitas relacións reflectiranse perfectamente na correspondencia[97], por outra banda moi frecuente, dado que daquela non se empregaba a vía telefónica para tales menesteres.

O sistema de contratación dos filmes era xeralmente por lotes, cada un dos cales era un "programa". As películas tiñan prezos diferentes, dependendo de factores coma: a casa que as distribuíse, a relativa novidade do filme, o éxito que o precedese, as partes das que constase... Na maioría dos casos dábase un prezo fixo ao exhibidor, pero noutros (como ocorría con algúns filmes de éxito case asegurado) o contrato era en base a un tanto por

[96] En base a datos tomados da *Correspondencia con distribuidoras* e os *Libros de Contas* de José López, APLCL.

[97] Por exemplo, Rogelio Tourón (representante de Antonio Méndez Laserna) chega a chamar en ocasións "Don Pepito" a José López.

cento da recadación que lograse a película. No Variedades ocorreu isto con películas como *Don Juan Tenorio* (Ricardo de Baños, España, 1922); no contrato realizado con Antonio Méndez Laserna[98], estipulábase que o aluguer consistía no cincuenta e cinco por cento do ingreso neto da recadación. O filme proxectouse o 24 e 28 de xaneiro do 1926, e para obter ganancias, o prezo das entradas subiu nesta ocasión a 0'30 pesetas en Xeral e 0'60 en Preferencia.

Ademais tamén é de resaltar que as películas non viñan, en xeral, directamente da distribuidora, senón que, unha vez concretados os días, recibíase do cine da localidade no que se estaba a proxectar (normalmente nas inmediacións) para proceder a enviala a continuación á seguinte praza que a solicitase[99]. Este sistema comportaba claras complicacións, posto que moitas veces había demoras, extravíos... e tamén deterioro das copias segundo pasasen por cada vez máis mans[100]. Con respecto ás demoras na chegada das películas, a causa máis común (ou polo menos a xustificación máis reiterada) era a do transporte, con problemas nas liñas de autobús[101] e incluso confusións con respecto do tren (máis ben cando a película era enviada dende a casa distribuidora, e non dunha poboación circundante), que tiña a súa parada máis próxima en Vilagarcía, sen chegar ata Cambados. Tamén había erros nos envíos con respecto ao destino, como podemos ver nunha carta remitida a José López por J.M. Miguel (Xerente de Hispano American Films S.A.) na que, ante a demora da recepción duns filmes polo primeiro, indica: "a nuestro cliente de El Grove, le dimos orden de que se los enviara a V. E, incomprensiblemente... los recibimos el sábado pasado, apresurándonos a enviárselos a V."[102].

Claro que tampouco faltaba certa picardía pola banda do exhibidor, que se tiña un filme contratado por un número determinado de días e acadaba moito éxito, non dubidaba e dar algunha escusa e proxectalo outro día máis.

Na primeira metade da primeira década, e xa entrada a segunda, a programación compoñíase basicamente de seriais (como xa nos foron anticipando os fragmentos da

[98] 8-7-1925. APLCL.

[99] Un exemplo: "...los cuatro últimos episodios el domingo 26 los dio Caramiñal, le enviaremos a usted dos para el domingo con relleno y los otros dos para el jueves. No olvide de enviar al Sr. Rey de Estribela los episodios... ya que el domingo los da". Carta de Vilaseca y Ledesma a José López, 28-10-1924. APLCL. Tamén eran constantes en Cambados os contactos con O Grove, Serantes, Vilanova de Arousa, Pontedeume, Carril...

[100] Por exemplo, seguindo coa carta anterior: "...nos dice que *El hombre León* está podrido totalmente... hemos de significarle nos diga cuantas veces le ha roto en los días que la proyectó". Ídem.

[101] Comunmente coa empresa Castromil, que se facemos caso das explicacións dadas en ocasións, levaba a confusións cos horarios ou non permitía facturar os paquetes en determinadas condicións. Así, por exemplo, Román González comunicaba que "soy demasiado formal para buscar disculpas... que el Castromil es caro, para el interés que se toma cobra bien los viajes... y ya le dije que como vuelvan a confundir un envío no mando ni un paquete más, pues luego pago yo las culpas", en resposta ao retraso duns programas. Carta a José López, 21-7-1924. APLCL.

[102] 20-11-1926. APLCL.

correspondencia citada), películas en episodios a proxectar en varios días. Ían acompañados á súa vez dun complemento, que era unha película máis curta de carácter cómico, de aventuras... ou noticiarios de actualidades. Entre estes complementos os máis celebrados, e por iso os máis frecuentes, eran os cómicos. No Salón Variedades, como no xeral dos cines da época, eran habituais as películas de *Fatty* (Roscoe Arbuckle), *Tomasín* (Larry Semon), *Charlot* (Charles Chaplin)[103], *Harold* (Harold Lloyd)[104]..., aínda que de vez en cando tamén alternasen con outros xéneros, caso de Tom Mix e as súas aventuras no Oeste.

Polo que respecta aos seriais, nun principio estaban compostos dun gran número de xornadas (a proxectar unha ou varias por día), que en ocasións chegaban a copar a programación dun mes; valla o caso de *Las dos niñas de París* (Louis Feuillade, Francia, 1920), que ocupa todas as sesións de xullo de 1926 (días 4, 11, 18, 19 e 25; os únicos que houbo proxeccións ese mes), ademais doutros dous días do mes anterior (20 e 27 de xuño).

Estes seriais eran de nacionalidades diferentes (estadounidenses, italianos, franceses, alemáns...), e ían dende os dramas de sociedade, luxos e intrigas, ás traxedias máis lacrimóxenas ou as máis incribles aventuras. Algúns exemplos dos exhibidos en Cambados, á parte do citado, poderían ser: *Mathias Sandorf* (Henri Fescourt, Francia, 1921), os días 23, 27 e 30 de novembro de 1924; *Tragedias de amor* (Joe May, Alemaña, 1923), sete xornadas proxectadas o 19, 20, 25 e 26 de xullo, 2 e 9 de agosto de 1925; *Un filibustero social* (Robert F. Hill, EUA, 1923) de dez xornadas, agrupadas o 14, 17, 21 e 24 de outubro de 1926; *El Juramento Lagardere* (Jean Kemm, Francia, 1925), o 12, 16, 19, 23 e 25 de decembro de 1926; ou *La ciudad de los espectros* (Jay Marchant, EUA, 1923), quince episodios o 16, 20, 22, 23, 26 e 31 de xaneiro de 1927.

Conforme avanzaba a década, os seriais fóronse facendo cada vez máis curtos, como xa vaticinaba unha carta de 1924 de Vilaseca y Ledesma, onde se notificaba que "...las series largas, aún siendo buenas, nunca pueden ser asuntos tan perfectos y notables... en lo sucesivo estas series largas irán desapareciendo del mercado, por lo tanto hace usted bien en ir acostumbrando a su público a algún programa suelto, pues día llegará en que tenga que servir solo a base de programas de uno a cuatro días como máximo"[105]. Como exemplo: *Ana Bolena* (Ernst Lubitsch, Alemaña, 1920), o 27 de decembro de 1925 e 1 de xaneiro do ano seguinte (anticipándose polo tanto á tónica xeral posterior); *Juana de Arco* (Cecil B. De Mille, Alemaña, 1917), de dúas xornadas, o 19 e 20 de marzo de 1927; e *El*

[103] Como por exemplo, no 1926: *Charlot en la calle Paz* (Charles Chaplin, Estados Unidos de América (EUA), 1917) o 10 de xaneiro; *Charlot emigrante* (ídem, 1918) o 21 de febreiro...

[104] Películas como *Marinero de agua dulce* (Fred C. Newmeyer, EUA, 1921), ou *El mimado de la abuelita* (ídem, 1922), que son enviadas por Antonio Méndez Laserna como complemento da programación de novembro de 1926.

[105] Carta a José López, 4-11-1924. APLCL.

jorobado de Nuestra Señora de París (Wallace Worsley, EUA, 1923), 16 e 17 de xuño do 1929.

Pouco a pouco, tamén estas series máis curtas irán deixando paso xa ás longametraxes, que seguen estando acompañadas do respectivo complemento, e das que temos un variopinto mostrario: *Una novia en cada puerto* (Howard Hawks, EUA, 1928), o 11 de agosto de 1929; *La esclava blanca* (Weisse Sklavin, Alemaña, 1927), 29 de outubro do mesmo ano; *La montaña sagrada* (Arnold Fanck, Alemaña, 1926), 5 de xaneiro de 1930; *Moulin Rouge* (Ewald André Dupont, G.B, 1928), 14 de decembro tamén do 1930; *Piccadilly* (Ewald André Dupont, G.B, 1929), 12 de abril de 1931; *Muelles de Nueva York* (Josef Von Sternberg, EUA, 1928), 6 de xaneiro de 1932; *Fausto* (Friedrich W. Murnau, Alemaña, 1926), 10 de abril do 1932; ou *Toni* (Arthur Maude, G.B, 1927), 14 de agosto do último ano citado.

Claro que por Cambados tamén pasaron grandes éxitos mundiais do cine silente, como: *El nacimiento de una nación* (David W. Griffith, EUA, 1915), o 25 e 29 de xaneiro de 1925; ou *Los Nibelungos* e as súas respectivas partes, *La muerte de Sigfrido* e *La venganza de Crimilda* (Fritz Lang, Alemaña, 1924), dende o 28 de novembro ao 8 de decembro do 1926. Pero sobre todo no 1930, con: *Metrópolis* (Fritz Lang, Alemaña, 1926), o 16 e 17 de febreiro; *Napoleón* (Abel Gance, EUA, 1927), 25 e 26 de maio; *La ley del hampa* (Josef Von Sternberg, EUA, 1927), 26 e 27 de outubro; e *El chico* (Charles Chaplin, EUA, 1921), o 6 do seguinte mes.


Salón Variedades

HOY

Domingo 12 de Abril de 1931

Proyectamos hoy una gran película

Una película de carácter excepcional que merecerá el aplauso entusiasta del público.

PICCADILLY

de la manufactura inglesa "B. I. P." filial de la "UFA": El alboroto de Londres... el corazón de Inglaterra... todo el ambiente de la City, narrado genialmente en una versión modernísima y originalísima.

¡Una preciosidad de película!

Asunto especialmente escrito por el gran novelista

ARNOLD BENNET

INTERPRETACION

Gilda Gray, Jameson Thomas y Anna Mey Wong

SIETE partes.

Para empezar la divertidísima película cómica, que lleva por título

Tomasín en el disloque

DOS grandes partes.

¡Programa gigante de NUEVE partes!

Sesión continua De 6 a 10½

PRECIOS:
Butaca ..... Ptas. 0'75
General ..... „ 0'40

Programa anunciante da proxección da película *Picadilly* e o seu complemento. APLCL

Tamén é moi probable que puxesen *La quimera del oro* (ídem, 1925), xa que como recorda José Fernández García, "...teño ido eu mirar aquelas películas de Charlot, como quería comer a zapatilla, que fritía, e era unha zapatilla, non un bistec..."[106].

Non faltarán tampouco exemplos varios de películas de *Maciste* e *Rintintín*, que gozaban de moi boa aceptación, ou o caso de artistas como Greta Garbo, reclamo dunhas películas que soían constituír un éxito case asegurado. É o caso de *Ana Karenina* (Edmund Goulding, EUA, 1927), proxectada o 29 de decembro de 1929; ou, no 1932, *La mujer ligera* (Clarence Brown, EUA, 1928) o 24 de xaneiro, e *Orquídeas salvajes* (Sidney Franklin, EUA, 1929) o 10 de marzo.

Dos gustos do público, xunto á relación de películas dada ata o de agora, fala claramente o listado dos filmes de maior éxito nestes anos:

PELÍCULAS MÁIS VISTAS NO SALÓN VARIEDADES: 1924-1932[107]

ANO	DATA	TÍTULO	RECADACIÓN
1924	28-9; 5, 12, 19, 26, 30-10; 1, 2, 6-11	*Hombre León ¿?*	1.531'3 ptas
1925	3, 4,6, 8, 11, 18, 22-1	*La torre de Nesle*	1.436'24 ptas
1926	21, 25, 28-2; 7, 11, 14-3	*El botín de los piratas*	909'2 ptas
1927	19, 20-3	*Juana de Arco*	621 ptas
1928	¿?	*¿?*	¿?
1929	13, 17, 24, 27, 31-10; 1, 3-11	*La torre de Nesle*	1.250 ptas
1930	30-3	*El santo de Asís*	303 ptas
1931	25-12	*La ciudad del placer ¿?*	325 ptas
1932	28-2	*Rey de reyes*	602 ptas

É doado observar nesta lista a evolución á que faciamos referencia. A película máis vista do 1924 é un longuísimo serial contratado a Vilaseca y Ledesma, que supera con moito a tódolos demais filmes, entre os que contan cunha recepción moi favorable os grandes dramas de sociedade italianos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[106] Testemuño de José Fernández...

[107] Fonte: *Libro de Contas: 1924-1932* de José López, APLCL. Elaboración propia.

O grande éxito do 1925 é unha serie francesa, *La torre de Nesle* (Pierre Marodon, 1923), que xa comezara a proxectarse a finais de 1924. De novo avantaxa con moito aos filmes que a seguen, como *La casa del misterio* (Alexandre Volkoff, Francia, 1923), oito episodios proxectados os días 15, 16, 23, 24 e 30 de agosto, 6, 13 e 20 de setembro de 1925, que recadaron en total 838'9 pesetas. Aventuras e misterio foron os aspectos que máis atraeron ao público á sala ese ano.

No 1926 as aventuras seguen a impoñerse, e a *El botín de los piratas* (George B. Seitz, EUA, 1923), ségueno outros do mesmo xénero (varios deles tamén de piratas), así como películas do Oeste, moi requiridas[108]. No medio delas "cólase" a xa citada *Las dos niñas de París*, que consegue facer unha taquilla de 806 pesetas.

En 1927 o filme de Cecil B. De Mille *Juana de Arco* (EUA, 1917) amósase imbatible; e no 1929[109] é moi significativo ver como a reposición de *La torre de Nesle* volve bater tódalas marcas, xa que a segunda película máis vista, *El hombre del Hispano* (Julien Duvivier, Francia, 1926), obtén tan só 236 pesetas[110].

Ao ano seguinte a temática relixiosa encabeza a lista con *El santo de Asís* (Giulio Antamoro, Italia, 1927), aínda que con escasa diferenza de *Metrópolis*, que recada 299 pesetas, ou cintas españolas como *Currito de la Cruz* (Alejandro Pérez Lugín, 1926), que entre os días 25, 27 e 28 de xullo consegue 252 pesetas.

No 1931, a película indicada vai acompañada de títulos que remiten fundamentalmente ao xénero bélico de aventuras, dos que é o máis representativo *Llegó la escuadra* (Malcolm St. Clair, EUA, 1928), que o 1 de marzo fai unha recadación de 270 pesetas.

Por último, supera con moito a tódolos demais filmes en canto a cantidade conseguida por un só día de exhibición, de novo Cecil B. De Mille con *Rey de reyes* (EUA, 1927), que será a última película muda máis vista no cine Variedades.

Por outra banda, cando unha película espertaba moito interese, non se dubidaba en emprender arduas negociacións para conseguila, a poder ser ao mellor prezo. Un dos casos máis significativos é o dunha película española de enorme sona a mediados da década: *La Casa de la Troya* (Alejandro Pérez Lugín e Manuel Noriega, España, 1924). Ante o éxito colleitado por toda Galicia, José López manifesta o seu interese a Antonio Méndez Laserna en marzo de 1925. Pero este xa tiña o filme comprometido con

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[108] "Le remitiremos a Vd. un Drama del Oeste de luchas, como Vd. pide...". Carta de J. M. Miguel a José López, 24-12-1926. APLCL.

[109] A omisión do ano 1928 explicarase máis adiante, neste mesmo apartado.

[110] Aínda que neste caso hai que ter en conta que é unha cifra relativamente alta, ao corresponder a unha longametraxe proxectada un só día (22 de decembro).

Vilagarcía de Arousa (onde se estaba a proxectar nese momento), Salamanca e prazas sucesivas, polo que na súa resposta recoméndalle o seguinte:

> "Ya que tiene interés en proyectarla, diríjase a su propietario Sr. Moriyón... Adviértole (sic) que pretenderán un precio bastante crecido; sírvale de norma que Betanzos, pueblo de poca importancia, ha pagado la cantidad de MIL PESETAS por dos días de proyección... Para hacer mayor fuerza, a la vez que se dirije (sic) al propietario, debe dirijirse (sic) también a su autor: D. Alejandro Pérez Lujín..."[111].

José López opta por apelar directamente a Alejandro Pérez Lugín, e poucos días despois recibe un telegrama de A. Moriyón no que manifesta:

> "El Sr. Pérez Lujín me entrega su atta del 13 referente á exhibir en esa nuestra película 'LA CASA DE LA TROYA' y accediendo gustoso á las indicaciones de mi Sr. Socio de dar á Vds. un precio excepcional, le manifiesto que seiscientas pesetas por dejarles la copia dos días"[112].

Finalmente, o prezo conseguido será o de cincocentas pesetas por tres días de exhibición. A película pasarase os días 7, 8 e 9 de xuño de 1925, recadando 726'30 pesetas, o que xera polo tanto beneficios para o Variedades.

A favorable acollida do cine patrio que se dá na segunda metade da década (en paralelo á continuidade dos éxitos sobre todo hollywoodienses), materializarase no empeño que José López tamén amosa por outros tres filmes: *Maruxa* (Henry Vorins, 1923), *La verbena de la Paloma* (José Buchs, 1921) e *Flor de España o la leyenda de un torero* (Helena Cortesina e José María Granada, 1921). Román González responde a este interese comunicando: "Puedo cederle las tres que desea, ahora bien esas cintas ya sabe se hacen pagar precios fabulosos... si V. me hace contrato de servirle yo programas cierto tiempo... se las dejaré a 50 pts"[113], o que sinala é un bo negocio xa que na provincia están a contratarse a tanto por cen.

O empresario cambadés non acepta ese prezo e pide 35 pesetas, ao que Román González responde que "...no hay alquilador que le deje una cinta española de cualquiera zarzuela que sea en pts 35 ni en 50..." [114], e para convencelo continúa na mesma misiva ensalzando os filmes, dicindo por exemplo que "...*Maruxa* es una cinta netamente gallega sacada en esas rías, con vista de esa y de toda la provincia, letreros en gallego (y que todo esto es cierto, pues ahí estuvieron los de Celta Film... más de un mes impresionando) y dando

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[111] Carta de Rogelio Tourón a José López, 11-3-1925. APLCL.
[112] 17-3-1925. APLCL.
[113] Carta a José López, 14-3-1925. APLCL.
[114] Ídem, 20-3-1925. APLCL.

más programas la dejo al precio irrisorio de 50 pts..."[115]. Pero ante a falta de resposta será finalmente o distribuidor quen claudique, aceptando o prezo solicitado e remarcando o bo negocio feito por José López, xa que, segundo as súas propias palabras, estas tres películas "...tenga en cuenta que son las que han acreditado todas las españolas que han salido luego y ninguna les llega a estas"[116]. Curiosamente, ningunha das tres chega a proxectarse no Variedades, probablemente por incompatibilidade nas datas.

O interese polos filmes españois seguirá a verse con posterioridade, por exemplo no ofrecemento de cintas como *Boy* (Benito Perojo, 1925) por Federico Monroy Arizmendy, que a define como "la mejor producción que hasta la fecha se ha filmado en España" [117]. E observarémolo xa no cambio da década, na proxección no 1930 de filmes coma: *Agustina de Aragón* (Florián Rey, 1929), o 13 de abril; o xa comentado *Currito de la Cruz*; ou *El lazarillo de Tormes* (Florián Rey, 1925) o 21 de agosto. Tamén en 1931, con *La copla andaluza* (Ernesto González, 1929) o 10 de maio; e *Corazones sin rumbo* (Benito Perojo, 1928) o 27 de decembro. Todas elas cunha positiva acollida.

Outra mostra de negociacións, de 1925, son as relacións comerciais que José López establece có Cabildo Metropolitano de Santiago de Compostela, e nas que se interesa por unha película relixiosa. Non sabemos de que película se trata, pero si que custaba cen pesetas, tiña cinco partes e contaba co aliciente de que "...allí aparecen los Marqueses de Figueroa y el sobrino Juanito. Lo de Jerusalén, Nazaret, lo de Pompeya (esto sobre todo) y Roma está tomado bien y es de lo mas curioso que se puede dar a los católicos"[118]. O propio Cabildo remata esa carta recomendando: "Anúnciela mucho, como cosa religiosa, propia de este tiempo. Llame al Sr. Cura para que la vea"[119]. Sen embargo, houbo problemas cos días reclamados polo cine[120], e finalmente a cinta non chegou a proxectarse na vila a pesar da insistencia[121].

A afección polas películas relixiosas, acentuada segundo a época do ano (Semana Santa, Nadal...), foi xeneralizada ao longo de todo este tempo e, ao caso comentado, podemos engadir unha negociación a inversa, co ofrecemento a José López do filme *Secreto de confesión* (José Fernández Caireis e Pepín Fernández, España, 1926). Nunha oferta de programación para 1926, Federico Monroy Arizmendy propón: "Como yo sé que V es amante de los programas religiosos por pedírselos sus clientes, le participo que tengo una serie en dos jornadas muy linda titulada SECRETO DE CONFESIÓN... se la ofrezco para

[115] Ídem.
[116] Carta a José López, 18-8-1925. APLCL.
[117] Ídem, 7-3-1927. APLCL.
[118] Carta do Cabildo Metropolitano a José López, 22-3-1925. APLCL.
[119] Ídem.
[120] Recollido en sendas cartas do Cabildo a Cambados, do 30 de marzo e 8 de abril dese ano. APLCL.
[121] Como outro exemplo de negociación frustrada: *Los diez mandamientos* (Cecil B. De Mille, EUA, 1923), que solicita a M. Romero Piñeiro en xaneiro de 1926.

proyectar en dos Domingos en Pts 80"[122]. Coma no caso anterior, tampouco chegou a exhibirse en Cambados.

E cambiando de aspecto; como apuntabamos ao inicio deste apartado, o contexto histórico é determinante, e así a ditadura de Primo de Rivera ha ter consecuencias tamén no sector da exhibición. A censura de filmes é unha práctica frecuente nestes momentos, e isto participásenos, no caso de Cambados, especialmente polos telegramas enviados ao concello, onde se notifica que películas eran consideradas "perigosas". Esta cualificación podía vir condicionada por ideas políticas (fundamentalmente) ou aspectos morais.

Os exemplos datan de cedo, e no 1924 temos xa varios. Unha orde gobernativa de decembro dese ano aclara: "la película conocida por *Kosmigsmarkk* (sic), en la que se hieren los sentimientos atacando la dignidad de los naturales de un país amigo de España, queda prohibida terminantemente... en los salones-cine de este Ayuntamiento"[123]. A película referida é a francesa *Koenigsmark* (Leónce Perret, 1923). Nese mesmo documento, en carta do día seguinte, engádese a prohibición expresa de proxectar *Los cuatro jinetes del Apocalipsis* (Rex Ingram, EUA, 1921) e calquera outra obra de Blasco Ibáñez.

A censura alcanzaba tamén aos sucesos da actualidade, de aí telegramas como, dese mesmo ano, aquel que comunica: "sírvase de prohibir la exhibición de toda clase de películas que guarde relación con asesinato correo exprés Andalucía"[124].

Dando un salto dun par de anos, no 1927 atopamos novos casos de censura. Os máis frecuentes seguen a ser os relacionados coa ideoloxía política, que leva tanto a suprimir escenas como a prohibir o filme. Da primeira situación serve de exemplo o seguinte telegrama:

> "Queda autorizada proyección película *La* (ilexible) *siniestra* de la Casa Edison film con supresión escena siguiente fusilamiento soldado Antonio Marchena y en la que el teniente Carvajal se acerca al fusilado con intención de descargarle tiro gracia"[125].

Da segunda queda constancia coa prohibición da exhibición de filmes como *El fin de San Petersburgo* (Mikhail Doller e Vsevolod Pudovkin, URSS, 1927), por facer propaganda

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[122] Carta a José López, 9-11-1926. APLCL.
[123] Carta do Delegado Gubernativo ao alcalde de Cambados, 12-12-1924. AMC. *Correspondencia Oficial*. 288/3.
[124] Gobernador Civil de Pontevedra ao alcalde, 14 de (non consta mes) 1924. AMC. Ídem.
[125] Gobernador Civil de Pontevedra ao alcalde de Cambados, 26 de (non consta mes) 1927. AMC. Ídem.

bolxevique, *Siberia* (Víctor Schertzinger, EUA, 1926)[126], ou *Los bateleros del Volga* (Cecil B. De Mille, EUA, 1926)[127].

Xunto ao aspecto político, a moral non deixa de ser o outro gran punto de referencia. Sen saír do ano que estamos a ver, autorízase por exemplo a proxección de *Los amores de Manon* (Alan Crosland, EUA, 1927), pero con supresión da escena "...que representa momento en que protagonista después haber sido desgraciada por amante vuelve a buscarle en ocasión haber este ingresado como seminarista y desarrollándose escena ante altar mayor cuando aquel va rezar ante el mismo"[128]. Claro que, en ocasións, autorizaranse tras un exhaustivo exame filmes antes prohibidos, como por exemplo *La malcasada* (Francisco Gómez Hidalgo, España, 1926)[129].

A partir do 1929, co final da ditadura de Primo de Rivera, estas películas terán vía libre para a exhibición, e en Cambados proxectaranse por exemplo *Los cuatro jinetes del Apocalipsis* (15 de agosto de 1930) e *Los bateleros del Volga* (25 e 26 de xaneiro de 1931). Tamén neste momento, e cun cambio de década marcado por un período de transición política, haberá unha tendencia a retomar películas de principios ou mediados dos vinte, algunhas non proxectadas con anterioridade en Cambados (como *Los tres mosqueteros* (Max Linder, EUA, 1922), o 14 e 15 de setembro de 1930) e outras si. Neste caso, o pasalas de novo non facía nin moito menos diminuír a asistencia de público, sirva de exemplo a reposición de *La torre de Nesle* ou *La Casa de la Troya*, que volve colleitar un novo éxito o 13 e 14 de xullo de 1930.

Os cambios políticos e sociais tamén terán a súa incidencia na marcha do negocio. A principios da década as recadacións por sesión eran bastante cuantiosas, esta situación irá cambiando conforme pasen os anos, e a mediados dos vinte os ingresos diminúen. A finais baixan inda máis, pero sen embargo sobre o 1929 remontan, para iniciar a partires do 1931 (coa caída da monarquía e a conseguinte complicación na situación política do país, a crise económica...) unha nova baixada, que só se remontará cando Cambados se apunte á renovación do eido cinematográfico: a introdución do cine sonoro.

Pero no discorrer desta década imos atopar unha lagoa de dous anos nos que hai un baldeiro documental considerable, tanto nos Libros de Contas de José López como nas referencias en prensa. Este baldeiro abrangue aproximadamente de maio do 1927 ao mesmo mes no 1929.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[126] Notificado en telegrama do Gobernador Civil ao alcalde, 24 de (non consta mes) 1927. AMC. Ídem.
[127] Comunicado en senllos telegramas do Gobernador Civil ao alcalde, do 1 e 14 de febreiro de 1927. AMC. Ídem.
[128] Telegrama do Gobernador Civil ó alcalde, 30 de (non consta mes) 1927. AMC. Ídem.
[129] En telegrama do Gobernador Civil ó alcalde, 25 de (non consta mes) 1927. AMC. Ídem.

En febreiro de 1927 morre a muller do empresario, e é probable que sexa a raíz dese acontecemento que se desentenda temporalmente do negocio. A constatación pódennola dar dúas cartas a el dirixidas no mes de abril de 1927. A primeira, da Hispano American Films S.A., acusa o recibo o día 22 dunha carta pola que "...quedamos enterados de que, con fecha 1º de mayo, deja Vd. de ser empresa del Salón Variedades de esa plaza... suponemos que el Sr. Mouriño se hará cargo de los contratos pendientes..."[130]. A segunda, de Casimiro López González, ven a confirmalo ao transmitirlle "tomo nota de que va a dejar de ser Empresario de ese Teatro...", engadindo que "...como quiera que el contrato que con Vd tengo fue hecho para ese Salón espero que al cedérselo al Sr. Mouriño se lo entregue"[131].

O novo empresario sería polo tanto o seu socio, Amador Mouriño, a pesar de ofertas como a do mesmo Casimiro López González, que no mes de marzo comunicáballe que "si por casualidad Vd dejase el Salón yo no tendría inconveniente en hacerme cargo de él siempre a base de que su Sr hijo político se encargase de la Administración"[132].

A pesar da falla de documentación nos meses que seguen é posible afirmar que o cine seguiu a funcionar. Apoiámonos para isto na memoria colectiva, xa que a opinión coincidente é que o cine non pechou en ningún momento ata a morte de José López, pero tamén nunhas notificacións atopadas na Casa do Concello. O tema dos incendios nos cinematógrafos era unha cuestión que nos anos vinte seguía a preocupar en gran maneira, e por iso vanse aprobar novas medidas para a súa prevención. A Cambados remitirase en 1928 a indicación de prover de extintores de incendios ao cine[133], e ese mesmo ano tamén se obrigará a equipar ás salas dun "...aparato previsor incendios de las cintas cinematográficas... procediendo a la suspensión del espectáculo en aquellos que no la hayan cumplido hasta tanto no se provean de los citados aparatos"[134]. Atopar estas notificacións fainos pensar que o cine seguía en funcionamento, e que probablemente se adecuase ao novo regulamento dentro do prazo establecido.

En maio de 1929 José López volve de novo encargarse do negocio, e desta vez farao xa sen interrupción.

Por último, ao fío do amentado cambio de aparato, temos que sinalar que no Variedades non se descoidarán en todo este tempo aspectos como o equipamento da sala e a renovación da maquinaria. Por iso vemos, por exemplo, como en 1926 mantense

[130] 25-4-1927. APLCL.
[131] 25-4-1927. APLCL.
[132] 5-3-1927. APLCL.
[133] Carta do Gobernador Civil de Pontevedra ó alcalde, 1-5-1928. AMC. *Correspondencia Oficial*. 288/5.
[134] Telegrama do Gobernador Civil de Pontevedra ao alcalde de Cambados, 4-4-1928. AMC. Ídem. Estas indicacións reiteraranse, ampliando o prazo para a instalación de dito aparato, ata o 30 de xullo, en sucesivos telegramas do 9 de maio e 2 de xuño de 1928. AMC. Ídem.

correspondencia coa empresa Gaumont interesándose polos diversos aparellos, así como por unha serie de pezas para un Crono Profesionel Serie VII A.[135], que non puideron ser remitidas xa que se deixaran de fabricar[136]. Pouco despois, ante a necesidade de cambio, facilitaráselle a José López un "Presupuesto de un Crono C.M. tipo B gran modelo 1925, un motor para corriente continua y alterna, y un arco de espejo"[137]. Fose este ou non o adquirido, o que si é seguro é que ese cambio foi unha realidade no momento.

b) Período sonoro: 1933-1940

Comezado o novo decenio e xa ben entrada a II República, o cine cambadés ha sufrir un xiro radical marcado pola chegada dun novo invento, un dos pasos máis importantes dende a aparición desta linguaxe que fai confluír imaxes e movemento: a incorporación do son.

Esta é, ademais, a década na que o Variedades perde a hexemonía da exhibición cinematográfica en Cambados, debido á apertura a principios desta (1934) do que será o segundo cine estable da vila: o Juventud[138]. Tamén é unha década decisiva a nivel histórico no noso país, xa que os enfrontamentos cada vez máis acuciantes que se estaban a desenvolver no período republicano, desembocarán en 1936 nun acontecemento que suporá unha ruptura total coa orde anterior: a Guerra Civil. Esta guerra derivará no establecemento, a partir do 1939, dunha ditadura que abranguerá un amplo e emblemático período de tempo, o terzo central do século XX.

Pero vaiamos paso a paso. As primeiras experimentacións co sonoro comezan xa a finais dos anos vinte. En 1929 nos EUA dáse unha total paralización do cine silente en favor da nova incorporación, pero en Europa este cambio non será definitivo ata pouco máis tarde. Tamén España contará con esa demora na implantación concluínte do sistema sonoro, que non será unha realidade plena ata 1930 aínda que as primeiras exhibicións xa se deran o ano anterior. No caso galego Vigo é a primeira poboación que coñece, en marzo de 1930, o cine sonoro. Nese mesmo ano, irase implantando moi de vagar nas capitais de provincia e cidades máis sobresaíntes, e a partir do 1931 noutros núcleos urbanos (Tui, Porriño...). As vilas de menor entidade terán que esperar un pouco máis, e conformarse nun principio con acollelo de xeito transitorio. Pero ante a constatación do seu imparable avance, xunto co éxito comercial, dende 1932 comezaremos a ver como aumenta o número de cines que cambiarán de sistema, o que dará á súa vez un novo pulo á exhibición cinematográfica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[135] Nunha carta do 18 de maio de 1926, onde se fai acuso de envío dun catálogo de aparatos cinematográficos. APLCL.
[136] Carta da Gaumont a José López, 16-6-1926. APLCL.
[137] Ídem. 22-6-1926. APLCL.
[138] Ver apartado correspondente.

No que atinxe a Cambados, os primeiros contactos co cine sonoro tiveron lugar no Variedades, pero remontándose xa a 1931 e 1932. Neses dous anos sendas películas ben diferentes viñeron amosar aos cambadeses as posibilidades do novo invento[139]: *La jaula de los leones* (Fred J. Balshofer, EUA, 1931) e *La llama sagrada* (William C. McGann e Guillermo Prieto Yeme, EUA, 1931).

A primeira delas proxectouse o 8 de decembro de 1931, conseguindo unha recadación de 139'50 pesetas, cantidade aceptable pero aínda así por embaixo de moitos outros filmes silentes proxectados o mesmo mes. En canto á segunda, cubriu as sesións tamén dun só día, o 17 de abril de 1932, obtendo 100 pesetas (cando o aluguer custara 75), de novo unha cantidade digna pero que denota que non espertou un interese superior ás grandes estreas silentes.

Tamén no 1932, nunha carta de Gómez Hermanos a José López con motivo de notificar as contas pendentes polo aluguer dunha serie de películas (mudas), non se deixa de comentar a marcha da instalación do sonoro en Vilagarcía, animando a seguir o exemplo en Cambados nos seguintes termos:

> "El asunto 'sonoro' se va encarrilando ya, y suponemos que el próximo mes de Abril funcionará ya en nuestro Salón. El aparato será... el Western Electric. Esperamos que Vd también lo instalará pronto si da aquí el resultado que nos permitimos esperar"[140].

A instalación definitiva do aparato en Vilagarcía terá lugar efectivamente nese mes de abril do 1932[141], pero Cambados aínda deberá esperar outro ano máis antes de que eses desexos se materialicen.

En realidade, a vila cambadesa apuntouse relativamente cedo á nova tendencia, xa que outros lugares coa mesma, ou similar, densidade de poboación, tiveron que esperar un ou dous anos máis para levala a cabo (no 1935 a instalación da infraestrutura sonora aínda no era definitiva en toda Galicia). Do 1933 data tamén, por exemplo, a instalación en A Estrada, mentres que un ano máis tarde chegará ao Grove, Caldas de Reis...

A primeira nova (en prensa) que rexistra o proxecto de dotación a Cambados dun equipo sonoro estable, data do 25 de maio de 1933, e transmite a relativa sorpresa e ilusión que espertou o comunicado:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[139] O que foi posible, probablemente, grazas a unha máquina itinerante capacitada para a proxección en sonoro, posto que a do Variedades non reunía aínda os requisitos.
[140] 8-3-1932. APLCL.
[141] Para máis detalles ver apartado correspondente a Vilagarcía de Arousa.

> "Inesperadamente, nos llega la noticia de que pronto vamos a disfrutar del cine sonoro en este pueblo... De labios del empresario señor López oímos la grata noticia de que el próximo mes funcionará en Cambados el cine sonoro. Con mucha satisfacción damos la noticia a la afición local"[142].

En realidade, o mes de xuño resulta un pouco precipitado, e a nova adquisición non chegará ata xullo. O día 6 do último *El Pueblo Gallego* comunica brevemente:

> "Como habíamos anunciado, se está procediendo en el Salón Variedades, a la instalación de un modernísimo equipo de cine sonoro. Con verdadera ansiedad se espera su inauguración"[143].

Pero é o *Faro de Vigo* o que, o día 7, nos facilita a data da estrea. Tras celebrar a iniciativa do empresario, no seu afán de facilitar ao público os modernos adiantos e incorporar a vida recreativa da vila ás necesidades do momento, sinala que o aparato sonoro "será inaugurado en dicho local el próximo domingo día 9"[144]. O 9 de xullo de 1933 terá lugar, por tanto, a primeira proxección no Variedades có novo aparato de reprodución de son. Curioso é o observar como vinte e catro anos mais tarde da inauguración do cine, esta data significativa volve cadrar coa celebración das festas de San Benito (aínda que o día propio fose o 11). A pesar de que neste caso é probable que non fose algo intencionado, polo menos dende un principio, non deixa de subliñar o feito de que esta festa fose, e siga a ser, unha das máis importantes da poboación.

O Libro de Contas de José López dedicado a esta nova etapa do cine comeza a rexistrar as sesións a partir do luns día 10, pero non é excesivamente arriscado aventurar, por non dicir afirmar, que a película proxectada nese día 9 foi a mesma que a do 10 e 11: *Viva la libertad* (1931), filme francés dun gran mestre xa do cine silencioso, René Clair. Tamén podería vir confirmalo unha carta enviada por Gómez Hermanos ao Variedades[145], rexistrando os custos das películas dese mes e pedindo o seu abono. Os títulos sinalados e a súa orde son os mesmos que no Libro de Contas, sen engadir ningún novo, e a referencia inmediatamente anterior a *Viva la libertad* sinala "cuenta cine mudo".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[142] *El Pueblo Gallego (EPG)*, 25-5-1933, p. 12 (6).
[143] *EPG*, 6-7-1933, p. 11 (3).
[144] *FV*, 7-7-1933, p. 6 (7).
[145] Carta a José López, 18-7-1933. APLCL.



Número de orden de las operaciones	FECHA		CONCEPTO	COBRADO — Pesetas	SUMAS DIARIAS	SUMAS MENSUALES	IMPORTE DE LA TASA DEL LUJO	OBSERVACIONES
933	Julio	10	Cine Sonoro Julio					
	. . . .	10	Viva la libertad	110	+			
		11	. . . . .	102	+			
	Julio	16	Trader Horn	445	+			
	Julio	18	Al compas de las Horas	345	+			
	. . . .	19	. . . . .	95	+			
	Julio	23	La Pura Verdad	365	+			
	Julio	25	La Pura Verdad	140	+			
	Julio	30	Hombre de Suerte	351	+			
	Julio	31	Hombre d. Suerte	95	+			

Primeira páxina do *Libro de contas: 1933-1937*, de José López. APLCL

En canto ao aparato instalado, non foi o empregado en Vilagarcía, senón un Zeiss-Ikon Luxophone. Nun principio é normal que ao operador lle custase adaptarse ao cambio, o que deu como resultado unhas primeiras sesións nas que as películas "saltaban", había alteracións no son... No *Faro de Vigo* recóllese, nunha crónica deses primeiros días, como pese a calidade dos filmes[146] e os aplausos que suscitaron, "...quizá la poca pericia dió lugar a ser cortadas en muchas partes. Esperamos que ante la comprensión del público se evite en lo sucesivo este abuso"[147]. Meses máis tarde, aínda xurdían problemas ocasionais á hora de manexar o aparato, como testifica unha carta de Gómez Hermanos en referencia ao estado do filme *Cinópolis* (José María Castellví e Francisco Elías, Francia, 1931): "la película han vuelto a pasarla en prueba nuestros operadores después de venir de ahí, y aseguran que la perforación ha sufrido mucho en ese aparato. Lo atribuyen a que pueda estar demasiado fuerte el muelle de la bobina que recoje (sic) la película en la parte baja del aparato, que al hacer demasiada tirantez puede rasgar la perforación", e recomenda por tanto "...evitarlo haciendo que la marcha de esa bobina sea suave aún cuando llegue

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[146] Entre os que se contaban *Bajo el cielo de Cuba* (W.S. Van Dyke, EUA, 1931), *Cheri-Bibi* (Carlos F. Borcosque, EUA, 1931), *La confidente* (George Abbott, EUA, 1931) ou *Al compás de las olas* (?). ''La implantación del cine sonoro en Galicia'', *El paso del mudo al sonoro en el cine español*, Luis Miguel Quiroga Valcarce, p. 93.

[147] *FV*, 15-10-1933, p. 2 (2).

a pararse cuando está demasiado cargada, en cuyo caso se le ayuda un poco con la mano"[148].

Tamén as melloras no equipamento do sonoro e a adaptación da sala ás novas condicións sucederanse ao longo destes anos, como amosa a incorporación de novos altofalantes á zona de Xeral en 1935[149].

José López apostou forte por tanto neste asunto, e puido facer fronte aos gastos do cambio de aparato e demais modificacións orixinadas por este, grazas á masiva afluencia de público que se achegará de poboacións colindantes para gozar do acontecemento. De feito estes primeiros anos do sonoro han ser a época dourada do Salón Variedades, época que, para máis concretar, corresponderase co período republicano.

En consonancia a iso, os días de proxección sufrirán ata 1936 un lixeiro incremento respecto á década anterior. Aos habituais xoves (denominados "jueves de moda") e domingos (que seguen a ser os días privilexiados), súmanse ocasionais luns, martes... aínda que nunca dun modo fixo, polo que non se creará unha pauta de exhibición para eles.

Das distribuidoras coas que traballa agora o Variedades non se pode dar unha listaxe tan exhaustiva coma no período silente, pero vai ser fundamental a relación establecida cos xa aludidos Gómez Hermanos de Vilagarcía, que xestionarán practicamente tódolos contactos coas outras distribuidoras, aínda que nalgunha ocasión Cambados tamén se comunique de xeito directo, por exemplo, coa Metro-Goldwyn-Mayer (Ibérica S.A.) en Madrid. Fosen cales fosen as sucursais e casas de distribución, o que si é seguro é que ante todo José López traballou coas de sona internacional, e así as películas proxectadas pertencían fundamentalmente á Warner Brothers, Fox, Filmófono, Metro-Goldwyn-Mayer, United Artist ou Paramount, e en menor medida, Capitolio e Radiofilm[150]. Delas pretendeu, á súa vez, conseguir as estreas o máis rápido posible, o que se ve no feito de que os filmes aquí proxectados fosen en moitas ocasións estreados ese mesmo ano, fronte aos retrasos (que incluso chegaban a unha década ou máis) do período silente. Isto evidénciase sobre todo nun primeiro momento, polo que tamén hai que ter en conta a relativa novidade do sistema sonoro e a inicial falla dunha abundante canteira de títulos neste. Así, por exemplo, en 1933 proxectáronse filmes dese mesmo ano, coma *Cascarrabias* (Cyril Gardner, EUA) ou *Toda una vida* (Adelqui Migliar, EUA), e no 1934

[148] Carta a José López, 14-11-1933. APLCL.

[149] Rexistrado, xunto á reparación do aparato de proxección, nunha factura do 1 de febreiro de 1935. APLCL.

[150] "O cine de Don José López tiña as mellores casas que había... a Metro, a Warner Brothers, a Paramount... A Metro era a de mellores películas, porque como era unha produtora de moitos cartos, tiña os mellores decorados, os mellores exteriores, os artistas...". Testemuño de José Fernández...

ocorreu o mesmo con outras como *Melodía prohibida* (Frank R. Strayer, EUA-Arxentina).

Nun primeiro momento, na transición dun sistema a outro, a implantación do sonoro non é rotunda, aínda quedan toda unha serie de películas mudas ás que hai que dar saída e que ademais eran reclamadas polo público. Por iso nun principio (máis ben nos dous primeiros anos: 1933 e 1934) aínda se proxectan no Variedades algunhas delas, aínda que moi poucas, e a súa desvantaxe numérica irá acentuándose cada vez máis ata desaparecer definitivamente na segunda metade da década. Entre os filmes silentes exhibidos en Cambados con posterioridade ao mes de xullo de 1933, cóntanse títulos de favorable acollida, como en 1934: *En cuerpo y alma* (Oscar Micheaux, EUA, 1925) o 27 de maio; a famosísima *Ben-Hur* (J.J. Cohn e Fred Niblo, EUA, 1925) o 15, 16 e 18 de xullo; ou *Violetas imperiales* (Henry Roussel, Francia, 1924) os días 29 e 30 do mesmo mes. Por citar algúns dos exemplos máis representativos.

Por outra banda, o lixeiro desfase na implantación do sonoro en Europa con respecto dos EUA levará a unha volta nas tornas da produción cinematográfica. Norteamérica vai detentar a hexemonía á hora de realizar as novas películas, xa que foi o primeiro país en experimentar e apostar por elas, sacando unha clara vantaxe técnica e artística sobre as diferentes cinematografías europeas, que nun principio miraban con reticencia estes avances. Así, fronte á pluralidade e heteroxénea do cine silente, coa proliferación de produtos de moi diferentes nacionalidades que se alternaban na programación, o mercado pasará agora a ser acaparado de xeito case exclusivo por filmes dos EUA.

Pero ademais estaba o problema do idioma, que desembocará como solución primeira nas famosas "versións múltiples" dos anos trinta (fundamentalmente da súa primeira metade), filmes rodados nos EUA ou nos estudios franceses de Joinville, onde dunha mesma película facíanse diferentes versións con equipos de distintas nacionalidades. A Cambados chegaron en maior medida as realizadas nos EUA, películas feitas en Hollywood (ou nalgún outro lugar pero con capital desta industria) para facerse co mercado hispano-falante, tanto en dobres versións coma unicamente en castelán. Entre estas últimas contaranse producións con personaxes que se converterán en auténticas estrelas do momento, e a proxección dos seus filmes será todo un acontecemento no Cambados (e outras tantas vilas) da época: o galán José Mojica, Mona Maris, Carlos Gardel, Imperio Argentina...

Chegamos así a outro punto esencial, que é a explosión do cine musical, xénero por excelencia destes primeiros anos. E dentro do musical especialmente a súa vertente "zarzuelera", que no período republicano foi sen dúbida a que contou con máis adeptos, un cine de anécdotas simples e sentimentos a flor de pel, e o que é máis importante, cantado en español. Estas películas anunciábanse no Variedades con grandes cartelóns nos que se subliñaba: "cantada y hablada en español", un reclamo que non fallaba nunca.

Algúns exemplos deste cine rodado nos EUA pero falado, e as veces cantado, en español, poderían ser[151], no 1933: *Cheri-Bibi* (Carlos F. Borcosque, 1931), proxectada o 24 e 25 de setembro; *Salga de la cocina* (Jorge Infante, 1930), con Miguel Ligero, 1 e 2 de outubro; *Camino del infierno* (Richard Harlan, 1931), 19 e 20 de novembro; ou *Del mismo barro* (David Howard, 1930), 31 de decembro de 1933 e 1 de xaneiro do seguinte ano. No 1934: *El presidio* (Edgar Neville e Ward Wing, 1930), 29 e 30 de abril; *Mamá* (Benito Perojo, 1931), 6 e 7 de maio; e *El proceso de Mary Dugan* (Marcel de Sano e Gregorio Martínez Sierra, 1931), con José Crespo e María Fernanda Ladrón de Guevara, o 20 de maio. En 1935 casos como *Una viuda romántica* (Louis King, 1933), 10 e 11 de febreiro, ou *Yo, tú y ella* (Jonh Reinhardt, 1933), 24, 25 e 26 de febreiro; e no 1936 seguiremos a atopar filmes coma *Cuesta abajo* (Louis J. Gasnier, 1934), con Carlos Gardel, o 12 de xaneiro.

Pero entre estas películas han destacar especialmente as protagonizadas por José Mojica, que poderiamos definir case coma o grande "evento" do cine desta década, arroupado case sempre pola presencia feminina de Mona Maris ou Conchita Montenegro. Algunhas delas: *Hay que casar al príncipe* (Lewis Seiler, 1931), o 22 e 23 de xullo de 1934; *La cruz y la espada* (Frank R. Strayer e Miguel de Zárraga, 1934), 19 e 20 de maio de 1935; ou *El precio de un beso* (James Tinling, 1930), o 1 de xaneiro de 1936.

Tampouco faltaron, aínda que fosen os menos, filmes españois rodados en España por directores como: Benito Perojo, caso de *Un hombre de suerte* (1930), o 30 e 31 de xullo de 1933, e *Susana tiene un secreto* (1933), 16 e 17 de setembro de 1934; ou Florián Rey, con filmes coma *Sierra de Ronda* (1933), o 22 e 23 de abril de 1934.

Ao lado delas tamén se situaría *Alalá* (Adolf Trotz, 1933), unha das películas máis representativas do cine republicano, proxectada en Cambados o 7 e 8 de outubro do 1934.

E especial atención merecerá o filme *Doña Francisquita* (Hans Behrendt, España, 1934), famosa adaptación da zarzuela de Amadeo Vives[152], protagonizada por Matilde Vázquez, actriz orixinaria de Cambados[153]. Por isto mesmo a estrea na vila causou a natural expectación, e así o recollía *El Pueblo Gallego* o 8 de maio de 1934 no anuncio da súa

[151] Títulos recollidos, todos eles, no estudo sobre o tema de Juan B. Heinink e Robert G. Dickson; *Cita en Hollywood, antología de las películas norteamericanas habladas en castellano*, Mensajero, Bilbao, 1990.

[152] E primeira das que houbo, sendo a segunda a de Ladislao Vajda no 1952.

[153] Os primeiros pasos de Matilde Vázquez no mundo do espectáculo foron nos anos vinte, iniciándose como cupletista e pasando logo a tiple de zarzuela. Conseguiu grande sona no ámbito musical, especialmente nos anos trinta e corenta. Unindo á súa voz unha notable fotoxenia e facultades dramáticas, non tardou en ser solicitada polo medio cinematográfico, no cal se iniciou no 1930. As películas nas que interveu foron poucas e de irregular calidade, pero en todas elas a súa presenza foi destacada por parte de crítica e público. A que acadou máis sona foi a mentada *Doña Francisquita*, inda que tamén interveu en: *Prim* (José Buchs, España, 1930), *La última falla* (Benito Perojo, España. 1940), *Todo por ellas* (Adolfo Aznar, España, 1942) e *Con los ojos del alma* (Adolfo Aznar, España, 1943).

próxima proxección, remarcando a orixe da actriz e propoñendo, inclusive, que se lle dedicase unha rúa:

> ‘‘...gran entusiasmo ante el anuncio de poder admirar en todo el esplendor de su arte a la eminente tiple Matilde Vázquez, natural de este pueblo (Cambados), en el papel principal de la película *Doña Francisquita*... Aunque otros pueblos nos lleven la mano en adoptarla, es lo cierto que en este ‘currunchiño’ de Arosa... vió la luz primera y vivió toda su infancia la que hoy es notable tiple nacional. Nunca el destino mejor cuna pudo darle, y de ello orgullosa ella se halla, pues la tierra que vió nacer tantos hombres ilustres, bien puede engarzarse una perla más a su corona. Como Brañas, Cabanillas, Asorey, Narciso, Matilde Vázquez merece una calle, y bien puede ser la de donde nació’’[154].

Acto de homenaxe a Matilde Vázquez (quinta pola esquerda) en Cambados. 15-9-1946.
Arquivo persoal María Jesús Otero Sarmiento (APMJOS)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[154] *EPG*, 8-5-1934, p. 13 (5). A rúa na que naceu Matilde Vázquez é a Travesía do Muelle, e a proposta do cambio de nome non chegou a prosperar.

Polo referido ata o de agora, podemos entresacar que outra das consecuencias salientables da aparición do sonoro foi o cambio nas preferencias do público con respecto aos xéneros cinematográficos. É curioso ver como mudan as tornas, e xéneros tradicionalmente de grande éxito sofren agora, polo menos primeiramente, a indiferenza do público. É este o caso dos filmes do Oeste, e clarificadora é a petición de José López a Gómez Hermanos, "le agradeceré no me mande más películas del Oeste que no las daré porque aquí no gustan nada"[155].

Isto vai evidenciarse incluso nos complementos, que as películas seguirán levando durante moito tempo. Nestes, fronte á case exclusividade dos de tipo cómico na época muda, han ir agora gañando cada vez máis protagonismo os noticiarios[156] e os filmes de debuxos animados, aínda que sen deixar nunca de lado as comedias.

Pero o mellor modo de observar estes cambios, é por medio dunha nova lista cos títulos máis exitosos de parte desta década.

PELÍCULAS MÁIS VISTAS NO SALÓN VARIEDADES: 1933-1937[157]

ANO	DATA	TÍTULO	RECADACIÓN
1933	27, 28-8	*Su noche de bodas*	779 ptas
1934	21, 22-1	*La mujer X*	860 ptas
1935	9, 10, 11, 12-3	*El negro que tenía alma blanca*	1.174 ptas
1936	4, 5, 6, 7-4	*El signo de la cruz*	745 ptas
1937	31-1, 2-2	*El día que me quieras*	468 ptas

Para comezar, o filme máis visto de 1933 é un título con Imperio Argentina dirixido por Louis Mercanton e Florián Rey, rodado en EUA en 1931. Non moi lonxe, con 643 pesetas recadadas nos días 13 e 14 de agosto, está unha producción arxentino-estadounidense, *Luces de Buenos Aires* (Adelqui Migliar, 1931), protagonizada nesta ocasión por Carlos Gardel. Os títulos que os seguen sitúanse nunha mesma tendencia, xa que o público cambadés amosou claramente a súa preferencia por películas como: a xa citada *Cinópolis*, tamén de Imperio Argentina, que conseguiu 590 pesetas o 5 e 6 de novembro; *Sevilla de mis amores* (Ramón Novarro, EUA, 1930), con Rosita Ballesteros, e as súas 572 pesetas o 26 e 27 do mesmo mes; ou *Niebla* (Benito Perojo, Francia, 1932), con 560 pesetas o 3

[155] Carta de 1934 (non consta día e mes). APLCL.

[156] Por exemplo: "...esta mañana habrán recibido también un NOTICIARIO FOX, explicado en español, para su espectáculo de mañana...". Carta de Gómez Hermanos a José López, 11-11-1933. APLCL.

[157] Fonte: *Libro de Contas: 1933-1937* de José López, APLCL. Elaboración propia.

e 4 de setembro. Todas elas versións rodadas en castelán, seguidas por unha única película rodada en España, *La pura verdad* (Florián Rey e Manuel Romero, 1931), con 505 pesetas o 23 e 25 de xullo; ou a única producción realmente "estranxeira" que acadou certa sona ese ano, *Trader Horn* (W.S. Van Dyke, EUA, 1931), filme de aventuras e segunda película sonora en proxectarse no Variedades (o 16 de xullo), cunha recadación de 445 pesetas.

A primacía do 1934 vai estar a cargo de *La mujer X* (Carlos F. Borcosque, EUA, 1931), drama en español protagonizado por Rafael Rivelles e María Fernanda Ladrón de Guevara[158], que obtivo 860 pesetas o 21 e 22 do primeiro mes do ano, cun aluguer que custou 300[159]. Tampouco desmerecen as cantidades acadadas por outros filmes: o romántico musical *El rey de los gitanos* (Frank R. Strayer, EUA, 1933), co inefable José Mojica e Rosita Moreno, e as súas 762 pesetas do 14 e 15 de outubro; a comedia española *Una morena y una rubia* (José Buchs, 1933), 559 pesetas o 25 e 26 de marzo; ou *Mi último amor* (Lewis Seiler, EUA, 1931), de novo con José Mojica, que recadou 540 pesetas entre o 14 e 15 de xaneiro. Está claro que tipo de filmes eran os que chamaban a atención, aínda que tampouco hai que deixar de lado outros coma o citado *Ben-Hur* (con 468 pesetas) ou *El doctor Frankenstein* (James Whale, EUA, 1931), con 445 pesetas o 1 e 2 de novembro.

Do ano anterior ao comezo dos enfrontamentos armados, resalta o filme que sen dúbida bateu tódolos récords da década, *El negro que tenia alma blanca* (Benito Perojo, 1934), drama musical español con Antoñita Colomé, que se mantivo catro días en cartel con cheos en practicamente tódalas súas sesións[160]. A bastante distancia situarase o outro éxito do ano, a cinta, tamén española, *Sor Angélica* (Francisco Gargallo, 1934), con "só" 855 pesetas (o 29, 30 e 31 de xullo). A variedade achégaa agora *Tarzán y su compañera* (Cedric Gibbons e Jack Conway, EUA, 1934), que ocupa o terceiro posto pero con grande diferenza, como constatan as 545 pesetas acadadas (2, 3 e 4 de marzo). Aínda que o filme que o segue moi de preto, con 536 pesetas obtidas, non deixe de contar de novo con José Mojica e Rosita Moreno: *La fronteras del amor* (Frank R. Strayer e Miguel de Zárraga, EUA, 1934), proxectada o 17 e 18 de novembro.

Pero no período anterior á guerra, xunto aos casos nomeados, en Cambados exhibiranse tamén numerosas películas hollywoodienses, rodadas en inglés e dobradas para o seu pase no noso país. Se agrupamos algúns destes títulos por xéneros, será máis sinxelo completar a panorámica do que foron aqueles anos:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

158 "Foi un éxito rotundo, repetiuse moitas veces; aquela mulleriña, que non sabía que o fillo a estaba defendendo, caían as lágrimas...". Testemuño de José Fernández...

159 Factura de Gómez Hermanos a José López, 23-1-1934. APLCL.

160 "Tivo un mundo de xente... o Variedades cando a anunciaba poñía 'grandioso drama' para que a xente 'picara', porque gustábanlle moito os dramas...". Testemuño de José Fernández...

● **Dramas:** dende logo un dos xéneros que seguen a ocupar un lugar privilexiado, reforzado en moitas ocasións pola presencia do "star-system" do país. Algúns exemplos: *Danzad locos danzad* (Harry Beaumont, 1931), con Joan Crawford, o 21 de setembro de 1933; *La confidente* (George Abbott, 1931), con Claudette Colbert, o 12 de outubro do mesmo ano; *O todo o nada* (Roy del Ruth, 1932), con James Cagney, o 8 de febreiro de 1934; *El carnet amarillo* (Raoul Walsh, 1931), con actores coma Elissa Landi, Lionel Barrymore e Laurence Oliver, proxectada o 26 e 27 de agosto de 1934; ou *Letty Linton* (Clarence Brown, 1932), tamén con Joan Crawford, o 28 e 29 de outubro do mesmo ano. Xa no 1935: *Ladrón de amor* (Lionel Barrymore, 1929), 13 e 14 de xaneiro; *Como tú me deseas* (George Fitz Maurice, 1932), con Greta Garbo, 27 e 28 de xaneiro; *La novia de la suerte* (Archie Mayo, 1934), con Barbara Stanwyck, 13 e 14 de marzo; *La hermana blanca* (Victor Fleming, 1933), con Helen Hayes e Clark Gable, o 5 e 6 de maio...

● **Musicais en inglés:** *Madam Satán* (Cecil B. De Mille, 1930), 30 de novembro do 1933; *Deliciosa* (David Butler, 1931), 11de xaneiro de 1934; *El desfile del amor* (Ernst Lubitsch, 1929), 18 e 19 de marzo de 1934; *Desfile de candilejas* (Lloyd Bacon, 1933), 20 e 21 de xaneiro de 1935; *Alma de bailarina* (Robert Z. Leonard, 1933), con Joan Crawford e Clark Gable, o 24 e 25 de novembro de 1935...

● **Comedias:** nas que brillan cómicos como, de novo Buster Keaton, en filmes coma *Pobre Tenorio* (Edward Sedwick, 1931), o 16 de novembro de 1933, e *Piernas de perfil* (ídem, 1932), 27 e 28 de marzo de 1935; Harold Lloyd con *Cinemanía* (1932), 27 e 28 de maio do 1935; ou Stan Laurel e Oliver Hardy con, por exemplo, *De bote en bote* (James Parrott, 1931), o 13 de maio de 1934. Xunto a eles, outras comedias coma *Un yanqui en la corte del Rey Arturo* (David Butler, 1931), 4 e 5 de novembro de 1934; *El teniente seductor* (Ernst Lubitsch, 1931), 20 e 23 de xuño de 1935...

● **Aventuras:** *Tarzán de los monos* (W.S. Van Dyke, 1932), o 25 de decembro de 1933; *El expreso de Shanghai* (Josef Von Sternberg, 1932), con Marlene Dietrich, o 3 e 4 de febreiro de 1935...

Tamén atoparemos películas de recoñecidos directores (algúns xa nomeados): Erich Von Stroheim e *El otro yo* (1929), o 10 de agosto de 1933; Ernst Lubitsch con *Remordimiento* (1932), o 31 de marzo e 1 de abril de 1935; Josef Von Sternberg colaborando de novo con Marlene Dietrich en *Fatalidad* (1931), o 11, 14 e 15 de xullo de 1935; John Ford con *Paz en la tierra* (1934), o 29 e 30 de agosto de 1935; ou George Cukor con *Cena a las ocho* (1933), 15 e 16 de xuño de 1935.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pero a carón de todos estes filmes norteamericanos, tamén os haberá de nacionalidades como a francesa, inda que sexan os menos: *París-Beguin* (Augusto Genina, 1931), exhibida o 6 e 7 de setembro de 1933; *Rocambole* (Gabriel Rosca, 1932), o 12 e 13 de novembro de 1933; *Una noche en el paraíso* (Pierre Billon e Carl Lamac, 1931), o 17 e

18 de outubro de 1934; ou *Las dos huerfanitas* (Maurice Tourneur, 1933), o 23 e 24 do último mes dese ano.

Entramos agora nun segundo momento do período sonoro do Variedades, no que o inicio do conflito bélico marcará un punto e aparte, ao igual que en tódolos cines da época, e por iso merece que lle prestemos a atención axeitada.

O inicio da contenda tivo lugar en xullo de 1936, e en Cambados triunfou dende un principio a sublevación franquista, para máis concretar o 20 dese mesmo mes. As accións orientadas a conseguir axudas para ese bando comezaron dende os primeiros días do enfrontamento, e o Variedades tamén se verá afectado por este feito. O día 11 de agosto, por exemplo, o alcalde remítelle unha carta a José López onde o informa da creación dunha "Suscripción cambadesa pro fuerza pública", á que algúns veciños xa contribuíran xenerosamente con xoias e cartos. Có fin de que o seu exemplo fose seguido, comunica a idea "...de rogar a los propietarios de los Cines de la localidad[161] a que den una función cuyo producto se destine a la suscripción expresada"[162].

No que atinxe á exhibición cinematográfica deste ano, ao remitirnos de novo ao gráfico anteriormente plasmado salta á vista que o filme máis visto, *El signo de la cruz* (EUA, 1932), unha superprodución de carácter relixioso de Cecil B. De Mille con estrelas do talle de Fredric March, Elissa Landi, Claudette Colbert e Charles Laughton, foi estreado antes do mes de xullo, e o mesmo ocorrerá cos inmediatamente posteriores: *Cuesta abajo* (Louis J. Gasnier, EUA, 1934), con Carlos Gardel e Mona Maris, o 12 de xaneiro (con 412 pesetas); *Un capitán de cosacos* (John Reinhardt, EUA, 1934), de José Mojica e Rosita Moreno, o 26 do mesmo (397 pesetas); e *Canción de cuna* (Mitchell Leisen, EUA, 1933), 6, 7 e 8 de xuño (375 pesetas).

Polo tanto, ata o mes de xullo seguiuse nunha liña de continuidade con respecto aos anos anteriores: as películas máis vistas foron fundamentalmente filmes musicais rodados en español nos EUA, e ao seu lado tamén atoparemos: musicais en inglés, como *Bolero* (Wesley Ruggles e Mitchell Leisen, EUA, 1934), con George Raft e Carole Lombard, o 19 de xaneiro; comedias como *La garra del gato* (Sam Taylor, EUA, 1934), de Harold Lloyd, o 15 de marzo; dramas, con *La nave de Satán* (Harry Lachman, 1935, EUA), de Spencer Tracy, 1, 3 e 4 de maio; ou máis filmes de Cecil B. De Mille, especialmente salientable a *Cleopatra* (EUA, 1934) de Claudette Colbert, o 1 de marzo; e tamén Josef Von Sternberg, con outra das súas obras nos EUA xunto a Marlene Dietrich, *Capricho imperial* (1934), o 24 e 25 de maio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[161] O que inclúe tamén ao Juventud.
[162] 11-8-1936. APLCL.

Chegados ao mes de xullo, o día 20 non houbo proxección, pero isto non tivo por que estar motivado necesariamente polo triunfo do levantamento franquista. Non houbo tampouco unha paralización da actividade do cine, pero o que si se pode constatar é a redución dos días de proxección: en xullo tan só houbo tres, os mesmos que en agosto, seguidos polos dous de setembro (época de estreas, paralizada pola conseguinte falta de material). Así, co estoupido da guerra, os días de exhibición van pasar a reducirse a un á semana (o domingo), e aínda deberán pasar uns cantos meses ata que se volva aos dous días semanais. Isto ocorrerá coa entrada do novo ano e, conforme avance a contenda, asentaranse e ampliaranse de novo os días de proxección, recuperando o ritmo habitual.

En canto aos títulos exhibidos nun primeiro momento, e ata que a situación se estabilice, será normal atoparnos coa repetición de filmes. Este é o caso, por exemplo, de *Sor Angélica*, de novo o 9 de agosto de 1936; *Angelina o el honor de un brigadier* (Louis King e Miguel de Zárraga, EUA, 1935), 18 e 19 de outubro de 1936, e outra vez o 25 de abril do seguinte ano; ou *El tango en Broadway* (Louis J. Gasnier, EUA, 1934), o 16 e 17 de xuño do 1936, e o 4 de abril de 1937.

Os xéneros que triunfan nestes anos seguen a ser en certo modo os dos anteriores, e por iso a película máis vista do 1937 é, como non, un musical con Carlos Gardel e Rosita Moreno, *El día que me quieras* (Jonh Reinhardt, EUA-Arxentina, 1935). Pero ségueo agora, con 336 pesetas, unha película de Shirley Temple, *La simpática huerfanita* (Irving Cummings, EUA, 1935), o 7, 8 e 9 de xaneiro. Non vai ser este o único filme da pequena actriz proxectado nestes anos, tamén a atoparemos, por exemplo, en *Ojos cariñosos* (David Butler, EUA, 1934), o 26 de abril de 1936.

Entre outros filmes destes tempos de axitación bélica, poderiamos nomear, en 1937[163]: as aventuras de *Tres lanceros bengalíes* (Henry Hathaway, EUA, 1935), con Gary Cooper, 24 e 25 de xaneiro; o filme do Oeste *Nobleza obliga* (Leo McCarey, EUA, 1935), con Charles Laughton, o 14 de febreiro; ou de novo José Mojica en *Las fronteras del amor* (Frank R. Strayer e Miguel de Zárraga, EUA, 1934), o 2 de maio.

E non quero pechar este apartado, sen facer alusión a outro dos medios que nos permiten observar a repercusión que se esperaba obtivesen determinados filmes: as facturas das imprentas ás que se lles encargaban os programas para o cine.

A publicidade dos filmes facíase mediante carteis pegados en paredes e farolas, cartelóns pintados na fachada do cine..., e por programas de tamaño máis reducido que se repartían pola vila e arredores. Estes programas (folletos e "afiches") eran enviados xeralmente

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[163] Dos anos seguintes da guerra é máis difícil acadar exemplos, aínda que reiteramos novamente que as proxeccións non se interromperon.

polas casas distribuidoras (que cobraban por eles)[164], pero tamén era habitual que o dono do cine se fixera cargo da súa impresión. O Variedades traballou neste período fundamentalmente con tres imprentas: a Imprenta-papelería José Gregorio, os talleres tipográficos (tamén librería e papelería) de *Galicia Nueva* e a Imprenta Fariña, sitas as dúas primeiras en Vilagarcía e a terceira en Cambados. Nas facturas conservadas ao respecto, podemos observar como os programas acostumaban encargarse en lotes de cincocentos ou mil por película. Que se demandase unha ou outra cantidade dependía dos días que o filme fose a estar en cartel, da repercusión que se esperase obter...



IMPRENTA, PAPELERÍA Y LIBRERÍA
EL 2 DE MAYO
JOSÉ GREGORIO
VILLAGARCÍA DE AROSA
CALLE VISTA ALEGRE

SE HACEN toda clase de ---- trabajos tipográficos -- y de encuadernación

GRAN SURTIDO EN POSTALES, NOVELAS Y ÚTILES PARA COLEGIO Y ESCRITORIO

Villagarcía, 31 de Enero de 1934

Sr. D. Jose López Cambados

DEBE:

FECHAS		PESETAS	CTS.
	Importe de la factura de Dicbre. últ.º	86	—
Enero 4	500 Pwgt.: "Naufragos del amor"	8	—
" 6	500 " "Los 6 misteriosos" (m. texto)	8	50
" 11	500 " Deliciosa (" ")	8	50
" 14	1000 " Adi último amor	12	50
" 18	500 " "Estaré sola a media noche"	8	—
" 21	1000 " "La Mujer x"	12	50
" 25	500 " "Vidas opuestas" (m. texto)	8	50
" 28	500 " "Primavera en otoño" (m. texto)	8	50
" "	500 "Anuncios bailes carnaval"	8	—
" 31	100 Pwgt.: "L'aiglon" (El aguilucho)	10	—
	Total	179	00

Recibí su importe
José Gregorio

Factura da Imprenta José Gregorio a José López, 31-1-1934. APLCL

[164] Exemplo: "hoy remitimos la película y un dibujo juntamente con la correspondiente propaganda...". Carta da Metro-Goldwyn-Mayer a José López, 14-7-1933. APLCL.

c) Outras actividades no local

Neste segundo período do Salón Variedades as proxeccións cinematográficas non han ser o único xeito de empregar o local. Coma ocorrera no primeiro, desenvolveranse toda unha serie de actividades paralelas, pero como xa viñemos remarcando, estas han ir perdendo forza conforme pase o tempo.

Sen embargo, nos anos vinte, actividades concretas coma o teatro, actuacións de variedades, interpretacións musicais..., acostumaban recadar máis que as propiamente cinematográficas. Mención aparte requiren os bailes, que son sen dúbida o gran punto de reunión para a diversión da vila, e que acostumaban celebrarse, por exemplo, os sábados. O conseguido pola venda das entradas destes tamén constituía xeralmente mellor negocio que a recadación do cine. A pesar de celebrarse case tódalas semanas, os bailes de máis éxito eran sen dúbida os que se correspondían con ocasións sinaladas, coma por exemplo os celebrados na época do Entroido, que se prolongaban ata ben entrada a madrugada, o que vén recollido algunha que outra vez en crónicas de prensa[165].

En canto ás funcións de teatro, realizábanse moitas veces ao longo de toda unha semana, e exemplo de que nun principio constituían un reclamo incluso maior que o cine, poden ser as sesións que en decembro de 1924 ocuparon a programación do 6 ao 11 de decembro e conseguiron 1.323 pesetas, cifra moi superior á que polo xeral acadaban os filmes, a pesar do maior número de días de permanencia en cartel. A recadación das sesións teatrais non baixaba normalmente das 100 pesetas por día de función, cantidade moi apreciable sen contar que, inda máis alá, soia superar as 200.

En realidade, as sesións de cine que ían acompañadas por "varietés" constituían un maior reclamo, e o seu éxito incrementábase en consecuencia. Entre as diversas compañías que aquí actuaron nesta década cóntanse algunhas como:

- Compañía Indarte y Castillo: coa obra *El conflicto de Mercedes*, o 24 de xaneiro de 1923[166].
- Compañía de Francisco Vesilla: cunha solicitude de actuación en outubro de 1925[167], probablemente levada a cabo.
- Compañía Cómico-Dramática Paco Hernández: cun sainete en tres actos representado o 13 de agosto de 1926. Correspondería ao Variedades o 40 % da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[165] Por exemplo en *GN*, 16-2-1923, p. 1 (5).
[166] *GN*, 23-1-1923, p. 3 (3).
[167] Carta a José López do 24-10-1925. APLCL.

recadación, obtida por unhas entradas que custaban 1'25 pesetas en Butaca, e 0'60 en Xeral[168].

- Compañía Malvar-Vidal: unha das máis asiduas, frecuentou Cambados entre 1925 e 1927. Contaba coa cantante arxentina Águeda Malvar e o parodista cómico Sr. Vidal. Soían alugar o Salón ao 50 % das entradas[169].

Xunto a eles, actuacións teatrais de xente da vila, como a celebrada en marzo de 1930[170]; ou musicais, coma o violinista Faustino Temes, director da orquestra do Teatro Jofre de Ferrol, ese mesmo ano[171]; e incluso curiosas ocupacións coma un curso de labores da casa Singer, inaugurado o 3 de agosto de 1927[172].

Tampouco faltarán mitins e conferencias varias. Destacan por exemplo as do Sindicato Agrícola-Católico, o 18 de marzo e 10 de decembro de 1923[173], e o 27 de xaneiro de 1924[174], para as cales se cedeu desinteresadamente o local; un acto de afirmación galega coa presencia de Seoane, Castelao e Cabanillas, o 3 de maio do 1931[175]; ou un mitin de Unión Derechas o 10 de abril de 1932[176].

Co paso cara aos anos trinta a frecuencia de bailes, teatro e demais espectáculos irá diminuíndo, descenso que se fará aínda máis acusado coa chegada do sonoro, detonante dunha serie de feitos que xa se viñan anunciando: crise do teatro, redución dos bailes (canda menos no local do cine)...

Sen embargo, tampouco han esvaecerse de todo. Seguirá por exemplo a haber algúns bailes, aínda que agora case só en festividades sinaladas, como ocasionalmente nalgúns entroidos[177]; ou algunha velada musical, como a actuación do tenor de ópera José María Jardón, que nas Festas do Carme de 1933 cantou no Variedades unhas melodías con letra de Ramón Cabanillas[178].

Fronte a iso, os que si seguirán a celebrarse ininterrompidamente serán os mitins políticos, como a conferencia dunha representante da Unión Regional de Derechas, María Urraca

[168] Contrato con José López, 2-8-1926. APLCL.
[169] Constatado, por exemplo, nunha carta de negociación do aluguer do 29-5-1925. APLCL.
[170] *GN*, 18-3-1930, p. 3 (1).
[171] *Ahora*, 19-6-1930, p. 1 (2).
[172] *El Pueblo Gallego (EPG)*, 6-8-1927, p. 5 (2).
[173] Recollido en *GN*, 17-3-1923, p. 2 (6), e 12-12-1923, p. 3 (2/3).
[174] Autorización para a súa celebración, en sesión do 26-1-1924. AMC. *Libro de Actas*. 11/5.
[175] *GN*, 3-5-1931, p. 1 (4), e 5-5-1931, p. 1 (1-3). Como vemos, Cabanillas retorna ao espazo do Variedades, inda que dun xeito moi diferente, décadas despois de ser parte integrante do seu arranque.
[176] *GN*, 6-4-1932, p. 3 (1).
[177] Por exemplo o recollido en *EPG*, 27-2-1935, p. 11 (6).
[178] *GN*, 5-8-1933, p. 3 (3).

Pastor, o 25 de xullo de 1933[179], ou o mitin de Afirmación Confederal do 7 de xuño de 1936, para o que solicita permiso a Xunta Directiva da Sociedade da Industria Pesqueira e Oficios Varios de Cambados[180].

Pero esta recensión dos espectáculos non exclusivamente cinematográficos acadará o seu cumio coa Guerra Civil, na que a súa desaparición será case absoluta. Así mesmo, a iso unirase a imposibilidade de remontar, debido ó peche definitivo do cine en 1940.

A principios de 1940, con 70 anos de idade, morre José López Rodríguez. A concesión do cine estaba outorgada ata o 17 de febreiro de 1942, polo que aínda restan case dous anos para o seu remate. O representante legal e sucesor dos dereitos do finado é o seu xenro, José Fariña Castro, que opta por non continuar co negocio. Por iso, en data de 5 de abril dese mesmo ano, comunica ao concello "que desde esta fecha renuncia y cede a favor del Ayuntamiento todos sus derechos a la expresada concesión, sin reparación ni indemnización de ningún género por lo que resta del plazo de la misma, pudiendo la Corporación municipal tener, desde ahora, por consolidada la plena propiedad del edificio y disponer de él como convenga a sus intereses"[181]. Pero xunto a isto solicita tamén que mentres non se transfira ou se acorden as medidas a tomar, se lle permita continuar a explotación do Salón ata que finalice o contrato de proxección dunha serie de cintas cinematográficas pendentes, e establece como data límite o 31 de maio de 1940, día en que deixará definitivamente libre e a disposición do concello o susodito edificio.

Esta proposta conta cunha satisfactoria acollida por parte da Corporación municipal[182], que accede na súa totalidade a estas condicións, resolvendo amais proceder á venda do Salón para investir o conseguido nun proxecto de interese para o municipio, as obras do Mercado. No mesmo documento no que isto se notifica, achégase un prego de condicións para o proxecto, no que se acorda principalmente: vender o solar mediante poxa pública; o solar ou edificio pode venderse na súa totalidade ou en tres porcións (a do norte, a do centro e a restante); a venda realízase co edificio do cine no seu estado actual; o prezo de saída é de 30.000 pesetas pola totalidade do solar, ou 10.000 por cada unha das partes sinaladas, e terá lugar o 6 de xuño seguinte ás 12 horas; os aspirantes á totalidade do edificio terán preferencia sobre os que pretendan porcións; o adquirinte deberá edificar, con destino a vivenda ou industria, dentro dun prazo de seis meses (prorrogable a outros seis previa solicitude)...

O establecemento destas condicións permítenos ademais observar a situación do cine no momento, xa que dáse unha descrición bastante detallada, tanto do solar como do edificio.

[179] *FV*, 21-7-1933, p. 2 (4), e 28-7-1933, p. 2 (7).
[180] 6-6-1936. AMC. *Instancias*. 313/6.
[181] Comparecencia de José Fariña Castro na Consistorial de Cambados, 5-4-1940. AMC. *Expediente de subasta y venta del Salón Variedades o del cine. Año de 1940*. 346/5.
[182] Acordo da Corporación municipal, 23-4-1940. AMC. Ídem.

No referido ao solar, variou un pouco con respecto á aliñación anterior (dato a resaltar xa que será orixe de futuras polémicas) e agora, "...conforme a la nueva alineación, a la que habrá de ajustarse su futura edificación, mide DOS CIENTOS SESENTA Y CINCO metros cuadrados, revistiendo la figura geométrica de un trapecio, cuyos lados mayores, Este y Oeste, tienen TREINTA metros de longitud, el del sur, ONCE y setenta centímetros, y el del Norte, que es el menor, SEIS con diez centímetros"[183]. Respecto ao edificio, nese momento, cando estaba a piques de pechar, presentaba un aspecto descrito do seguinte xeito: "fábrica de ladrillo con cemento, bien maderado, con techo de uralita (sic) y cubierto de teja plana en buen estado"[184].

As condicións antes sinaladas apróbanse o 7 de maio, e o 8 do mesmo notificaranse publicamente no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

O 31 dese mes José Fariña, como xa anunciara, pecha o Salón Variedades, e co novo mes comezan as poxas. E remarcamos o plural, xa que a sesión do 6 de xuño non conta con ningunha oferta, polo que se decide marcar outro día, o 3 de xullo, baixo as mesmas condicións[185]. De novo hai unha falta de resposta, o que amosa que non é tan fácil conseguir compradores para o edificio, sexa para continuar o negocio cinematográfico, sexa para cambialo por outro.

Estes vaivéns rematarán por fin gracias a José González Méndez, industrial cambadés e xestor do concello, que o 11 de outubro se dirixe ao alcalde para comunicarlle a súa intención de adquirir o local para si, baixo as mesmas condicións que na poxa pero coa observación de cambiar o prezo a 25.000 pesetas, ante a ausencia doutros interesados[186]. A Comisión de Facenda dá o visto e prace o día 14, e a Corporación municipal fará o mesmo o 24, deixando un prazo de oito días para posibles reclamacións. Transcorridos estes sen problemas, o 8 de novembro de 1940 formalizarase a compravenda, despois de cumprimentar tódolos requisitos para o contrato. Outórgase agora, por tanto, o Salón de modo definitivo a José González, impulsor do cine que ha ocupar o lugar do mítico Variedades, e do que nos ocuparemos en terceiro lugar: o Cine Cervantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[183] Prego de condicións, 23-4-1940. AMC. Ídem.
[184] Ídem.
[185] Notificado no B.O.P do 11-6-1940, incluído en AMC. Ídem.
[186] Proposta do 11-10-1940. AMC. Ídem.

1.2.3. CINEMA JUVENTUD (1934-1948): DO PAPEL DA IGREXA NA EXHIBICIÓN CINEMATOGRÁFICA

O segundo cine aberto en Cambados posuirá un carácter e uns obxectivos totalmente diferentes aos do Variedades. Inaugurado cando o sonoro xa era unha realidade na vila, e en plena época republicana, o seu funcionamento abranguerá uns anos significativos como son os da Guerra Civil, a inmediata posguerra e a época máis pechada do Réxime franquista, os anos corenta (tamén chamada época da autarquía).

A Igrexa católica foi unha das primeiras institucións que se deu de conta do enorme poder que residía no cine como vehículo difusor de ideas, e por iso foi tamén das primeiras en rexeitalo, e a posteriori, empregalo. Chegado o momento no que viu que non podía facer desaparecer este medio nin acalar a súa cada vez maior repercusión, a Igrexa asumiu o feito cinematográfico como algo irremisible, e decidiu tomar cartas no asunto implicándose ao máximo, para así facer valer nel as súas normas.

O Cinema Juventud, neste senso, partiu da iniciativa dun grupo relixioso, a Juventud de Acción Católica[187], que planificou un cine acomodado aos seus obxectivos.

O 13 de maio de 1933 o cura párroco de Cambados, Jesús Rodríguez Cadarso (fundador do grupo nesta vila), solicita permiso para, nun terreo da súa propiedade, "...construír una obra con arreglo a los planos... subscritos por D. Antonio Cominges, Arquitecto Delegado del Colegio de Arquitectos de León y Galicia, en el terreno... comprendido entre la Robleda de San Francisco y la carretera de Pontevedra"[188], demandando que lle outorguen a correspondente licenza unha vez resoltos os trámites legais e o abono dos dereitos correspondentes. Non especifica sen embargo a funcionalidade concreta desta construción, nin, deste xeito, matiza a pretensión de adaptar as instalacións para un cinematógrafo, pero este será o edificio que nos ocupe no presente capítulo.

Situarase polo tanto na rúa San Francisco, preto do Variedades e, consecuentemente, tamén nun lugar céntrico do núcleo urbano. O arquitecto encargado do proxecto é Antonio de Cominges Tapias, artista de renome que, entre outros cargos, desempeñou o de arquitecto municipal de Santiago de Compostela e Vigo, e que é autor de edificios tan emblemáticos como o Hotel Compostela en Santiago, a Escola Naval de Marín ou o Instituto Santa Irene de Vigo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[187] Movemento creado por Pío XI a principios do século XX, que contou cunha rápida expansión en España. A súa implantación farase máis acusada trala guerra, durante o franquismo.
[188] Solicitude de obra, 13-5-1933. AMC. *Instancias*. 313/1.

Tras facilitar ao solicitante, con data do 6 de xuño[189], as condicións requiridas para esta construción nas inmediacións da estrada de Pontevedra a Cambados (Km 22), o 6 de setembro o concello concede por fin a licenza[190] e as obras poden dar comezo.

Outro punto de importancia é que o edificio foi erixíndose grazas ás numerosas doazóns das xentes do pobo, sendo o propio terreo unha delas[191]. Das contribucións particulares que se fixeron, destaca especialmente a de Wenceslao Guisasola, acaudalado dono dunha fábrica de cerámica sita en Vilalonga (na zona da Fianteira), que regalou todo o ladrillo e tellas necesarias.



Debuxo da fachada do Juventud segundo proxecto de A.Cominges. 1933.
A Juventud de Cambados. 75 anos de historias, p. 9. Extraído do xornal *El Debate,* 2-9-1933.

Entrementres, a Juventud de Acción Católica ocupou un local provisorio onde levar a cabo o seu labor social (entre os moitos que tivo dende que fixo a súa aparición en

[189] Comunicación da Xefatura de Obras Públicas da provincia ao alcalde de Cambados, 6-6-1933. AMC. Ídem.

[190] Acordo do 6-9-1933. AMC. Ídem.

[191] O solar, pertencente ao pazo de Bazán, foi doado por Dona María Valvanera Izquierdo y Zárate, marquesa consorte de Figueroa. *A Juventud de Cambados. 75 anos de historias,* de Jacobo Domínguez Pedreira, p. 4.

Cambados, o 19 de marzo de 1929), que foi inaugurado oficialmente o 20 de xullo dese mesmo ano[192].

O 18 de agosto de 1934, comunícase a Jesús R. Cadarso a autorización para "abrir al público y destinarlo a cinematógrafo un edificio construído en esta villa, bajo la dirección del Arquitecto Antonio de Cominges"[193], primeira mención concreta á finalidade cinematográfica, que sen embargo xa debeu ir sinalada nos planos dende un principio.

Dese mesmo día, pois xa debían ter constancia (inda que non fose oficial) desa autorización, data o inicio dun programa de festas para a inauguración do novo local, que se desenvolverá ao longo de tres días, do 18 ao 20 de agosto. Entre as numerosas actividades relixiosas, musicais e deportivas, terá especial importancia para nós o peche da xornada do día 19, con ''A las diez, Solemne velada con la inauguración del Cine Sonoro, concierto por la música y rondalla, y que será objeto de programa especial''[194].

Este programa deixa claro un feito, o de que as funcións do cine non serán máis que outra das actividades alí desenvolvidas, en igualdade de condicións todas elas: reunións, mitins, festas, conferencias, catequeses..., situación moi común neste tipo de locais relacionados con asociacións relixiosas.

Por iso, o Juventud desmárcase un tanto do resto dos cines erixidos en Cambados. Tódolos demais edificáranse, e edificaranse, *ex profeso* para a explotación da actividade cinematográfica, sen "reciclar" edificios preexistentes (a excepción do último). O Juventud tampouco aproveita un local anterior, pero a utilidade do edificio é moito máis ampla, non se construíu tan só para o cine, o cal non é por tanto, como xa se dixo, nin a única nin a principal ocupación do espazo.

Ao marxe da inauguración xenérica do local en agosto, a inauguración ''oficial'' do Cinema Juventud como salón de espectáculos e cine, que pasará a ter unha programación regular, ten lugar o domingo 2 de setembro do 1934. A crónica do *Faro de Vigo* do domingo seguinte[195] rexistra a boa acollida da iniciativa, especialmente pola "boa sociedade" cambadesa, co esgotamento das localidades nas dúas funcións do domingo anterior e os cheos do luns que o seguiu. Non deixa tampouco de "botar flores" ás condicións das instalacións, algo que como veremos non se corresponde exactamente coa realidade.

[192] *FV*, 20-7-1933, p. 2 (4).
[193] Comunicación dende o concello, 18-8-1934. AMC. *Rexistro de Saída de Documentos ano 1934*. 334/2.
[194] Folleto co Programa de Festas da inauguración da nova casa da Juventud de Acción Católica. Reproducido en *A Juventud de Cambados. 75 anos de historias,* p. 11. Constatamos aquí que a Juventud inaugura as súas proxeccións con cine sonoro, que xa chegara no ano anterior a Cambados. Sen embargo, a novidade deste invento seguía a ser un reclamo, de aí que se sinale especialmente no programa.
[195] *FV*, 9-9-1934, p. 6 (6).

Sinálanse na prensa "las magníficas condiciones acústicas, lo fino y acertado de su instalación eléctrica, lo amplio y cómodo de este elegante salón junto con el magnífico y moderno equipo sonoro instalado"[196]. Este equipo é da marca Orpheo Sincronic e, segundo tódalas testemuñas interpeladas, distaba moito de ter boa calidade. Pola contra, as queixas sobre o mal estado do son constitúen un denominador común en tódalas declaracións.



Primeiro proxector do Juventud, marca Orpheo Sincronic. APXAPS

Anticipamos xa que o edificio estaba construído en ladrillo, e as paredes da sala onde se proxectaba foron recubertas de tela de saco, o que resultaba axeitado para a sonoridade das representacións teatrais pero non axudaba precisamente ás cinematográficas. O resultado era ás veces unha sensación de eco, ao que contribuía tamén o feito de que era "un local grande, con moita bóveda, moita capacidade, a máquina xa non era de calidade..., e se ademais unha película viña mal dobrada, pois tiña un son como 'metálico', como dunhas palabras que van ás outras"[197].

Nun intento de remediar este inconveniente, que se viu dende a apertura, no mes de marzo do 1935 argalláronse unha serie de medidas orientadas á mellora do acondicionamento do cine. Estas obras, anunciábase[198], centraríanse especialmente na decoración, aínda que sempre cun trasfondo funcional recoñecido: mellorar a acústica do Salón. Consistiron,

[196] Ídem.
[197] Testemuño de José Fernández...
[198] *FV*, 22-3-1935, p. 6 (7).

fundamentalmente, no recubrimento das paredes a base de pano (a antedita "tea de saco", que por tanto non estivo dende a orixe) e cubrir os corredores con extensas alfombras, co fin de mitigar o ruído orixinado polos pasos dos espectadores. A pesar de que isto chegou a realizarse de acordo ao ideado, os resultados apenas variaron as condicións do Salón, aínda que parece ser que si gañou esteticamente, xa que en setembro dese ano documéntase en prensa a visita ao edificio dos anciáns do Asilo de Caldas de Reis, acompañados polas monxas, as cales saíron "...verdaderamente encantadas de su belleza"[199].

Outro factor que tampouco xogaba moito a favor das instalacións era a ausencia de calefacción. Sen embargo, entre os datos positivos, está o de que as butacas fosen ao parecer máis cómodas que as dos demais cines[200], e sobre todo que tamén estivese dotado dun café-bar, con mesas de billar..., o que non deixaba de aumentar o seu atractivo.

Pero aínda así, en resumidas contas, as condicións físicas deste cine non eran as máis axeitadas, polo que en principio non tiña que supor unha "ameaza" excesiva para o Variedades. De feito non logrou arrebatarlle o posto preferente, pero de tódolos xeitos o número de asistentes era considerable, chegando amais co tempo a adquirir un carácter, en certo modo, máis "exclusivista". Isto derivou de que, dada a estreita relación deste cine coa parroquia eclesiástica, resultase a opción preferente dunha clase social determinada, por definila dalgún modo máis "privilexiada"[201], aínda que esta non fose a intención inicial, e tampouco deixase de asistir todo tipo de xente cando había un bo reclamo.

Cun aforo maior que o Variedades, contaría con 500 localidades se facemos caso dos datos reflectidos na *Historia del Cine en Galicia (1896-1984)* de Emilio Carlos García Fernández[202]. Sen embargo este dato é rebatido por unha Alta de contribución industrial de 1938[203], na que se marca un aforo de 613 localidades, distribuídas á súa vez en tres clases:

- Butaca: 440 localidades
- Xeral: 130 localidades
- Preferencia: 43 localidades

A primeira clasificación é unha novidade con respecto ao Variedades, que carecía deste tipo de prazas.

[199] *FV*, 19-9-1935, p. 6 (7).

[200] O Cinema Juventud coincidiu, ao longo da súa década e media de vida, con outros dous cines cambadeses: o Variedades, xa comentado, e o Cine Cervantes (ver apartado correspondente).

[201] "Ao Juventud ía xente máis 'de señorío', era moi propio da 'señoritanga', de toda a xente de misa, ir alí". Testemuño de José Fernández...

[202] La Voz de Galicia, A Coruña, 1985. "Salas de exhibición existentes en Galicia de 1910 a 1955", p. 673.

[203] Alta na que se solicita a bonificación por pagamento anticipado de vinte e unha funcións, 22-1-1938. APLCL.

Esta división repercutirá á súa vez nos prezos, que marcarán tres cantidades diferentes. A finais da década dos trinta eran os seguintes:

- Butaca: 0'60 pesetas
- Xeral: 0'25 pesetas
- Preferencia: 0'40 pesetas

Proxectábase maioritariamente dous días á semana, preferentemente domingos e xoves. O primeiro destes días reservábase para as estreas, ou filmes dos que se esperaba maior repercusión, e aos xoves relegábanse os outros, amais da exhibición das películas de vaqueiros para os rapaces[204].

No despacho de billetes estaba Antonio Quintanilla Álvarez, e o operador foi en primeiro lugar Xepe (José Pérez Rey), pero non tardou en ser substituído por Ramón Pillado Fernández, de oficio carpinteiro, que sería o que ocupase o posto de xeito máis continuado, aínda que ás veces o substiuíse Rivas.

O párroco era quen realmente controlaba todo o que se facía no cine, pero unha figura tamén moi importante nas decisións a tomar con respecto deste foi, debido á súa activa participación en Acción Católica, Luciano Fariña Couto, encargado da administración[205].

O cine foi explotado tamén durante un tempo por José López Rodríguez, en paralelo ao Variedades, aínda que sempre baixo a batuta de Jesús R. Cadarso e Luciano Fariña. Trala súa morte sucedeuno José Fariña, como ocorrera no outro cine, quen é probable que continuase por algún tempo a encargarse do negocio.

Dende un principio, hai no Juventud unha clara vontade de ofrecer aos espectadores unha programación de carácter moralizante, que exaltase os valores cristiáns propugnados dende o estamento eclesiástico fronte á "degradación", "corrupción" e "inmoralidade" que noutras mans o cine podería ter.

Do carácter que rexerá as proxeccións, como tódolos actos levados a cabo no local, tampouco deixa dúbida a crónica da estrea, que remata deste xeito:

[204] Na década dos corenta, xa aberto o Cervantes, estas películas resultaban máis baratas no Juventud, aínda que nas demais os prezos estivesen equiparados.

[205] Luciano Fariña foi, ademais, o primeiro cambadés que fixo a carreira de Filosofía e Letras (pola Universidade de Valladolid). Conta asemade no seu haber coa de Dereito (por Santiago de Compostela) e Políticas e Económicas (en Madrid), ademais de ser membro do Seminario de Estudos Galegos e autor de diversos estudos versados en Historia e Arte. Datos tomados da *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XI, p.107.

> "...el gusto y moralidad de las películas serán la mayor garantía que, en los tiempos actuales, contrarrestarán el pernicioso influjo que sobre los jóvenes de ambos sexos ejercen actualmente aquellos cines, privados de un censor que sepa juzgar estos espectáculos de aquellas escenas tan perjudiciales a la juventud, proporcionando un valioso medio de educación católica, tan precisa en los tiempos que corremos. Al felicitarnos por poder contar en Cambados con este nuevo y espléndido medio de educación moral, felicitamos también a nuestro celoso e infatigable párroco... a cuya feliz iniciativa debemos este moderno y valioso medio educativo, al que deseamos, como es de esperar, grandes éxitos"[206].

Nesta liña, o párroco anunciaba as películas dende o púlpito ao finalizar os seus sermóns. Claramente, este cine estaba moi vencellado á actividade eclesiástica en Cambados, e proba diso é tamén que ás nenas do catecismo se lles facilitasen vales de desconto, polo que canto máis fosen ao catecismo, máis barato lles sería ir ao cine, que por acumulación de descontos podía incluso saírlles gratis.

Outro exemplo desta vinculación son as sesións cinematográficas que eran habituais en honor aos nenos que facían a primeira comuñón, como constata o *Faro de Vigo* do 12 de xuño de 1936; os nenos "...fueron obsequiados con chocolate y pastas, celebrándose, más tarde, una sesión cinematográfica en su honor" [207]. O almorzo, outro costume dese día, tiña lugar no propio café-bar do edificio.

Pero tamén o son as funcións celebradas, por exemplo, ao abeiro da concentración catequística do domingo 22 de setembro do 1935. Con motivo da xuntanza dos nenos da catequese de toda a comarca (preliminar á gran concentración que estaba prevista en Santiago de Compostela o Ano Santo de 1937), tiveron lugar "...diversos y solemnes actos religiosos y entre los profanos una sesión de cine y un animado partido de fútbol"[208].

Cambiando de aspecto, no referente ás casas coas que traballaba o Juventud, estas eran preferentemente a española Cifesa e as alemás UFA e Ufilms, e, minoritariamente, outras de menor entidade como Exclusivas Trian.

A pesar de que este cine abriu cando o sonoro xa estaba implantado en Cambados, e contou dende sempre cun aparato destas características, non faltou a proxección dalgunha película silente. Aínda que se tratase de casos illados e bastante infrecuentes, isto ocorreu aínda a mediados da década dos trinta, pero só con filmes de grande sona como foron as versións silentes das cintas españolas *La Casa de la Troya* (1924) e *Currito de la Cruz*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[206] *FV*, 9-9-1934, p. 6 (6).
[207] *FV*, 12-6-1936, p. 4 (2/3).
[208] *FV*, 19-9-1935, p. 6 (7).

(1926), ámbalas dúas proxectadas no Variedades, e que no Juventud se anunciaron en setembro do 1935 para a seguinte tempada[209].

Entre os filmes que colleitaron un maior éxito neste cine destacan con méritos propios, antes de que comezase a Guerra civil, as españolas *Nobleza baturra* (1935) e *Morena clara* (1936), ámbalas dúas dirixidas por Florián Rey e interpretadas por Imperio Argentina, así como *La hija de Juan Simón* (Nemesio M. Sobrevila e José Luís Sáenz de Heredia, 1935), con Angelillo, tamén española.

A primeira delas foi, sen dúbida, un dos grandes sucesos da Juventud, e levou a contratar máis filmes deste mesmo estilo. Por iso case de seguido proxectouse *Morena clara*, e aproveitando o "tirón", outras como *Rumbo al Cairo* (Benito Perojo, 1935), con José Calle e Miguel Ligero.

Ademais, a mesma nova que fala das dúas películas silentes anteditas, acredita a contratación, xunto a *Nobleza baturra*, de *La verbena de la paloma* (Benito Perojo, España, 1934) e *Es mi hombre* (ídem), "...y otras muchas interpretadas por los insignes artistas Imperio Argentina, Miguel Ligero, Raquel Meller, Valeriano León, Matilde Vázquez y otros"[210].

No mes de marzo de 1935, o programa xa estivera formado polos seguintes títulos[211]:

- *Crisis mundial* (Benito Perojo, España, 1934), con Antoñita Colomé e Miguel Ligero.
- *Doña Francisquita* (Hans Behrendt, España, 1934), con Raquel Rodrigo, Matilde Vázquez...[212]
- *La Hermana San Sulpicio* (Florián Rey, España, 1934), con Imperio Argentina e Miguel Ligero.
- *Diez días millonaria* (José Buchs, España, 1934).

Se facemos unha posta en común cos títulos proxectados no Variedades en torno a eses anos, queda claro o tipo de filmes que triunfaban na vila: os falados, e especialmente os cantados, en español.

Por tanto, o xénero que proporcionaba os ingresos máis cuantiosos era sen dúbida o musical (de aí que a proxección de operetas fose tamén algo moi habitual). Dos musicais españois destaca tamén *Molinos de viento* (Rosario Pi, 1939), e outro gran acontecemento

[209] Ídem.
[210] Ídem.
[211] *FV*, 22-3-1935, p. 6 (7).
[212] Como vimos, este filme fora estreado previamente no Salón Variedades, pero vai ser o Juventud quen, ao retomalo, lle saque maior rendibilidade comercial.

o supuxo a proxección da mexicana *Amapola del camino* (Juan Bustillo Oro e Antonio Guzmán Aguilera, 1937), filme tamén cantado.

Así, no Juventud proxectábanse especialmente películas españolas pero tamén alemás, por traballar con casas desta nacionalidade, ou doutros países centroeuropeos, como por exemplo *La princesa de la Czarda* (Hanns Schwarz, Austria, 1927).

Claro que tamén había películas norteamericanas, especialmente dramas e de acción. O xénero de aventuras contaba con moitos adeptos, e un dos filmes máis recordados é *La máscara de hierro* (James Whale, 1939). A mestura de acción e crime tampouco quedaba atrás en entusiastas reaccións, entre as que sobresaen as espertadas por *El enemigo público número 1* (W.S. Van Dyke e George Cukor, 1934), con Clark Gable e Myrna Loy; ou os labores de espionaxe de *Yo he sido espía* (Victor Saville, G.B, 1933), proxectada o domingo 22 de setembro de 1935[213].

Os filmes italianos han contar así mesmo co seu lugar na carteleira. Filmes de Vittorio de Sica, dos actores Amedeo Nazzari e Alida Valli ou títulos como *La Fornarina* (Enrico Guazzoni, 1943), non deixarán de contar cun público fiel.

As películas exhibidas, aínda que fosen de todo tipo, eran rigorosamente vixiadas e analizadas baixo o lente da moralidade e relixiosidade. Mesmo antes da instauración do Réxime e o establecemento dun férreo sistema de censura cinematográfica por parte do goberno, o Juventud levaba a cabo unha tarefa de autocensura moi estrita, aprobando ou denegando as películas, e cortando todo aquilo que non se consideraba axeitado[214]. Por exemplo, en *Nobleza baturra* suprimiuse a escena na que bailaba o cura[215], algo do que os espectadores da época foron moi conscientes, xa que había quen a vira fóra de Cambados sen ningún tipo de corte, e explicáballelo aos demais.

Para anunciar as películas tiñan altofalantes cara ao exterior do cine, e por eles emitíanse, para sinalar o inicio da sesión (que adoitaba contar con tres filmes), cancións galegas. A programación anunciábase tamén por "afiches" que estaban expostos dentro dunha caixa habilitada para tal fin, na esquina da Casa do Concello. Repartíanse tamén fichas entre os habitantes..., e demais métodos habituais no momento.

USC

[213] *FV*, 19-9-1935, p. 6 (7).

[214] "Dende o primeiro momento a cortar, cortar... Hai películas que son frouxas, pero teñen algunhas escenas que son as que lles dan o éxito, e esas sacábanllelas". Testemuño de José Fernández...

[215] "O baile do cura faltáballe enteiro..., hai un momento onde o cura de alí, cando o outro saltou polo balcón da muller e di '¡Qué siga la ronda!', e van a tocar as guitarras todos, daquela, eu non o vin, pero daquela dis que baila, e eso cortárono todo". Ídem.



Foto da publicidade do Cinema Juventud na esquina da Casa do Concello. 1946. APXAPS

Pero o mesmo Salón que albergaba as proxeccións empregábase noutros moitos menesteres. Entre os espectáculos e divertimentos destacaron especialmente algúns como as zarzuelas, pero sobre todo as representacións teatrais.

Había no Juventud moito teatro e de boa calidade (é unha opinión xeneralizada que superaba a do cine), sobre todo tralo peche do Variedades, pois posuía un local mellor acondicionado para isto. Houbo por exemplo unha época (durante a ditadura), na que se representou *La barca sin pescador* de Alejandro Casona, a pesar de ser unha obra prohibida polo Réxime[216].

Outras mostras: a velada teatral da agrupación Santa Cecilia (co sainete *La real gana* e a zarzuela *La revoltosa*), documentado en prensa [217]; ou a de carácter literario-relixioso-musical que se celebrou o 9 de xaneiro de 1944[218], dentro das festividades do Nadal e en beneficio das Misións, da catequese da parroquia e da propia Acción Católica. Incluía, como maior curiosidade, un Retablo de Nadal composto por Ramón Cabanillas para a ocasión, titulado *A ofrenda das fadas no portal de Belén.*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[216] Testemuño de José Luis Durán Fernández, sobriño de José Fernández e afeccionado ao cine.

[217] *EPG*, 16-4-1936, recorte de prensa sen paxinar (APXAPS).

[218] No programa correspondente anúnciase para o día 8, pero finalmente tivo lugar o domingo 9. Ver ilustración a seguir. APXAPS.

Nota importante: Se ruega al público la puntual asistencia teniendo en cuenta que intervienen niñas de muy corta edad.

PRECIOS:

Butaca . . . . 2 ptas.
Preferencia . . . 1'50 »
General . . . 1 »

CINEMA JUVENTUD

La Asociación de las Jóvenes de Acción Católica

Cumpliendo las consignas dadas por los Organismos Superiores, de celebrar las distintas épocas del Año Litúrgico siguiendo el espíritu de la Iglesia que nos pide sacrificio y penitencia en Adviento y alegría y regocijo en Navidad, organizó en honor del Niño Jesús y a beneficio de: las Misiones, la catequesis parroquial y los fines de la Asociación, una amena e interesante

VELADA LITERARIO-RELIGIOSA-MUSICAL

que se celebrará (Dios mediante) el sábado día 8 del corriente a las 6'30 de la tarde.

Programa de man 9-1-1944. APXAPS

Á parte diso, tamén se celebraban encontros e conferencias, principalmente de carácter relixioso. Entre as últimas, destacan as charlas impartidas polo Reverendo Padre de Santa Anna o 19 de marzo de 1935. Con motivo do sexto aniversario da creación da Juventud de Acción Católica, este membro da Compañía de Xesús impartiu unhas conferencias onde expuxo as súas teorías relixiosas, acompañado, para unha maior claridade, de proxeccións alusivas a estas[219].

O Cinema Juventud, fronte á persistencia e continuidade do Variedades, sufriu numerosos avatares ao longo dos seus anos de existencia. Abría e pechaba constantemente por reparacións, crises, problemas de comisións... Durante a Guerra Civil esta tendencia foi aínda máis acusada, cuns peches que chegaron a ser tan longos e sucesivos, que a actividade case se paralizou por completo, recuperándose pouco a pouco a partir do 1939.

Aínda así, nestes tres anos tan conflitivos seguiu habendo algunhas proxeccións, ás veces relacionadas con actividades de recadación de fondos para a causa do bando nacional. Isto é o que ocorreu coas funcións da fin de semana do 15 e 16 de agosto de 1936, a beneficio da "Suscripción cambadesa pro fuerza pública"[220] da que xa falamos no Variedades, e obedecendo á mesma petición de axuda que a este se lle fixera.

Sen embargo, os primeiros anos da posguerra, e a pesar das dificultades no referido ao material, foron os de maior auxe deste cine, algo que non é estrañar xa que ese medio

[219] *FV*, 22-3-1935, p. 6 (7).
[220] *EPG*, 19-8-1936, p. 3 (5).

supuña un xeito de fuxir da realidade circundante, refuxiándose na ficción e nos mundos irreais que as películas propuñan.

De tódolos xeitos, o Cinema Juventud nunca se contou entre os cines máis rendibles dos habidos en Cambados, e era habitual que se perdesen cartos, especialmente no verán (época de perdas bastante corrente, por outra banda). Finalmente, na segunda metade da década dos corenta Acción Católica, como empresa dirixente do cine, chegou ó extremo último de decidir alugar o negocio.

Esta decisión tomará corpo a mediados de 1946, cando o cine da Juventud sexa arrendado por Isaac Fraga Penedo[221], que deste xeito entra por vez primeira no mercado cambadés. Pero o auténtico obxectivo do negocio foi practicar unha estratexia de presión sobre o Cervantes, cine que en verdade espertaba o seu interese.

Para iso, Fraga introduciu uns criterios de exhibición diferentes aos aplicados en Cambados ata o momento. Fronte a un número se sesións relativamente aleatorio e uns horarios que tamén podían variar adaptándose á vida do pobo, Fraga impuxo un modelo máis industrializado, menos persoal, pero máis profesional. Marcou un número fixo de funcións por día de proxección, uns horarios estables..., houbese ou non público para a proxección, a hora sempre debía respectarse, ata que a xente se acostumase a ir. Ademais comezou a proxectar filmes variados, de boa calidade, baixou os prezos... Isto é algo que puido facer Fraga, nese momento, por ser unha empresa forte á que lle era posible o permitirse contar cunhas perdas iniciais, risco non asumible para un tipo de empresa familiar e individual, como eran a maioría nesta época en ámbitos das características de Cambados. Propiciou con iso un cambio nos hábitos da xente, que pronto se adaptou ao novo sistema, e o Cervantes pouco puido facer ante esta manobra, claramente orientada a coaccionar os seus empresarios para que lle cedesen o cine. Conseguido isto, a finais de 1947, Fraga perde de inmediato o interese por manter a actividade no Cinema Juventud, e a penas iniciado o ano 1948 (é moi probable que xa no mes de xaneiro), pasou a pechalo de xeito definitivo.

Sen embargo, que o edificio da Juventud cesase a explotación da súa faceta cinematográfica, non quere dicir nin moito menos que fose inhabilitado. As instalacións seguiron en activo (para reunións, espectáculos diversos... e especialmente teatro) ata finais dos anos sesenta/principios dos setenta. Incluso, ocasionalmente, volveu empregarse o vello aparato de proxección. Un exemplo: en maio de 1959, celebrouse en Acción Católica a "Festa do aspirante", con motivo da cal desprazouse ata Cambados xente de Pontevedra, Vilagarcía..., e entre os actos organizados tivo lugar a proxección

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[221] Exhibidor, distribuidor e produtor de orixe galega. Coa Empresa Fraga, a máis importante das dedicadas á exhibición e produción de cine en Galicia, dominou o mercado neste sector ao longo de varias décadas.

dun filme[222]. O inconveniente xurdiu da falta de uso do aparello, que levou a que houbese numerosas paradas e cortes.

Achegándonos máis cara a actualidade, a inicios do século XXI e tras dun acordo entre a Igrexa e o concello, o edificio contou cunhas obras de remodelación e renovación e pasou a converterse, dende a súa reapertura o 26 de febreiro do 2004, nun auditorio con capacidade para 250 persoas e na escola de música municipal. Dende entón, dá cabida só a algunhas proxeccións ocasionais en momentos ou actos concretos, como, por poñer algúns exemplos: as sesións de cine infantil no verán de 2007[223]; ou as do Festival Internacional de Cinema Marítimo (FICMAR) do 15 ao 17 de abril de 2016, coa proxección dos filmes[224] *Um film falado* (Manoel de Oliveira, Portugal-Francia-Italia, 2003), *O acorazado Potemkin* (Sergei M. Eisenstein, Unión Soviética, 1925), a curtametraxe *Cadernas da Historia* (Víctor Gallego e Bruno Ordóñez, España, 2014) e o documental *Sísifo confuso. Traballo e días de Francisco Leiro* (Aser Álvarez, España, 2016).



Vista lateral do edificio do Cinema Juventud nos anos 70. APXAPS

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[222] Dentro da tónica relixiosa que rexía os festexos, escolleuse unha película sobre un neno que facía a primeira comuñón. Testemuño de Xoán Antonio Pillado Silvoso, estudoso da Historia local.

[223] Proxeccións os días 20 e 27 de xullo, 10, 17 e 24 de agosto. Filmes sen especificar. Programa de festas LV Festa do Viño Albariño. APXAPS.

[224] Programa do FICMAR. Arquivo propio.

1.2.4. CINE CERVANTES (1943-1973): O "CINE VELLO"

Con trinta anos de vida, este cine é o segundo máis lonxevo na historia de Cambados. Nestas tres décadas terá tempo de pasar, como ocorría tamén no Variedades, por toda unha serie de acontecementos históricos, políticos e sociais relacionados co contexto español, pero tamén sufrirá os cambios experimentados polo propio mundo do cine, que non han ser poucos.

Coñecido polo común dos cambadeses como o "cine vello" ou o "cine de abaixo", en oposición ao Cine Avenida[225], co que compartiu os seus últimos doce anos de funcionamento, o Cervantes abriu nos primeiros anos da posguerra. Nesa época de penurias, onde incluso se prohibiron con frecuencia os bailes, o cine, polas súas amentadas posibilidades de evasión, constituíu o espectáculo e refuxio preferido dos españois. Por iso mesmo, e dentro da tendencia da época a abrir novas salas con relativa frecuencia, en Cambados non tardará en principiar a súa andadura este cine. Propicia o acontecemento o feito de que a Juventud, polas restricións autoimpostas ante a selección e exhibición das películas, non cubrira todo o mercado cinematográfico que era reclamado polos cambadeses, e que non podía ser satisfeito tralo peche do Variedades.

Fachada e lateral do Cine Cervantes dende a Travesía do Muelle. 1957. APXAPS

Como vimos no remate do capítulo dedicado ao primeiro cine cambadés, o 8 de novembro de 1940 José González Méndez, alcumado "Cobertoeiro", adquire a propiedade do antigo Salón Variedades. O día 6 dese mesmo mes, o concello déralle como condición previa o "demoler el actual edificio y construir otro en el mismo sitio ajustándose a la alineación predeterminada en el plazo de un año"[226]. Pero o dito prazo rematara en decembro de 1941 e as obras aínda non deran comezo. Xustamente con motivo diso, José González

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[225] Ver apartado correspondente.

[226] Transcrición dun fragmento do acordo para a compra-venda do Salón Variedades entre o concello e José González, 6-11-1940. Recollido nun comunicado do segundo ao alcalde de Cambados, 26-1-1942. AMC. *Instancias*. 313/11.

envía ao alcalde un comunicado o 26 de xaneiro de 1942[227] no que solicita unha prórroga do prazo, e xustifica o incumprimento anterior en base á carestía de materiais de toda clase, e as conseguintes dificultades para a súa obtención. Solicita tamén un cambio no acordo para, en vez de derrubar o edificio, restaurar o anterior. Especifica ademais a súa intención de abrir neste lugar outro cine, e faino nos seguintes termos:

> "...he de decir que desde un principio fue y es mi intención dedicar este edificio a espectáculos, y, concretamente, a cinematógrafo, por que tal es su destino y su finalidad apropiada, según confirman opiniones de técnicos, que proclaman sus naturales condiciones acústicas, y alberga el sentir del pueblo, que desea el restablecimiento de este CINE.
>
> Firme en este pensamiento, estoy resuelto a restaurar y acondicionar debidamente el interior del edificio..., haciendo al mismo tiempo la acera del Oeste e incluso alguna mejora y remozamiento exterior, si se me autoriza"[228].

Sen embargo, transcorridos escasos días dende esta petición, José González desiste dela[229] e atense de novo ao acordo inicial da poxa. O que si segue mantendo é a súa intención de erixir un cine.

Dende o concello acórdase, o 11 de febreiro, autorizar a demolición do Variedades e "...edificar en su sitio un edificio con destino a cinematógrafo y espectáculos públicos, previa presentación de proyecto de la obra, que será aprobado por esta Corporación Municipal" [230]. Trala presentación dos planos, obra do arquitecto do Colexio de Pontevedra Juan Argenti Navajas, a aprobación chega o día 25 do seguinte mes, e con ela a conseguinte licenza para as obras[231].

Pero a construción deste edificio non estivo exenta de polémica, e as suspicacias orixinadas por esta causa han ter consecuencias aínda moitos anos despois, onde o tema seguirá a espertar, en ocasións, as sensibilidades dalgúns habitantes da vila.

Parece ser que, derrubado o Variedades, e mentres se puña a cimentación nova, houbo numerosas voces que se elevaron en protesta pola ocupación dun maior fragmento de rúa nos novos planos. Esta reclama iniciouse aos poucos días da concesión da licenza de obras, e déuselle de inmediato carácter formal. Para iso foi posta en coñecemento do concello o 30 de marzo de 1942, nun escrito promovido por Elías Porto Trigo e seguido por José Carro Fernández, Antonio Cuiñas y Cuiñas, Manuela e Amalia Durán e Juan

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[227] AMC. Ídem.
[228] AMC. Ídem.
[229] 5-2-1942. AMC. Ídem.
[230] Sesión do 11-2-1942. AMC. *Libro de Actas*. 13/3.
[231] Sesión do 25-3-1942. AMC. Ídem.

Tuñas, que cuestionaban a aliñación concedida ao edificio a construír, especialmente en canto á súa fachada posterior, que daba á rúa do Aseo.

Veciños tódolos asinantes desta rúa e da Travesía do Muelle, os cambios afectaban directamente aos seus intereses privados, pero máis que nese requirimento a título persoal, a protesta centrouse nas negativas incidencias da construción no ornato público, así como nos intereses do pobo:

> "Que se perjudica el ornato público, es algo que salta á la vista, pues en un sitio tan céntrico, lo mejor del Pueblo, convertir en un callejón una calle que parte del paseo más importante del Pueblo, está reñido con lo que debe ser, con el buen gusto, con la estética, etc, etc. Una calle de esa naturaleza, debe ser lo más amplia, lo más espaciosa posible, y no es ya lo que deba ser, sino lo que exigen los tiempos y las necesidades modernas. Actualmente en ninguna población, en ningún pueblo, ni aún en un villorrio se aspira á construir callejones, esos tiempos ya pasaron y se busca amplitud, desahogo, buen gusto y si para ello hay que sacrificar los intereses particulares, no hay más remedio que hacerlo.
>
> Y no se diga que de reducir el solar ingresaría menos pesetas el Municipio, pues por encima de las pesetas, está la estética del Pueblo, que vale bastante más que las pesetas, pues esta es algo que queda de generación en generación y en cambio las pesetas pasan con rapidez vertiginosa por la caja de caudales"[232].

Engaden a iso a súa crenza de que coa nova aliñación estanse a incumprir acordos municipais previos, e solicitan ao alcalde que comunique todo iso á Corporación Municipal, para evitar así a variación no trazado da rúa.

Este escrito suscita unha airada e contundente resposta por parte do alcalde, que o 4 de abril, "examinado el escrito que antecede y resultando que en él se contienen frases y conceptos insidiosos e injuriosos para esta Alcaldía y Corporación municipal"[233], esixe que ratifiquen ou rectifiquen as súas palabras, fixando un día para a súa comparecencia na Casa do Concello a tal efecto. O día sinalado, 6 de abril, tan só se presentan José Carro Fernández e Manuela Durán Trigo, que desisten da protesta[234].

En sesión do día 15[235], examínase o escrito do 30 de marzo e as consecuencias por el orixinadas, chegándose a un acordo que será definitivamente certificado o 24 de abril, día no que a Corporación Municipal "...acuerda aplicar a este asunto la doctrina del silencio

[232] Escrito dirixido ao alcalde de Cambados, 30-3-1942. En *Expediente promovido por Elías Porto y otros sobre alineación del edificio que está construyendo D. José González Méndez en el sitio que ocupó el antiguo "Salón Variedades". 1942*. AMC. 1.130/1.

[233] Citación do alcalde aos asinantes, 4-4-1942. AMC. Ídem.

[234] Comparecencia de José Carro Fernández e Manuela Durán Trigo, 6-4-1942. AMC. Ídem.

[235] Sesión ordinaria do 15-4-1942. AMC, *Libro de Actas*. 13/3.

administrativo"[236] e arquivar o caso. Iso, a pesar de que o 17 dese mes os veciños que non compareceran o día 6 reiterasen de novo as súas queixas.

A polémica estivo servida por tanto dende o primeiro momento, e durante algún tempo seguiu viva, xa que non faltou quen dixese que as protestas estaban orixinadas, en realidade, por un desexo de impedir a edificación dun novo cine e así eliminar toda competencia para o Juventud, naquel entón no seu mellor período en canto a exhibición. Finalmente, e como a cimentación do edificio xa se fixera namentres as protestas se sucedían, optouse por ignoralas e deixar que as obras seguisen o seu curso con normalidade, conforme á aliñación aprobada polo concello.

Pero a controversia, aínda que de xeito soterrado, seguiu latente ao longo do tempo, e así, corenta e catro anos máis tarde, cando o cine xa pechara facía trece e ninguén parecía recordar a problemática da súa edificación, o asunto sae de novo á luz. O porqué diso atopámolo no derribo do edificio, entón abandonado, para reedificar de novo no seu lugar (aínda que neste caso xa non un cine).

A demolición aparece xa augurada o mes de marzo de 1986 nunha noticia de *La Voz de Galicia*[237]. Esta nova non fai senón remover vellas feridas, polo que neses días volverán denunciarse as irregularidades, pero agora ampliándoas á compra do Variedades no 1940.

De novo en *La Voz de Galicia*, unha reportaxe do mes seguinte[238] fala da ocultación, no seu momento, da existencia doutro licitador na puxa do Salón Variedades: Antonio Cuiñas, un dos asinantes da protesta de 1942. Ao parecer José González, aproveitando o seu posto de concelleiro, abriu o sobre coa outra proposta e igualou a cantidade ofrecida, subindo unha única e simbólica peseta (que aumenta ás veces a sete, dependendo das fontes consultadas), o que xunto ás súas "amizades" no concello, di a nova, permitiulle facerse có local. Hai que subliñar, de tódolos xeitos, que destes acontecementos nunca houbo constancia documental, baseándose todo o debate en declaracións orais que varían segundo a parte implicada.

Deste xeito, xorde de novo a controversia en torno á aliñación que debería ter o novo edificio, e se debería respectar a do Cine Cervantes (305 metros cadrados) ou a anterior do Variedades (con 265). Por este motivo, o alcalde recibirá por esas datas un anónimo, no que se manifestan sentires como os seguintes:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[236] Certificación do secretario do concello, 24-4-1942. En *Expediente promovido por Elías Porto y otros...* AMC. 1.130/1.

[237] *LVG*, 26-3-1986, edición Arousa p. 25 (1-3). Na mesma noticia faise un recordatorio polos pasos do "cine vello" e comunícase, en contraste, a inauguración esa mesma semana dos Minicines de Vilagarcía.

[238] *LVG*, 10-4-1986, edición Arousa p. 26 (3-5).

> "Mucho se ha hablado y se dijo de los Caciques que antes avia (sic) en la Casa consistorial de Cambados... se permitían y se acian (sic) muchas cosas engorrosas... crimen fue permitir por aquel entonces la construcción del cine Cervantes... fue una autentica cacicada y vergüenza de aquellos señores en el centro del Pueblo lo que permitieron, esperamos que Ud. y el aparejador... pongan a la linia (sic) la Obra que van hacer en el cine viejo porque lo que pierde en linia (sic) lo gana en el alero de la placa, sería una cosa bonita en el centro del Pueblo."[239]

Finalmente, optarase por respectar a aliñación do Cervantes, xa que, verdadeiramente, dende o punto de vista legal non se incumpriu na súa época ningunha normativa urbanística das vixentes, e se as denuncias non foron válidas no seu momento, tampouco terían razón de ser catro décadas máis tarde.

Volvendo con isto ao ano 1942 e á construción do Cine Cervantes, José González asumiu toda a responsabilidade do levantamento do edificio, construíndoo ás súas expensas e con materiais propios. Dende finais de marzo, e polémicas mediante, as obras prolongáronse durante todo un ano.

O Cine Cervantes abriu finalmente o 3 de abril de 1943[240]. O filme inaugural foi o español *Malvaloca*, baseado na obra do mesmo nome dos Irmáns Quintero, na súa versión de 1942 rodada por Luis Marquina e protagonizada por Amparo Rivelles e Alfredo Mayo. Drama aderezado con cancións (interpretadas por Paquita Rico), o éxito colleitado levouno a permanecer case dúas semanas en cartel, algo inaudito para o común dos filmes.

Dende a inauguración ata o peche, o operador foi Joaquín Serantes Núñez, que comezou sendo un rapaz. Axudáballe na súa labor, e na selección das películas a José González, José Fernández García, que traballou aquí ata os sesenta, sucedéndolle despois Marcelino Silva Casal (alias "Seluco").

Nos primeiros tempos, o encargado de vender as entradas era Ángel Chaves Piñeiro ("Señor Angelito"), cuñado do dono, pero pronto foi substituído por Ruperto Pintado Pombo, carteiro da vila. Este último estivo de vendedor de billetes incluso despois de xubilarse, ata que o local pechou. E ata o peche estiveron tamén o porteiro, José Laredo Vilanova (que pasou a substituír a Diego Vieites Pontevedra, que levou a cabo esa labor dende o 1943 ata a súa morte, no 1957).

Pero a explotación deste cine non correu sempre da conta, nin moito menos, de José González. Na segunda metade dos anos corenta, como xa anticipamos ao falar do Cinema Juventud, Fraga pasou a interesarse polo Cervantes como un paso máis na súa política

[239] Anónimo dirixido ao alcalde de Cambados, 25-3-1986 (APXAPS).
[240] *El Ideal Gallego*, 20-4-1943, p. 7 (3); e *EPG*, 13-4-1943, p. 5 (6).

empresarial de estratexia expansionista, que lle levou a acadar o monopolio no sector da exhibición galega. Adquiriu así o Juventud e comezou a facer toda unha serie de combinacións cos horarios, prezos...

A pesar dos problemas que isto lle orixinou a José González, que chegou a ter ata catro películas "paradas" na cabina, porque había que compralas por lotes pero non daba conseguido darlle saída a todas, seguíase negando a cederlle o negocio a Fraga. Ante esa resistencia, este último urdiu unha estrataxema máis sutil para conseguir os seus propósitos. Cando José González xa non deu resistido máis, decidiu por fin alugar o negocio e, coa firme convicción de non entrar en tratos con aquel que lle estaba obrigando a dar o paso, tomou contacto con Adelino Pose Oreiro, santiagués que levaba cines na Pobra, Tui... Firmado e pechado o acordo, a finais de 1947, resultou que Adelino Pose traballaba en realidade para Espectáculos Celta, por medio da cal actuaba Fraga, polo que, finalmente, a praza de Cambados caeu nas súas mans. Contra iso nada puido facer José González, que aínda presentando recursos ao respecto, tivo que observar impotente como Fraga pasaba a explotar o Cervantes, seguindo nel ata o seu peche.

Fraga emprazou ademais a José Gómez Pomares, representante de Espectáculos Celta neste cine, como encargado e xerente, axudado por Antonio Gómez Búa. Nos últimos anos, e coa morte do primeiro en 1969, Antonio Gómez pasou a ocupar o cargo, no que se mantivo dende 1969/1970 ata o peche (1973).

Situado nun punto neurálxico da vida da vila, ao lado da Casa do Concello así como da parada de autobuses, dotouse "estratexicamente" á fachada do Cervantes dun aleiro sobre a beirarrúa, baixo do cal a xente refuxiábase da choiva, do sol, esperaba o autobús..., e informábase da programación do cine, ou entraba xa directamente neste.

Esta situación será tamén determinante no coidado do seu aspecto externo, moi vixiado dende o propio concello, xa que afectaba directamente á tan reiteradamente aludida estética da vila. Por esta causa, é de destacar que a mediados dos sesenta o Cervantes recibiu toda unha serie de avisos dende o concello, que desembocarán na apertura dun expediente e nun litixio que durará dous longos anos.

Fachada do Cine Cervantes, anos 60. APXAPS

Estes avisos viñeron orixinados polo deficiente estado de conservación da fachada, e por iso, o 4 de setembro de 1965, o concello notifica ao propietario que debe proceder ó pintado da mesma, dándolle oito días de prazo para cumprir o indicado. Sen embargo, chegado o 13 dese mes sen que as obras se iniciaran, José Gómez apela ao alcalde[241] explicándolle que esas obras correrían, por cláusula do contrato, a cargo da súa empresa (Espectáculos Celta), que non recibira a notificación a tempo.

Ampliado o prazo a oito días máis dende o 17[242], tampouco agora se levaron a cabo as obras. José Gómez explica que isto é debido a que "nos encontramos con los inconvenientes de falta de mano de obra y el ser imprescindible el estar muy secas las paredes... lo que no es posible, por ahora, dado el estado del tiempo"[243], e pide un adiamento ata a próxima primavera para o adecentamento e limpeza exterior das paredes do local. Ante a crueza do inverno, accédese á petición[244].

Pero ao longo de 1966 seguen as tramitacións e requirimentos sen que se chegue a ningún acordo satisfactorio, e o 7 de abril de 1967 lánzase un ultimato dende o concello, baixo advertencia da apertura dun expediente de infracción urbanística[245]. Esta ameaza faise realidade o 23 de xuño, ao non aceptar os pretextos do novo incumprimento[246]. Imponse, por conseguinte, unha multa de cinco mil pesetas, chegando incluso a insinuar unha posible clausura do negocio, xa que as condicións internas de salubridade tampouco eran as máis idóneas[247].

Ante esta realidade, as obras comezan de inmediato, e Manuel Costa Costa, Director-Xerente de Espectáculos Celta, tenta conseguir a anulación da multa apoiándose nas desculpas anteriores (houbo que traer obreiros especializados de Pontevedra...) e unha nova, a inminente finalización do contrato entre o Cervantes e a súa empresa, e a incerteza da súa renovación[248].

Desestimada esta solicitude, preséntase recurso[249] pero, rexeitado de novo[250], a imposición da multa farase efectiva, de xeito definitivo e irrevogable, o 16 de

[241] Escrito ao alcalde de Cambados, 13-9-1965, onde tamén recolle o aviso anterior. AMC. *Expediente de infracción urbanística*. 1130/9.
[242] Comunicación a José Gómez do alcalde de Cambados, 17-9-1965. AMC. Ídem.
[243] Escrito ao alcalde de Cambados, 2-10-1965. AMC. Ídem.
[244] Sesión da Comisión Permanente, 26-11-1965. AMC. Ídem.
[245] Oficio do alcalde ao Xerente ou Administrador de Espectáculos Celta, 7-4-1967. AMC. Ídem.
[246] Escrito dende Espectáculos Celta ao alcalde de Cambados, 24-4-1965. AMC. Ídem.
[247] Acordo de "Infracción urbanística" pola Comisión Permanente, 23-6-1967. AMC. Ídem.
[248] Escrito ao alcalde de Cambados, 24-7-1967. AMC. Ídem.
[249] 27-10-1967. AMC. Ídem.
[250] Informe da Corporación Municipal, 31-10-1967. AMC. Ídem.

novembro[251]. E como, finalmente, a empresa Celta seguirá co Cervantes, deberá pagar a multa na súa totalidade e facer as melloras oportunas.

No referente ao edificio, a proliferación da construción de cines na década dos corenta tamén influíu nun interese cada vez maior pola creación dunha nova tipoloxía. Esta estivo marcada polos novos tempos e o cambio na concepción dos locais destinados á exhibición cinematográfica, que agora xa son concibidos de modo exclusivo para esta, aínda que deixasen opción a outras posibles actividades.

No Cervantes a decoración interior contaba, no teito, cunhas pinturas de motivos alegóricos que remitían á obra do autor do cal o cine tomaba o seu nome, así como caretas, máscaras..., de inspiración carnavalesca. Estes frescos foron realizados por Antón Rivas Briones, mentres que unha árbore (e toda unha decoración paisaxística en derredor) pintada na zona de Butaca, foi obra de Balbino Costa Candamo, quen, coma o primeiro, era natural de Vilagarcía de Arousa. Os debuxos estaban, todos eles, dispostos en círculos, e eran iluminados por uns focos que estaban situados á súa vez na parte interior dos aneis que rodeaban a cada un dos debuxos.

Os asentos estaban orientados cara á parede norte do local. Alí, xunto coa pantalla para as proxeccións, acondicionouse un escenario cos seus correspondentes telóns, teares, cordas de mando, embocaduras, bambolinas, candís, cunchas de apuntador...

O local tiña capacidade para 601 espectadores, aínda que nas estreas destacadas vendíanse entradas de máis e a xente sentábase polos corredores. Os asentos estaban numerados (menos en Xeral) e había que sentarse onde tocara, para o cal había dous acomodadores, un para o piso superior e outro para o inferior[252]. Contaba tamén, como o Juventud, con asentos de Preferencia, Xeral e Butaca. Os dous primeiros tipos estaban no piso superior, e Butaca embaixo, con vinte e catro filas. Parece ser que os asentos desta clase eran os máis incómodos pola falta de espazo, e tan só se enchían nos grandes éxitos, pero isto non quitaba que a fila vinte e catro fose, como non podía ser doutro xeito, a máis ambicionada polas parellas.

O escenario estaba feito en realidade para ser visto dende o piso superior, por iso se fixo unha zona de Xeral moi ampla que ocupaba máis de media sala. De Preferencia, as entradas máis caras, tan só había dúas ou tres filas (as primeiras, e polo tanto a visibilidade distaba de ser a mellor), mentres que detrás, en Xeral, a zona máis barata e "barulleira", os bancos eran corridos e contaba con vinte e cinco fileiras. Tras destas estaban os baños comúns, así como a caldeira, polo que eran frecuentes os malos cheiros, cos conseguintes comentarios e bromas por eles orixinados.

[251] Acordo da Comisión Permanente, 16-11-1967. AMC. Ídem.

[252] No piso superior, en Xeral, estaba José Chaves Peiteado, e embaixo, para Butaca, alternaban Diego Vieites Pontevedra e Ramón García Costa.

Unha delas, a preferida polos rapaces, consistía en pedirlle ao vendedor de billetes (Pintado), que ademais tiña un tic nervioso, asentos para a fila vinte e seis ou vinte e sete, ante ao que el respondía indefectiblemente, para hilaridade dos presentes; "como non che dea para o váter...".

Parte do anecdotario deste cine (como de tantos outros), é tamén a activa participación do público nas películas proxectadas, ou que tampouco faltasen os que no "galiñeiro" poñían a man ante o foco. Outro recordo colectivo é o de escoitar en ocasións, durante as proxeccións, golpes trala pantalla. A orixe: os carteis que anunciaban as películas estaban polo lado contrario a esa parede, tras unha reixa, "...e as veces escoitábase 'pum-pum', e era que estaban a pegar con chinchetas a publicidade nova"[253].

O local non era, verdadeiramente e segundo as testemuñas, moi bo. A calefacción era un desastre e por iso cando facía frío non ía moita xente. Incluso en ocasións ten aparecido fume ante a pantalla, que proviña da carboeira. Pero non obstante tiña un son de moi boa calidade, o que contrastaba aínda máis co caso contrario da Juventud, á que superaba, e con moito, en instalacións e condicións de exhibición cinematográfica.

En canto ás sesións do cine, estas celebrábanse case tódolos días da semana, aínda que nos primeiros anos seguisen a centralizarse, como viña sendo habitual, nos xoves e domingos. Aínda despois de ampliarse o número de días, a xornada principal seguía a ser o domingo; se a película exhibida nel gustaba repetíase o luns, e se seguía habendo xente e o contrato o permitía, tamén o martes, pero máis barata. Cada día de proxección contaba normalmente con tres sesións (ás 17:00, 19:30 e 22:45, xeralmente). Nos anos sesenta pasaron a realizarse sesións infantís de xeito regularizado, a raíz de que fosen instauradas polo novo cine, o Avenida.

As entradas custaban, en torno aos anos cincuenta, 5 pesetas en Butaca, 3 en Preferencia e 2 en Xeral, e en tódolos seus anos de funcionamento, nunca houbo as chamadas entradas de "Fémina" coma noutros cines cambadeses. Claro que a cantidade variará ao longo de todo este tempo, e así, por exemplo, no 1968 faise unha solicitude á Delegación Provincial para aumentar os prezos en función da densidade de poboación, petición secundada polos cines de toda a provincia e que foi aprobada[254]. A finais dos sesenta o prezo das entradas subira xa ás 12/15 pesetas aproximadamente, e cando o cine pechou, ese prezo estaba entre 17 ou 22 pesetas, dependendo do día da semana.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[253] Testemuño de José Luis Duran...

[254] Notificación do Delegado Provincial do Departamento de Pontevedra ao Director Xeral de Cultura Popular e Espectáculos, 30-11-1968. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP). Espectáculos, cine e teatro: 1967/68-1973. *Información e Turismo*. Caixa 62, sen inventariar.

Tamén é de interese sinalar que o cine comezou a súa andadura cun só aparato de proxección (un Zeiss-Ikon Luxophone, coma no Variedades), con el púñase o NO-DO[255] e a continuación a película, cun descanso no medio. Co tempo este único aparello cambiou a dous, algo que xa era habitual nas principais salas de exhibición. Permitía esta duplicidade enlazar a película sen interromper a proxección para "cambiar o rolo", polo que ademais podía optarse por facer ou non o habitual descanso, ou cando menos escoller o momento no que realizalo.

Enriba da porta de entrada, a ras do tellado, había un altofalante co que se puñan discos dende a cabina cara á rúa, antes de dar comezo a proxección[256]. Isto servía para indicar o comezo da película, aínda que por estes altofalantes comunicábanse así mesmo as próximas estreas.

Para anunciar os filmes, tamén se empregaban uns "cristais pequeniños, pintados así de colores, poñíaslles os títulos, e no descanso poñíanse ante a máquina un tras outro e anunciábanse as películas por días, para o luns, martes... Logo José trouxo trailers, que se poñían tamén no descanso e que substituíron aos cristais"[257]. A iso sumábanse sobre todo os afiches (ou programas de man), pequenos carteis que se repartían á xente pola rúa e polas portas[258]. Pero tamén estaban os carteis grandes no cine, e incluso ás veces, cando a película era unha novidade, Serantes encargábase de facer pintadas polas rúas (nos lugares autorizados para propaganda), anunciando o filme.



Exemplo de publicidade reclamo (tamaño afiche) no ano de inauguración do Cine Cervantes. 1943. Anverso e reverso. Arquivo propio

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[255] Que se compartía coa Juventud, pasándose dun cine ao outro cando un deles remataba a proxección.
[256] Idea orixinaria do Cine Cervantes que o Juventud, como xa se observou, non tardou en imitar.
[257] Testemuño de José Fernández...
[258] Ver exemplos destes afiches/programas de man no Anexo III.

O Cervantes traballaba con casas como Suevia Films, Cesáreo González, Selecciones Capitolio, Cifesa... Tamén poñía películas da Casa Filmófono, Radio Films..., pero especialmente da Fox.

Antes de afondar nos filmes proxectados, os xéneros predilectos, etc., hai que resaltar que o Cervantes acolleu outro feito histórico dentro da Historia do Cinema: a incorporación da cor ás pantallas. Isto é algo que xa se fixera esporadicamente dende os inicios do cine, pero o perfeccionamento das técnicas levará á instauración definitiva deste procedemento.

Dos diferentes medios empregados para a realización de filmes en cor, o que gozaba de maior popularidade entre os espectadores do Cervantes era o tecnicolor. A primeira película con esta técnica proxectouse, parece ser, na primeira metade da década dos corenta, o pouco de botar a andar o cine e antes de que se fixese no Juventud, aínda que ninguén se arrisque a confirmar un ano en concreto. O filme que marcou este evento foi *Eso que llaman amor* (Harold Schuster, G.B, 1937), con Henry Fonda e Annabella, que veu nun lote da Fox que tamén traía o thriller *Su nombre en los periódicos* (Carol Reed, G.B, 1941). Para divulgar o suceso chegou a repartirse publicidade ata polas poboacións circundantes, coma por exemplo Sisán.

En canto á primeira película exhibida en Cambados en Cinemascope, foi, tamén no Cervantes, a archicoñecida *Ben-Hur* (William Wyler, EUA, 1959), con Charlton Heston. Tan magno acontecemento tivo lugar a principios dos sesenta, data en torno da cal abriu o Avenida (1961), e a proxección puido obedecer á competencia directa entrambos.

Pero dende a primeira experiencia, os resultados en canto á calidade de imaxe deixaron moito que desexar, algo que non se arranxou co paso do tempo. O principal problema comprendíano as serias dificultades coa capacidade da pantalla. Esta era máis pequena do requirido polo formato Cinemascope, e a propia estrutura do cine non permitía instalar unha maior, xa que as paredes delimitaban case o espazo xusto da pantalla instalada na inauguración, e por moito que tentou ampliarse ao máximo non conseguiu chegarse ao tamaño demandado.

De aí que os filmes deste tipo fosen escasos, aínda que non inexistentes. E cando os había, tentábase solucionar o problema axustando unha lente ao proxector, pero os resultados nunca chegaron a ser satisfactorios, queixándose a xente de que as figuras aparecían moi alongadas. Isto é o que ocorreu, por exemplo, coa antedita *Ben-Hur*, na que tentaron esta solución tras unha primeira proxección onde a película saía "polos lados", o que ocorrerá sempre que se prescinda da lente. Estas mesmas razóns imposibilitaron o emprego do Cinerama, xa que a pantalla tampouco "daba" para el.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dos filmes exhibidos, en xeral, hai opinións de todo tipo, pero algo no que todo o mundo coincide, é en que se proxectaron películas moi boas, filmes de estrea, éxitos americanos, españois... Uns viñan contratados por lotes e cun prezo fixo, e outros, os menos (e nos que se esperaba acadar maiores dividendos), ao tanto por cen, como *La canción de Bernardette* (Henry King, EUA, 1943).

Dramas, aventuras, amor..., os xéneros predilectos seguen a ser os mesmos que en tempos anteriores.

De aí o éxito dos filmes de Tyrone Power, galán que espertaba paixóns na súa época, e do que se recorda especialmente o acontecemento que supuxo, ao pouco de abrir o cine, a proxección de catro das súas películas que viñan nun mesmo lote da Fox: *Chicago* (Henry King, EUA, 1937), *El hijo de la furia* (John Cromwell, EUA, 1942), *Suez* (Allan Dwan, EUA, 1938) e *El signo del zorro* (Rouben Mamoulian, EUA, 1940). Con eles viña tamén unha película española, que non quedou atrás en canto ao éxito colleitado, *El camino del amor* (José María Castellví, 1943), con Jacinto Quincoces.

Soado foi igualmente o éxito dos dramas: *La canción de Bernardette*, ao que xa se aludiu, con Jennifer Jones; *Qué verde era mi valle* (John Ford, EUA, 1941), de Maureen O'Hara; ou as mexicanas *El derecho de nacer* (Zacarías Gómez Urquiza, 1952), con Jorge Mistral, e *Allá en el rancho grande* (Fernando de Fuentes, 1949), con Jorge Negrete.

Pero tamén o das películas do Oeste, como a serie de filmes de curta duración de Kit Carson, e *La diligencia* (John Ford, EUA, 1939), con John Wayne. Ou thrillers coma *Luz de gas* (Thorold Dickinson, G.B, 1940); musicais coma *Nunca es tarde para amar* (Tito Davison, México, 1953), con Libertad Lamarque; e películas de cómicos coma Cantinflas, en *El gendarme desconocido* (Miguel M. Delgado, México, 1941).

Sen embargo, tamén hai casos de marcados fracasos, máis sorprendentes por canto menos esperados. Isto ocorreu con *Pastor Angelicus* (Romolo Marcellini, Italia, 1942), documental sobre a vida do Papa Pío XII, contratado por José González na espera de captar a atención pola súa vertente relixiosa, e que constituíu unha das maiores catástrofes deste cine, especialmente tendo en conta o publicitado que estivo.

Unha aceptación máis ben moderada foi tamén a que recibiu *Tú y yo* (Leo McCarey, EUA, 1939), drama romántico de éxito internacional protagonizado por Charles Boyer e Irene Dunne[259].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[259] "A nós non nos gustaba daquela, porque era de moito diálogo e moita interpretación, pero era moi boa...". Testemuño de José Fernández...

Pero aquí proxectáronse ademais outros moitos títulos de distintas nacionalidades, algúns deles francamente míticos: *Lo que el viento se llevó* (Victor Flemming, EUA, 1939); *Rebeca* (Alfred Hitchcock, EUA, 1940); *Pandora y el holandés errante* (Albert Lewin, G.B, 1951); *Caravana de mujeres* (William A. Wellman, EUA, 1951), con Robert Taylor; *Melodías de Broadway* (Vicente Minnelli, EUA, 1953), con Fred Astaire e Cyd Charisse; *Sissi* (Ernst Marischka, Austria, 1955); *Picnic* (Joshua Logan, EUA, 1955); *Esta tierra es mía* (Henry King, EUA, 1959), con Rock Hudson; *Los girasoles* (Vittorio de Sica, Italia-Francia-URSS, 1970), de Sofía Loren e Marcello Mastroianni; ou *Love Story* (Arthur Hiller, EUA, 1970).

Cartel publicitario do filme *Caravana de mujeres*. Arquivo propio

Cartel publicitario do filme *Picnic*. Arquivo propio

Tampouco desmerece a aceptación dos filmes españois, que foron de moi variado tipo. Destacan, entre os dramas: *Marcelino pan y vino* (Ladislao Vajda, 1954); *Murió hace quince años* (Rafael Gil, 1954), con Rafael Rivelles e Francisco Rabal; *Revelación* (Mario Costa, 1955), co segundo; ou *¿Dónde vas Alfonso XII?* (Luís César Amadori, 1958). Nas comedias: *Eloisa está debajo de un almendro* (Rafael Gil, 1943), con Amparo Rivelles; *El Capitán Veneno* (Luís Marquina, 1951), con Fernando Fernán Gómez e Sara Montiel; *La otra vida del Capitán Contreras* (Rafael Gil, 1955), de novo co primeiro; *Las chicas*

de la Cruz Roja (Rafael J. Salvia, 1958), con Concha Velasco, Toni Leblanc...; *La vida por delante* (Fernando Fernán Gómez, 1958); e *Fulano y Mengano* (Joaquín Luís Romero Marchent, 1959), con Pepe Isbert. Entre os musicais, gran fama tiveron no 1958 as cancións de Sara Montiel en *El último cuplé* (Juan de Orduña, 1957), con asistencia de xente que nunca fora ao cine, pero tamén a coprodución con México *Tres melodías de amor* (Alejandro Galindo, 1955).

Cartel publicitario do filme *Murió hace quince años*. Arquivo propio

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Máis títulos españois: *La tempestad* (Javier de Rivera, 1944), *Sabela de Cambados* (Ramón Torrado, 1948) e *El hereje* (Francisco Borja Moro, 1957). Tres filmes que, ademais, contan co engadido de manter unha estreita relación con Cambados; o primeiro e o último por ter escenas rodadas na vila, e *Sabela de Cambados* por estar ambientada ficticiamente nela.

E como modelo do que se amosaba nas pantallas, o programa das Festas de San Roque de 1957 dá unha relación dos filmes que nestas se proxectarían, ao tempo que anticipa os títulos dos que o Cervantes disporía na nova tempada, a partir de setembro.

Para os días propios da festa, 15 e 16 de agosto, prográmase a estrea dunha película do Oeste con Robert Mitchum, *Con sus mismas armas* (Richard Wilson, EUA, 1955). Séguelle, o domingo 18, *Limosna de amores* (Miguel Morayta, España-México, 1955), con "la genial revolucionaria del cante y baile flamenco, Lola Flores"[260]; e tamén nas primeiras semanas dese mes, *Unidos por el crimen* (Felix E. Feist, EUA, 1951), "un drama intenso de fuerte contextura, pletórico de acción, con la guapísima Ruth Roman y el duro Steve Cochran"[261]. A partir de setembro, chegarían: *El corazón no miente* (Juan Orol, España, 1950), "de intensidad emocionante, un drama que emocionará a todas las madres"[262]; o documental francés *El mundo del silencio* (Louis Cousteau e Jacques-Yves Malle, 1955), que "causará verdadera sorpresa a los hombres de mar, que conocen la dureza del trabajo en el mismo, pero desconocen lo que bajo sus barcas hai de cuento infantil"[263]; *La portera de la fábrica* (Maurice Cloche, Francia-Italia, 1949); e, en tecnicolor, *Era el Comandante Callicut* (Felix E. Feist, EUA, 1953), acción e aventuras con Randolph Scott, e *El temible burlón* (Robert Siodmak, EUA, 1952), neste caso con Burt Lancaster.

Xunto a elas anúncianse toda unha serie de estreas en Cinemascope, xa que pese ás dificultades vai seguir tentándose o adaptalas e proxectalas. Os títulos anunciados son: *Los caballeros se casan con las morenas* (Richard Sale, EUA, 1955), con Jane Russell; *El hombre de Kentucky* (EUA, 1955), dirixida e protagonizada por Burt Lancaster; *La hija del embajador* (Norman Krasna, EUA, 1956), con Olivia de Havilland e Mirna Loy; *París-Palace Hotel* (Henri Verneuil, Francia-Italia, 1956), con Charles Boyer; *Siete novias para siete hermanos* (Stanley Donen, EUA, 1954); *Fuego verde* (Andrew Marton, EUA, 1954), con Stewart Granger e Grace Kelly; *Pacto de honor* (André de Toth, EUA, 1955), filme do Oeste con Kirk Douglas; *Sitting Bull* (Sidney Salkow, EUA-México, 1954); *Alejandro Magno* (Robert Rossen, EUA-España, 1956), de Richard Burton;

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[260] Programa das Festas de San Roque de Cambados, 1957. APXAPS.
[261] Ídem.
[262] Ídem.
[263] Ídem.

Trapecio (Carol Reed, EUA, 1956), con Burt Lancaster, Tony Curtis e Gina Lollobrigida; e a comedia *Siete esposas para un marido* (Sidney Gilliat, EUA, 1955), con Rex Harrison.

Xa na segunda metade da década dos sesenta, comezaron a proliferar as coproducións, a maioría con participación española. Exemplo diso son dous contratos entre Isaac Fraga Penedo e Emilio Baños Santos (Atlántico Films) de finais de 1968 e 1969[264], onde o primeiro contrata para a exhibición, en calidade de estrea e en prazas da súa competencia (entre as cales se conta Cambados), filmes coma os que seguen: *El rey de África* (Sandy Howard, Italia-España, 1967), acción e aventuras con Pier Angeli; o thriller *La muerte no tiene sexo* (Massimo Dallamano, Italia-Alemaña Occidental, 1968); o filme bélico *Brigada suicida* (Alfonso Brescia, Italia-Francia, 1967); ou a comedia *Mercancía humana* (Gian Paolo Callegari, Italia-España, 1966). Pero xunto a elas, ocupan un lugar preferente as coproducións italo-españolas coñecidas comunmente como "spaghetti-westerns". Algúns exemplos: *Un hombre vino a matar* (León Klimovsky, 1967); *Dos cruces en Danger Pass* (Rafael Romero Marchent, 1967); *La hora del coraje* (Umberto Lenzi, 1967); *Con el corazón en la garganta* (Mario Caiano, 1968); ou *El sabor del odio* (Umberto Lenzi, 1968).

Nos inicios dos setenta a tónica segue a ser semellante, e así proxectaranse coproducións coma *El hombre que vino del odio* (León Klimovsky, España-Italia, 1971), *El más fabuloso golpe del Far-West* (José Antonio de la Loma, España-Italia-Francia-Andorra, 1972) ou *Shark! Arma de dos filos* (Samuel Fuller, EUA-México, 1969). Xunto a elas, producións patrias coma *Adiós cigüeña adiós* (Manuel Summers, España, 1972), ou *Los que tocan el piano* (Javier Aguirre, España, 1968), e norteamericanas como a comedia *Tuyos, míos, nuestros* (Melville Shavelson, EUA, 1968), o musical con Barbra Streisand *Vuelve a mi lado* (Vicente Minelli, EUA, 1970), as carreiras automovílísticas de Paul Newman en *500 millas* (James Goldstone, EUA, 1969), ou o western *En nombre de la ley* (Michael Winner, EUA, 1971), con Burt Lancaster.

Esta pluralidade de xéneros verase tamén reflexada no último mes no que o cine estivo aberto (decembro de 1973), como podemos observar nos cadros de programación[265]:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[264] Cartas contrato do 27-12-1968 e 15-12-1969. Arquivo persoal de Miguel Anxo Fernández Fernández (APMAFF).

[265] Estes cadros inclúen data de proxección e título do filme, así como a súa procedencia e a onde, e con que data, facer a devolución da copia do filme e demais elementos do ''pack''. Arquivo persoal de Antonio Gómez Búa (APAGB).

PROGRAMACION

VIGO 26 Noviembre de 1973

Local Cine Cervantes

Plaza CAMBADOS

FECHA Y TITULO	MATERIAL	RECIBE DE	DEVUELVE A	OBSERVACIONES
1º Diciembre Panico en el Bosque 18 años Color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Izaro - Coruña " " " " " "	Izaro - Coruña 27 " " 2 " " 2	
2 Diciembre Billy el Defensor 18 años Color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Warner - Vigo " " " " " "	Rua - Cine Avenida 27 Warner-Vigo 3 Rua-Cine Avenida 3	
8 Diciembre La Ciudad frente a mi 18 años	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Warner - Vigo " " " " " "	Warner - Vigo 3 " " 9 " " 9	
9 Diciembre Muerte de la 18 años Color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Warner - Vigo " " " " " "	Warner - Vigo 3 " " 10 " " 10	
15 Diciembre Max y los Chatarreros 18 años color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Izaro - Coruña " " " " " "	Noya 10 Izaro - Coruña 16 Noya 16	
16 Diciembre La Guerra de Murphy 14 años Color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Izaro - Coruña " " " " " "	Izaro - Coruña 10 " " 17 " " 17	

PROGRAMACION

VIGO 13 Diciembre 1973

Local Cine Cervantes

Plaza CAMBADOS

FECHA Y TITULO	MATERIAL	RECIBE DE	DEVUELVE A	OBSERVACIONES
22 Diciembre Nadie Oyo Gritar 18 años Color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Baños - Vigo " " " " " "	Baños - Vigo 17 " " 23 " " 23	
23 Diciembre Prestame 15 Dias 18 años Color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Izaro - Coruña " " " " " "	Cangas - 17 Madrid 24 Cangas 24	Muy urgente Muy Urgente - de estreno el 25
25 Diciembre El Puente de Remagen 18 años color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	C. B. Fabra - Coruña " " " " " "	C. B. Fabra - Coruña 24 " " 26 " " 26	
29 Diciembre Requiem por un Canalla 14 años	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Baños - Vigo " " " " " "	Baños - Vigo 26 " " 30 " " 30	
30 Diciembre 50 Millones y una Mujer 18 años Color	Trayler Fotos Prop. extra Copia	Mercurio - Coruña " " " " " "	Mercurio - Coruña 26 " " 31 " " 31	
	Trayler Fotos Prop. extra Copia			

UDC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Extracto dos cadros de programación do Cine Cervantes, ano 1973. APAGB

Altérnanse aquí thrillers, como *Pánico en el bosque* (Sidney Hayers, G.B, 1971) e *Nadie oyó gritar* (Eloy de la Iglesia, España, 1973), con películas de acción, como *Billy, el defensor* (Tom Laughlin, EUA, 1971), e as de tinte bélico *La guerra de Murphy* (Peter Yates, G.B, 1971) e *El puente de Remagen* (John Guillermin, EUA, 1969). O drama veu da man da mexicana *Requiem por un canalla* (Fernando Orozco, México, 1968), xunto a *La ciudad frente a mi* (Vincent Sherman, EUA, 1959), drama de tintes xurídicos e morais con Paul Newman, e *Max y los chatarreros* (Claude Sautet, Francia-Italia, 1971), drama policíaco-romántico coa parella Michel Piccoli-Romy Schneider. Mentres, a comedia servírona Sophia Loren con *Mortadela* (Mario Monicelli, Italia-Francia, 1971), e Concha Velasco, Alfredo Landa, José Luís López Vázquez e Gracita Morales con *Préstame quince días* (Fernando Merino, España, 1971).

Mención aparte merece *Cincuenta millones y una mujer* (Peter Hall, G.B, 1970), comedia de atracos co reclamo de Úrsula Andress, que se convertería na última película proxectada no Cervantes, o 30 de decembro do 1973.

Por outra banda, o Cervantes, ao abarcar case todo o período do Réxime franquista, colleu tamén de pleno a época da censura, dende os seus anos máis radicais e intransixentes á relativa flexibilidade e "apertura" dos últimos tempos. Para iso, os rolos das películas viñan acompañados por unha folla de censura na que se especificaban os cortes[266].

Censura moral, política... No segundo caso, por exemplo, cortábase toda alusión a folgas, rebelións, militares ou á palabra "República". Aínda hoxe se recorda como "había películas que viñan con dez cortes, todo o que dixera a palabra 'huelga' viña cortada. Se era unha película destas de americanos onde están traballando nos portos e din que van recorrer ao sindicato para facer folga... eso censurado"[267].

En canto á censura moral, unha das películas máis afectadas foi por exemplo *El séptimo cielo* (Henry King, EUA, 1937), película de James Stewart "que tiña moito de collela a ela por unha escalinata, de estar nun xardín... e todo eso corte, corte, corte... tiña vinte e sete ou trinta e sete cortes, unha cousa así, eu recordo que viña a folla chea, xa era mellor que a eliminaran..."[268]. Tamén se tiña moito coidado en todo o alusivo á Igrexa...

E xunto á censura, estaba tamén a clasificación dos filmes pola Oficina Nacional Calificadora de Espectáculos[269]. Destas cualificacións informaba puntualmente a Junta

[266] "As películas... viñan en rollos –esta de *La canción de Bernardette* traía catorce, a de *Qué verde era mi valle* tamén doce ou catorce- valas montando e hai que pegalas con acetona, e entonces fórmanse en tres ou catro bobinas. E alí traen tamén un sobre e nel viña a folla de censura". Testemuño de José Fernández...

[267] Testemuño de José Fernández...

[268] Ídem.

[269] En: 1 ("Todos, incluso niños"), 2 ("Mayores de 14 años"), 3 ("Mayores de 18 años"), 3R ("Mayores de 18 años, con reparos") e 4 ("Gravemente peligrosa").

Nacional de Acción Católica, que nos anos sesenta realizaba unhas fichas que eran expostas na praza da Casa do Concello, na Igrexa..., e que en Cambados facían referencia tanto aos filmes do Cervantes coma aos do Avenida. Entre estas fichas, habíaas que eran un simple listado cos títulos e clasificacións, e outras máis detalladas, con datos técnicos, sinopse e comentario final "clarificador"[270].

Tampouco faltaron outros espectáculos en paralelo, aínda que en menor medida, ao do cine. Realmente, tanto José González coma Fraga non adoitaban alugar para teatro, porque o local non era moi axeitado, e cando o facían era máis ben por "compromiso", con compañías coas que se traballara dende a apertura... Por exemplo, Xan das Bolas, que facía comedia, actuou ao pouco de estrearse o cine, e ao longo dos anos a súa compañía volverá en numerosas ocasións. É o mesmo caso o da compañía Torrado, que veu igualmente con certa frecuencia.

Pero as dificultades tamén han ser habituais debido á falta de espazo. A problemática en canto ao tamaño da pantalla terá o seu equivalente na estreiteza do escenario, e nas dificultades que iso comportaba para todo tipo de representacións[271]. Cando estas tiñan lugar, había que poñer o acceso dos artistas ao escenario por medio dunha escaleira na parte interior de onde estaba o despacho de billetes, onde había unha porta falsa. Tampouco había camerinos nin nada que se lle semellase, e había que por un biombo para que os artistas se cambiasen tras del. Aínda así, o Cine Cervantes aparecerá rexistrado como Teatro-Cine na relación de locais onde poder realizar campañas teatrais na provincia de Pontevedra[272].

Á parte de teatro, veu por exemplo "un señor que se chamaba Sansón, que dobraba arames, e encheuse o cine"[273], e incluso se celebrou un Festival de música e danza, o 2 de marzo de 1963, coa participación do Orfeón Universitario Compostelano e o Grupo de Danzas do Sindicato Español Universitario[274].

Coa entrada da década dos setenta o auxe e euforia construtiva de cines, que acadara o seu cumio a mediados dos sesenta e pasara a estabilizarse (e pouco a pouco a decaer) na segunda metade, sofre un cambio, pasando a inverterse o proceso. Comezan agora a pechar cada vez máis salas no ámbito rural, cunha progresiva concentración do sector no medio urbano.

---

[270] Ver exemplos de ambos tipos de fichas no Anexo III.

[271] E todo iso a pesar da relativa ampliación do local, que tanta polémica orixinara.

[272] Informe da Delegación Provincial, 1963/1964. AHPP. Espectáculos, cine e teatro: 1962-1965. *Información e Turismo*. Caixa 30, sen inventariar.

[273] Testemuño de José Luis Durán...

[274] Solicitude de autorización do Secretario do S.E.U. do Distrito Universitario ao Delegado Provincial do Ministerio de Información y Turismo, 28-2-1963. AHPP. Espectáculos, cine e teatro: 1962-1965. *Información e Turismo*. Caixa 30, sen inventariar.

O xerme desta crise, que levará a unha mingua gradual no número de espectadores, víñase intuíndo xa dende principios dos sesenta. As causas: a relativa mellora económica, que permitía o acceso do común da poboación aos usos e costumes dunha sociedade de consumo, cun dos seus máximos expoñentes na adquisición de automóbiles; e, especialmente, a aparición dun novo medio, un perigo emerxente que a non tardar converterase na grande ameaza para o sector cinematográfico, a televisión.

Cambados, con dúas salas en activo a principios dos setenta, tamén se verá afectado por todos estes feitos. Finalmente, e despois dunha década de competencia co Avenida, un cine que o avantaxaba en case tódolos aspectos (acondicionamento das instalacións, calidade da exhibición, novidade dos filmes...), o Cervantes acabará por ceder e, ante unhas perdas cada vez máis acusadas, e non podendo manter por máis tempo o ritmo da exhibición, en decembro de 1973 pechará as súas portas para sempre.

Entrada do Cine Cervantes. 1955, na súa época de esplendor. Arquivo propio



Entrada do Cine Cervantes. 1973, ano do peche. Arquivo propio

1.2.5. CINE AVENIDA (1961-1988): O "CINE NOVO", CHEGA A "MODERNIDADE"

Cuarto grande cine da vila, e terceiro en lonxevidade cos seus vinte e sete anos en activo, a apertura do Avenida obedeceu a ese momento de auxe e expansión de principios dos sesenta, no que o mercado cambadés podía facer fronte sobradamente á existencia de dous cines, con cheos nas sesións de ambos os dous. Denominado "cine novo" por causas que se sobreentenden, viviu anos de auxe e esplendor, pero tamén lle tocou "campar" coa crise do sector dos anos setenta e oitenta, nestes últimos xa como único representante do cine en Cambados.

Ao abranguer estas décadas, viviu os decisivos cambios políticos que afectaron á vida española en tódolos seus ámbitos, e polo tanto tamén ao cinematográfico. Experimentou neste senso a mudanza dun período onde a censura estaba aínda vixente (aínda que na súa vertente máis moderada), ao final do franquismo coa morte de Franco no 1975, a abolición da censura no 1977, a época da Transición e os primeiros anos da democracia española, coa eclosión do socialismo.

José Otero Otero e Antonio Cuiñas y Cuiñas foron os que, como socios a medias, erixiron a empresa, investindo o capital para a súa posta en marcha e posterior desenvolvemento. O segundo conseguía así, por fin e tralo interese previo pola adquisición do Variedades, entrar no negocio da exhibición cinematográfica. Pero en realidade o negocio foi posto a nome da filla do primeiro, María Jesús Otero Sarmiento, consecuentemente a primeira empresaria feminina do sector en Cambados. Ela foi a encargada de levar a administración e dirixir todo o relativo ao cine, cando menos ata finais dos anos setenta.

A andadura deste cine comeza o 13 de febreiro de 1960, cando María Jesús Otero, que se define como maior de idade, solteira, dedicada ás súas labores e residente na rúa do Príncipe, remite un comunicado ao alcalde no que expón:

> "Que en un terreno de su propiedad sito en la Calle de la Avenida del Muelle o Nueva desea proceder a la construcción de un Salón destinado a Cinematógrafo de carácter público... habiéndose cumplido todos los requisitos necesarios a tal respecto y ofreciendo cumplir igualmente todos los demás que fueran pertinentes... Suplica ...que a la mayor brevedad posible le sea concedida la licencia municipal para la realización de tal obra."[275]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O terreo, unha horta sen edificación anterior, estaba situado non moi lonxe do Cervantes e cubría unha superficie de 585 metros cadrados de superficie.

[275] Instancia de solicitude, 13-2-1960. AMC. *Expediente de Construcción do Cine Avenida. 1960*. 470/3.

Vai acompañada a instancia dos planos correspondentes, realizados polo arquitecto Alfonso Barreiro Buján. Será el o que se encargue da dirección das obras, contando como aparellador con Octavio del Rio Castro[276] e como mestre de obras cun veciño de Cambados, Antonio Pérez Rey (alcumado "o de Segundo")[277].



Planos de Alfonso Barreiro Buján con alzado, sección frontal e transversal.
AMC. *Expediente de Construción do Cine Avenida. 1960*. 470/3

[276] Notificación de Octavio del Rio Castro ao alcalde de Cambados, 19-4-1960. AMC. Ídem.
[277] Irmán do coñecido escultor Narciso Pérez.



Planos de Alfonso Barreiro Buján con planta de Xeral e de Butacas.
AMC. *Expediente de Construción do Cine Avenida. 1960*. 470/3

O 24 de marzo dese mesmo ano, Alfonso Barreiro presenta a Memoria correspondente ao proxecto, especificando nela que:

> "...dado su situación en el casco urbano se ha procurado... el proyectar un edificio que no desentone en la zona donde está enclavado, los materiales a emplear... serán los corrientes en la localidad y todos ellos de primera calidad, las instalaciones se dispondrán para su perfecto funcionamiento, así como la mano

> de obra... rechazándose todo aquello que a juicio de la Dirección no reúna las debidas condiciones" [278].

Vese de novo a preocupación polo ornato público, coa conseguinte atención ao aspecto externo, que ten o seu equivalente na que tamén esperta o interno. De ambos os dous danos abundante información o apartado "Medicións" contido nesta Memoria. Por medio del coñecemos o emprego dos distintos materiais: granito para os cimentos; formigón armado, por exemplo nos pisos de Anfiteatro e Xeral; ladrillo na planta de cabina e servizos, embocadura do escenario ou na varanda do Anfiteatro... Pero tamén sabemos que contaba con chanzos de terrazo, pavimento de baldosas, azulexos brancos nos servicios, beirís sobre as portas principias de fábrica de ladrillo enlucido... Ou a utilización de distintos tipos de madeira: pasamáns da escaleira de castiñeiro, piso do escenario en piñeiro sobre vigas de eucalipto, portas de entrada e interiores, e marcos das fiestras, de novo con castiñeiro... O custo da execución de todo este proxecto calculouse en 804.780 pesetas.

Revisado todo isto, o 18 de maio o alcalde comunica a autorización, acordada pola Comisión Municipal Permanente o día 9, para a "construcción de un edificio destinado a Cinematógrafo en la calle Nueva"[279], que deberá contar cunhas axeitadas condicións hixiénico-sanitarias. Como condición previa para que a autorización se faga realidade, está o pagamento dos dereitos municipais (6.224 pesetas), no prazo de quince días.

Arranxados tódolos trámites, as obras desenvolveranse ao longo dun período superior a un ano, inaugurándose o novo edificio o sábado 1 de outubro de 1961. A película que fixo os honores foi *El árbol del ahorcado* (Delmer Daves e Karl Malden, EUA), un filme do Oeste de 1959 coa presencia de Gary Cooper, seguido de inmediato por *Los últimos días de Pompeya* (Mario Bonnard e Sergio Leone, Italia-España-Mónaco-Alemaña Occidental, 1959), con Steve Reeves e Fernando Rey[280].

Coa súa apertura, asistimos á aparición dun cine adaptado aos novos tempos, ás novas necesidades, tanto dos espectadores como do pobo en xeral (co mellor acondicionamento do local para o seu emprego en actos públicos), pero tamén da evolución das técnicas cinematográficas.

Non hai dúbida de que este foi, no referente a instalacións, o mellor dos cines que houbo en Cambados: amplitude do local, pantalla grande (podíase proxectar en todo tipo de formatos, e agora por fin, o Cinemascope xa non supuña ningún problema), calefacción de óptimo rendemento, comodidade das butacas... De aí o asombro causado na súa estrea,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[278] Memoria do Proxecto de Construción do Cine Avenida, 24-3-1960. AMC. Ídem.
[279] Comunicación do 18-5-1960. AMC. Ídem.
[280] Testemuño de María Jesús Otero...

xa que a xente non podía deixar de sentirse impresionada ao comparalo cos cines anteriores.

Contaba o local cunha zona de Butacas, outra de Anfiteatro e outra de Xeral, as tres en niveis diferentes. No baixo, o patio de Butacas era o que posuía un maior número de prazas, ocupando con iso unha maior superficie. Ante esas butacas, o escenario e unha grande pantalla, e detrás delas, antes de entrar no espazo da sala propiamente dito, había unha antecámara de descanso con, á súa dereita, o bar do cine, e á esquerda uns aseos. Nun segundo nivel estaba o Anfiteatro, que contaba con dúas únicas fileiras, situadas ante as de Xeral. Nesta mesma planta había outra antecámara, de menor amplitude que a inferior, e un pequeno bar, en realidade complemento do anterior, así como uns segundos aseos. Por último, xa no piso superior, as gradas de Xeral, e tras delas, a cabina de proxección xunto co almacén.

Entre as tres zonas sumaban ao redor dunhas 1000 localidades, máis da metade (553) pertencentes a Butaca. Unha capacidade, por tanto, moi por riba da de tódolos demais cines, pero esta aínda podía ampliarse ás veces a 100 prazas máis, cunhas cadeiras de tesoira que se empregaban cando, nas películas "grandes", o aforo quedaba cuberto na súa totalidade. Ante este (ilegal) procedemento, os controladores que viñan con este tipo de filmes facían a "vista gorda", xa que de feito, ao levar unha porcentaxe do despacho de billetes, o aumento de localidades tamén redundaba no seu favor.

Unha vez aberto o cine, os cartos nel investidos foron recuperados nun tempo moi breve, xa que os primeiros anos da década dos sesenta foron a época de esplendor deste local (como tamén do Cervantes). No momento da súa inauguración había unha soa televisión en todo Cambados, e nos seguintes anos, aínda que o número destas foi en aumento, non supuxo aínda unha ameaza (tan só se emitían filmes unha ou dúas veces á semana, era en branco e negro...). Non será ata finais dos sesenta cando a situación comece claramente a empeorar.

A súa "rivalidade" co Cervantes foi tamén mítica, e deu pé a numerosas anécdotas da historia local, nas que os dous cines tentaban superarse mutuamente. Isto ocorreu xa dende o mesmo día da inauguración: á apertura do Avenida, o Cervantes "contraatacou" coa proxección de *Esta tierra es mía*, trala cal, o novo cine proxectou *Sissi*, que foi lido polos espectadores da época coma un "si, si" claramente irónico, en resposta á "defensa do territorio" do anterior. ¿Simples coincidencias ou clara intencionalidade?. Pode que a elección dos títulos non estivese en mans dos empresarios, pero dende logo, a xente do pobo prefería a segunda opción.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un recordo por todos compartido é que os cambadeses ían moitísimo ao cine (especialmente nos anos sesenta). Atraían tamén, os dous locais, á xente das aldeas dos arredores, e á parte da afluencia de espectadores, é de resaltar que moitos ían incluso a

dúas películas seguidas, primeiro á dun cine e despois á doutro. Isto ocorría especialmente cando nun deles botaban unha película de grande reclamo: ao esgotarse as entradas, a xente compraba para a seguinte sesión, pero namentres ía ver o filme que proxectasen no outro local, independentemente de cal fose.

No Avenida destacaba especialmente a asistencia, por riba de tódolos demais tipos de espectadores, da xente do mar e dos nenos. Estes últimos configuraban un público fiel, que non dubidaba en visionar unha película as veces que fixese falta, se esta espertaba o seu interese.

O feito de ser Cambados unha vila mariñeira foi determinante para a marcha tanto deste, como dos demais cines. Pero no caso concreto do Avenida este factor acusouse aínda máis.

Asistían ao local moitos mariñeiros, entre semana e ás sesións de tarde e noite. Ás veces ían despois de faenar, pero tamén era moi frecuente que, cando o mal tempo lles impedía facerse ao mar, optasen por asistir ao cine, que para máis señas estaba situado ao lado do Pósito. Por iso non resulta estraño que no Avenida se alterasen, moitas veces, os horarios das sesións en función do calendario de mareas. Ademais, estes mariñeiros "llegaban con las patelas y se iban a General, siempre. Incluso los domingos, cuando iban arreglados, seguían yendo a General, porque estaban acostumbrados"[281]. Esta elección de Xeral era, máis que unha diferenciación social, un acto motivado polo costume, xa que na época do Avenida o nivel económico da profesión estaba, máis ou menos, equilibrado con respecto a outras.

Tamén en relación co mar estaba o período de máis auxe do cine: o inverno, para máis concretar entre outubro e maio. Nestes meses, que era cando os barcos ían ó marisqueo, ao rematar as ventas na Lonxa a xente aproveitaba e metíase na sesión das 19:00.

Todo isto foi habitual "hasta que llegó el fútbol"[282], xa que, pouco a pouco, os mariñeiros comezaron a substituír cada vez con máis frecuencia a asistencia ao cine polo visionado dos partidos, ata chegar un punto no que pasaron a preferir o último.

Pero este cine tamén sufriu un cambio de mans en canto á súa explotación. Andando cara á década dos oitenta, xa na época da Transición, tralos primeiros e axitados anos de cambio socio-político e do incipiente despuntar da democracia, María Jesús Otero comeza a perder o interese pola actividade cinematográfica e decide alugar o negocio, motivada fundamentalmente pola aparición, e rápido triunfo, do chamado "destape".

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[281] Testemuño de María Jesús Otero...

[282] Ídem. Refírese, evidentemente, á retransmisión televisada deste deporte.

No 1978 ten lugar o cambio de mans do cine, que é arrendado por un período de dez anos, comprendido entre o 1 de setembro de 1978 e o mesmo día do 1988, por Jesús Pérez Rodríguez, vigués que explotaba un cine en Cangas e xerente da empresa Gallega de Cine S.L.

O contrato de arrendamento data do 6 de agosto do 1978, e nel aparecen rexistradas, como propietarias a partes iguais, María Jesús Otero e Emilia Cuiñas Álvarez, filla de Antonio Cuiñas. Malia iso, seguirá a ser a primeira a que leve o peso das negociacións e tramitacións burocráticas, tanto na práctica como sobre o papel, sendo ademais a única nomeada como empresaria no resto dos documentos sobre o cine.

As cláusulas contidas no contrato especifican[283]: a duración e prazo xa sinalados, prorrogable un ano ou máis de haber un novo acordo; renda de 55.000 pesetas mensuais, revisada anualmente de xeito automático; prohibición de realizar todo tipo de obras sen permiso escrito, así como de subarrendar o negocio ou parte del; o arrendatario farase cargo da exhibición das películas contratadas aínda pendentes de exhibición, así como dos gastos e impostos do negocio; o número de empregados do cine (seis), non poderá aumentar, pero si diminuír; e ao remate do contrato, as instalacións e maquinaria deberán estar en perfectas condicións.

Este cambio de titularidade, aínda que a efectos prácticos xa foi unha realidade dende 1978, non a será a efectos legais ata o 6 de maio de 1986[284].

No referente ao persoal que traballaba no local, no despacho de billetes estaba Emilio Millán Cacabelos (alcumado Emilio "O Gallego"), que ademais foi quen primeiro rexentou o bar do local. E como no cine tamén traballaban outros membros da súa familia, non faltou quen se referise ironicamente ao Avenida como "El Centro Gallego". No posto do despacho de billetes foi substituído, dende mediados dos setenta, por María del Carmen Álvarez Iglesias, mentres que o bar pasou logo a mans de Ramón Estonllo Casais. Xa entrados os oitenta, a labor de despachar billetes recaeu en Jacobo Álvarez Porto.

Coa entrada de Jesús Pérez, Antonio Gómez Búa, que xa traballara con anterioridade no Cervantes, pasou a ser o encargado do cine. Recibía as películas, dicía cales proxectar, daba a orde aos operadores (nese período, Ramiro Portas Oubiña, e Eladio Fariña Diz como axudante)..., todo iso entre 1978 e 1986, dous anos antes do peche.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[283] Contrato de Arrendamento da Industria Cine Avenida, 6-8-1978. Servicios Periféricos do Ministerio de Cultura de Pontevedra (SPMCP). Subdelegación do Goberno Civil. *Expediente Cine "Avenida" Cambados*. Legajo 4544.

[284] Expediente de cambio de titularidade do Cine Avenida de Cambados, tramitado entre o 7-3-1986 e o 15-5-1989. SPMCP. Ídem.

O Avenida contaba, ao igual que o Cervantes, con dous acomodadores, para cada un dos seus pisos. As entradas estaban tamén numeradas e había que sentarse onde tocase, pero este foi un costume que aquí non durou moito.

O cine comezou a súa andadura contando xa con dúas máquinas de proxección, o que permitía poñer as películas "de corrido".

As proxeccións eran case tódolos días da semana, aínda que a frecuencia variase segundo que épocas. Un dos anos que se recordan cunha maior actividade foi 1978 (coincidindo co aluguer a segundos), no que, parece ser, houbo funcións practicamente tódolos días.

En cambio, conforme avancemos cara mediados dos oitenta, atoparémonos con que comeza a haber algún día entre semana que se marca de vez en cando como descanso, e xa a partires de finais do 1985 implántase un día semanal para ese fin (prioritariamente o mércores). Tamén cara a metade da década comeza, entre semana, a reducirse o número de sesións diarias, que pasan das tres anteriores[285], a unha, ou como moito dúas, nalgúns días —aleatorios e dependendo do filme a exhibir— da semana.

O custo das entradas variou, e moito, ao longo destes anos. Ademais, mentres que nos primeiros tempos aínda existía diferenza de prezo entre as distintas zonas, a principios dos setenta vai pasar a imporse a "clase única", co mesmo custo para tódalas prazas do local. Un motivo determinante para isto foi que por eses anos pasou a pecharse a zona de Anfiteatro e Xeral, empregando tan só no común das sesións a zona de Butaca. Os pisos superiores pasaron a ser unha "reserva" para as estreas máis sobresaíntes, cando o aforo do inferior non era suficiente.

O último ano no que se pode observar, aínda, unha diferenza nas entradas de Xeral con respecto das demais, é 1972. Os prezos, segundo os días, foron os seguintes:

Laborables:
- Butaca e Anfiteatro: 18 ptas
- Xeral: 15 ptas

Vésperas de festivos:
- Butaca e Anfiteatro: 20 ptas
- Xeral: 18 ptas

Festivos:
- Butaca e Anfiteatro: 22 ptas
- Xeral: 20 ptas

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[285] Na mudanza de década dos setenta para os oitenta, e co gallo do cambio de explotación no cine, dáse tamén un cambio e estabilización nos horarios, que pasan a ser, diariamente: 17:45, 19:30 e 22:30, co engadido algúns domingos dunha cuarta ás 15:45. Estes horarios iranse modificando, aínda que sen cambios excesivos, cara os últimos anos antes do peche.

É no 1973 cando se operará o cambio, pasando a venderse unicamente un tipo de localidade: as de Butaca.

O prezo destas sufriu, ao longo das dúas décadas seguintes, viraxes máis ou menos bruscos, tanto á alta como á baixa, e con diferenciación, non polo tipo de localidade, pero sí polo día de proxección (semana fronte a fin de semana e festivos varios) e sesión (concretamente, sesión Infantil). Para facernos unha idea das variacións, o mellor xeito é observar un cadro aproximativo da evolución dos prezos neses anos:

EVOLUCIÓN DO PREZO DAS ENTRADAS NO CINE AVENIDA: 1973-1988[286]

DATA	DÍAS	SESIÓNS	PREZOS
1973	Laborables, festivos e vésperas	Todas en laborables; tarde e noite en festivos	18 ptas
	Festivos	Infantil (15:00/15:30)	9 ptas
1974	Laborables	Todas	18 ptas
	Festivos	Todas	25 ptas
1975	Laborables, festivos e vésperas	Todas	35 ptas
1976	*SEN DATOS*		
1977	Laborables, festivos e vésperas	Todas	50 ptas
1978	Laborables, festivos e vésperas	Todas	40 ptas
1979	Laborables, festivos e vésperas	Todas	75 ptas
1980	Laborables, festivos e vésperas	Todas	75 ptas
1981 (ata novembro)	Laborables e festivos	Todas (17:45, 20:00, 22:30)	100 ptas
	Festivos	Infantil (15:45)	75 ptas
1981 (dende novembro)	Laborables	Todas (17:45, 20:00, 22:30)	100 ptas
	Festivos	Adultos (17:45, 20:00, 22:30)	125 ptas
		Infantil (15:45)	75 ptas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[286] Cadro estimativo provinte de documentación plural. Faltan datos de 1976, así como dos horarios das sesións nalgúns períodos. Fontes varias (fundamentalmente das *Relaciones de precios del Cine Avenida-Cambados*, 1973-1987, SPMCP, Legajo 4544, e dos *Partes de liquidación de taquilla, 1981-1986,* APAGB). Elaboración propia.

1982/1983	Laborables	Todas (17:45, 20:00, 22:30)	100 ptas
	Festivos (+ luns que repiten película do domingo)	Adultos (17:45, 20:00, 22:30)	125 ptas
	Festivos	Infantil (15:45)	75 ptas
1984 (ata xuño)	Laborables e festivos	Todas (17:45, 20:00, 22:30)	150 ptas
	Festivos	Infantil (15:45)	100 ptas
1984 (dende xuño)	Laborables	Todas (17:45, 20:00, 22:30)	150 ptas
	Festivos (+ luns que repiten película do domingo)	Adultos (17:45, 20:00, 22:30)	175 ptas
	Festivos	Infantil (15:45)	100 ptas
1985 (ata novembro)	Laborables	Todas (17:45[287], 20:00, 22:30)	150 ptas
	Festivos (+ luns que repiten película do domingo)	Adultos (17:45, 20:00, 22:30)	175 ptas
	Festivos	Infantil (15:45)	100 ptas
1985 (dende novembro)	Laborables e festivos	Luns a venres: 19:30, 22:00 Sábados e festivos: 17:30, 19:30, 22:00	200 ptas
	Festivos	Infantil - 15:30	100 ptas
1986	Laborables e festivos	Luns, martes, xoves e venres: 19:30 e/ou 22:00 Sábados e festivos: 17:30, 19:30, 22:00	200 ptas
	Festivos	Infantil - 15:30	100 ptas (ata maio) 150 ptas (dende maio)
1987/1988	Laborables	Todas	200 ptas
	Sábados e festivos	Todas	250 ptas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[287] Esta sesión das 17:45 en laborable, era suprimible ás veces.

Observamos como, no 1973, ao darse o cambio a un só tipo de entrada, o prezo fíxase en 18 pesetas, sen facer nun primeiro momento diferenciación entre os distintos días do calendario. Do 1973 ao 1974 ese custo mantense, pero no segundo ano pasará a facerse de novo unha distinción nos festivos, nos que aumentará a 25 pesetas, diferenza bastante acusada con respecto ao común dos días.

No ano seguinte, en cambio, iguálanse de novo os prezos, cunha subida de 10 pesetas. Ao internarse na segunda metade da década segue o aumento gradual, acadando as 50 pesetas no 1977. Non obstante, o 1978 acusa unha baixada ás 40 (cadrando co cambio na explotación do cine), recuperándose de seguido ao ano posterior, cunha rechamante subida a 75 pesetas, prezo que seguirá a manterse ao longo de 1980.

Coa entrada da nova década o incremento das entradas segue, e no 1981 custarán 100 pesetas, que pasarán a 125 nos festivos cara fin do ano. Nos dous anos seguintes manteranse os prezos, ata 1984, ano no cal chegan a 150[288], rexistrando incluso unha nova subida a 175 en festivos.

Nos últimos tempos, preto xa o peche do cine, a tarifa estabilizouse nas 200 pesetas para os días laborables e 250 en sábados e festivos. Prezos que seguirán a manterse, aproximadamente, ata a o momento da clausura.

Como se reflicte no cadro, tamén se facían sesións infantís, pero só os domingos (e algúns festivos) ás 15:00/15:30 ou 15:45h horas, para que enlazase co filme de seguir. Estes pases contaban cun prezo especial, máis barato, e aínda que aquí non aparezan sinalados en tódalas ocasións, en realidade foron moi frecuentes.

Á parte disto, durante moito tempo houbo os venres a chamada entrada de "Fémina" (habitual tamén nas demais poboacións, non só en Cambados), coa que un home podía levar unha acompañante sen que pagase. Así, ás mulleres saíalles gratis a entrada, polo que non faltaban "...las más atrevidas, que se ponían en la puerta y te pedían que las llevaras"[289].

Tanto María Jesús Otero coma Jesús Pérez traballaron coa Empresa Fraga, que tiña a súa sede en Vigo. O distribuidor ía á casa do empresario para tramitar os alugamentos dos filmes, nunhas negociacións que eran moi complicadas. Isto foi debido, especialmente, a que os tempos das estreas en poboacións coma Cambados non tardaron en rematar, e así, as películas debían proxectarse previamente en Pontevedra, Vilagarcía... e outros lugares con dereito primeiro de explotación, para poder pasar despois ás prazas "menores". Había excepcións, e ás veces películas máis "pequenas", ou canda menos non tan destacadas,

[288] Dáse a posibilidade de que este incremento a150 pesetas xa tivese lugar na segunda metade de 1983.
[289] Testemuño de José Luis Durán...

pasaban directamente a poboacións coma Cambados, cando as carteleiras dos cines urbanos estaban ocupadas con estreas máis sobresaíntes. Neste senso, Fraga non dubidaba en empregar pequenas trampas, como contratar un bloque de películas para Vigo e del tomar as menos importantes para cederllas directamente a Cambados, sen un novo contrato, co que, por unha banda, Fraga aforraba cartos, e pola outra, en Cambados estreábanse certos filmes antes que, por exemplo, en Vilagarcía.

Adoitábase alternar con diferentes casas; Distribuidora Bengala (Filmax), Atlántico Films (Emilio Baños Santos), Exclusivas Floralba..., e o criterio de selección viña marcado, evidentemente, polo gusto e reacción do público ante as novidades. María Jesús Otero explica, por exemplo, como "nunca cogía las películas de ese boxeador que luego se hizo actor, Eddie Constantine, no sabía ni como eran. Pero un día puse una y al público le encantó, así que luego las compramos todas"[290]. Este actor[291] contou deste xeito cunha grande aceptación en Cambados, especialmente na primeira década do funcionamento do cine.

Das películas proxectadas, sobra dicir que as houbo de todo tipo. No caso das españolas había que proxectar un tanto por cen fixo[292], e para dar fe diso rexistrar o recadado nos libros de contas, que logo eran examinados polos inspectores. Isto tiña o seu reflexo nos Controles de despacho de billetes, e por iso, no 1966 podemos ver como o Cine Avenida comete unha infracción sinalada como "Falta taquilla nacional"[293], é dicir, que non deran conta da recadación dos filmes españois.

O NO-DO, que a Cambados sempre chegaba cun pouco de atraso, tamén era obrigatorio unha vez á semana. Da proxección deste aínda se deron exemplos no 1978 ou incluso en 1979[294]. É o caso das sesións do 11 de febreiro do primeiro, acompañando a *Fray Dólar* (Raúl Peña, España, 1970); ou o 4 de agosto de 1979, antecedendo a proxección de *El cazador* (Michael Cimino, EUA, 1978).

Pero a obriga referente ao cine nacional non supuña en realidade ningún sacrificio, xa que os filmes españois eran os que gozaban, en xeral, de mellor aceptación.

[290] Testemuño de María Jesús Otero...

[291] Eddie Constantine interpretou filmes como *Agente federal en Roma* (Pierre Chevalier, Francia-Italia, 1956), *Eddie en acción* (Werner Klinger, Alemaña Occidental, 1958), *Eddie el gánster* (Michel Deville, Francia, 1964)... pero tamén outras de maior renome, como *Cleo de 5 a 7* (Agnès Varda, Francia-Italia, 1961) ou *Lemmy contra Alphaville* (Jean-Luc Godard, Francia-Italia, 1965).

[292] Que se materializaba nalgúns casos na obrigatoriedade de exhibir un filme español á semana, aínda que a normativa variou moito ao longo dos anos.

[293] Control de taquilla 3-5-1966. AHPP. Espectáculos, cine e teatro: 1964-1966. 1968-1972. *Información e Turismo*. Caixa 41, sen inventariar.

[294] O fin da obrigatoriedade da proxección do NO-DO data de 1975, pero inda seguiría a exhibirse de canda en vez ata 1981.

Isto ocorreu na década dos sesenta e boa parte dos setenta, especialmente coas películas nas que houbese cancións que o público puidese corear. Moi recordadas neste sentido son as películas de Sara Montiel, entre as que destacan; *La violetera* (Luis César Amadori, 1958), estreada neste cine, e *El último cuplé*, proxectada primeiro no Cervantes. No segundo caso, o feito de tratarse dunha reposición e non da estrea rematou por redundar no favor do Avenida, xa que ante o entusiasmo espertado pola proxección no Cervantes, a maioría dos espectadores volveron repetir, sumándose os que quedaran sen vela de primeiras.

Outro éxito español foi o de *¡Bienvenido Mister Marshall!* (Luis García Berlanga, 1952), e a el engadiranse, en xeral, tódalas películas interpretadas por Tony Leblanc, Pepe Isbert, Marisol, Pili e Mili (aínda que en menor medida)...

Aos éxitos nacionais seguíronos os conseguidos polas películas do Oeste, nas que a xente aplaudía cando chegaba o famoso Séptimo de Cabalería. Menor era en cambio o das comedias de Jerry Lewis, relativa pero non excesivamente apreciadas.

Na escala de éxitos deses anos (sesenta e setenta) seguen aos filmes de vaqueiros, os de Jorge Negrete e, logo xa, casos individuais de grande calidade: *Duelo al sol* (King Vidor, Otto Brower e William Dieterle, EUA, 1946), con Gregory Peck e Jennifer Jones; *Mujercitas* (Mervyn Le Roy, EUA, 1949), con Janet Leigh, Elisabeth Taylor, June Allyson...; *Los diez mandamientos* (Cecil B. De Mille, EUA, 1956), de Charlton Heston; Yul Brynner e Deborah Kerr en *El rey y yo* (Walter Lang, EUA, 1956); ou *La jauría humana* (Arthur Penn, EUA, 1966), con Marlon Brando.

Os dramas seguen a ser outra constante entre os títulos máis celebrados, abranguendo ademais todo tipo de nacionalidades: dende a norteamericana, con *La esclava libre* (Raoul Walsh, 1957), *Parrish* (Delmer Daves, 1961) ou *Esplendor en la hierba* (Elia Kazan, 1961); á italiana, con *Mandinga* (Mario Pinzauti, 1976); ou mexicana, en *La mujer marcada* (Miguel Morayta, 1957).

Tamén nos setenta proxectáronse filmes menos coñecidos como: o filme do Oeste *Soldado azul* (Ralph Nelson, EUA, 1970); *¿Quién es Harry Kellerman?* (Ulu Grosbard, EUA, 1971), con Dustin Hoffman, para maiores de dezaoito; a coprodución para tódolos públicos, *La isla misteriosa y el Capitán Nemo* (Juan Antonio Bardem e Henri Colpi, España-Francia-Italia-Camerún, 1973)... Ou, xa morto Franco e grazas aos novos aires que se respiraban no sector, a italiana para maiores de dezaoito, *La ronda del placer* (Marcello Fondato, 1975), con Vittorio Gassman e Claudia Cardinale.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Andando un pouco máis adiante no tempo, na década dos oitenta, podemos ter información sobre os filmes máis vistos por ano, o cal, valorado xunto aos que os seguen

en canto a número de espectadores/recadación, da unha idea dos filmes proxectados e máis apreciados nesa década. Encabezando os diferentes anos estiveron:

PELÍCULAS MÁIS VISTAS NO CINE AVENIDA: 1981-1986 [295]

ANO	DATA DE PROXECCIÓN	TÍTULO	RECADACIÓN
1981	29 e 30 de outubro	*Vuelven los caraduras*	149.250 ptas
1982	6 e 7 de febreiro	*El crimen de Cuenca*	200.125 ptas
1983	2, 3, 4 e 5 de xullo	*E.T el extraterrestre*	350.800 ptas
1984	14, 15, e 16 de xaneiro	*Flashdance*	171.300 ptas
1985	19, 20 e 21 de xaneiro	*Gremlins*	175.525 ptas
1986	5, 6, 7 e 8 de abril	*Regreso al futuro*	200.600 ptas

Á cabeza do 1981 está *Vuelven los caraduras* (Hal Needham, EUA, 1980), acción, comedia e romance con Burt Reynolds e Sally Field. Non moi lonxe de Burt Reynolds, teriamos a Andrés Pajares e Fernando Esteso dándolle ao boxeo na comedia *Yo hice a Roque III* (Mariano Ozores, España, 1980), e a continuación Roger Moore como 007 en *Sólo para sus ojos* (John Glen, G.B, 1981)[296]. Tres protagonistas ben diferentes, pero orientados sempre cara o xénero da comedia e das aventuras.

Na primeira fila do 1982 vemos un éxito español, *El crimen de Cuenca* (Pilar Miró, 1980). Con motivo disto, temos que sinalar que os filmes españois seguiron a gozar de grande aceptación entre o público cambadés, e así, xunto ao filme de Pilar Miró, destacarán nesa década, de entre os filmes españois de máis "calidade", *Los Santos inocentes* (Mario Camus, 1984), pero tamén *Patrimonio nacional* (Luis García Berlanga, 1981), ou incluso *Deprisa, deprisa* (Carlos Saura, 1981) e o cine ''quinqui'' de *El pico* (Eloy de la Iglesia, 1983) e *Los últimos golpes del Torete. Perros callejeros III* (José Antonio de la Loma, 1980). Pero en realidade, os que espertaron, e espertarán, nestes anos un maior entusiasmo

[295] Fonte: *Libros de contas e partes de liquidación de taquilla do Cine Avenida de Cambados: 1981 a 1986*, de Antonio Gómez Búa, APAGB. Cadro aproximativo, por falta de información nalgúns meses de 1981, 1982 e 1986. Elaboración propia.

[296] As aventuras do axente 007, sexa co rostro de Roger Moore ou co de Sean Connery, tiveron un –exitoso- seguimento neste cine, coa proxección, aparte da citada, de: *Moonraker* (Lewis Gilbert, G.B, 1979), *Octopussy* (John Glen, G.B, 1983), *Nunca digas nunca jamás* (Irvin Kershner, G.B, 1983) e *Panorama para matar* (John Glen, G.B, 1985).

foron os títulos protagonizados por Pajares e Esteso, máximos expoñentes do "destape" hispano, que xeralmente superaban en acollida a calquera filme americano[297]. Algúns exemplos: *Todos al suelo* (Mariano Ozores, 1982), *La Lola nos lleva al huerto* (Mariano Ozores, 1984), *El soplagaitas* (Mariano Ozores, España, 1981), *El liguero mágico* (Mariano Ozores, España, 1980)… por nomear só algúns dos títulos máis aplaudidos.

A principios desta década atoparemos, ademais, ocasións nas que o filme principal a proxectar ía acompañado por unha curtametraxe española. É o caso, por poñer algún exemplo, de *Viajando por el Mare Nostrum* (José Alcon Traver, 1981), co filme español *La mano negra* (Fernando Colomo e Alan de Herrera, 1980), o 12 de maio de 1982 nun programa para maiores de 16 anos; e *Playas de Santander* (José Andrés Alcalde, 1981), que acompañou á norteamericana *Juegos de guerra* (John Badham, 1983), nas sesións do 19 de agosto de 1984.

Tamén a principios da década, con especial incidencia entre 1980 e 1983 (aínda que tamén máis aló), e de acordo cos tempos que corrían de ‘‘destape’’ e maior liberdade que se vivían, chamará a atención a abundancia de filmes eróticos/’‘picantes’’ de títulos que pouco deixaban á imaxinación respecto do carácter do seu argumento. Como vemos nos seguintes exemplos, estes filmes eran especialmente de nacionalidade:

- Española: *Visanteta, estáte quieta* (Vicente Escrivá, 1979), *Profesor eróticus* (Luís María Delgado, 1981), *El fontanero, su mujer, y otras cosas de meter…* (Carlos Aured, 1981), *Apocalipsis sexual* (Carlos Aured, Sergio Bergonzelli, 1982), *Las calientes orgías de una virgen* (Antoni Verdaguer, 1983)…
- Italiana: *Doctora en sexo* (Sergio Ammirata, Fernando Di Leo, 1974), *Perversión familiar* (Tiziano Longo, 1975), *La profesora lo enseña todo* (Guido Leoni, 1975), *La casada y el impotente* (Sergio Bergonzelli, 1976), *Bajo las sábanas con la doctora* (Gianni Martucci, 1976), *Experiencias sexuales en el internado* (Guido Leoni, 1976), *La violación de la señorita Julia* (Francesco Barilli, 1978), *¿Por qué no hacemos el amor?* (Maurizio Lucidi, 1981)…
- Alemá (Alemaña Occidental): *Profesión: bígamo* (Franz Antel, 1969), *Las calientes chicas de Múnich* (Walter Boos, 1972), *Colegialas perversas* (Ernst Hofbauer, 1972), *Aprobada en sexología* (Walter Boos, Ernst Hofbauer, 1972), *El sexo sentido* (Walter Boos, 1976)…

Aínda que tamén as había doutras nacionalidades, coma *La casa de los mil placeres* (Max Pécas, Francia, 1974) ou a serie de Ilsa: *Ilsa, la loba de las SS* (Don Edmonds, Canadá, 1975), *Ilsa, la tigresa de Siberia* (Jean LaFleur, Canadá, 1977) e *Ilsa, la hiena del harén* (Don Edmonds, Canadá, 1976).

[297] Da proxección dos filmes nos primeiros tempos do "destape" tamén quedaron moitas anécdotas. Unha delas conta como, para enfastiar á xente nova, ao chegar a escena "cumio" (en xeral os espidos), o operador escurecía moitas veces a pantalla, ante o cal a xente comezaba a berrar desesperada "¡a luz, a luz!".

Volvendo ao cadro anterior, dous filmes que supuxeron un fito na historia do Avenida foron: *E.T.* (Steven Spielberg, EUA, 1982) e *Regreso al futuro* (Robert Zemeckis, EUA, 1985), para os cales houbo que abrir a marquesiña, contando ademais con cheos absolutos en case tódalas súas sesións, xa que a xente (especialmente os nenos) volvía a velas unha e outra vez. Non quedaron moi atrás *Flashdance* (Adrian Lyne, EUA, 1983) e *Gremlins* (Joe Dante, EUA, 1984), ou tamén a famosa triloxía galáctica: *La Guerra de las Galaxias* (George Lucas, EUA, 1977), *El Imperio contraataca* (Irvin Kershner, EUA, 1980) e *El retorno del jedi* (Richard Marquand, EUA, 1983), todas elas proxectadas co conseguinte entusiasmo dos espectadores.

No caso concreto de *E.T el extraterrestre*, o seu éxito foi tal, que o mes no que se exhibiu, xullo de 1983, foi o considerado como o mellor en canto a ingresos e número de espectadores na década dos oitenta. Non está de máis ver unha táboa coas proxeccións dese mes para comprobalo:

FILMES EXHIBIDOS NO CINE AVENIDA EN XULLO DE 1983[298]

DÍA	PELÍCULA	RECADACIÓN
Venres 1	*Cocodrilo* (Sompote Sands, Tailandia, 1979)	7.375
Sábado 2	*E.T. el extraterrestre* (Steven Spielberg, EUA, 1982)	108.600
Domingo 3	*E.T. el extraterrestre*	201.100
Luns 4	*E.T. el extraterrestre*	33.600
Martes 5	*E.T. el extraterrestre*	7.500
Mércores 6	*Tac-tac* (*Han violado a una mujer,* Luis Alcoriza, España-México, 1982)	4.250
Xoves 7	*Colt 38. Escuadra especial* (Massimo Dallamano, Italia, 1976)	7.500
Venres 8	*Colt 38. Escuadra especial*	4.000
Sábado 9	*La hija de Ryan* (David Lean, G.B, 1970)	14.000
Domingo 10	*La furia de Chicago* (Robert Clouse, EUA-Hong Kong, 1980)	72.700
Luns 11	*La furia de Chicago*	17.700
Martes 12	*Marihuana connection* (Russ Mayberry, EUA, 1977)	4.125
Mércores 13	*Marihuana connection*	2.125
Xoves 14	*Senso* (Luchino Visconti, Italia, 1954)	4.375

[298] Fonte: *Libros de contas e partes de liquidación de taquilla do Cine Avenida de Cambados: 1981 a 1986*, APAGB. Elaboración propia.

Venres 15	*Piraña* (Joe Dante, EUA, 1978)	11.125
Sábado 16	*Hordas salvajes* (Kon Ichikawa, Japón, 1978)	12.875
Domingo 17	*Rocky III* (Sylvester Stallone, EUA, 1982)	110.050
Luns 18	*Rocky III*	24.450
Martes 19	*Tú estás loco Briones* (Javier Maqua, España, 1981)	2.625
Mércores 20	*La verdadera historia de Frankenstein* (Jack Smight, G.B, 1973)	9.625
Xoves 21	*La verdadera historia de Frankenstein*	7.750
Venres 22	*Puente aéreo* (Pedro Masó, España, 1981)	5.875
Sábado 23	*Furiosamente enamorado* (Franco Castellano e Giuseppe Moccia, Italia, 1981)	15.600
Domingo 24	*Furiosamente enamorado*	86.100
Luns 25	*El hijo del cura* (Mariano Ozores, España, 1982)	162.300
Martes 26	*El hijo del cura*	15.000
Mércores 27	*No respondas al teléfono* (Robert Hammer, EUA, 1980)	12.000
Xoves 28	*El forjador de ídolos* (Taylor Hackford, EUA, 1980)	3.875
Venres 29	*El forjador de ídolos*	2.500
Sábado 30	*Los mares de China* (Tay Garnett, EUA, 1935)	6.375
Domingo 31	*El beso de la pantera* (Paul Schrader, EUA, 1982)	102.450
	TOTAL	1.079.525 Ptas.

Certo é que para acadar a categoría de mes ‘‘á cabeza’’, a *E.T.* axudáronlle as visicitudes de Fernando Esteso en *El hijo del cura*, os puños de Stallone en *Rocky III*, a metamorfose de Nastassja Kinski en *El beso de la pantera*, ou o *Furiosamente enamorado* Adriano Celentano. Todas elas contribúen a poñer este mes en cabeza dun ano que, por outra banda, é considerado como o de mellor rendemento do cine Avenida na década dos oitenta, en canto a días de proxeccións (practicamente diarias salvo excepcións), sesións (tres ou catro diarias, cun mínimo de público en todas elas) e recadacións, especialmente as conseguidas por películas (a maiores das xa nomeadas) coma: *Poltergeist: fenómenos extraños* (Tobe Hooper, EUA, 1982), *Porky’s* (Bob Clark, Canadá, 1981), *El señor de las bestias* (Don Coscarelli, EUA-Alemaña Occidental, 1982), *Gandhi* (Richard Attenborough, G.B-India-EUA-Sudáfrica, 1982), *Oficial y caballero* (Taylor Hackford, EUA, 1982)…

Tamén nesta década recuperáronse éxitos da anterior non exhibidos aquí no seu momento (en certos casos por problemas de censura), como *El graduado* (Mike Nichols, EUA, 1967), que non se proxectou ata 1981, e indicada para maiores de 16; *La naranja*

mecánica (Stanley Kubrick, G.B-EUA, 1971); *El jovencito Frankenstein* (Mel Brooks, EUA, 1974) ou os bailes e cancións de John Travolta e Olivia Newton-John en *Grease* (Randal Kleiser, EUA, 1978).

Pasaron así mesmo polo local que nos ocupa, todo tipo de heroes e superheroes, dende *Flash Gordon* (Mike Hodges, EUA-G.B-Países Bajos, 1980) e *Conan el destructor* (Richard Fleischer, EUA-México, 1984), a Christopher Reeve no seu papel de Superman, en *Superman III* (Richard Lester, G.B-EUA, 1983) e *Superman IV* (Sidney J. Furie, G.B-EUA, 1987), ou a súa versión feminina, *Supergirl* (Jeannot Szwarc, G.B-EUA, 1984).

Acción, ciencia-ficción... ou ámbolos dous xuntos, tiveron a súa representación en filmes coma: *Platoon* (Oliver Stone, EUA-G.B, 1986); *Terminator* (James Cameron, EUA-G.B, 1984); *Blade Runner* (Ridley Scott, EUA, 1982)...

Outro grande éxito, o da violencia de *Holocausto caníbal* (Ruggero Deodato, Italia, 1980) e o morbo espertado pola teórica veracidade das súas imaxes. Ou, como non, os filmes de Bud Spencer e Terence Hill, en *Quien tiene un amigo… tiene un tesoro* (Sergio Corbucci, Italia-EUA, 1981) e *Dos super super esbirros* (Enzo Barboni, Italia-EUA, 1983), ou a aposta sempre segura de Cantiflas en filmes coma *El barrendero* (Miguel M. Delgado, México, 1982).

Mención aparte requiren os filmes de artes marciais, que foron unha constante (con maior ou menor éxito) todos eses anos: *Kárate a muerte en Bangkok* (Wei Lo, e Chia-Hsiang Wu, Hong Kong, 1971), *Tormenta de kung fu en el paraíso* (Chia-Liang Liu, Hong Kong, 1978), *El águila acecha la guarida del tigre* (Chan-Wei Lin, Hong Kong, 1980), *El último combate* (See-Yuen Ng, Sammo-Kam Bo Hung, Corey Yuen, Hong Kong-Corea do Sur, 1980)…

Nas sesións infantís, algúns dos títulos máis significativos entre os proxectados foron: *El libro de la selva* (Wolfgang Reitherman, EUA, 1967), *D'Artacan y los tres mosqueperros* (Luis Ballester Bustos, España-Japón, 1981), *Snoopy, ven a casa* (Bill Meléndez, EUA, 1972)..., todas elas en debuxos animados. Aínda que os filmes nesta técnica fosen os máis abundantes para este tipo de sesións, tampouco faltaron os de imaxe real, como *El sheriff y el pequeño extraterrestre* (Michele Lupo, Italia, 1979), de Bud Spencer, ou *La segunda guerra de los niños* (Javier Aguirre, España, 1981), do grupo Parchís. Para un público máis xuvenil, abondaron en cambio producións como *El secreto de la pirámide* (Barry Levinson, EUA, 1985), *Los Goonies* (Richard Donner, EUA, 1985), *La historia interminable* (Wolfgang Petersen, Alemaña Occidental-EUA, 1984) ou *Los cazafantasmas* (Ivan Reitman, EUA, 1984).

Por outra banda, en Cambados as películas proxectadas no cine daban pé, tamén, a disfraces de Entroido moi ocorrentes e traballados. Das proxectadas no Avenida, son

especialmente recordados os inspirados en: *El árbol del ahorcado*, o que constata o impacto provocado polo primeiro filme aquí exhibido, *Ben-Hur*, *El rey y yo* e *Los diez mandamientos*.

No referente ás actividades alternativas no local, aínda que as había, nunca foron demasiado numerosas. Non se deron practicamente representacións teatrais, pero en cambio si foron máis habituais os mitins políticos (dende o remate da ditadura), as actuacións de saltimbanquis para os rapaces, actuacións de bandas de música... e mesmo se celebrou un concerto do grupo de música folk Milladoiro.



Interior do Cine Avenida no mitin de peche de campaña de Unión Galega (candidatura independente ás eleccións municipais). 6-5-1983. APXAPS

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así mesmo, na década dos oitenta serviu como sede ao Cineclub cambadés[299], que de tódolos xeitos non tivo unha vida excesivamente longa.

A este cine tocoulle vivir de cheo os anos de crise do sector. Materializarase esta na aparición, e xeneralización, doutros modos de ocio e diversión que van desprazar a hexemonía cinematográfica de décadas anteriores, coma o cine fixera no seu momento co teatro e as variedades. Estamos a falar da televisión, cada vez máis difundida e que comeza a ampliar a oferta cinematográfica na súa programación, pero tamén dun novo aspecto: as discotecas. Estas últimas, que proliferarán cada vez máis, serán outro factor importante á hora de "roubar" asistentes ao cine. A iso hai que sumarlle a incipiente tendencia ao desprazamento de fin de semana para asistir ás estreas de primeira man nos centros urbanos máis próximos (no caso de Cambados, especialmente Vilagarcía e Pontevedra).

Isto verase dun xeito aínda máis claro nos anos oitenta, onde estes factores van ir acusándose en cada vez maior medida, sumándose a eles o encarecemento das entradas, a crise económica xeral e a expansión do vídeo.

A crise tomará pouco a pouco un carácter definitivo, a pesar dun relativo rexurdir motivado pola supresión da censura e a proxección de filmes anteriormente prohibidos, así como o desenvolvemento dunha industria propia que propugna aspectos antes vedados (o xa comentado "destape").

A situación dos cines nos anos oitenta é, por tanto, realmente grave. Cambados, afectado como tódolos demais pobos por este convulso panorama (que incidirá incluso nas grandes cidades), aínda "aguantou o tirón" por varios anos.

Pero o 1 de setembro de 1988, rematado o contrato de alugueiro por parte de Jesús Pérez, non haberá unha renovación do mesmo. Por iso podemos dar esta data como a do peche concluínte do cine Avenida[300], e como moi probable filme de clausura *Masters del Universo* (Gary Goddard, EUA, 1987), filme fantástico protagonizado por Dolph Lundgren.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[299] Ver apartado correspondente.

[300] Aínda que a baixa do negocio farase plenamente efectiva o 15 de febreiro do 1989, despois da revisión realizada en novembro do ano anterior. Datos tomados da *Baixa do Cine Avenida de Cambados e o Cine Quiroga de Marín*. SPMCP. Subdelegación do Goberno Civil. *Expediente Cine "Avenida" Cambados*. Legajo 4544.

1.2.6 CINE AVENIDA (1994-1999): A DERRADEIRA EXPERIENCIA

Nos anos oitenta, ao ambiente de crise imperante vaise sumar un cambio, paulatino e en paralelo a tódalas circunstancias comentadas, nos modos de exhibición. É dicir, na propia tipoloxía dos locais e na actividade destes. Dende principios da década van comezar a xurdir, fronte ás salas únicas de elevado aforo, os multicines. De menor tamaño pero maior amplitude na súa oferta cinematográfica (grazas á posibilidade, pola súa división en varias salas de proxección, de contar cun maior número de películas en cartel a un tempo), e situados en baixos de céntricos bloques de edificios, en áreas comerciais... ou similares, pronto van imporse ao modelo tradicional.

O segundo Cine Avenida, como fillo do seu tempo, obedece a todos estes cambios. Con seis escasos anos de actividade, que o converten no cine cambadés de menor duración, abriu outros seis despois do peche do anterior, nun momento no que a crise do sector cinematográfico aínda seguía a manterse, para, cara á segunda metade dos noventa, comezar pouco a pouco a emendarse.

A iniciativa da realización deste cine proviu de Gonzalo González Castro, empresario cambadés dedicado á hostalería e grande afeccionado á sétima arte. Isto último víñalle xa de familia, posto que o seu pai fora operador no Juventud e axudante no Cervantes. Da súa propiedade era o local onde se situou o cine, no que el mesmo rexía outro negocio, o Mesón Avenida. Por iso, a pesar de retomar o nome do seu predecesor, a elección non derivou realmente dese feito, senón do nome do establecemento previo.

Situado na céntrica rúa Ourense (de novo nas inmediacións de onde se erixiron tódolos demais cines), non requiriu polo tanto da construción dun edificio propio, senón que ocupou un baixo preexistente adaptándoo ás súas necesidades.

No dito baixo acondicionouse unha sala que amosaba características similares ás de tantas outras coetáneas. De moi pequeno tamaño (o seu aforo era de tan só 105 localidades), contou coas últimas técnicas en canto a dotación de maquinaria, sistema de son (Dolby estéreo), aire acondicionado..., e cando menos veu suplir a necesidade dun cine en Cambados.

O novo Cine Avenida inaugurouse o xoves 20 de xaneiro de 1994, sendo o primeiro filme que se viu na súa pantalla *Máximo riesgo* (Renny Harlin, EUA-Francia-Italia, 1993), protagonizado por Sylvester Stallone. Uniuse a el, nas sesións infantís do fin de semana e mailo luns seguinte, o filme de Walt Disney *Bambi* (David Hand, EUA, 1942). E nese mesmo mes; *Sommersby* (Jon Amiel, EUA-Francia, 1993), *Como agua para chocolate* (Alfonso Arau, México, 1992), *El fugitivo* (Andrew Davis, EUA, 1993) e *El libro de la selva* (que xa proxectara nos seus tempos o Avenida anterior).

Primeiro programa do Cine Avenida. Arquivo propio

Xurdiu con moita ilusión e numerosos proxectos pola parte do seu empresario. Das intencións iniciais[301] destacan a de proxectar xunto ás novidades, títulos que xa abandonasen a carteleira comercial pero que no seu momento fosen éxitos destacados. Xunto a esta intención (levada a cabo), manifestase tamén a de crear un "Día do espectador" (tamén posto en práctica), e outro día á semana no que se exhibirían dúas películas das xa proxectadas en sesión continua. Para isto tentouse acadar unha subvención do concello, que non saíu adiante, polo que a iniciativa non rematou por tomar corpo.

Os horarios impostos para as sesións foron nun principio as 18:00, 20:00 e 22:45 horas (as dúas últimas cambiadas de seguido a 20:15 e 23:00), correspondéndose a primeira á sesión infantil, que nos fins de semana adiantábase ás 16:00, ampliando por tanto o número de funcións. Pensouse nun principio en realizar proxeccións diarias, pero, remitida a euforia inicial, pasou a descansarse un día á semana (mércores), e xa nos últimos tempos dous (mércores e xoves).

Os prezos no momento da apertura foron:

- Fins de semana, festivos e vésperas: 400 ptas
- Laborables: 350 ptas
- Sesións infantís: 300 ptas

Aos que hai que sumar o "Día do espectador" (os luns) e o "Día do carné Xove" (a partir do 1998, os martes), cos prezos fixados en 300 pesetas.

Ata o ano do peche, en 1999, as entradas sufriron un incremento de 50 pesetas, pasando a custar 400 en tódalas sesións, manténdose así mesmo os prezos especiais nos dous días arriba sinalados.

As películas proxectadas responderon á carteleira deses anos: filmes de aventuras, románticos, thrillers, dramas, películas oscarizadas, outras menos coñecidas...

Das que acadaron unha maior repercusión, encabeza a lista fóra de toda dúbida o éxito internacional *Titanic* (James Cameron, EUA, 1997). Proxectada en dúas ocasións (a primeira durante quince días, en abril e xuño do 1998, e a segunda oito, en xullo e agosto do mesmo), pasaron polo cine cambadés unhas 3.000 persoas para vela, cifra realmente incrible e non igualada en ningunha outra ocasión. Seguírona, aínda que a unha distancia considerable, *El rey león* (Roger Allers e Rob Minkoff, EUA, 1994), proxectada do 6 ao 18 de abril do 1995, e *Los Picapiedra* (Brian Levant, EUA, 1994), entre o 1 e o 11 de decembro do 1994.

[301] Recollidas en *LVG*, 19-1-1994, edición Arousa p. 34 (1-3).

Entre os éxitos norteamericanos (nacionalidade predominante dos filmes proxectados) que aquí repetiron relativamente as xenerosas recadacións doutros cines, estarían: *Parque jurásico* (Steven Spielberg, 1993), *La lista de Schindler* (ídem, 1993), *La tapadera* (Sydney Pollack, 1993), *El silencio de los corderos* (Jonathan Demme, 1991), *Philadelphia* (Jonathan Demme, 1993), *Forrest Gump* (Robert Zemeckis, 1994), *Entrevista con el vampiro* (Neil Jordan, 1994), *Pulp Fiction* (Quentin Tarantino, 1994), *Batman* (Tim Burton, 1989), *Leyendas de pasión* (Edward Zwick, 1994), *Speed* (Jan De Bont, 1994), *Misión imposible* (Brian De Palma, 1996), *Independence Day* (Roland Emmerich, 1996), *El paciente inglés* (Anthony Minghella, 1996), ou *Mejor... imposible* (James L. Brooks, 1997).

Tampouco faltaron filmes que abranguesen dende a máis pura acción, con *Blanco humano* (John Woo, EUA, 1993), *Demolition man* (Marco Brambilla, EUA, 1993) ou *En tierra peligrosa* (Steven Seagal, EUA, 1994); a comedias como *Los visitantes* (Jean-Marie Poiré, Francia, 1993), *Cuatro bodas y un funeral* (Mike Newell, G.B, 1994), *La máscara* (Chuck Russell, EUA, 1994), *Dos tontos muy tontos* (Peter e Bobby Farrelly, EUA, 1994), *La boda de Muriel* (P.J. Hogan, Francia-Australia, 1994), *El profesor chiflado* (Tom Shadyac, EUA, 1996), *Jerry Maguire* (Cameron Crowe, EUA, 1996), *Bean* (Mel Smith, G.B, 1997) ou *Full Monty* (Peter Cattaneo, G.B, 1997).

As películas españolas foron numerosas, pero, todo hai que dicilo, non se contaron en xeral entre as de mellor acollida. Algúns exemplos: *Kika* (Pedro Almodóvar, 1993), *La flor de mi secreto* (ídem, 1995), *El amante bilingüe* (Vicente Aranda, 1993), a oscarizada *Belle Epoque* (Fernando Trueba, 1992), *El baile de las ánimas* (Pedro Carvajal, 1993), *Todos los hombres sois iguales* (Manuel Gómez Pereira, 1994), *Los peores años de nuestra vida* (Emilio Martínez Lázaro, 1994), *Historias del Kronen* (Montxo Armendáriz, 1994), *Boca a boca* (Manuel Gómez Pereira, 1995), *El amor perjudica seriamente la salud* (ídem, 1996), *El día de la bestia* (Alex de la Iglesia, 1995), *Tesis* (Alejandro Amenábar, 1996), *Abre los ojos* (ídem, 1997), *El perro del hortelano* (Pilar Miró, 1995), *Airbag* (Juanma Bajo Ulloa, 1997)... ou *Sempre Xonxa* (Chano Piñeiro, 1989)[302].

Outros filmes exhibidos neste cine: *Un mundo perfecto* (Clint Eastwood, EUA, 1993), *La casa de los espíritus* (Bille August, EUA-Alemaña-Dinamarca-Portugal, 1993), *El piano* (Jane Campion, Australia-Nueva Zelanda-Francia, 1993), *En el nombre del padre* (Jim Sheridan, Irlanda-G.B, 1994), *La edad de la inocencia* (Martin Scorsese, EUA, 1993), *Casino* (ídem, EUA-Francia, 1995), *Fresa y chocolate* (Tomás Gutiérrez Alea e Juan Carlos Tabío, Cuba-México-España, 1993), *Acoso* (Barry Levinson, EUA, 1995), *Doce monos* (Terry Gilliam, EUA, 1995), *Sentido y sensibilidad* (Ang Lee, EUA-G.B, 1995), *Pena de muerte* (Tim Robbins, EUA-G.B, 1995), *Trainspotting* (Danny Boyle, G.B,

[302] Como homenaxe ao seu director en conmemoración do Día das Letras Galegas, o 17 de maio de 1995.

1996), *La teniente O'Neil* (Ridley Scott, EUA, 1997), *Sé lo que hicisteis el último verano* (Jim Gillespie, EUA, 1997), *Salvar al soldado Ryan* (Steven Spielberg, EUA, 1998)... Por poñer algúns exemplos dos máis coñecidos.

Para os nenos tamén foron abundantes as propostas. En debuxos animados destacou a proxección, por exemplo, de: *Fievel va al Oeste* (Phil Nibbelink e Simon Wells, EUA, 1991), *Aladdin* (Ron Clements e John Musker, EUA, 1992), *101 dálmatas* (Clyde Geronimi e Hamilton Luske, EUA, 1961) ou *Pocahontas* (Mike Gabriel e Eric Goldberg, EUA, 1995). En imaxe real: *La familia Adams: la tradición continúa* (Barry Sonnenfeld, EUA, 1993), *El jardín secreto* (Agnieszka Holland, EUA-G.B, 1993), *¡Liberad a Willy!* (Simon Wincer, EUA-Francia, 1993), *Casper* (Brad Silberling, EUA, 1995), *Flipper* (Alan Shapiro, EUA, 1996), *Matilda* (Danny De Vito, EUA, 1996)...

As actividades alternativas no local foron practicamente inexistentes, por estar este acondicionado unicamente para a exhibición cinematográfica. Porén, destacará por méritos propios unha iniciativa manifestada polo dono dende a apertura; os programas didácticos para escolares de Cambados e parroquias, para os cales contactou dende un principio con directores dos diferentes colexios da comarca.

Aínda así, esta intención non se materializará ata 1999, cando se suxeite ao programa da campaña "Cine na escola" patrocinado pola Fundación Caixa Galicia[303]. Único cine da comarca do Salnés que acolleu esta campaña, o 28 de abril proxectaranse unha serie de sesións co filme *Un mundo a su medida* (Peter Chelsom, EUA, 1998), protagonizado por Sharon Stone. Participaron na xornada, orientada a alumnos de quinto e sexto de Primaria, uns catrocentos alumnos cambadeses dos colexios de Castrelo, San Tomé, Magariños e Vilariño.

Pero o grande problema co que topou este cine dende os seus inicios, e que levou ó seu pronto peche, é algo xeneralizado nos cines das vilas que pertencen a circuítos secundarios (por non dicir terciarios) na área da distribución. Iso derivará en feitos como a tardía chegada das películas (moitas con escaso marxe de diferenza respecto dos videoclubs), ou o inconveniente dos lotes de exhibición, xa que cunha película de interese, vén un número maior que non o ten. Isto, que non é novo nin exclusivo do Avenida, nel tería o inconveniente de que, ao contar cunha soa sala de proxección, na maioría dos casos non era posible darlles saída dun modo airoso.

Estes feitos, entre outros (repetición de moitas películas proxectadas, tamaño da sala, comodidade...), xogaron en detrimento do funcionamento do cine, xa que os seus espectadores potenciais optaron, cada vez con máis frecuencia, polo desprazamento de fin de semana para ver as estreas nas poboacións máis próximas, ou simplemente esperar

[303] *LVG*, 28 e 29-4-1999, edición Arousa, p. 43 (1) e 49 (1-3) respectivamente.

á saída en vídeo pola comodidade de vela na casa. Problema, o das formas domésticas de acceso ao audiovisual, que xa viña de antes, pero que neste caso se acentuara pola perda de hábito na asistencia ao cine, inducida pola falta dunha sala de proxección durante varios anos.

Polo dito, o criterio de programación do cine non respondeu satisfactoriamente ás expectativas nel depositadas, a pesar dos esforzos, especialmente nun principio, por proxectar filmes que puidesen semellar un tanto "arriscados", como *Rojo* (Krzysztof Kieslowski, Francia-Polonia-Suíza, 1994)[304], *Lloviendo piedras* (Ken Loach, G.B, 1993)...

Ante este panorama, non tardou Gonzalo González en pensar en deixar o cine. Xa en abril de 1997 manifestaba: "para mantener un cine de cien butacas hay que hacer muchísimos esfuerzos, ya que supone una facturación mensual de al menos medio millón de pesetas. Estoy pensando en dejarlo"[305]. Entre as distintas razóns que o impulsaban a esa decisión, alegaba que "por cada película buena, se aprovechan y te meten cuatro malas. Lo que ganas en una lo pierdes en el resto. Y de las películas españolas, de cada cien funciona una"[306]. Optou sen embargo por seguir tentando manter o cine a flote, aínda que xa nos últimos tempos, houbo días nos que incluso se tiveron que suspender as proxeccións pola ausencia de público.

Non será ata 1999 cando a súa decisión tome un cariz definitivo. A pesar de vir anunciándoo dende principios de ano, o cine cambadés pechou o martes 29 de xuño de 1999, para aproveitar as estreas do inverno. Proxectouse ese día, en sesións de 17:45, 20:15 e 23:00, *La vida es bella* (Roberto Benigni, Italia, 1997), película trala cal Cambados quedou de novo, e polo de agora, carente dun edificio dedicado ao cine.

Como un último apunte, compre dicir que algúns anos máis tarde, unha noticia aparecida na prensa en outubro do 2002[307], fixo recobrar as esperanzas de retomar de novo unha vida "cinematograficamente activa" neste concello, xa que, aínda que non houbo un proxecto de apertura ou construción dun cine como tal, si se deu unha proposta de empregar o material procedente deste último cine para o acondicionamento dunha sala no Instituto de Secundaria Ramón Cabanillas. Un acordo ao que chegaron Caixa Galicia, o concello de Cambados e o citado Instituto, para permitir ás dúas primeiras entidades dispor dun local capacitado para a proxección. A orixe do proxecto databa de mediados dese ano, coa proposta de Gonzalo González e dos responsables do Instituto ao concello,

[304] Filme considerado como "non demasiado comercial", que non pasara sequera polas pantallas vilagarcianas, e que foi proxectado en Cambados con máis de tres meses de diferenza con respecto da estrea.
[305] *FV*, 27-4-1997, p. 7 (1-3).
[306] Ídem.
[307] *LVG*, 11-10-2002, edición Arousa, recorte de prensa sen paxinar (APXAPS).

para que este comprase a antiga maquinaria e as butacas do primeiro[308] e con elas dotar ao segundo dunha sala de cine (na actual Sala de Actos). Sen embargo, este proxecto nunca chegou a materializarse, co cal esta posibilidade de contar con novas proxeccións con certa regularidade na vila, quedou nunha vía morta.

1.2.7. CINE NON COMERCIAL

Á marxe do modelo estudiado ata o de agora, que é o máis habitual e xeneralizado (os locais cinematográficos que xurdiron cunha finalidade eminentemente comercial), houbo, e segue a haber, en Cambados outros modos de proxección diferentes; con fins culturais, de difusión, entretemento... con ou sen ánimo de lucro, pero entendendo o cine coma un negocio non estable nin permanente. Neste apartado daremos algúns exemplos, comezando polos Cineclubs e chegando ata a creación dunha televisión local na comarca.

1.2.7.1. Os Cineclubs

Cambados contou, dende finais dos setenta e na década seguinte, cunha iniciativa de grande tradición na Galicia deses anos; a creación dun Cineclub propio[309]. Para ser máis precisos, houbo dous organismos que responderon a ese nome, á parte dun episodio previo á formulación de ambos, que tenteou o camiño a seguir.

a) "Cineclub Vento Mareiro": un proxecto de 1978

Supuxo o paso inicial, un tímido intento pola banda da Asociación Cultural "Vento Mareiro". A dita asociación[310], pretendía potenciar e desenvolver a cultura galega en tódolos seus eidos, entre os que estaría tamén o cinema. Por iso mesmo, contábase entre os seus obxectivos o fundar un Cineclub, onde xogaría un importante papel a difusión dun cine propio mediante a proxección de filmes galegos.

[308] Proposta madurada polo empresario despois de tres anos de infrutuosas buscas de posibles compradores, en feiras de segunda man ou similares, durante as cales a maquinaria permaneceu gardada no antigo local do cine, o que por outra banda non lle permitiu a venda ou aluguer do mesmo nese prazo.

[309] Mencionar tamén que non faltou un Teleclub, fundado a principios dos setenta e que se mantivo ao longo de case toda a década. Estaba situado na antiga escola unitaria da Bouza (Castrelo) hoxe convertida en Casa de Cultura.

[310] Fundada o 23 de abril de 1977.

A primeira actividade da agrupación no campo cinematográfico, foron os pases incluídos na "Semana da Cultura Galega", organizada con motivo do Día das Letras Galegas de 1978[311].

A pesar de non ampararse baixo a denominación de Cineclub, a vontade de fundalo xa estaba operante, e con ese afán exhibíronse, o martes 16 de maio ás 21:00 horas, os filmes galegos: *Illa* (Carlos L. Piñeiro, 1975), *A ponte da verea vella* (ídem, 1977), *O pai de Migueliño* (Miguel Castelo, 1975), *Fendetestas* (Antonio Francisco Simón, 1976) e *O herdeiro* (Miguel Gato, 1976).

Ao día seguinte proxectáronse tamén, ás 17:30 do serán, películas galegas para os nenos[312]. En ámbolos dous casos, o Cine Avenida cedeu as súas instalacións e a entrada foi pública e de balde.

Xa no mes de xuño dese mesmo ano, procurouse oficializar o Cineclub dándolle un regulamento. Co nome de "Cineclub Vento Mareiro", os estatutos provisionais propuñan a creación dun organismo[313], coa fin de fomentar a arte cinematográfica mediante a proxección e estudo (por medio de coloquios) de filmes de carácter cultural e artístico, en proxeccións privadas para os socios (que deberían pagar unha cota inda non acordada), sen interese comercial nin ánimo de lucro.

A pesar de que tódalas condicións e normativas foron aprobadas sobre o papel, na práctica o Cineclub nunca chegou a celebrar as súas sesións, polo que o proxecto morreu antes de ter comezado.

b) "Cineclub da Sociedade Cultural": 1978-1983

No cambio de década houbo outra tentativa, que esta vez si chegou a materializarse, de levar a cabo algo semellante no local da Sociedade Cultural[314]. Denominado por iso mesmo "Cineclub da Sociedade Cultural de Cambados", a súa actividade entendeuse máis ben coma unha ocupación cultural a maiores entre as programadas, e aínda que contaba cos seus socios (que eran escasos), as proxeccións fixéronse dun xeito máis ben esporádico ao longo dos seus anos de existencia.

[311] Esta semana abrangueu do 13 ao 21 de maio, e incluíu no seu programa: teatro, conferencias, unha exposición de libros e un festival de música.

[312] Títulos non facilitados. *Programa da Semana Cultural Galega* organizada por Vento Mareiro, Arquivo persoal de Manuel Pillado Silvoso (APMPS).

[313] Que contaría coa mesma Xunta Directiva da Asociación, co secretario encargado Juan Piñeiro Chantada.

[314] Situado fronte ao primeiro Cine Avenida. Nese mesmo local xa tivera lugar algunha que outra proxección de xeito illado. Un exemplo foi o pase, patrocinado pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo, o 24 de novembro de 1977, de tres curtametraxes de Rafael Sabugueiro, todas elas sobre enclaves de relevancia histórica e artística na provincia de Pontevedra.

Ademais, este Cineclub pasou por dúas etapas, marcadas por un cambio na directiva: a primeira, baixo a presidencia de Marco Antonio Costa Fuentes (1978-1979) e a segunda, con Francisco Trigo Durán (ata 1983[315]).

Da primeira etapa, un dos momentos que gozou de maior cantidade e regularidade na exhibición, foi o trimestre outubro-decembro de 1979[316], no que proliferaron as producións españolas: *Una isla con tomate* (Tony Leblanc, 1962), *Una monja y un Don Juan* (Mariano Ozores fillo, 1973), *Chicas de club* (Jorge Grau, 1970), *¿Por qué te engaña tu marido?* (Manuel Summers, 1969), *El turismo es un gran invento* (Pedro Lazaga, 1967), *Cria cuervos...* (Carlos Saura, 1975), *Furtivos* (José Luis Borau, 1975) e *Felices Pascuas* (Juan Antonio Bardem, 1954). Doutras nacionalidades foron: *El juicio de los hijos* (Alfredo B. Crevenna, México, 1970), *El cardenal* (Otto Preminger, EUA, 1963) e *Muerte en Roma* (George Pan Cosmatos, Italia-Francia, 1973), neses mesmos meses.

No referente á segunda época, destaca outro trimestre, o de abril-xuño de 1982. As películas proxectadas neste foron de nacionalidade máis variada, reducíndose ostensiblemente as españolas. Algúns dos títulos exhibidos[317] foron: *Las verdes praderas* (José Luis Garci, España, 1979), *Muerte en Roma* (George Pan Cosmatos, Italia-Francia, 1973), *Rataplan* (Maurizio Nichetti, Italia, 1979), *Delirios de grandeza* (Gérard Oury, Francia-España-Italia-Alemaña Occidental, 1971), *Cita en Bray* (André Delvaux, Francia-Alemaña Occidental-Bélxica, 1971) e *El hombre de la cabeza rapada* (ídem, Bélxica, 1965). Engadiuse tamén algunha sesión infantil ás 19:30 da tarde, con filmes coma *Las aventuras de Pinín y sus amigos* (José Antonio Arévalo, España, 1979) e *Hugo y Josefina* (Kjell Grede, Suecia, 1967).

Tralo seu peche, que se fixo de xeito paulatino, espazándose cada vez máis as actividades, houbo que esperar un par de anos ata que se materializase a terceira e última proposta.

c) "Cineclub Cambados": finais 1985-1986

Baixo esta denominación, atópase unha idea madurada fundamentalmente por un grupo de mestres da localidade, que no 1985 chegaron a un acordo co Cine Avenida para que lles cedese as súas instalacións un día á semana.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[315] A data concreta é difícil de precisar, pola comentada irregularidade na programación.

[316] Con sesións ás 21:00 horas, a non ser que o filme fose de longa duración, caso no que se adiantaba ás 20:00 horas.

[317] Todos eles ás 21:30 horas.

A presidencia foi asumida por Berta Piño Montoto, mentres que o secretario, e encargado da contratación e pago das películas[318], era Carlos Rábade Pallarés. Dende un principio houbo unha cifra estable de socios, en torno aos 300, que pagaban á súa vez unha cota de 500 pesetas mensuais.

O día de proxección era o martes, na sesión de noite (variaba entre as 22:00 e 23:00 horas), e os filmes abrangueron dende *El cazador* (Michael Cimino, EUA, 1978), ou *La vida de Brian* (Terry Jones, G.B, 1979) e outras dos Monty Python, ata os Irmáns Marx[319], con títulos coma *Sopa de ganso* (Leo McCarey, EUA, 1933), pasando por un único filme de procedencia española, *La Corte del faraón* (José Luis García Sánchez, 1985), que ademais fora unha estrea recente. Entre os títulos que contaron cunha maior afluencia, destacan *Dersu Uzala* (Akira Kurosawa, Japón-URSS, 1974) e *Gallipoli* (Peter Weir, Australia,1981).

Pero as súas actividades duraron un ano escaso, de finais de 1985 a outubro de 1986. As razóns primordiais deste feito foron: a escaseza de novos socios[320], que fixo insostible co tempo o ritmo de contratación dos filmes; a incomodidade do cine, onde o frío acusábase en grande maneira pola amplitude da sala (e máis se non estaba chea), e a hora de proxección, o que facía que no inverno a asistencia se reducise excesivamente. Tamén as propias condicións persoais dos socios ("a maioría eran pais con nenos pequenos, que non podían asistir a tódalas sesións, ou alternábanse para iso"[321]), e as facilidades dadas polo propio cine tampouco foron moi satisfactorias[322], pola contra, os servicios foron a menos ao longo dun ano no que xa se comezaba a falar da posibilidade de pechar o negocio.

Así, aínda que nun principio pareceu que ía gozar de éxito, a iniciativa foi pouco a pouco morrendo por si soa, ata o momento no que, de común acordo, decidíronse suspender as actividades.

Por último, no referente aos cineclubs, sinalar que no 2016 houbo unha proposta para relanzar esta iniciativa, chegando a presentarse un proxecto para o ‘‘Cine Clube Cambados’’ no marco do FICMAR[323], o 15 de abril de 2016. Unha proxecto que sen embargo non chegou a saír adiante.

---

[318] Películas que eran contratadas a Vigo, desde onde se enviaban a Cambados no Plus-Ultra. Unha vez ao mes había que ir á cidade en persoa para pagalas, viaxe na que tamén se aproveitaba para facer a contratación do seguinte lote.

[319] A programación procuraba contar con títulos de cine clásico, xa que, á parte do seu interese artístico, estes eran moito máis baratos que os de actualidade.

[320] Pese á entusiasta acollida que pareceu haber nun principio, o número de socios mantívose ata o final en torno aos 300 apuntados no inicio.

[321] Testemuño oral de Berta Piño Montoto.

[322] O día cedido ao Cineclub, por exemplo, coincidía co de descanso do persoal do cine.

[323] Festival Internacional de Cine Marítimo do que xa falamos con anterioridade.

1.2.7.2. Outros modelos alternativos de proxección

Xunto ao capítulo conformado polos Cineclubs, hai que sinalar as exhibicións cinematográficas levadas a cabo noutros locais, ou lugares de diferente natureza, non destinados a tal fin.

De entre estes modelos, especial atención require o papel xogado polo cine ambulante, que chegou a Cambados da man de compañías itinerantes que vivían do espectáculo, ou ben de campañas que empregaron o cine como elemento difusor e propagandístico.

Remontándonos aos tempos máis antigos, unha das presenzas máis salientables (e constatables), é a da Compañía ambulante de Puertollano, que xa actuara no cine Variedades. Esta compañía, dinnos diferentes testemuñas, realizaba algunhas proxeccións como complemento aos seus números de comedia, aínda que iso non apareza recollido na prensa da época. Segundo José Fernández García, nos anos vinte[324] paraban na casa de Serafín Otero e realizaban o seu número no mercado (praza de Fefiñáns), do lado da casa de Don José González, tralo cal proxectaban cine nunha pequena pantalla que eles mesmos levaban, cobrando "a voluntade" [325].

Por outra banda, nos anos trinta, Cambados foi unha das vilas receptoras da campaña do Estatuto de 1936. Cunha finalidade propagandístico-electoral, desenvolveuse o chamado Cine-Móbil[326], que realizou o seu itinerario por territorio galego en xuño dese ano. O venres día 12 percorreu o Salnés, facendo parada en Cambados, e así rexistrado aparece na prensa: "el auto de cine móvil recorrió ayer... Sangenjo, Cambados, Caldas y Cuntis, congregándose alrededor de la tribuna ambulante muchísimo público en todos los pueblos, que escuchó con gran atención a los oradores y les premió con grandes ovaciones"[327], continuando despois cara Ourense e Lugo.

Tamén ambulantes, foron as proxeccións realizadas a principios da década dos sesenta en: Castrelo (nas Quintáns, "no galpón de José de Caldas"[328]), Vilariño (en "Casa Juan") e Fefiñáns, na praza de San Gregorio (diante da taberna de Luciano, alias "O Canónigo"). Neste último lugar, o artífice foi a familia Orbich[329], dos que "dicíase que eran xitanos, e

[324] En torno a 1922.

[325] "Eran unha compañía de comedia... con bailarinas, había paiasos, cousas desas... e despois poñían cine tamén, poñían eles unha pantalliña...". Testemuño de José Fernández...

[326] Que en realidade abranguía moito máis que a actividade cinematográfica, contando con propaganda escrita (textos do Estatuto), radio, altofalantes, fonógrafo..., todo ao servizo da campaña política.

[327] *FV*, 13-6-1936, p. 2 (1).

[328] Testemuño de Xoán Antonio Pillado...

[329] Pode que estes mesmos fosen os que realizaran as proxeccións en Castrelo, pero non hai un recordo nítido diso.

ademais de cine traían máis números, como un faquir que rompía botellas no chan, andaba descalzo por riba...”[330].

Pero xunto a estas manifestacións, tamén atoparemos exhibicións promovidas por xente, ou entidades, da propia vila.

Retrocedendo no tempo, grande número de voces coinciden en falar das proxeccións que realizaba José Rovira nos anos corenta, despois da Guerra, no barrio de Triana. Este personaxe[331] levaba a cabo funcións restrinxidas, para aqueles a quen el invitase, nun local da súa propiedade dedicado á droguería (en Fefiñáns, na praza de Asorey). Pero a maiores, realizaba tamén proxeccións públicas e gratuítas en diferentes lugares do barrio, concretamente na zona da rúa das Rodas. Principalmente, eran na parede de enfronte da súa casa, proxectando dende a súa propia fiestra; pero tamén na parede da casa de José Fernández García (moi preto da anterior) e da de Don Enrique Vidal (ao lado da devandita droguería), todas elas con numerosa asistencia de público de tódalas idades, que levaba incluso as banquetas da casa, para acomodarse mellor durante o visionado.

De épocas máis recentes, nos anos oitenta, destaca a exhibición de filmes no Colexio dos Salesianos, en Castrelo. Os curas de dita orde relixiosa, que dirixe o Colexio, organizaban proxeccións os fins de semana (os domingos) de películas aptas para tódolos públicos, e abertas non só aos alumnos da escola, senón tamén a veciños e interesados.

Dende mediados dos noventa é de salientar o programa “Cine na rúa”, iniciativa do concello pola que nos veráns se realizaban proxeccións gratuítas ao aire libre, en torno ás 22:00/22:30 horas, de filmes comerciais da máxima actualidade posible. O lugar elixido, a praza de Fefiñáns, aínda que nos primeiros anos compartiu protagonismo coa escalinata de San Tomé[332], onde se proxectaron filmes coma[333]: *Tormenta blanca* (Ridley Scott, EUA, 1996)[334], ou *El hombre de la máscara de hierro* (Randall Wallace, G.B, 1998)[335].

A programación exhibida en Fefiñáns, pola súa banda, estivo composta, por poñer algúns exemplos, por: *El Santo* (Phillip Noyce, EUA, 1997)[336], *La lengua de las mariposas* (José Luis Cuerda, España, 1999)[337], *Nothing Hill* (Roger Michell, EUA-G.B, 1999)[338], *Astérix*

[330] Testemuño de Xoán Antonio Pillado...
[331] José Rovira vivira con anterioridade en Vitoria, onde rexentaba unha farmacia que vendeu ao vir para Cambados. Aquí, segundo os veciños, levaba unha vida “bohemia”, o que enlazaría co seu interese polo cine.
[332] No 2000 deixouse de empregar definitivamente este lugar, limitándose tan só ao primeiro.
[333] Información tomada, como a que segue, dos *Programas de Festas de Cambados, 1998-2019* (APXAPS).
[334] O martes 21 de xullo de 1998.
[335] Mércores 4 de agosto de 1999.
[336] Luns 20 de xullo de 1998.
[337] Martes 8 de agosto do 2000. Unha das poucas españolas proxectadas.
[338] Mércores 9 de agosto do 2000.

y Obélix contra el César (Claude Zidi, Francia-Alemaña-Italia, 1999)[339], *La momia* (Stephen Sommers, EUA, 1999)[340], *Gladiator* (Ridley Scott, EUA-G.B, 2000)[341], *El secreto de Thomas Crown* (Jonh McTiernan, EUA, 1999)[342], *¿Conoces a Joe Black?* (Martin Brest, EUA, 1998)[343], *Harry Potter* (Chris Columbus, EUA, 2001)[344], *Los padres de ella* (Jay Roach, EUA, 2000)[345], *El bosque animado* (Ángel de la Cruz e Manolo Gómez, España, 2001)[346], *Destino de caballero* (Brian Helgeland, EUA, 2001)[347], *Ocean´s eleven* (Steven Soderbergh, EUA, 2001)[348], *Los padres de él* (Jay Roach, EUA, 2004)[349] ou *Charlie y la fábrica de chocolate* (Tim Burton, EUA-G.B, 2005)[350].

No 2008 cámbiase de lugar, e as proxeccións mudan da praza de Fefiñáns a unha localización preto, o Parque de Torrado, onde chegaron a verse, por exemplo: *Pradolongo* (Ignacio Vilar, 2008)[351], *Kung Fu panda* (Mark Osborne e John Stevenson, EUA, 2008)[352], *Las aventuras de Tintín, el secreto del unicornio* (Steven Spielberg, EUA-G.B-Nova Zelanda-Francia-Australia, 2011) ou *¡Piratas!* (Peter Lord, Jeff Newitt, EUA-G.B, 2012)[353]. Ou chegou inclusive a parroquias próximas, coa proxección en campos de festas, como foi o caso, de *Up* (Pete Docter e Bob Peterson, EUA, 2009) en Castrelo, ou *Lluvia de albóndigas* (Phil Lord e Christopher Miller, EUA, 2009) en Corvillón[354].

Dende o 2014 a iniciativa volveuse máis esporádica ou case inexistente, ata que, a partires do 2018, volverá de xeito ocasional da man da empresa vilagarciana Mr.Misto[355].

1.2.7.3. A televisión local: Canal Rías Baixas

Tanxencialmente, pero en relación co que estamos a tratar, outro suceso de importancia na comarca, e que trataremos xa no apartado de Cambados pese a afectar a tódalas vilas do Salnés, foi a creación dunha televisión local.

[339] Luns 9 de xullo do 2001.
[340] Martes 17 de xullo do 2001.
[341] Luns 23 de xullo do 2001.
[342] Xoves 9 de agosto do 2001.
[343] Mércores 22 de agosto do 2001.
[344] Martes 9 de xullo do 2002.
[345] Martes 16 de xullo do 2002.
[346] Mércores 7 de agosto do 2002.
[347] Martes 13 de agosto do 2002.
[348] Mércores 16 de xullo do 2003.
[349] Mércores 20 de xullo de 2005.
[350] Mércores 26 de xullo de 2006.
[351] Luns 7 de xullo de 2008.
[352] Mércores 5 de agosto de 2009.
[353] Martes 23 de xullo de 2013.
[354] Ambas en xullo de 2010. *FV*, 15-07-2010. Edición dixital.
[355] Da que falaremos no apartado correspondente a Vilagarcía de Arousa.

Co nome de Tele Salnés, foi fundada por veciños da comarca co propósito de contar cun canal propio que informara do que acaecese neste ámbito xeográfico. O inicio da emisión data de setembro de 1994, e nun principio, houbo un amplo período de probas no que tan só se emitía dúas horas ao día, conectando o resto do tempo co canal de Galavisión.

Ao longo da seguinte década, o funcionamento desta televisión evolucionou de modo moi favorable, cunha programación composta de: información propia, con revistas culturais, informativos, tertulias, entrevistas a políticos...; e programación allea, comprada a produtoras ou por conexión Vía Satélite.

Esa evolución favorable levará a que se amplíe a demarcación a localidades, amais do Salnés, de Pontevedra, Caldas, Barbanza, Muros e Noia, pasando a denominarse Canal Rías Baixas[356].

Con todo isto, a día de hoxe a súa programación está conformada basicamente por: informativos locais, retransmisión de eventos e acontecementos de todo tipo da comarca, programas de entrevistas, concursos, filmes, series de TV, etc.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fachada do Cine Cervantes, coa parada de autobús a carón > Cambados, anos 60. Fragmento. APXAPS. P. 159

[356] Aínda que na zona do Salnés siga a coñecerse coloquialmente co iniciático Tele Salnés.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Interior do Cine Arosa. Vilagarcía de Arousa, entre 1943-1955. Fragmentos. >
Arquivo persoal de Juan Carlos Porto Bouzas APJCPB. P. 161 e 162

2

OS OUTROS CONCELLOS DO SALNÉS

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

Continuando co proposto no apartado de Cambados, ao tratar as demais vilas do Salnés seguiremos un esquema semellante, abordando concello a concello de xeito consecutivo e estudando a exhibición cinematográfica en cada un deles.

En canto á orde a seguir, daremos un posto prioritario a Vilagarcía de Arousa, por ser a vila de máis importancia e cunha maior vida cinematográfica das que restan. Respecto da orde das demais vilas, buscando sempre a coherencia do conxunto, seguirase un criterio xeográfico (neste caso de sur a norte), xa que a veciñanza duns concellos con outros dentro da propia comarca fai que a exhibición en cada un deles, historicamente, sempre estivese máis ligada ás vilas máis achegadas xeograficamente que a aquelas máis afastadas.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.1.VILAGARCÍA DE AROUSA

Antes de comezar este apartado, convén facer unha aclaración. O cine en Vilagarcía de Arousa (proxeccións itinerantes, locais estables, festivais de cine, cineclubs, concursos cinematográficos, rodaxes…) ofrece múltiples posibilidades de estudo, todas elas de grande interese[357]. Sen embargo, non afondaremos aquí nelas, optando por centrarnos nunha serie de trazos que permitan encadrar o que foi o cine de Vilagarcía de Arousa na comarca do Salnés, o que axudará a ver e entender a súa idiosincrasia[358].

Abarcar a exhibición cinematográfica neste concello en detalle (a historia minuciosa de cada unha das súas salas e dos filmes exhibidos nelas), levaría a unha extensión que nestes momentos non cremos conveniente, á par que desviaría a atención da nosa intención; falar do cine en Cambados e ampliar ese interese ao seu entorno comarcal, con vontade contextualizadora e para entender mellor a evolución que esta vila (e os cines locais) sufriron ao longo das décadas.

Así mesmo, centrarémonos nos cines do seu núcleo urbano, por ser máis relevantes e supor un elemento diferenciador respecto dos outros concellos, aínda que hai novas de, cando menos, outros dous cines, na parroquia de Carril[359] e en Vilaxoán[360] (pertencente á parroquia de Sobrán)[361].

Vilagarcía de Arousa é o concello máis poboado da comarca do Salnés e verdadeiro centro neurálxico da mesma, así como a terceira cidade máis poboada da provincia de

[357] E que ben darían para unha Tese Doutoral aparte.

[358] A historia do cine en Vilagarcía de Arousa está a ser investigada en detalle nun estudo, en vías de perfeccionamento e pendente de publicación, do historiador Manuel Villaronga García. O seu traballo *Aproximación a unha análise do cinematógrafo en Vilagarcía de Arousa* (autoría do citado Manuel Villaronga e do arquitecto Carlos Berride Ferreira), un traballo de investigación inédito presentado na ‘‘Primeira Convocatoria de traballos escritos, Historia da Galicia Cinematográfica’’ do concurso da Federación de Cineclubs de Galicia (1987), proporcionará abundantes datos para este apartado.

[359] O Salón Ordóñez, propiedade de Román Martínez, inaugurado o 10 de Decembro de 1927. Información recollida nunha nova do xornal *Galicia Nueva* do 11 de decembro: "Ayer se inauguró en Carril un nuevo cine, titulado Salón Ordóñez. Concurrió mucha gente que salió muy satisfecha de la película y del local. Hoy se pasarán las películas *Charlot, campeón de boxeo* y *Profesor de suicidios*" .*GN*, 11-12-1927, p.3 (2).

[360] Teatro-Cine Villajuán Cinema, operativo nos anos 20 e 30. Información recollida de lembranzas dos veciños; de aparicións esporádicas ao longo dos anos nos *Libros de Matrícula Fiscal, Altas e baixas 1927 a 1931* e *Libros de Matrícula Fiscal, Altas e baixas 1932 a 1936*, AMVA (onde o negocio aparecía a nome de Eduardo Pintor Filgueira ou de Francisco Gómez Fernández); e de publicidade en *Galicia Nueva,* como por exemplo *GN* 18-3-1932, p. 3 (4) e 19-3-1932, p. 3 (6).

[361] Carril e Vilaxoán foron concellos independentes ata a súa anexión a Vilagarcía no ano 1913.

Pontevedra. Precisamente pola súa clara inclinación máis ‘‘urbanita’’, foi a primeira vila da comarca en recibir as exhibicións cinematográficas, e a única que as conserva a día de hoxe. Entremedias, e por medio dos seus numerosos espazos de exhibición[362], podemos ver a evolución das diferentes etapas do cine.

A finais do século XIX Vilagarcía de Arousa podía entenderse coma unha ‘‘extensión’’ de Santiago de Compostela. O porto de Carril considerábase o ‘‘porto de Compostela’’, e a primeira liña de ferrocarril en Galicia foi para unir estes dous lugares. Porén, ante a evolución estrutural dos barcos (forma e tamaño) o porto de Carril pronto queda escaso, comezando as obras en Vilagarcía para un porto maior.

A estreita relación Vilagarcía-Santiago vai propiciar a orientación da primeira cara converterse nunha vila de ocio para a burguesía[363], de aí que se vise na necesidade de contar cunha oferta de lecer e distracción para esta. En Vilagarcía hai festas, bailes, concertos, Casino, praia… a oferta – especialmente coidada na temporada de verán – está en todo o seu esplendor a finais do século XIX e principios do século XX. Un clima especialmente propicio para a chegada por primeira vez do cinematógrafo a Vilagarcía, e con iso, cando menos segundo os datos atopados ata o de agora – apoiados polo que é a lóxica sucesión dos feitos – por vez primeira ao Salnés.

2.1.1. AS PRIMEIRAS PROXECCIÓNS: OS BARRACÓNS ITINERANTES E O SALÓN GARCÍA

As primeiras proxeccións que tiveron lugar na vila foron nos barracóns ambulantes que a visitaban durante as festas, especialmente nas de Santa Rita, San Roque, a Peregrina ou o Apóstolo[364].

A primeira nova coa que contamos respecto destes barracóns data do 1901, e fálanos do ‘‘Victorius Graph’’, pertencente a un empresario vigués. Na *Gaceta de Galicia,* o 6 de agosto de 1901, aparece en prensa a seguinte nova:

> ‘‘Fue contratada la música de Caldas para tocar estos días en Villagarcía por la empresa del magnífico cinematógrafo que allí se exhibe y cuyo local situado en la plaza de Rasella (sic)[365] se ve todas las noches concurridísimo, y con justicia

[362] Nos cales haberá que diferenciar entre os dedicados unicamente ao cine, e os salóns e teatro-cine que diversificaban a súa oferta de ocio. Haberá varios exemplos en ámbolos casos.

[363] Feito que chega á súa máxima expresión coa doazón, en 1908, da Illa de Cortegada a Alfonso XIII para que alí construíse un pazo de verán para a realeza.

[364] Datas destas festividades: Santa Rita 22 de maio; San Roque 16 de agosto; Peregrina o segundo domingo de agosto; e 25 de xullo o día do Apóstolo.

[365] Refírese á Praza de Ravella, unha céntrica praza onde con posterioridade localizaranse outros cinematógrafos e salas estables.

> pues el aparato vaigraf (sic) es la última palabra basada en los adelantos modernos de esta clase de espectáculos''[366].

Estas proxeccións van seguir repetíndose de xeito esporádico e máis ou menos regular neses anos. Diso dan fe, por exemplo, a solicitude de Ramón Vieites Castromán (industrial e veciño de Carril) o 2 de xullo de 1902, para a construción dun ''barracón de madera provisional para entretenimiento del público… en las Marismas de Villagarcía…''[367] que tamén albergaría proxeccións co novo invento; ou unha acta municipal do 20 de decembro de 1907, que recolle o pago de 325 pesetas do propietario do cinematógrafo Victorius Graph ao concello, con motivo do arbitrio ocupado nesa mesma praza de Ravella por unha caseta de madeira para dito espectáculo nas festas patronais[368].

E da boa aceptación do novo invento da proba a intención por parte do Casino de Vilagarcía de encargar un aparato cinematográfico co cal, a finais de 1908, realizar proxeccións para os seus socios dúas veces á semana:

> ''… esa junta que no descansa, que no sosiega por distraer a los socios de esta culta y elegante Sociedad, ha encargado un aparato cinematográfico para exhibir jueves y domingo, en secciones de dos horas... las películas de más novedad conocidas hasta la fecha'' [369].

Pola falta de constatación a posteriori, entendemos que esta intención non chegou a materializarse na práctica, pero dende logo amosa a boa recepción amentada.

Entrementres, e ao tempo destes primeiros pasos en barracóns provisionais, noutro espazo da vila pronto terán lugar tamén proxeccións cinematográficas: o Salón García.

AS PROXECCIÓNS NO SALÓN GARCÍA

Situado na "calle del Río" (hoxe rúa Rey Daviña), este edificio foi unha construción de dúas plantas que contou cun gran salón de teatro (e posteriormente de proxeccións) que estaba rodeado por un palco periférico no baixo e na primeira planta.

Aínda que comezou coas proxeccións máis ou menos á par que as dos barracóns ambulantes, o Salón García xa fora construído nas últimas décadas do século XIX. Este

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[366] *Gaceta de Galicia*, 6-8-1901, p. 4 (3).
[367] Solicitude de autorización de construción ao concello de Vilagarcía de Arousa, 2-7-1902. AMVA. 1434/64.
[368] *Aproximación a unha análise do cinematógrafo en Vilagarcía de Arousa*, p. 12.
[369] *GN*, 25-10-1908, p. 1 (4/5).

edificio foi ideado por Juan García Porto, comerciante e banqueiro dono dunha fortuna feita na distante Nova Iorque, coa cal levantou diferentes edificios en Vilagarcía de Arousa. Un deles, que deixou inconcluso – xa que morreu no 1884 – e que rematarán os seus fillos (Silvestre, Ramón e José) segundo planos do mestre de obras compostelán Manuel Pereiro, foi o ‘‘Teatro da Tertulia de Confianza’’, primeiro nome do que será o Salón García. A este último nome mudará en 1890 ao pasar a mans de Joaquín Martínez García, sobriño de Juan García, quen o conservará ata xa avanzados os anos 30[370].



Planos de Manuel Pereiro para o Salón García. Sección transversal e alzado. Arquivo persoal de Manuel Villaronga García (APMVG)

[370] Datos en ‘‘O Salón García, 130 anos ao servizo de Vilagarcía’’ de Manuel Villaronga, en *Programa do acto inaugural da reapertura do Salón García, 2013*, p. 4 a 9.



Planos de Manuel Pereiro para o Salón García. Planta. APMVG

Este Salón foi a primeira construción estable dedicada a espectáculos públicos da que temos novas en Vilagarcía. Acollía actividades de todo tipo: teatro, música, animacións varias… e como non, cine, o cal rapidamente incorporou en canto chegou á cidade, aínda que ben é certo que non de xeito continuado.

No 1918 o Salón pechou por orde gobernamental, poñendo como condición para a reapertura acondicionar o acceso, dar máis amplitude á sala, e dotala de electricidade. Non permanece moito tempo pechado, e a reapertura terá lugar no 1923, da man da sociedade do Círculo Artístico y Mercantil[371]. Aínda que en maio dese ano esta sociedade xa procede a abrir os salóns aos seus socios[372], a inauguración ‘‘oficial’’ do novo espazo

[371] Sociedade recreativa que ten a súa asemblea de constitución o 15 de abril de 1923 no propio Salón García. *GN*, 15-4-1923, p. 3 (2).
[372] *GN*, 27-5-1923, p. 2 (1) e 29-5-1923, p. 2 (3).

non terá lugar ata o 25 de agosto, sendo amplamente destacada en prensa ao tratarse dunha festa inaugural ‘‘por todo o alto’’, co espazo profusamente decorado e engalanado (flores, lámpadas de cores, champaña e pastas para tódolos invitados...e baile coa orquestra ‘’Nuevo Club’’)[373].

Acto do Círculo Artístico e Mercantil nos anos 20. Permite ver a estrutura interior do Salón García cos palcos (engalanados para a ocasión). APJCPB

Nesta reapertura, dotarase dun aparello cinematográfico ao Salón, co cal as proxeccións pasarán a ser máis frecuentes[374], vindo da man deste Círculo Artístico y Mercantil.

Trala Guerra Civil, e a pesar de seguir en funcionamento, o Salón García entrou en decadencia, ao serlle difícil competir coas outras salas do momento (Fantasio, Cervantes, Arosa). No 1976 o edifico pecharase e porase á venda[375]. Levaba por aquel entón xa bastante tempo sen albergar proxeccións. Hoxe en día, e tras unha rehabilitación no 2013 por parte do concello, o Salón volve estar operativo para actividades culturais (e proxeccións principalmente non comerciais, tanto esporádicas coma periódicas[376]).

[373] *GN*, 26-8-1923 p. 2 (2) e *El Progreso*, 28-8-1923 p. 2 (1).

[374] *Aproximación a unha análise do cinematógrafo en Vilagarcía de Arousa*, p. 13.

[375] Neste ano o Círculo Artístico y Mercantil fusionarase con outra sociedade, o Liceo Marítimo, co cal deixarán de empregar as instalacións do Salón García propiciando o antedito peche.

[376] Caso das proxeccións semanais do Cineclub Ádega.

2.1.2. SALÓN VARIETÉS (1908-1935)

A principios de século Vilagarcía comezaba a gañar peso como concello referente da comarca do Salnés. Este auxe como cabeceira económica irá da man da oferta dos novos modos de ocio das capitais de provincia.

Mentres o Salón García incluía o cine como unha actividade máis entre as outras moitas das que dispuña, o Salón Varietés será a primeira sala estable con fins concretos de dedicación ao novo invento (así como a outros espectáculos: músicos, magos, teatro... as ‘‘varietés’’ que o seu nome indica).

O 27 de xuño de 1908, Anníbal Díaz López[377] solicita no concello de Vilagarcía unha licenza de obra para un edificio dedicado a cinematógrafo, sito no cruce entre as rúas Arapiles e Bilbao, con proxecto do enxeñeiro industrial Julio Doménech. Esta licenza concederase, de xeito provisorio e por catro anos, o 15 de xullo seguinte[378].

En canto a capacidade, contaba cun aforo de 370 localidades, distribuídas do seguinte xeito[379]:

- 230 Preferencia: 0’30 ptas
- 140 Xeral: 0’15 ptas

O 14 de agosto de 1908, día do inicio das Festas de San Roque, será a data sinalada para inaugurar o Salón Varietés, escollendo para tal fin o filme *La hechicera*[380].Co aforo completo, os espectadores gozaron do espectáculo, e o xornal *Galicia Nueva* relatábao ao día seguinte:

> ‘‘El público… salió satisfechísimo, tributando entusiastas elogios, especialmente al aparato de cine, cuya presentación de las películas fue admirable. Prometemos ocuparnos con la extensión debida a este espectáculo. A su propietario, Anníbal Díaz, le felicitamos muy cordialmente. Así se hacen las cosas’’[381].

Da deferencia polo novo invento, non só por parte do público, senón tamén das autoridades, sirva como exemplo un feito do 1910. Xusto tras dun incendio no local (que

[377] Comerciante do lugar que baseaba os seus negocios especialmente na venda de máquinas de costura.
[378] Expediente con solicitude para a construción de Cinematógrafo. AMVA. 1436/56.
[379] Datos extraídos do ‘‘Concierto celebrado para el pago del Impuesto del Timbre del Salón Varietés Septiembre a Diciembre 1909’’. AMVA. 15614/16. Nos pagos de Timbre dos seguintes anos, este número de localidades variará, aumentando de 370 a 387. ‘‘Concierto celebrado para el pago del Timbre del Salón Varietés 1914’’. AMVA. 15614/17.
[380] Filme sen identificar.
[381] *GN*. 15-8-1908, p. 2 (5).

non era o primeiro), un veciño solicita a non renovación da licenza do cinematógrafo polo perigo que supuña para a seguridade da veciñanza[382]. Non obstante, dende o concello, tómase a decisión de desestimar esta petición e alongar por dez anos máis esa concesión, con argumentos coma o seguinte:

> ‘‘Considerando que siendo una delas causas de prosperidad de esta villa las condiciones que en ella concurren de estación veraniega, condiciones que debemos mejorar en cuanto nos sea posible, proporcionando a los forasteros las mayores facilidades para su esparcimiento y satisfacción, siendo notorio el buen resultado que a tal objeto ha dado el edificio incendiado y haciéndose notar la falta de tan honesta distracción…’’[383]

É dicir, prima o desenvolvemento económico do pobo e a atención ao turismo sobre a posible perigosidade para os veciños. Con este visto e prace, o Varietés reconstruirase e dende o 16 de abril de 1911 volverá a estar operativo[384].

Entremedias, no 1909 o Salón pasara a ser explotado por Enrique Varela Gens[385], que é quen recibe a queixa anterior. Trala reconstrución, o Salón Varietés pasará a mans de Daniel Poyán Poyán[386].

O 18 de decembre de 1920 producirase un novo incendio, pero desta vez máis grave, destruíndo parte do escenario así como panos e decorados. Este feito orixina un parón na actividade, ata que o 25 de novembro de 1923 Daniel Poyán presenta unha solicitude para reforma do edificio,

Programa de sesión de Cinematógrafo e Varietés. Xullo 1911. APMVG

[382] Expediente con ‘‘Recurso de Marcial Bayón Crespo sobre la resolución a su solicitud de no reconstrucción del Salón Varietés’’. Xullo 1911. AMVA. 15838/12.

[383] Sesión plenaria do 12 de Decembro de 1910. Cita extraída de ‘‘Los cines en Villagarcía, una historia de película’’, de Manuel Villaronga, no Programa de Festas de Santa Rita 1991.

[384] Expediente con ‘‘Recurso de Marcial Bayón Crespo sobre la resolución a su solicitud de no reconstrucción del Salón Varietés’’. Xullo 1911. AMVA. 15838/12.

[385] Que figura xa como arrendatario nos Pagos do Imposto do Timbre do Salón Variedades dende setembro de 1909. AMVA. 15614/16.

[386] Sen saber con exactitude a data na que se deu este novo cambio, aínda que na reapertura xa aparece como novo dono e empresario deste Salón. ‘‘Recurso de Marcial Bayón Crespo sobre la resolución a su solicitud de no reconstrucción del Salón Varietés’’. Xullo 1911. AMVA. 15838/12.

con planos do arquitecto Antonio López Hernández[387]. Será unha reforma interior e exterior, e pola magnitude desta, solicita que se lle conceda unha autorización definitiva, e non temporal[388].

No proxecto presentado xa podemos apreciar o que será a tan característica fachada postmodernista do edificio, ademais da ampliación das localidades a 554.



Planos de Antonio López Hernández para o proxecto do Salón Varietés. 1923.
Sección lonxitudinal e transversal, e fachada principal. APMVG

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[387] Solicitude de Daniel Poyán á Corporación Municipal para a reforma do Salón Varietés, que inclúe proxecto con planos. Extracto reflectido en *Aproximación a unha análise do cinematógrafo en Vilagarcía de Arousa*, p. 15.

[388] ‘‘…como la obra que pretendo hacer en ese edificio es de importancia, y representa gastos de algunos miles de duros, ruego a la Corporación se me conceda la autorización con carácter definitivo, pues de ser provisional no haré tal obra’’. Ídem.



Planos de Antonio López Hernández para o proxecto do Salón Varietés. 1923.
Planta baixa (imaxe superior), primeira planta e soto (imaxe inferior). APMVG

O aforo distribuíase do seguinte xeito en patio, anfiteatro, grada e seis palcos (na zona máis lonxe da pantalla):

- Patio: 275
- Anfiteatro: 38
- Grada: 211
- Palcos: 30

Igualmente, segue contemplándose o seu emprego para espectáculos de variedades (proscenio, escenario e cuncha de apuntador).

Pouco despois, nese mesmo ano, os irmáns Arturo e Francisco Gómez Fernández, ambos fotógrafos de profesión[389], pasan a substituír a Daniel Poyán á fronte do cine. Eles rexentarán o local de 1923 a 1935[390].

O período de 1923 a 1933 será a década dourada deste cine. Non obstante, coa chegada e xeneralización do sonoro, deciden non dar ‘‘o salto’’ a este co acondicionamento pertinente e tódolos custos que iso implicaba. Por este motivo, as proxeccións entre 1933 e 1935 han ser cada vez máis esporádicas (no 1934 e 1935, case testemuñais)[391], ata que en marzo do 1935, atopemos un anuncio en prensa coa seguinte comunicación, que xa daba conta da súa inactividade, ou clara intención dela: ‘‘En Villagarcía se alquila, se vende o se permuta el salón Varietés, por finca o casa en Vigo o Santiago’’[392].

Dende o 27 de maio de 1939 (co remate da Guerra Civil) ata o 23 de xuño de 1941, o edificio foi ocupado polas forzas militares, pasando a ser aloxamento da Compañía de Ametralladoras. Será en xuño de 1941 cando por traslado desa Compañía, o local sexa ‘‘devolto’’ ao seu lexítimo dono naquel entón, Casimiro López[393]. Xa non volverá a reconstruírse para o cine.

[389] Estes irmáns, de procedencia madrileña, eran uns dos fotógrafos de máis sona da vila.

[390] Aparecendo rexistrados como empresarios do Salón Varietés ata o 1935, nos *Libros de Matrícula Fiscal, Altas e baixas 1932 a 1936*. AMVA

Como dato curioso, estes dous irmáns serán os artífices da introdución do cine sonoro na poboación de Ponteareas, onde en 1934 —pouco antes de deixar o Varietés— arrendaron o Cine-Teatro Colón, no cal tras dunhas importantes reformas, instalaron un moderno equipo sonoro. *EPG,* 5-4-1934, p. 12 (5), 29-4-1934, p. 10 (6), e 20-5-1934, p. 10 (6).

[391] Proxeccións rexistradas nos *Libros de Matrícula Fiscal, Altas e baixas 1932 a 1936*. AMVA.

[392] *EPG*, 22-3-1935, p. 5 (2).

[393] ‘‘Expediente de devolución del Salón Variedades a su legítimo dueño por la Comandacia Militar’’. AMVA. 16787/18.

Fachada do Salón Varietés en estado ruinoso. APJCPB

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Detalle das máscaras decorativas da fachada do Salón Varietés. Conservadas na fachada do edificio actual. APJCPB

2.1.3. SALÓN-TEATRO VILLAGARCÍA (1911-1936)

Volvendo ás primeiras décadas do século XX, e tendo en conta o falado, podemos ver que dende ben cedo o cinematógrafo foi un modo de ocio con grande rendemento na vila. Por iso, a inicios de 1911, máis concretamente o 24 de febreiro, Daniel Albarrán Domínguez solicita aprobación para a construción ‘‘…en el terreno de mi propiedad denominado ‘Marisma’ de un edificio destinado a Salón de Espectáculos’’[394], achegando planos e memoria explicativa para iso. A licenza de edificación será concedida polo concello o 11 de abril dese mesmo ano.

Daniel Albarrán era un médico pertencente á burguesía compostelá (e futuro alcalde de Vilagarcía), instalado naquel entón en Vilagarcía da Arousa, que quere levar ata alí as ‘‘formas’’ da capital. Para iso, proxecta un local con aforo para 1000 persoas, ao que asistan tanto a xente máis podente coma os obreiros, que eran parte fundamental da poboación e elemento activo para a boa marcha do negocio[395].

Sería un local para cine, pero con especial atención ao teatro, pois nel actuarán as principias compañías daqueles anos, intención que ha reflectirse no propio deseño arquitectónico e na distribución dos espazos[396].

Erixiríase na rúa Vista Alegre, unha rúa que nese momento era máis ben ‘‘residual’’ e non moi céntrica, pero que co tempo pasaría a ser unha das vías principias da vila.

No interior, destacan elementos coma un mecanismo que posibilitaba o paso do piso de plano inclinado a horizontal, para adaptarse aos diferentes usos e necesidades das actividades realizadas, e a distribución dos palcos nos que se situaban as familias ‘‘de ben’’ e que contribuían á xerarquización das localidades[397].

[394] ‘‘Proyecto de construcción en Villagarcía de un Salón de Espectáculos, 1911’’, AMVA, 1437/51.

[395] ‘‘Desde hace tiempo se siente en Villagarcía la necesidad de un Salón de espectáculos que además de reunir las condiciones de seguridad y confort que corresponden a una villa de la importancia de esta, tenga capacidad suficiente para su población y para las muchas personas que afluyen de los diversos pueblos a esta floreciente villa… se ha partido para la distribución de una capacidad mínima de mil personas de las cuales, las tres quintas partes corresponderán a la entrada general, pues es indudable que el aumento de la cabida es las única forma de que en pueblos de la importancia de Villagarcía puedan actuar las grandes compañías a precios modestos, que permitan la asistencia del elemento obrero’’. Ídem.

[396] ‘‘Para el escenario se ha tenido en cuenta que la importancia que actualmente se da al decorado hace que la mayor parte de las compañías lleven el suyo propio que exige dimensiones de boca especiales y en este concepto se ha hecho de nueve metros que permite toda clase de espectáculos y da cabida a las mayores compañías que actúan en España’’. Ídem.

[397] *Aproximación a unha análise do cinematógrafo en Vilagarcía de Arousa*, p. 17.



Planos do proxecto para o Salón-Teatro Villagarcía. Planta e alzados. AMVA. 1437/51

Aínda que no proxecto contempláronse 1000 localidades, no rexistro posterior do concello vemos como as construídas foron moitas menos. Máis concretamente, esta era a distribución do seu aforo (362 localidades) e prezos na súa inauguración[398]:

[398] Datos extraídos do Expediente de ‘‘Concierto celebrado para el pago del impuesto del Timbre del Salón Villagarcía Abril a Diciembre 1912’’. AMVA. 15614/19

- 12 Palcos: 1’50 ptas
- 140 Butacas: 0’25 ptas
- 60 Preferencia: 0’15 ptas
- 150 Xeral: 0’10 ptas

Respecto da data na que se inaugurou este Salón, aínda que non a sabemos con exactitude, si temos constancia de que cara finais de ano (mínimo dende outubro) xa estaba operativo. Nun inicio, as actividades non cinematográficas foron as que predominaron sobre as proxeccións: operetas[399], festas benéficas[400] e incluso o *lunch* dunha voda, a da filla do propietario[401]. Porén, en marzo do 1912 o local pasa a ser arrendado por un ano a J. Alfonso, quen porá máis interese en darlle unha continuidade á proxección de cine[402], inaugurando a ‘‘temporada cinematográfica’’ o 14 de abril cunhas proxeccións nas que se destacou a calidade das imaxes[403], remarcando inda así que ‘‘…aún mejorará dentro de unos días su magnífico aparato cinematográfico, adicionándole un motorcito eléctrico que se encargará de arrollar las películas regularmente’’[404].

No 1914 Isaac Fraga farase coa dirección do negocio[405] (á fronte do cal estará ata 1919). Coa súa entrada, aumentarán as localidades (ata 482) e os prezos[406]:

[399] Como ‘‘La princesa del dollar’’, da compañía Granieri. *GN*, 22-11-1911, p. 1 (3).

[400] Como a realizada para conseguir fondos para o Cuarto de Socorro de la Cruz Roja, para a cal Daniel Albarrán cedeu gratuitamente as instalacións. Esta festa benéfica incluía orquestra, a comedia ‘‘El Nido’’ de los Hermanos Álvarez Quintero e a zarzuela‘‘La Revoltosa’’. *GN*, 8-12-1911 p. 2 (4) e 23-12-1911, p. 1 (3).

[401] ‘‘…La distinguida y numerosa concurrencia que asistió al acto fue esplendidamente obsequiada por la familia de la desposada (Soledad Albarrán) con un *lunch* que se sirvió en el nuevo Salón Villagarcía hermoso teatro, propiedad del señor Albarrán’’. *GN*, 26-10-1911, p. 2 (5).

[402] ‘‘El teatro Villagarcía fue tomado en arrendamiento por un año, por Don J. Alfonso, propietario en Barcelona de una importante casa de películas. Destinará dicho teatro, á la proyección de cintas y ello será un acontecimiento en Villagarcía, puesto que con los aparatos magníficos de que dispone no habrá en las proyecciones oscilaciones algunas’’. *GN*, 19-3-1912, p. 2 (5).

[403] ‘‘...las proyecciones se hicieron con gran limpieza debido a la calidad superior del aparato y con una fijeza que no cansa la vista’’. *GN*, 16-4-1912, p. 2 (4).

[404] Ídem.

[405] Máis concretamente, alugarao con data do 26 de febreiro de 1914. Dato aportado polo propio Isaac Fraga no ‘‘Expediente para Concierto celebrado para el pago del Impuesto del Timbre del Salón Villagarcía Abril a Diciembre 1912’’. AMVA. 15614/20.

Antes de Isaac Fraga, tamén explotou o negocio puntualmente Juan Alfonso Franco, que terao alugado dende o 1 de maio de 1912. Datos extraídos da ‘‘Notificación de aluguer do Salón Villagarcía de Daniel Albarrán Domínguez ao Alcalde de Vilagarcía’’ e do ‘‘Concierto celebrado para el pago del Timbre del Salón Villagarcía Abril a Diciembre 1914’’. AMVA. 15614/19.

Despois de Isaac Fraga, pasará a ser arrendado por Marcial Barreiro Chevert. Datos extraídos do ‘Expediente de Concierto celebrado para el pago del Timbre del Salón Villagarcía Noviembre 1923 a Noviembre 1924’. AMVA. 15614/21.

[406] Datos extraídos do Expediente para ‘‘Concierto celebrado para el pago del Impuesto del Timbre del Salón Villagarcía Abril a Diciembre 1912’’. AMVA. 15614/20.

- 22 Palcos: 1’50 ptas
- 200 Butacas: 0’30 ptas
- 60 Preferencia: 0’20 ptas
- 200 Xeral: 0’15 ptas

No seu desexo de seguir na vangarda, Fraga pronto irá ‘‘modernizando’’ o negocio, como vemos en decembro de 1915, coa adquisición dun novo proxector da marca Pathé, cunha novidosa forma de reclamo para a súa estrea, planificando unha sección continua (sic) a prezos especiais para o 1 de xaneiro. Esta ‘‘sección continua’’ non é a sesión continua que hoxe coñecemos, se non que consistía na proxección continuada e en bucle dunha serie de títulos, podendo acceder á sala os espectadores na hora que gustasen dentro do período de proxección:

> ‘‘La empresa de este salón que se ha propuesto llevar las proyecciones al mayor grado de la perfección, acaba de adquirir un aparato que es la última palabra de la casa Pathé, y para darlo a conocer e inaugurarlo mañana día primero de año, ha organizado su grande y ameno programa cinematográfico que se proyectará en sección continua desde las cinco de la tarde hasta las doce de la noche a precios sumamente económicos.
>
> La sección continua tiene para el público la inapreciable ventaja de poder entrar a la hora que quiera sin perder el tiempo esperando que comience la una o acabe la otra’’[407].

Exterior do Salón-Teatro Villagarcía no 1915, época na que era explotado por Fraga. APJCPB

[407] *GN*, 31-12-1915, p. 3 (1).

Este Salón Teatro acolleu seriais, os primeiros filmes de Charlot, outros éxitos como a superprodución italiana *Cabiria* (Giovanni Pastrone, Italia, 1914)[408]… Pero tamén teatro, música, bailes, zarzuelas, espectáculos varios e mitins, charlas e encontros[409].

O Villagarcía foi un local de referencia, e todo un símbolo, na cultura desta vila arousá, especialmente nos anos 20, os ‘‘anos dourados’’ do cine en Vilagarcía.

Para comezar esa década, no 1920 este Salón-Teatro foi obxecto dunha remodelación, e o 21 de Novembro de dito ano ‘‘reinaugúrase’’ en todo o seu esplendor[410], con cheos absolutos ante a proxección da película en catro partes *Ursus* (protagonizada polo elefante Ursus e o neno Carlino), e o dueto cómico-serio acrobático (sic) Adriana y su Charlot[411].

Nesta década os éxitos van ser grandes, e a oferta será variada, estando dominada a inicios da década polas sesións onde alternaban filmes de curta duración con outros de episodios. Sirva de exemplo o programa do 16 de decembro de 1920, onde, en só dúas sesións, as cintas a proxectar serán as seguintes[412]: as películas cómicas *Cuando los criados mandan* e *Su mayor sacrificio*; *Ruffles*, filme interpretado por John Barrymore que nesta súa primeira xornada proxectará dúas partes e un prólogo[413], e o noticiario *Actualidades Gaumont*.

Outras que colleitaron grande éxito: a ‘‘hermosísima cinta filmada en los más bellos parajes de la provincia de Pontevedra… con orquesta que seguirá la proyección’’[414] *Maruxa* (Herny Vorins, España, 1923), ou *Mickey* (F. Richard Jones e James Young, EUA, 1918), co cómico Mack Sennett[415]. E non deixemos de lado as actuacións de variedades, como a ‘‘gran cantante de aires regionales Amalia Alegría y su excéntrico Nanín, que se distingue especialmente por sus bailes americanos’’[416].

[408] Profusamente publicitada en prensa no día da súa proxección, así como en días previos. *GN*, 13-5-1915, p. 3 (1 a 4)

[409] Zarzuelas como *La golondrinas*, *Maruxa* e *Amores de aldea*, da compañía Enrique Beut; espectáculos variados de ‘‘Cocodrilos amaestrados’’, acróbatas como ‘‘Los Juanitos’’, o pianista Arthur Rubinstein, o violinista Manuel Quiroga ou o guitarrista Andrés Segovia, o transformista Angelo Giannelli… Datos extraídos de novas de *GN* (data sen identificar) en *Aproximación a unha análise do cinematógrafo en Vilagarcía de Arousa*, sen paxinar.

[410] Aínda que nos seguintes anos irá incluíndo novas melloras, como a instalación dun servizo de calefacción, que estará operativo a partires do 15 de novembro de 1923. *GN*, 15-11-1923, p. 3 (2).

[411] *GN*, 21-11-1920, p. 4 (4), e 23-11-1920, p. 2 (5).

[412] *GN*, 16-12-1920, p. 4 (4).

[413] Refírese ao filme *Raffles, the amateur cracksman* (George Irving, EUA, 1917).

[414] Extracto de *Galicia Nueva* sen data, en *Aproximación a unha análise do cinematógrafo en Vilagarcía de Arousa*, sen paxinar.

[415] *GN*, 26-12-1920, p. 4 (6).

[416] *GN*, 11-1-1921, p. 4 (2/3/4/5).

Outro feito a destacar é o xeito de publicitar os filmes. Por exemplo, nunha nova de *Galicia Nueva* do 9 de xaneiro de 1921, faise referencia tanto aos custes asumidos polo cine para conseguir a mellor calidade para o seu público, como ao coidado que poñen en salvagardar a moralidade do pobo cunha sorte de autocensura:

> ‘‘En el Teatro Villagarcía se proyectará hoy… *Charlot en un día de placer*[417]… Esta película pertence también a las de la serie del millón de dólares, pues es bien sabido que Chaplin ha cobrado 6 millones de pesetas, por impresionar 8 películas, todas las que es propósito de los Empresarios de este Teatro, que así vea el público de Villagarcía, aunque este propósito le resulte muy costoso.
>
> ...Para hacer honor al escogido público de este teatro, la Empresa rechazó la película *Cuando se ama* que tenía anunciada, porque su asunto y en algunas de las partes de sus 10 episodios, había varias escenas escabrosas, y el proyectarla, sería apartarse además del camino de moralidad que desde un principio, se viene siguiendo en este Salón’’[418].

Ou sesións por exemplo con diferentes reclamos, como as do Nadal de 1921,onde ante a inminencia do Día de Reis, tralas dúas sesións da xornada, procederíase á rifa de xoguetes entre os espectadores[419].

Coa entrada dos anos 30, pronto verase que ao Villagarcía cústalle adaptarse ás novas necesidades dos tempos, tanto cinematográficas coma teatrais. As condicións non eran as máis axeitadas para o cine sonoro, e o espazo e acondicionamento do local non era o suficiente para as grandes compañías. Aínda así, o Salón-Teatro Villagarcía será o encargado de acoller a chegada do cine sonoro a esta vila, e polo tanto, pola súa condición de pioneiro na zona neste tema, será o cine que introduza o sonoro na comarca do Salnés[420].

O 22 de marzo de 1932, o *Galicia Nueva* recolle, entre as novas a resaltar do día:

> ‘‘Dentro de breves días comenzarán en el Salón Villagarcía los trabajos de reforma necesarios para la instalación del cine sonoro en dicho salón, de acuerdo con las instrucciones dadas a la Empresa por el ingeniero de la casa Western Electric, que días pasados estuvo en esta ciudad’’[421].

[417] Título baixo o cal se publicitou naquel entón o filme *Un día de juerga* (Charles Chaplin, EUA, 1919).
[418] *GN*, 9-1-1921, p. 4 (4).
[419] *GN,* 4-1-1921, p. 4 (2).
[420] Non temos constancia documental de se houbo algunha proxección previa de cine sonoro con equipos ambulantes. Dáse a posibilidade de que así fose (iso era algo común, especialmente no ámbito rural), pero un rastrexo por fontes hemerográficas non aportou luz sobre este feito.
[421] *GN*, 22-3-1932, p. 2 (1).

O 30 de abril de 1932, xa rematadas as obras indicadas, será o *Faro de Vigo* o que recolla a primeira proxección neste cine (con ese proxector Western Electric), dun filme sonoro. O escollido foi *La ley del harem* (Lewis Seiler, EUA, 1931), un drama protagonizado polo benquerido José Mojica en versión ‘‘hablada y cantada en español’’:

> ‘‘Como se había anunciado, hoy sábado, se inaugurará en el Teatro Villagarcía, el cine sonoro, para cuya instalación la empresa no omitió sacrificio alguno, pues adquirió el material mejor, más completo y más moderno que existe hasta el día.
>
> Las secciones de hoy serán a las siete y diez de la noche.Se exhibirá la gran película hablada y cantada en español por Mojica, ‘La ley del harem’. Mañana domingo en las secciones de tarde y noche se exhibirá la misma película’’[422].

Dende este momento, o sonoro pasará a ser parte permanente da cidade[423]. Neste cine (como nos outros de Vilagarcía que pronto lle seguiron a estela co cine sonoro nestes primeiros anos), a instalación deste novo avance supuxo unha grande inversión[424], que se rendabilizaba sobre todo grazas á afluencia de público ‘‘externo’’ ao seu núcleo urbano (é dicir, das parroquias, vilas e centros poboacionais dos arredores), especialmente nas fins de semana. No caso de Vilagarcía, favorecíanlle para o caso as boas comunicacións coas que contaba (vía terrestre e marítima), como ben se sinalaba na prensa do mes seguinte, emocionada coa boa recepción:

> ‘‘El cine sonoro absorbe la atención de los villagarcianos, constituyendo el tema obligado de todas las conversaciones. Hay verdadero entusiasmo, justificado por las excelencias del equipo ‘Western’, que está, realmente insuperable.
>
> Para hoy se anuncia un estreno de la mayor importacia... la modernísima superproducción de la Fox, titulada ‘Mar de fondo’[425] que hizo vibrar de entusiasmo a las multitudes en los principales coliseos de Europa y América... Con ese motivo acuden a Villagarcía muchos forasteros, que aprovechan la buena combinación de coches y vapores para asistir a estas solemnidades cinematográficas’’[426].

Nesta liña, a atracción pola novidade do sonoro foi tal que incluso unha empresa de transportes como ‘‘El Veloz’’, chegará a axustar os seus horarios nas parroquias próximas para a asistencia ás sesións sonoras da fin de semana:

---

[422] *FV*, 30-4-1932, p. 2 (5).

[423] Respecto das outras salas operativas no 1932, sabemos que o Salón Varietés non ‘‘deu o salto’’ ao sonoro, e respecto do Salón García, si que fará esa transición, pero con posterioridade ao Villagarcía, aínda que as súas intencións ao respecto xa foran avanzadas o ano anterior: ‘‘Según nos informan, no tardará mucho tiempo sin que los socios del Círculo Artístico puedan gustar del cine sonoro, que tanta revolución está causando en los pueblos en donde ya funciona’’. *FV*, 9-10-1931, p. 2 (4).

[424] Os proxectores sonoros eran moito máis caros que os mudos, así como tamén era máis alto o custe do seu mantemento, o aluguer dos filmes sonoros...

[425] *Mar de fondo* (John Ford, EUA, 1931).

[426] *FV*, 7-5-1932, p. 2 (5).

> ‘‘Atendiendo a justas aspiraciones del vecindario de toda la comarca villagarciana, la Empresa ‘‘El Veloz’’ ha resuelto establecer dos servicios extraordinarios, uno los sábados y otro los domingos... Con esta mejora que todos estos contornos ansiaban, podrase asistir comodamente a las funciones de cine sonoro que se celebran en la ciudad arosana’’[427].

Tamén da fe do enorme éxito inicial do sonoro, a reserva anticipada de localidades ata esgotar o aforo cunha semana de antelación, caso ocorrido co filme de aventuras *Tradern Horn* (W.S. Van Dyke, EUA, 1931), recollido no *Faro de Vigo* do 24 de xuño dese mesmo ano, dous meses despois da inauguración:

> ‘‘Se espera con impaciencia el esteno de ‘Tradern Horn’, ‘la película milagro’, anunciado para mañana sábado. El éxito obtenido en Vigo por esta maravillosa producción, reflejado diariamente en las columnas de FARO, hizo impresión en el público de Villagarcía, y con el primer anuncio de la gran película han coincidido los primeiros pedidos de localidades, con ocho días de anticipación al del estreno’’[428].

Nos seus últimos anos, o Salón-Teatro Villagarcía seguiu a alternar as proxeccións cos espectáculos varios que aínda podían desenvolverse no local, ademais de actos e mitins de diferentes partidos políticos. Destacará especialmente o feito de ter sido o escenario escollido para a fundación das Falanges Gallegas o 17 de marzo de 1935, coa asistencia e discurso fundacional de José Antonio Primo de Rivera[429]. A transcendencia deste feito será tal que no espazo deste cine (incluso nas súas ruínas ou nos edificios que o seguiron) realizaranse actos anuais de conmemoración.

O cine estivo operativo ata 1936, antes do estoupido da Guerra Civil[430]. Trala Guerra quedou en ruínas e foi adquirido polo Estado[431], non volvendo a empregarse xa nunca máis para o cine.

---

[427] *FV*, 13-3-1933, p. 3 (7).

[428] *FV*, 24-6-1932, p. 8 (5).

[429] Anunciado en, entre outros, *El Ideal Gallego*, 15-3-1935, p. 1 (5).

[430] Hai novas de que nese ano tiveron lugar proxeccións, baile de Carnaval, bailes varios, mitins, e numerosos actos políticos de ambos bandos, canda menos ata xuño de 1936. *EPG*, 30-1-1936 p. 11 (1), 14-2-1936 p. 12 (3), 15-2-1936 p. 11 (3), 21-2-1936 p. 13 (1), 6-2-1936 p. 11 (5), 20-3-1936 p. 12 (4), 24-3-1936 p. 13 (6), 3-5-1936 p. 15 (1), 31-5-1936 p. 10 (5), 26-6-1936 p. 1 (3).

[431] Que construíu no seu lugar un edificio para albergar a ‘‘Casa del Movimiento’’, e que con posterioridade pasou a albergar as dependencias da Policía Nacional.

Programas anunciantes de películas "habladas en español" no Villagarcía. APJCPB

Acto de conmemoración da fundación da Falange nas ruínas do Villagarcía, trala Guerra Civil. APJCPB

2.1.4. CINE FANTASIO (1933-2000)

Símbolo dos novos tempos, o Cine Fantasio nace en febreiro de 1933, da man de José Recuna Otero (co tempo tomaralle o relevo o seu fillo José Recuna Villaverde), segundo un proxecto do arquitecto coruñés José de Castro.
A súa inauguración foi o domingo 19 de febreiro de 1933, estando dotado xa dende o seu inicio dun equipo de cine sonoro Zeiss Marconi. O filme inaugural será a comedia musical *El congreso se divierte* (Erik Charell, Alemaña, 1931)[432].

Este cine responde aos novos tempos que corrían nos anos 30. Xeograficamente sitúase case en fronte do Salón-Teatro Villagarcía e preto do Casino, o que levou a un especial coidado na súa estética (tanto exterior coma interior). O seu exterior, a parte de integrarse urbanisticamente entre os edificios circundantes, conxugaba a rixidez da súa estrutura cunha ornamentación posmodernista coidada ao detalle. Dábase especial atención á rotulación, aos soportes para a publicidade, apliques, lámpadas… así como a gama cromática interior, en azuis e grises[433]. Non era excesivamente grande (520 localidades de aforo) pero o seu espazo destacaba pola calidade e coidado da súa ornamentación.



Reconstrución do alzado do Cine Fantasio (sección lonxitudinal), nos anos 30. APMVG

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[432] *EPG,* 18-2-1933, p. 10 (6) e *FV*, 21-2-1933, p. 7 (6).
[433] Especial coidado porase incluso nos uniformes dos seus traballadores cara o público, os acomodadores e porteiros.



Deseño de lámpadas para o interior do cine. APMVG

Acomodadores do Cine Fantasio. Finais dos anos 60. APJCPB

Un exemplo deste coidado tamén é, por exemplo, a solicitude no concello o 12 de Novembro de 1947 por parte de José Recuna para a colocación nunha rúa próxima do cine (rúa José Antonio) de ‘‘una vitrina anunciadora de un metro de ancho por uno y medio de alto con la inscripción de FANTASIO, teniendo la debida autorización del

propietario del inmueble aludido''[434]. Para tal fin, adxunta debuxo da devandita vitrina, seguindo o deseño da ornamentación do propio cine. O permiso foi concedido, e dita vitrina pasou a colocarse no lugar solicitado.

Co descorrer das décadas, foise facendo tamén algún axeitamento dos espazos, melloras e pequenas (ou grandes) reformas. Este é o caso do ocorrido no ano 1978, cando José Recuna solicita permiso para a limpeza e pintura de fachada, reforma de servizos sanitarios, reparación do pavimento do patio de butacas, reforma de parte da instalación eléctrica, modificación do revestimento interior para unha mellor acústica e cambio de mobiliario, aínda que sempre respectando a estética marcada[435]. Esta solicitude (dunhas reformas que si chegaron a realizarse), permítenos ver a planta do edificio, que seguía a ser a mesma que a orixinaria, así como un alzado no que se constata a conservación da estrutura e do deseño decorativo interior:



Planos do proxecto de reforma do Cine Fantasio. Planta baixa (Butacas) e alzado lateral. 1978. AMVA. 3062/11

[434] Solicitude para colocación de vitrina anunciadora. AMVA. 1876/12.

[435] Expediente de Solicitude de Obras no Cine Fantasio. AMVA. 3062/11.

Este cine foi certamente lonxevo. Tras case setenta anos en activo, nos cales sufrirá todo tipo de altibaixos, pechará finamente o 17 de abril de 2000, coa proxección de *Huracán Carter* (Norman Jewison, USA, 1999)[436]. Eran uns tempos moi diferentes dos comezos da súa andadura, e a pesar da súa resistencia década tras década, pouco puido facer ante o avance dos novos tempos que se materializaron na aparición das multisalas (os minicines, e o posterior complexo de multicines que veremos no descorrer deste capítulo). Tralo peche, e apenas un mes despois[437], este emblemático edificio foi tristemente demolido para proceder á construción dun bloque de vivendas[438].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Interior e fachada do Cine Fantasio en 1999, próximo ao peche. APJCPB

[436] *LVG*, 12-4-2016. Edición dixital.
[437] *LVG*, 4-5-2000. Edición dixital.
[438] Como curiosidade, a fachada do edificio actual ostenta algunha das famosas lámpadas do Fantasio.

2.1.5. CINE-TEATRO CERVANTES (1935-1977)

Dentro dos ventos de cambio dos anos 30, e con pouco tempo de diferenza co Cine Fantasio, chegará o Cine-Teatro Cervantes. Un cine-teatro que pronto tomará o relevo do Salón-Teatro Villagarcía (do cal estaba construído a escasos metros), compaxinando actividades con el nun escaso período de tempo (pero sacándolle xa claramente vantaxe dada a ‘‘non modernización’’ do Villagarcía) e enchendo o espazo que este deixará na vida cultural e social da poboación tralo seu peche no 1936.

En 1934 o empresario Albino Bouzó presenta no concello o proxecto para unha nova construción, con planos do arquitecto Robustiano Fernández Cochón. Este cine-teatro situaríase nun solar da súa propiedade no que xa comezara unhas obras previas para unha vivenda, das que tan só chegara a avanzar os cimentos. O proxecto será aprobado polo Goberno Civil o 20 de xuño dese mesmo ano[439].

Era un edificio de grande tamaño, dando a súa fachada principal á rúa Vista Alegre, moi preto do Cine Fantasio, e a posterior á rúa Puente Viejo. Construíuse seguindo a estética racionalista predominante no momento; formas xeométricas, diáfanas e ornamentación sinxela, con patio de butacas e grada na parte máis arredada da pantalla.



Planos da fachada principal e lateral do proxecto de Cine-teatro.
APMVG, reelaboración sobre planos orixinais conservados en AMVA. 1450/60

[439] Expediente con planos para‘‘Proyecto para un nuevo cine-teatro en Villagarcía de Arosa’’. AMVA. 1450/60.



Planos da planta baixa e sección lonxitudinal do proxecto Cine-teatro.
APMVG, reelaboración sobre planos orixinais conservados en AMVA. 1450/60

A súa capacidade sería para 1.022 espectadores, distribuídos nunha planta baixa (butacas) e unha primeira planta (anfiteatro e xeral):

- 583 Butacas
- 110 Anfiteatro
- 329 Xeral

USC

Na prensa local da época, a súa construción ocupou amplas crónicas, sirva de exemplo *El Pueblo Gallego* do 17 de outubro de 1935, que xa auguraba a próxima estrea, e dedicáballe unha columna a páxina completa que incluía unha ampla descrición do edificio, na que destacaba a soberbia edificación en formigón, as súas marquesiñas de cristais, soberbias escaleiras, cómodos butacóns individuais e numerados, os servizos

sanitarios hixiénicos e os amplos salóns de fumar, salas de faladoiros e bar. Incluíndo tamén o dato de que o equipo sonoro para a proxección de películas é un Klangfilm ‘‘…fabricado por la importante firma A.E.G. que introdujo los últimos adelantos, y por consiguiente la reproducción de las imágenes es maravillosa y la sonoridad impecable’’[440], e que a decoración é obra do escenógrafo santiagués Camilo Díaz[441]. En resume, conclúen ‘‘…no estamos equivocados al afirmar que es uno de los más amplios, modernos y artísticos coliseos que hay en Galicia… todo buen villagarciano debe estar orgulloso de contar con tan magnífica obra y estar agradecido al amigo Bouzó’’[442].



Lámina con proxecto de decoración da embocadura do escenario por Camilo Díaz Baliño. APJCPB

A apertura terá lugar o domingo 3 de Novembro de 1935 co filme *El velo pintado* (Richard Boleslawski, EUA, 1934), de Greta Garbo[443].

Como curiosidade, cóntase que este cine contaba cunha pequena ‘‘sala para loitos’’. É dicir, unha sala pequena e discreta dende a cal os que recentemente perderan algún

[440] *EPG*. 12-10-1935, p. 14 (4).

[441] Camilo Díaz Baliño, artista galego de renome, nado en Ferrol, que entre outros aspectos foi escenógrafo, pintor, ilustrador, pioneiro do deseño artístico, membro das Irmandades da Fala, e pai de Isaac Díaz Pardo. No referente á súa relación co mundo dos cines —previa ao traballo no Cervantes—, destaca o seu papel ao fronte do Taller de Arte e Propaganda da Empresa Fraga, posto dende o cal exerceu como deseñador e escenógrafo no acondicionamento das salas das que Isaac Fraga se fixo cargo na segunda década do século. Datos tomados da *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo IX, pp. 72-73, e *O Cine en Galicia* de Xosé Nogueira Otero, A Nosa Terra, 1997, pp. 111.

[442] *EPG*. 12-10-1935, p. 14 (4).

[443] *FV*, 3-11-1935, p. 7 (4), e *EPG,*3-11-1935, p. 14 (6).

familiar e gardaban loito, podían asistir ao cine protexidos das miradas dos seus veciños e así evitar faladurías[444]. En realidade, o máis probable é que o se lembra como ‘‘sala’’, fora un palco discreto e disimulado, que os empresarios do cine decidiran empregar deste modo en sinaladas ocasións, levados pola demanda deste xeito de ocio e nunha forma de ‘‘burlar’’ o choque cos ríxidos costumes de duelo na época.

TEATRO CERVANTES
VILLAGARCIA
HOY, domingo, 3 de Noviembre de 1935
INAUGURACION
oficial de este Teatro, con la grandiosa, genial creación de la sublime GRETA GARBO
EL VELO PINTADO
admirablemente secundada por Herbert Marshall, George Brent, Warner Oland, Jean Herholt, y Katerine Alexander.

Publicidade da inauguración do Cervantes. APJCPB

No 1945, o cine pasa a ser explotado por Isaac Fraga Penedo. Nese mesmo ano fíxose unha reforma (unicamente interior), na que se construíron unhas pequenas plateas (tanto na planta baixa coma no primeiro piso) e realizouse un cambio de decoración, co cal o sentido primeiro do proxecto mudou totalmente. Esas reformas levan a un pequeno parón na actividade, e por iso o 30 de marzo Isaac Fraga solicita ao Alcalde‘‘...que habiéndome hecho cargo de la explotación del Teatro-Cine Cervantes de esta ciudad, la cual empieza el próximo 1º de Abril, recurro a Vd. a fin de que se digne aprobar la apertura del mencionado local a los efectos Municipales’’[445].

O 18 de Abril este permiso será concedido e o Cervantes volverá de novo, da man de Espectáculos Fraga. Aínda así, tras desta reapertura, cara finais de ano solicitarase permiso para novas reformas (acometidas no inicio do ano a seguir), neste caso para modificar a zona do escenario, co fin de habilitar o espazo de tal xeito que facilite a actuación de compañías de renome que requiran unha maior infraestrutura para os seus espectáculos, expoñendo que:

> ‘‘...El Teatro Cervantes de Villagarcía no fue terminado como Teatro sino utilizado como Cinematógrafo, dejando sin elevar el escenario y sin hacer ningún servicio. Deseando ahora la Empresa Fraga poder llevar a este local Compañías de gran espectáculo, la dueña del mismo encarga al arquitecto que subscribe la reforma necesaria para tal fin’’[446].

Coma o seu nome indica, foi un edificio dedicado tanto ao cine, como –especialmente tras da reforma de 1946 – a teatro (e zarzuela, concertos, bailes, festivais…), e albergou

[444] Lembranzas da memoria oral, recollidas en ‘‘Las llamas que hicieron cenizas el taller de los sueños’’. *Diario de Arosa* (DA), 25-5-2013. Edición dixital.

[445] Solicitude apertura Cine Cervantes. AMVA. 15831/29.

[446] Declaración do 10 de setembro de 1945 en‘‘Memoria de Reforma de Escenario del Teatro Cervantes propiedad de Doña Dolores Vázquez Fernández. Año de 1945’’. AMVA, 1462/7. Dolores Vázquez é a viúva de Albino Bouzó e a nova propietaria tralo falecemento deste. O arquitecto encargado dos planos da reforma será Juan Argenti Navajas.

actuacións tan recordadas polos vilagarciáns como as de Antonio Machín, Estrellita Castro ou Lola Flores. E especialmente recordados son os bailes de Entroido, para os cales se retiraban as butacas, e decorábase o espazo en consonancia coas festividades.

Interior do Cervantes decorado para o baile de Entroido. 1955. APMVG

Elenco dunha zarzuela no escenario do Cervantes. APJCPB

Publicidade de espectáculos non cinematográficos (teatro e actuacións musicais) no Cervantes. APJCPB

Tamén nel tiveron lugar sesións de cine con fins non comerciais, como as proxectadas para as alumnas dos colexios relixiosos da vila nos anos 70 (de mañá, e en horario lectivo), con filmes en consonancia coa mensaxe que estas relixiosas transmitían: *Fray Escoba* (Ramón Torrado, España, 1961), *Marcelino pan y vino* (Ladislao Vajda, España, 1955), *Los diez mandamientos* (Cecil B. De Mille, EUA, 1956), *Ben-Hur* (William Wyler, EUA, 1959)...[447].

Do sentido do espectáculo e dos modos de reclamo, á parte dos sistemas publicitarios na súa propia fachada, da fe por exemplo unha petición do 20 de outubro de 1966 da Empresa Fraga para a instalación na fachada do cine dun ‘‘cartel luminoso para anunciar el título de la película EL CARDENAL que se proyectará en este cine a partir del día 22 de los corrientes’’[448]. O filme amentado era *El cardenal* de Otto Preminger (EUA, 1963), e co permiso outorgado polo concello, iluminou a rúa de Vilagarcía nos días finais de outubro dese ano.

Non obstante, o 8 de novembro de 1977 este edificio sufrirá un grande incendio, que aínda hoxe é moi recordado na vila[449]. Este grave suceso, que ten lugar un domingo no cal ían

[447] Testemuño de Pilar Garrido Castromán, veciña de Carril e asistente ao colexio relixioso da época.
[448] ‘‘Solicitude instalación cartel luminoso’’. AMVA. 1955/42.
[449] Sección ‘‘Hace 25 años’’. *LVG*, 8-11-2002, edición Arousa, p. 16 (1).

proxectar *Family Plot* (Alfred Hitchcock, EUA, 1976), destrúe o edificio case na súa totalidade, feito ante o cal os seus donos deciden non reconstruílo e pechar o negocio definitivamente.

En 1983 haberá un novo interese en reconstruír este cine, por parte de Eugenio Sobral Fernández (residente en Poio, Pontevedra), que consultará no concello ‘‘… las condiciones urbanísticas en que podría llevarse a cabo la reconstrucción del antiguo cine Cervantes… para dedicarlo a Sala de Fiestas, de acuerdo con la normativa urbanística vigente y del Plan General de Ordenación Urbana inicialmente aprobado’’[450]. A pesares do interese amosado e os trámites iniciados, Eugenio Sobral desistirá da súa idea, e o Cine Cervantes non volverá rexurdir das súas cinzas.

Fachada do Cervantes con publicidade de filmes. Finais dos anos 60. APJCPB

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[450] ‘‘Solicitud de consulta’’. AMVA. 2221/12. A idea era reconstruír o antigo cine para convertelo en sala de festas/discoteca.

2.1.6. CINE AROSA (1943-1990)

No 1940 preséntase o proxecto para un novo cine por iniciativa de Pérez Hermanos y CIA[451], segundo planos do arquitecto Emilio Quiroga Losada.

A petición da licenza de obra para un edifico dedicado a cinematógrafo data do 20 de setembro de 1940, pero o permiso por parte da Comisión Permanente do Concello non chegará ata o 29 de xaneiro de 1941, e o do Goberno Civil o 3 de decembro de 1941.As obras desenvolveranse ao longo de 1942 e inicios de 1943. O 24 de abril deste último ano aínda se solicita permiso para a remodelación da fachada e a colocación dunha marquesiña, aprobado o 26 de maio[452].

Este cinematógrafo, baixo o nome de Cine Arosa, abrirá finalmente as súas portas o sábado 4 de Setembro de 1943, coa película *La Corona de Hierro* (Alessandro Blassetti, Italia, 1941)[453].

Situábase entre dúas rúas, e contaba polo tanto con dúas fachadas, a principal na Praza de Calvo Sotelo (agora Praza de Galicia), e a posterior, que daba cara a Rúa Edelmiro Trillo, con saída de emerxencia. A praza na que se situaba a súa fachada principal, daba así mesmo á tan amentada Rúa Vista Alegre, onde estaban a maioría dos cinematógrafos da vila.

Este é un cine que nace por e para o cine[454], o que se ve sobre todo nas proporcións do seu escenario, embocadura, etc. No exterior, chamaba a atención a súa fachada, con fiestras ovaladas e marquesiña de filigrana para soporte publicitario.

Nos anos nos que estivo en funcionamento, adaptouse a novas técnicas, como foi o caso do formato panorámico. Para tal fin, o 20 de outubro de 1955 Manuel Pérez Lafuente[455] presenta unha solicitude no concello para as obras pertinentes que implica instalar unha pantalla axeitada para dito formato, para o cal ‘‘…tiene necesidad de llevar a efecto obras en el escenario del citado cine, de forma tal que la embocadura de la pantalla quede ampliada en 50 cms todo a su alrededor’’[456]. En sesión do 21 de decembro a obra foi autorizada.

[451] Tras do nome desta sociedade, están os irmás Juan e Antonio Pérez Lafuente, artífices do Cine Coliseo de Vilanova de Arousa, do que falaremos nun apartado posterior.

[452] ‘‘Expediente para Construcción de Cinematógrafo por Pérez Hermanos y CIA’’. AMVA. 1456/19.

[453] *EPG,* 4-9-1943, p. 6 (5-6).

[454] Coma o Fantasio e o Cervantes, aínda que neste caso cun carácter arquitectonicamente máis marcado para iso.

[455] Parente de Juan e Antonio, que vai alternar, dende a segunda metade dos anos 40, a explotación do cine con Emilio Bóveda Leiro (información extraída de ‘‘Expedientes y trámites sobre impuestos de lujo’’, AMVA, 15611/11).

[456] Solicitude autorización de obras no Cine Arosa. 1955. AMVA. 1891/47.



Planos do proxecto para o Cine Arosa. Alzados e planta baixa. AMVA. 1456/19

Cunha vida moi activa, que incluíu unha reforma debido a un incendio entremedias, deixará de funcionar no 1990. Nos primeiros meses deste ano, realizarase unha redución do trinta por cento no cadro de persoal para tentar ir solucionando a súa precaria situación[457], que non obstante seguirá sen mellorar ao longo do ano.

Nos meses a seguir, e cara finais de ano, albergará proxeccións comerciais que alternarán coas do Cineclub Ádega[458], o que inclúe a Semana de Cine de Vilagarcía organizada por este[459].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[457] *LVG*, 27-2-1990, edición Arousa, p. 26 (3-5).

[458] Sesións do Cineclub rexistradas en *LVG*: 29-6-1990, p. 42 (3-5); 28-7-1990, p. 28 (1); 5-8-1990, p. 31 (1); 12-9-1990, p. 25 (4/5). Edición Arousa.

[459] A primeira semana do mes de agosto. *LVG*, 12-8-1990, edición Arousa, p. 32 (5).

O último acto que neste cine se realizará, será a gala de clausura da XVIII Edición de Cine y VII de Vídeo Aficionado de Vilagarcía de Arousa, coa proxección de *Cartas de Alou* (Montxo Armendáriz, España, 1990), o 8 de decembro de 1990[460]. E a última proxección comercial, será o 11 de decembro de 1990 co filme *Desafío total* (Paul Verhoven, EUA, 1990)[461]. Poucos días antes de pechar, e como ‘‘canto de cisne’’ antes do augurado fin, este cine rexistrou uns dos maiores cheos da súa última época coa proxección de *Pretty woman* (Gary Marshall, EUA, 1990), que mantivo oito días consecutivos en carteleira[462].

Case ao tempo, inícianse os trámites para a súa demolición, comezando o desmantelamento do cine o 18 de decembro[463], feito que se levou a cabo en febreiro de 1991[464]. Como tantos outros, este edificio caeu baixo da especulación urbanística, e hoxe non conservamos nada del[465].



Evolución do interior do Cine Arosa. APJCPB
Esquerda: antes de 1955 (antes das obras para o cambio de pantalla).
Dereita: anos 80, co interior reformado tralo incendio.

[460] *LVG*, 9-12-1990, edición Arousa, p. 56 (2-4).
[461] *LVG*, 11-12-1990, p. 2, sección ‘‘Cartelera’’.
[462] *LVG*, 1-12-1990, 2-12-1990, 3-12-1990, 4-12-1990, 5-12-1990, 6-12-1990, 7-12-1990 e 8-12-1990. En todos eles, p. 2, sección ‘‘Cartelera’’.
[463] *LVG*, 19-12-1990, edición Arousa, p. 34 (3-5).
[464] Expediente de ‘‘Demolición Cine Arosa’’. AMVA. 2481/2.
[465] No caso destas salas situadas no centro urbano de Vilagarcía, o prezo do solar acadaba prezos moi elevados, posto que o plan xeral de urbanismo permitía construír edificios con baixo, catro plantas e baixo cuberta. As intencións anunciadas no momento para o solar do Cine Arosa, eran as de construír un edificio de nova planta cunhas galerías comerciais no baixo, e vivendas de luxo nos seus pisos. *LVG*: 27-2-1990, p. 26 (3-5), e 19-12-1990, p. 34 (3-5). Edición Arousa.

Exterior do Cine Arosa.1990, antes do peche. APJCPB

2.1.7. MINICINES UVE (1986-2002)

Nos anos 80, cun cine Cine Arosa que pouco a pouco irá acusando unha diminución de espectadores, e co Cine Fantasio como abandeirado do cine na vila, un novo proxecto, xa na vangarda das novidades do seu tempo, comeza a tomar forma.

O 18 de agosto de 1983 Emilio Bóveda Pérez, en representación de Cinemas de Villagarcía S.A (Cinevisa), presenta no concello un ‘‘Proyecto de Multicines’’ con planos do arquitecto Enrique Porto Rey, solicitando a licenza para as obras[466]. O 3 de novembro de 1983 dáselle unha licenza provisional por parte da Alcaldía[467], e o 6 de decembro de 1983 a Comisión Municipal da autorización para a construción[468].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[466] Expediente ‘‘Proyecto de Multicines’’. AMVA. 2141/1.

[467] A licenza definitiva non chegará ata o 21 de febreiro de 1995, aínda que o cine estivese a funcionar dende o 1986. ‘‘Solicitud de Licencia de primera ocupación de Multicines’’. AMVA. 2122/42.

[468] Expediente ‘‘Proyecto de Multicines’’. AMVA. 2141/1.

Tras diferentes demoras nas obras, será o 8 de marzo de 1986 cando Emilio Bóveda solicite por fin a ‘‘Licencia de primera ocupación, conexión de agua y alcantarillado’’, concedida o 7 de abril dese mesmo ano ao cumprir con tódolos requisitos requiridos[469]. Teñen carta branca pois estes minicines para abrir as súas portas, o que se fará realidade o 26 de marzo dese mesmo ano[470] cos filmes *La rosa púrpura de El Cairo* (Woody Allen, EUA, 1985) e *Regreso al futuro* (Robert Zemeckis, EUA, 1985)[471].

Estandarte dos novos tempos, por primeira vez en Vilagarcía (e en todo o Salnés) entraba o concepto dun cine con varias salas.

Situado na rúa Arcebispo Gelmírez, o edificio proxéctase nunha soa planta, con dúas salas de cine de 215 e 220 localidades respectivamente[472], deixando un espazo para cafetería (a empregar tanto para o cine, coma, por outro acceso independente, polos cidadáns que non acudían ás proxeccións). Estas salas estaban proxectadas de tal modo que, se fose preciso, a parede que as separaba podería eliminarse cunha sinxela obra, pasando a conformar unha soa sala de grande tamaño.



Planos do proxecto para os Minicines. Planta baixa. AMVA. 3381/2

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

469 ‘‘Solicitud de Licencia de primera ocupación de Multicines’’. AMVA. 2122/42.

470 *LVG*. 19-3-1986, p. 26 (3/4).

471 *LVG*. 26-3-1986, p. 24 (1/2).

472 Localidades nas que, por vez primeira e con este novo concepto de sala cinematográfica, romperase coa tradicional diferenciación entre butaca, anfiteatro e xeral.



Planos do proxecto para os Minicines. Seccións e alzados. AMVA. 3381/2

Os minicines Uve[473] foron un suceso no seu momento, unha revolución no concepto da exhibición cinematográfica, froito dos tempos que deu un xiro ao modo de consumición do cine. As construcións dunha soa sala de grande tamaño (moitas veces de carácter multidisciplinar con outros espectáculos), dan paso a salas pequenas e máis homoxéneas dedicadas única e exclusivamente a cine (sen posibilidade de adaptación do espazo para outros feitos), que compensan o seu menor aforo por sala coa multiplicación (duplicación neste caso) da oferta cinematográfica, claro reflexo da evolución nos xeitos de consumo de cine nos anos oitenta. Outra vantaxe dos minicines (e multicines), neste caso para os empresarios do negocio, era a redución do persoal necesario para o seu funcionamento, pois os mesmos traballadores que antes se facían cargo dunha sala (despacho de billetes, portería, proxección, limpeza...) agora poden facerse cargo de varias, co conseguinte abaratamento nos custes para as empresas e contribuíndo polo tanto ao atractivo deste modelo para elas.

Non obstante, e froito tamén da rapidez coa que avanzan as tecnoloxías e os modos de ocio cara o novo milenio, en pouco máis dunha década estes minicines quedaron obsoletos ante a inauguración do seguinte – e último – gran proxecto cinematográfico vilagarcián: os Multicines Gran Arousa.

Pouco puideron facer ante o avance arrolador deste ‘‘xigante’’, polo cal, despois dunha curta convivencia (de escasos meses, nos que en ocasións chegaron a compartir títulos, en claro detrimento dos Uve), e vendo claramente que quedaban obsoletos ante a competencia, non puideron facer máis que botar o peche. Isto ocorreu o 31 de marzo de 2002, e os filmes proxectados nesa xornada foron *Mulholland Drive* (David Lynch, Francia-EUA, 2001) e *Día de entrenamiento* (Antoine Fuqua, EUA, 2001)[474].

Exterior dos Minicines Uve. 1992. APMVG

[473] Este curioso nome, diferente dos máis habituais á hora de ‘‘bautizar’’ un cine, conta cunha orixe sinxela e lóxica, xa que provén da letra ‘‘V’’ de Vilagarcía.
[474] *LVG*, 26-3-2002, edición Arousa, p. 3 (3-5).

2.1.8. MULTICINES GRAN AROUSA (2001-ACTUALIDADE)

Co cambio de século e de milenio, un novo e ambicioso proxecto tomou forma en Vilagarcía.

Dando un paso máis alá dos Minicines Uve, preséntase un complexo de ocio cinematográfico, uns multicines nun edificio totalmente exento, situados estratexicamente nunha explanada do porto deportivo[475] cun grande espazo para aparcar, e no centro dun espazo lúdico-deportivo preexistente con bares, bocaterías… e un Mac Donald's a carón.

O 3 de abril do 2001, Severino Francisco Pato Iglesias en representación de Coruña Films S.L. presenta un proxecto dos arquitectos Antonio Espinosa Murias e Antonio Rodríguez Martín, para o axeitamento interior de salas de cine nun edificio sen uso específico situado na Explanada TIR do porto deportivo de Vilagarcía. A idea era dedicar ese edifico a salas de cine (uso lúdico socio-cultural) dentro do convenio urbanístico entre o concello e a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, englobado no plan especial do Porto de Vilagarcía[476].

Este edificio contaría cunha planta baixa onde se situarían sete salas de cine en gradación (que en total sumarían 1.085 localidades), unha planta soto para aseos e almacéns, e unha alta para as cabinas de proxección e oficina de xestión do cine.



Planos do proxecto para os Multicines. Alzado. AMVA. 3369/2 e 3370/1

[475] A coñecida como Explanada TIR (''Transit International Routier''). Este nome ven dado a que con anterioridade esa explanada era o lugar onde estacionaban —e cargaban— os camións de mercancías que facían rutas de comercio internacionais. Co tempo, ao referirse á explanada, empregarase indistintamente o termo en maiúsculas ou en minúsculas, inclusive en documentos oficiais.

[476] Expediente de ''Proyecto de adecuación interior para salas de cine Explanada T.I.R. del Puerto Deportivo Villagarcía de Arosa''. AMVA. 3369/2.





Planos do proxecto para os Multicines. Sección lonxitudinal e planta baixa. AMVA. 3369/2 e 3370/1

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O 11 de maio de 2001 tramítase a solicitude de licenza municipal para ‘‘instalación, apertura e funcionamento dun local destinado á actividade de 7 SALAS DE CINE, na EXPLANADA TIR-ZONA PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA’’[477] no concello, segundo solicitude do 19 de febreiro de 2001. O 30 de maio dende o concello concédese licenza provisoria, e a licenza definitiva chegará o 25 de febreiro de 2002, aínda que, como noutras ocasións, o cine xa estaba en funcionamento daquela.

A estrea terá lugar, finalmente, o xoves 11 de outubro do 2001 co filme *Moulin Rouge* (Baz Luhrman, Australia, EUA, 2001)[478].

Estes multicines, fillos do novo milenio, contaban con tódolos avances do momento[479], e viviron o grande cambio técnico das últimas décadas: a instauración do sistema dixital de proxección.

O primeiro paso nesta dirección deuse no 2006, cando Vilagarcía pasou a converterse na primeira poboación galega (xunto con Carballo, cuns multicines rexentados pola mesma empresa) en ofertar nunha das salas do seu cine a proxección dixital de alta definición. A iniciativa púxose en marcha o mes de xuño, e para tal evento non concibiron a proxección dun filme, senón a dos partidos do Mundial de Fútbol de Alemaña[480]. Unha vez rematados estes, pasaron a incluírse na programación do cine algúns filmes nese mesmo sistema (o primeiro deles *Superman returns*, de Bryan Singer, EUA-Australia, 2006), aínda que nun primeiro momento eran un baixo porcentaxe, xa que a oferta de filmes dixitais non era daquela moi excesiva. De feito, o proxector co sistema dixital foi instalado sobre unha estrutura con rodas, e cando o filme proxectado nese sistema ‘‘cumpría’’ na sala grande e cambiábano para unha máis pequena (para que a sala grande albergase novas estreas), movían o proxector para a sala correspondente, e facían os axustes precisos de cada vez, co traballo que iso levaba[481].

A ‘‘reconversión’’ de tódalas salas ao dixital foi progresiva ao longo dos seguintes seis anos, e non se completou ata o 2013, sendo os últimos filmes que se proxectaron en celuloide, os da saga *Crepúsculo*: *La saga Crepúsculo: Amanecer - Parte 1* (Bill Condon, EUA, 2011) e *La saga Crepúsculo: Amanecer - Parte 2* (Bill Condon, EUA, 2012).

---

[477] Ídem.

[478] *LVG*, 13-10-2001, p. 3 (1-4).

[479] Uns avances e prestacións que agora consideramos comúns, pero que no momento foron vistos coma un paso cara a modernidade: ‘‘…los más modernos equipos de proyección, equipadas con sonido digital, señalizaciones en fibra óptica, monitores de ambiente e información, paneles electrónicoso e informáticos … butacas de gran confort con posacabezas y posavasos, filas numeradas, espacio reservado para minusválidos y climatización…’’. *LVG*, 12-10-2001. Edición dixital.

[480] *FV*, 2-6-2006. Edición dixital.

[481] Testemuño de Carlos Núñez García, encargado dos Multicines Gran Arousa dende a súa apertura.

Estes multicines naceron cunha vocación claramente comercial (sesgo que segue a manterse hoxe en día), feito que se reflectirá na selección dos filmes a exhibir, e nos principais éxitos das súas salas nas dúas últimas décadas. Por alí pasaron as sagas de moda, como as de *El señor de los anillos*[482], *Harry Potter*[483]*, Matrix*[484]*, Cincuenta sombras*[485], *Star Wars*[486], as sagas de Marvel e superheroes varios... ou filmes que se lembran especialmente pola súa repercusión, como *Lo imposible* (J.A. Bayona, España, Tailandia, EUA, 2012)[487], *La pasión de Cristo* (Mel Gibson, EUA, 2004), *Fuga de cerebros* (Fernando González Molina, España, 2009), *El niño* (Daniel Monzón, España-Francia, 2014), ou o novidoso 3D de *Avatar* (James Cameron, EUA, 2009).

Respecto deste último, e como pasou noutros moitos cines, a pesares do éxito inicial do mundo 3D, este foi decaendo ao longo dos anos polo seu propio peso (entradas máis caras, perda de calidade na exhibición ao cambiar o sistema do propio 3D...)[488], ata a súa case desaparición no momento actual.

Estas salas pasaron por bos momentos, especialmente no seu inicio, e por outros máis complicados[489], incluído os últimos tempos da pandemia ‘‘COVID-19’’e o conseguinte peche das salas, axuste posterior de aforo, etc.

---

[482] *El señor de los anillos: la comunidad del anillo* (Peter Jackson, Nova Zelanda-EUA, 2001), *El señor de los anillos: las dos torres* (Peter Jackson, Nova Zelanda-EUA, 2002), e *El señor de los anillos: el retorno del rey* (Peter Jackson, Nova Zelanda-EUA, 2003).

[483] *Harry Potter y la piedra filosofal* (Chris Columbus, G.B-EUA, 2001), *Harry Potter y la cámara secreta* (ChrisColumbus, G.B-EUA, 2002), *Harry Potter y el prisionero de Azkaban* (Alfonso Cuarón, G.B-EUA, 2004), *Harry Potter y el cáliz de fuego* (Mike Newell, G.B-EUA, 2005), *Harry Potter y la orden del Fénix* (David Yates, G.B-EUA, 2007), *Harry Potter y el misterio del príncipe* (David Yates, G.B-EUA, 2009), *Harry Potter y las reliquias de la muerte, Parte 1* (David Yates, G.B-EUA, 2010), e *Harry Potter y las reliquias de la muerte, Parte 2* (David Yates, G.B-EUA, 2011).

[484] *Matrix Revolutions* (Lana e Lilly Wachowski, EUA, 2003), *Matrix Reloaded* (Lana e Lilly Wachowski, EUA, 2003), *Matrix Resurrections* (Lana Wachowski, EUA, 2021).

[485] *Cincuenta sombras de Grey* (Sam Taylor-Johnson, EUA, 2015), *Cincuenta sombras más oscuras* (James Foley, EUA-China-Japón, 2017), *Cincuenta sombras liberadas* (James Foley, EUA, 2018).

[486] *Star Wars: Episodio II. La guerra de los clones* (George Lucas, EUA, 2002), *Star Wars: Episodio III. La venganza de los sith* (George Lucas, EUA, 2005), *Star Wars: el despertar de la fuerza* (J.J. Abrams, EUA, 2015), *Rogue One: una historia de Star Wars* (Gareth Edwards, EUA, 2016), *Star Wars: los últimos jedi* (Rian Johnson, EUA, 2017), *Han Solo: una historia de Star Wars* (Ron Howard, EUA, 2018), *Star Wars: el ascenso de Skywalker* (J.J. Abrams, EUA, 2019).

[487] Que marcou o fito de cheos incluso entre semana.

[488] O 3D inicial, o que empregou o filme *Avatar*, era un 3D activo, onde as gafas incorporaban a súa propia electrónica para crear o efecto. Eran unhas gafas que pertencían ao cine, e que había que hixienizar tras cada uso nun lavalouzas especial. O seu custe era alto e o seu mantemento tamén, sen contar que en ocasións as gafas acababan desaparecendo porque os espectadores as levaban. Por todo iso, finalmente deuse o paso ao 3D pasivo, no cal a sensación da tridimensionalidade ven dada dende a imaxe proxectada na pantalla e que vemos cunhas gafas polarizadas. Estas gafas vendíanse xunto coa entrada para o espectador. O custe era moito máis barato, pero tamén a calidade era peor. Testemuño de Carlos Núñez...

[489] Sirva de exemplo o ano 2013, onde pola baixa afluencia de público tiveron que suprimir a ‘‘sesión golfa’’ das 1:00 do venres e sábado, así como a función dos sábados ás 16:00, reinventándose con fórmulas alternativas, como a proxección de ópera —en directo ou en diferido—, circo en directo, concertos de rock… ‘‘Los cines de Vilagarcía se reinventan al son de ópera’’, *FV*, 10-2-2013. Edición dixital.

A día de hoxe, estes Multicines Gran Arousa teñen o – triste – honor de ser os únicos cines operativos en toda a comarca do Salnés.

Exterior dos Multicines Gran Arousa. Actualidade. APMVG

2.1.9. CINE NON COMERCIAL

Ao marxe das proxeccións comerciais, Vilagarcía tivo unha vida cinematográfica e cinéfila tremendamente activa (cineclubs, festivais, proxeccións fora das salas comerciais...).

Á cabeza destas actividades, estará especialmente a dos seus Cineclubs.

2.1.9.1. Os Cineclubs

Estas asociacións comezaron a aflorar tralo fin da ditadura. O máis destacable deles será sen dúbida algunha o Cineclub Ádega.

Este cineclub foi tanto o máis importante, como o máis lonxevo. Fundouse no 1976[490], e grazas á importancia que pronto acada, será en Vilagarcía onde se funde a Federación de Cineclubs de Galicia no ano 1984.

[490] ‘’Xunta directiva, estatutos, lista de socios e memoria de actividades 1976-1979’’. Arquivo do Goberno Civil (AGC), 5863.

No seu inicio as proxeccións realizábanse no auditorio da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, pero pronto o cineclub atopou resgardo no Cine Arosa, a seguir nos minicines Uve (ata o seu peche), e finalmente nos Multicines Gran Arousa. As proxeccións nestes multicines remataron por non ser operativas debido ao alto custo, polo que no 2009 o cineclub suspende a súa a actividade. Esta foi retomada no 2015, e as proxeccións pasaron ao renovado Salón García, onde seguen na actualidade[491].

Entre as actividades desenroladas por este cineclub dende os seus inicios, e ao marxe das proxeccións periódicas, destaca especialmente a súa ‘‘Semana de Cine’’.

Esta Semana foi unha iniciativa impulsada polo desexo de experimentación con novas propostas por parte do cineclub, entre as cales decidiron facer unha semana con proxeccións aproveitando o ‘‘tirón’’ do verán[492].

Celebrouse por primeira vez no 1984, do 16 ao 20 de xullo, e foi precisamente neste marco onde tivo a lugar a citada fundación da Federación de Cineclubs de Galicia. Os cinco filmes proxectados nesta primeira Semana foron[493]: *La colmena* (Mario Camus, España, 1982)*, El año que vivimos peligrosamente* (Peter Weir, Australia-EUA, 1982)*, Amarcord* (Federico Fellini, Italia-Francia, 1973)*, Zelig* (Woody Allen, EUA, 1983) e *Carmen* (Carlos Saura, España, 1983)[494].

Trala boa acollida, nos anos a seguir foise ampliando e contando con novos reclamos. No 1985 acolle a estrea de *Amadeus* (Milos Forman, EUA-Francia, 1984) antes de que pasase por salas comerciais[495], no 1986 amplían a un maior número de seccións, que pasan a

[491] As proxeccións soamente ‘‘saen’’ do Salón García en ocasións especiais, como as eventuais proxeccións na rúa cando fan sesións de cine mudo con música en directo, ou outros eventos sinalados, como a proxección de *Tiburón* (Steven Spielberg, EUA, 1975) na praia en agosto de 2021. Programa Cineclub Ádega 2021. Arquivo propio.

[492] O primeiro ano que se celebre terá lugar en xullo, para pasar a partires de aí a instalarse de xeito definitivo no mes de agosto, preferentemente a inicios do mesmo.

[493] Programas da ‘‘Semana de Cine’’, 1984 a 1993. Arquivo persoal de Manuel Carballo Rodríguez (APMCR).

[494] Os títulos escollidos para as Semanas de Cine ían en clara consonancia co espírito deste cineclub e as súas sesións periódicas. A intención era non proxectar soamente un cine máis ‘‘marxinal’’ ou alternativo só para cinéfilos, senón ampliar o abano cara boas películas, pero que abranguesen un gusto máis xenérico.

[495] Isto foi posible grazas a un acordo co Cine Arosa, que era quen tiña o filme para proxectar. O Arosa cedeulle a ‘‘estrea’’ ao cineclub no venres da súa ‘‘Semana de Cine’’, e a partires do sábado retomárona eles. Saían así ámbolos dous beneficiados, o cineclub por acoller a estrea, e o Cine Arosa por aproveitar á súa vez toda a publicidade que a Semana lle facía ao filme. Esta estratexia repetirase en 1988 con *Mujeres al borde de un ataque de nervios* (Pedro Almodóvar, España, 1988). Testemuño oral de Manuel Carballo Rodríguez, membro fundador do Cineclub Ádega e posterior presidente do mesmo.

estar compostas por ‘‘Sección de actualidade’’[496], ‘‘Retrospectiva’’[497] e ‘‘Sesión ao aire libre’’[498]; e no punto álxido comprendido de 1989 a 1991, chegou a abranguer ata dúas semanas.

As proxeccións desta Semana iniciáronse no cine Arosa[499], pasando no 1991 aos Minicines Uve. Con ambos tiñan un acordo co cal o cine cedíalles as salas a cambio dunha comisión. Tamén contaban co apoio do concello, e a cobertura publicitaria era moi ampla (Radio Arosa, *La Voz de Galicia*, o *Faro de Vigo*... facían crónicas diarias; colgábanse cartelóns anunciantes na rúa, na marquesiña dos cines...). As actividades paralelas comprendían un certame fotográfico a nivel nacional, exposicións, coloquios, conferencias... Era unha ‘‘festa de cine’’, todo un acontecemento no pobo que contaba con grande peso na vida cultural da vila.

Dende mediados dos anos 90 a actividade do cineclub progresivamente vai baixando, e a atención e coidado prestado á súa Semana tamén. Tralo parón dende o 2009, a nova directiva que se fixo cargo do cineclub no 2015, retomou así mesmo a celebración desta Semana. Na actualidade, segue a situarse en agosto, preferentemente na primeira semana do mes. O acto inaugural sitúase nun sábado ou domingo, e as proxeccións e actividades prolónganse ata o venres a seguir. As proxeccións, sempre ás 21:00 (con coloquio anterior ou posterior) no salón García[500], son de filmes (longametraxes e curtametraxes) preferentemente actuais, fóra do circuíto comercial máis habitual[501], e sempre se engade algunha produción de animación. Xunto ás proxeccións, realízanse talleres[502], maratóns, charlas, concertos... converténdose nun elemento dinamizador fundamental da vida cultural e social do pobo.

Ademais do Cineclub Ádega, segundo consta en documentación, existiron tamén outros catro cineclubs, que afloraron a inicios dos anos oitenta, aínda que sen a importancia nin

[496] Con títulos como: *Una habitación con vistas* (James Ivory, G.B, 1985), *Adiós muchachos* (Louis Malle, Francia-Italia-Alemaña Occidental, 1987), *Dublineses* (John Houston, G.B-Irlanda, 1987), *Cinema Paradiso* (Giusseppe Tornatore, Italia-Francia, 1988), *Cyrano de Bergerac* (Jean-Paul Rappeneau, Francia, 1990), *Beltenebros* (Pilar Miró, España-Gran Bretaña-Países Baixos, 1991), *Juego de lágrimas* (Neil Jordan, G.B-EUA-Xapón, 1992)... Programas da ‘‘Semana de Cine’’, 1984 a 1993. (APMCR).

[497] Dedicadas por exemplo a Rainer Werner Fassbinder, Alfred Hitchcock, Francis Ford Coppola, Billy Wilder... Ídem.

[498] Con filmes coma *King Kong* (Merian C. Cooper e Ernest B. Schoedsack, EUA, 1933), *Calles de fuego* (Walter Hill, EUA, 1984), *La muerte tenía un precio* (Sergio Leone, Italia-España-Alemaña Occidental, 1965), *West Side Story* (Jerome Robbins e Robert Wise, EUA, 1961)... Ídem.

[499] Mentres as proxeccións periódicas aínda seguían a ser no auditorio da Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

[500] Salvo algunha excepción de proxección en exteriores.

[501] Na programación do 2021, alternaron, por exemplo, a proxección de *Thefather* (Florian Zeller, 2020) con *Kamera o tomeru na!* (Shin’ichirô Ueda, Xapón, 2017) ou *Bacaru* (Juliano Dornelles, Brasil-Francia, 2019). ‘‘Programa Semana de Cine 2021’’. Arquivo propio.

[502] Por exemplo de creación de videoclips.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a continuidade do pioneiro. Estes foron: o Liceo Marítimo[503], Santa Eulalia de Arealonga[504], Colexio Renfe[505]e Círculo Mercantil[506].

2.1.9.2. Certame de Cine Afeccionado de Vilagarcía / Curtas Festival do Imaxinario

Neste ‘‘cine non comercial’’, mención aparte require o que naceu como Certame de Cine Afeccionado, unha idea que xurdiu da man do Liceo Marítimo[507] en 1973, e que acadará especial sona pola súa labor inicial de promoción da cultura galega, e pola importancia acadada a nivel nacional.

Cunha celebración anual ininterrompida dende a súa orixe, o que o converte no festival audiovisual máis antigo de Galicia e un dos máis antigos de España, a súa evolución ao longo das décadas reflectirase tanto en contido como na evolución do seu propio nome.
No verán de 1973[508], xurde a idea de reunir películas en 8 mm e Super-8 realizadas polos socios afeccionados da Sociedade do Casino, para proxectalas para eles e outorgar uns premios (neste caso só trofeos). Con este carácter máis ‘‘familiar’’ e con só nove participantes, xurde pois este I Certame de Cine Afeccionado, edición pioneira que ha crecer en canto a participantes, apoios[509], premios e concursantes nos anos a seguir.
A partires do III Certame introduciranse películas sonoras (nos dous primeiros eran mudas), constitúese un xurado e o certame pasa a considerarse de carácter local ao abrir a convocatoria máis aló da sociedade do Casino e permitir a asistencia de público, elemento fundamental á hora de potenciar o festival en seguintes edicións. Será no 1976 (IV edición) cando o certame pase a categoría de rexional, ‘‘despegando’’ dende aí cara

[503] ‘‘Cineclub del Liceo Marítimo de Villagarcía. Solicitude para inscrición no Rexistro Oficial de Cineclubs do Ministerio de Cultura, 1982’’. AGC, 5863. Citado en *Cines de Pontevedra. Documentación en Arquivos públicos*, p. 74.

[504] ‘‘Cineclub de Santa Eulalia de Arealonga de Villagarcía de Arosa. Documentación necesaria para o rexistro ministerial. 1980’’. AGC, 5863. Citado en *Cines de Pontevedra. Documentación en Arquivos públicos*, p. 75.

[505] ‘‘Cineclub Colegio Renfe en Villagarcía de Arosa. Documentación necesaria para o rexistro ministerial. 1982’’. AGC, 5863. Citado en *Cines de Pontevedra. Documentación en Arquivos públicos*, p. 76.

[506] ‘‘Cineclub Casino Mercantil e Industrial. Documentación necesaria para o rexistro ministerial. 1982’’. AGC, 5863. Citado en *Cines de Pontevedra. Documentación en Arquivos públicos*, p. 75.

[507] Asociación recreativa e deportiva de grande tradición na cidade. No ano 2000 uniuse á sociedade do Casino de Vilagarcía, pasando a denominarse Liceo Casino. *LVG*, 25-11-2000. Edición dixital.

[508] A información dos parágrafos a seguir foi extraída da ‘‘Memoria dos Certames de Cine Afeccionado de Vilagarcía de Arousa I a VI’’, documentación presentada para o Plan de Subvencións do Estado de Turismo de 1978. AMV. 3960/1.

[509] De organismos oficiais e de entidades privadas: Concello de Vilagarcía de Arousa, Deputación de Pontevedra, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Caixa de Aforros Municipal de Vigo... nestes primeiros anos.

o que será a súa traxectoria posterior. Agora xa posúe unhas bases[510], premios en metálico, folletos, exposicións, presidencia de honra, clausura con cea-baile...

A evolución do seu nome ao longo dos anos irá parello á ampliación do espectro de contidos. En 1984 engade a sección de Vídeo, pasando a denominarse Festival de Cine e Vídeo afeccionado, no 1998 cambia o seu nome ao máis xenérico Certamen Audiovisual do Casino de Vilagarcía[511], e no 2011 pasa a Curtas Film Fest (Certame Audiovisual Internacional de Vilagarcía de Arousa), facendo fincapé na súa vocación internacional e na orientación a curtametraxes. No 2017 cambiou de novo a Curtas Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada (engadindo este último medio), e para rematar, dende o 2020, enarbora o actual Curtas Festival do Imaxinario.

Nos últimos anos, especialmente dende o 2015, o festival foi volvéndose máis ambicioso en canto a alcance internacional[512], centrándose especialmente nas curtametraxes, aínda que pouco a pouco vai ampliando ao formato das longametraxes. Dende o 2020, pasou ademais a orientarse á sección de Fantástico.

Claro exemplo desta evolución de nome e concepto, e apertura á internacionalización, ademais das súas programacións, son os seus invitados e premios varios. Mentres na súa XXI edición, por exemplo, a presenza destacada era a de Juan Pinzás, presentado como un ‘‘director de cine profesional que empezou neste certame amateur hai 21 anos’’[513], na última edición de 2021 (a número 49) o seu premio de honra foi para Joe Dante[514]. Galicia e Hollywood, dogma e cine fantástico.

Respecto da súa situación, nos seus inicios celebrouse no auditorio da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, pasando despois ao Cine Arosa e Cine Fantasio, mentres estes estiveron operativos. Pasou despois ás instalacións do Centro Cultural Liceo Casino, e na actualidade as súas principais proxeccións e actividades teñen lugar no Salón García. A

---

510 ‘‘Podrán tomar parte enviando sus películas, todos los aficionados al Cine Amateur de Villagarcía que lo deseen; las películas podrán ser realizadas en 8 mm. y Super-8 mm., en blanco y negro o color, mudas o sonorizadas con pista magnética incorporada a la propia película; los temas serán libres, quedando excluídos los temas quirúrgicos y publicitarios’’. Boletín de inscrición no IV certame que recolle as bases para a participación. APMVG.

511 Pasando a Certame Audiovisual do Liceo Casino de Vilagarcía no 2001, coa fusión de ambas sociedades.

512 Ademais de en actividades e exposicións paralelas ás proxeccións.

513 Programa do ‘‘XXI certamen de cine aficionado y X de vídeo, 1993’’, onde proxectaron o seu filme *El juego de los mensajes invisibles* (España, 1992). AMV. 3925/8. Este certame tamén recolleu os inicios, por exemplo, de Chano Piñeiro, premiado no VI certame (1978).
Juan Pinzás efectivamente presentara as súas primeiras obras amateurs neste certame. Posteriormente dirixirá filmes como *La leyenda de la doncella* (España, 1994), *Érase otra vez* (España, 2000), *Días de boda* (España, 2002), *El desenlace* (España, 2005) ou *Sombras de Nueva York* (España, 2013). Premiado internacionalmente, é o único director español recoñecido no movemento ‘‘Dogma 95’’ con tres dos seus filmes.

514 Director de, entre outros filmes de corte fantástico, *Aullidos* (EUA, 1981), *Gremlins* (EUA, 1984), *Exploradores* (EUA, 1985), *El chip prodigioso* (EUA, 1987)...

data de celebración oscilou entre agosto e setembro, ata, dende 2015, instalarse preferentemente no mes de outubro.

Esquerda: primeiro cartel do Festival de Cine Afeccionado de Vilagarcía (1973)
Dereita: último cartel do Curtas Festival do Imaxinario (2021)
www.curtas.org

2.1.9.3. Outros modelos de proxección

Ao marxe das proxeccións do Cineclub, ou do Curtas Festival do Imaxinario, outros modelos de proxección levarán o cine, non só a Vilagarcía, senón partindo desta, a todo o Salnés (ampliando cara outras zonas de Galicia).

A empresa de contidos e servizos audiovisuais Mr. Misto, con sede en Vilagarcía de Arousa, leva a desenrolar unha serie de iniciativas (dende fai un par de décadas, pero incrementando a súa actividade nos últimos anos) para facer chegar o cine doutros xeitos aos espectadores, amais de apostar por un cine que sexa máis ‘‘difícil’’ de atopar (ou canda menos conservar un tempo) nas salas comerciais.

A primeira das súas fórmulas, e a de maior traxectoria, é a do ‘‘Cine na rúa’’, con proxeccións, como o seu nome indica, ao aire libre en época estival[515]. Dende inicios dos 2000 as sesións fixéronse de xeito esporádico, pero a partires do 2018 a periodicidade

[515] Aínda que nestes últimos anos a algúns concellos como Vilagarcía, Meaño... están a levar en inverno este ‘‘Cine na rúa’’ en ‘‘formato interior’’, co cal realízanse proxeccións en espazos cubertos e protexidos que os concellos ceden para tal fin.

está a ser maior, así como os lugares de alcance, non limitándose tan só ao Salnés (se non a todo Galicia e norte de Portugal).

Hai nas súas proxeccións, aínda que o catálogo do que dispoñen é amplo e variado, unha aposta por cine que teña menos ‘‘saída’’ comercial, e sobre todo polo cine galego[516].

A carón desta, está outra iniciativa que colleu pulo trala aparición da pandemia ‘‘COVID-19’’ e as súas restricións de aforos, contactos e cambios nos modos de relacionarse orixinados por unha pandemia sanitaria a nivel mundial. Falamos do ‘‘Autocine’’, no cal os espectadores poden ver os filmes dende a comodidade e seguridade do seu vehículo persoal. As vilas do Salnés que dende o 2020 están a recibir esta iniciativa son, especialmente, Vilagarcía, Vilanova e Meaño. Respecto dos filmes a proxectar, seguen a mesma política que no ‘‘Cine na rúa’’.

E unha terceira vía de exhibición, tamén con especial desenrolo a raíz da pandemia, está a ser o ‘‘Festivaliño’’[517]. Este é outro xeito de achegar o cine, neste caso aos máis pequenos, e con especial atención ao entorno máis rural, coa proxección de curtametraxes infantís que veñen acompañadas de talleres, música e diferentes actividades.

Non deixan de ser fórmulas alternativas de exhibición e difusión cinematográfica, cunha clara aposta polas zonas que carecen hoxe en día de salas de cine propias.

[516] Con filmes no seu catálogo como por exemplo: *A illa das mentiras* (Paula Cons, España-Arxentina-Portugal, 2020), *A esmorga* (Ignacio Vilar, España, 2014), *María Solinha* (Ignacio Vilar, España, 2020), *Cuñados* (Toño López, España, 2021), *Eroski paraíso* (Jorge Coira, Xesús Ron, España, 2019), *Enrugas* (Ignacio Ferreras, España, 2011), *O que arde* (Oliver Laxe, España-Francia-Luxenburgo, 2019), *Ons* (Alfonso Zarauza, España-Portugal, 2020), *Valentina* (Chelo Loureiro, España, 2021), *Maimiño e o espello máxico* (Ernesto Padrón, España-Cuba, 2014)...

[517] Evolución doutra iniciativa de Mr. Misto de inicios dos 2000, a ‘‘Caixiña de Mistos’’, unha pequena caravana itinerante que percorría as vilas galegas e na cal se proxectaban curtametraxes para os máis miúdos.

2.2. O GROVE

Esta península de 21’89 km^2 situada na parte máis occidental da comarca do Salnés, contou, ao longo dos séculos, cun interese estratéxico para sucesivos pobos e culturas (de aí a abundancia de restos arqueolóxicos presentes no lugar).

O do Grove foi dende sempre un pobo mariñeiro, coa pesca como un dos puntais da economía local. Por iso, historicamente supuxo unha crise, e logo un revulsivo, a chegada no século XVIII dos cataláns coas súas novas artes de pesca, un século no que, por outra banda, o Grove deixa de ser unha illa para pasar a ser unha península, coa conformación definitiva do seu istmo.

No século XIX é salientable o paulatino xurdimento dunha burguesía local, non moi abundante pero xa podente, resultado principalmente do auxe das fábricas de salgadura (debido á amentada chegada e asentamento das prácticas dos cataláns), e a explotación termal da Illa da Toxa[518]. Xa no século XX, e a pesares dun alto volume de emigración —que nesta península sentiuse con especial intensidade— a densidade poboacional subiu, grazas especialmente ás fábricas conserveiras, os recursos marítimos (marisqueo e pesca) e o auxe do turismo. Actualmente, as tres fontes citadas seguen ser o empuxe principal da economía dos grovenses[519].

O CINE NO GROVE[520]

Como ocorrerá noutras ocasións ao longo deste estudo, resulta moi difícil ter novas sobre os primeiros pasos nunha vila respecto das proxeccións itinerantes, anteriores a que o cine pasase a consolidarse como un espectáculo estable que dese garantía suficiente como para dedicarlle un edificio permanente para as súas funcións.

[518] Illa pertencente ao municipio do Grove, ao que está unido por unha ponte que data de inicios do século XX. Foi lugar de pastoreo ata o descubrimento das súas augas termais e medicinais a mediados do século XIX, o que deu lugar á construción do seu Balneario e todo o que iso implicou coma lugar de reclamo turístico.

[519] ‘‘Grovense’’ é o xentilicio oficial para os habitantes do Grove, pero é máis habitual o emprego do termo coloquial ‘‘meco’’.

[520] Gran parte deste apartado dedicado ao cine no Grove toma coma base o libro de Dunia Álvarez Prieto *A meca dos cines*, aínda que sempre engadindo nova información e detalles a maiores, procedentes das fontes orais e documentais consultadas.

O Grove será un destes casos, co cal as primeiras novas que teremos de proxeccións cinematográficas virán da man da apertura dos primeiros locais dedicados a este espectáculo. A pesar desta lagoa inicial, pronto veremos que o cine gozou de tremenda aceptación na vila, chegando a contar con catro salas de exhibición estables ao longo do século XX. Tres delas, inclusive, funcionaron a un tempo na década dos 50, o que nos da idea da transcendencia deste espectáculo para a xente do lugar.

Coma noutros concellos próximos, a actividade cinematográfica en salas estables iniciarase no Grove na década dos anos 20.

2.2.1. O CINE NOVEDADES (1919/1920-1934)

A primeira sala de exhibición cinematográfica en rexistrar actividade no Grove foi o chamado Cine Novedades.

O seu fundador foi Juan Fernández Domínguez ‘‘o Vil’’, carpinteiro e dono dunha funeraria, que aventurouse neste novo negocio da man da súa muller, Carmen Míguez Hermo. A data de apertura, malia que non se conserve constancia documental do ano concreto, sitúase en torno a 1920, ou incluso 1919, conclusión á que se chega mediante consulta á memoria oral, reforzada polo feito de que cando abre as súas portas (en 1921) a que será a segunda sala da vila, o Cine Besada, sabemos que o Cine Novedades levaba xa certo tempo funcionando.

As proxeccións foron en todo momento de cine silente, e contaban co conseguinte acompañamento musical en directo, neste caso levado a cabo polos fillos de Juan Fernández; Amancio e Juan. Amancio tocaba o piano, e o Juan, ás veces, o violín[521].

Situábase na Rúa Principal (hoxe Rúa Jaime Solá), un lugar moi céntrico, e aínda que non se conservan fotos nin planos do seu interior, sabemos que tiña un palco ao redor, cun banco que consistía ‘‘...nunha táboa, e os asentos da sala eran butacas de pregar corridas, en madeira e unidas por unha variña’’[522].

Nos primeiros anos de funcionamento do cine (década dos anos vinte), e en paralelo ao desenvolvemento da actividade neste, Juan Fernández fíxose cun pequeno proxector portátil, e con el levaba o cine de modo itinerante a parroquias máis afastadas do centro do Grove (San Vicente), así como a poboacións próximas. Carmen Míguez, como lembran os seus netos, era quen facía estes percorridos co proxector: ‘‘Era unha máquina

[521] Testemuño de Rubén e Ángel García Fernández, netos de Juan Fernández e Carmen Míguez.
[522] Testemuño de Rubén e Ángel García...

tipo máquina de coser, con asa, e a avoa ía andando con ela na cabeza a Vilalonga e a San Vicente. O maquinista era o seu irmán, que a acompañaba''[523].

Grazas a compatibilizar estas proxeccións itinerantes coas da sala, sacábanlle máis rendemento ás películas, xa que eran as mesmas en ámbolos dous casos.

Inda hoxe consérvase a estrutura de madeira sobre a que se colocaba este proxector ambulante, na que vemos ademais un compartimento inferior para gardar as películas que se ían proxectar e o material necesario para elo, ao tempo que servía como lugar de almacenaxe para a máquina cando esta non estaba operativa.

Esquerda e centro: estrutura en madeira para o cine ambulante. Arquivo propio.
Dereita: proxector do cine ambulante. Arquivo persoal de Ángel e Rubén García Fernández. APARGF

Por outra banda, e como era habitual na época, o Novedades compatibilizaba as sesións cinematográficas con, principalmente, sesións de baile. Pero tamén ás veces con teatro, conferencias, concertos, ''veladas artísticas''[524]… e inclusive como sede do Centro Republicano Radical do Grove durante un tempo (ano 1932)[525].

A pesares de funcionar ben como negocio, o Cine Novedades viuse abocado ao peche coa entrada do cine sonoro na vila (que tivo lugar no 1934, no anteriormente amentado Cine Besada). Como ocorreu con tantos outros cines, ao non dar o paso para o cambio, pronto viron que o cine silente non era quen de competir coa novidade do sonoro.

Será este feito, unido a un incendio no local, o que levará á decisión do peche do cine, xa que aínda que Juan Fernández decide remodelar igualmente as instalacións, será para

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[523] Testemuño de Rubén e Ángel García...

[524] Como por exemplo a ''velada artística con objeto de recaudar fondos para los niños pobres de la localidad'', recollida en *EPG*, 31-12-1926, p. 11 (3).

[525] *A meca dos cines,* p. 25.

convertelas exclusivamente nunha sala de baile (aberta a teatro e diversos espectáculos non cinematográficos), que pasou a renomearse Salón Novedades[526].

2.2.2. O TEATRO-CINE BESADA (1921-1976): ‘‘LA SALA DE MODA’’[527]

Ao pouco de abrir o Novedades, inicia a súa andaina unha nova sala da man de José Besada Domínguez, empresario do Grove que tamén contaba con outros negocios de panadería, ultramarinos e carpintería, e que será alcalde do Grove na II República.

Inicialmente, as instalacións inaugураranse como teatro o 13 de febreiro de 1914, baixo o nome de Salón Quiroga[528]. Sete anos máis tarde, José Besada toma a decisión de remodelar o edificio e convertelo nun teatro-cine.

A apertura como cine tivo lugar o 16 de agosto de 1921[529], pero a licenza definitiva non chegaría ata o 2 de febreiro de 1924, aínda baixo o nome de Salón Quiroga[530]. Dese mesmo ano data tamén o permiso como operador de José Besada Domínguez, que exercerá como tal ata que, no ano 1931, tome o relevo o seu fillo, José (‘‘Pepe’’) Besada Álvarez.

GOBIERNO CIVIL DE Pontevedra

ESPECTÁCULOS

Núm. 33

Firma del interesado

D. José Besada Domínguez de 32 años de edad, natural de Grove provincia de Pontevedra cuya fotografía y firma obran al margen, ha demostrado ante el Tribunal competente, en cédula de examen sufrido el día 5 de Agosto de 192 4, la necesaria suficiencia en el manejo de los aparatos cinematográficos marca Lube

y, por tanto, queda autorizado para poder actuar como OPERADOR CINEMATOGRAFICO en los establecidos en los locales de carácter público, habiendo llenado todos los requisitos preceptuados en la R. O. del Ministerio de la Gobernación de 20 de Febrero de 1924.

Pontevedra 5 de Agosto de 1924

El Gobernador civil,

NOTA. Por R. O. de 20 de Febrero de 1924, es indispensable este documento para poder actuar como operador.

Carné de operador de José Besada Domínguez. Arquivo persoal de Beatriz Besada Fernández (APBBF)

Como xeito moi significativo, sinalaremos que o cine, e máis concretamente este cine, foi precisamente o impulsor da chegada da electricidade a O Grove. Nesa época non había electricidade nas casas, nin tampouco alumeado público. Coma o cine precisaba de

[526] Destes tempos, cando o Cine pasou a Salón dedicado sobre todo a baile, quedan anécdotas como a derivada do outro negocio de Juan Fernández, a funeraria: ‘‘No tempo do baile no salón había dous ambientes diferenciados, a xente máis ‘fina’ ía cara a parte de atrás, e os máis xoves e de menor clase social quedaban na zona de diante (esta zona era chamada o ‘Baile de Petouto ou de Tranca’). E nunha nave pechada atrás (ao lado da xente ‘fina’), o avó gardaba os cadaleitos, co cal a xente bailaba ao lado dos mortos sen sabelo’’. Ou que durante a Guerra Civil, ‘‘como a xente non ía tanto ao baile, o avó puxo unha taberna, e xa cando acabou a guerra volveu poñer o baile’’. Testemuños de Julita Sanmartín Fernández, neta de Juan Fernández e Carmen Míguez.

[527] ‘‘La Sala de Moda’’ era o modo no que este cine se publicitaba, especialmente nos anos 50, para contrastar coas outras dúas salas en funcionamento. Información recollida nos programas de man para anunciar filmes do Teatro-cine Besada. Arquivo persoal de Pepe Lores González (APPLG), Arquivo persoal de Dunia Álvarez Prieto (APDAP), APBBF e Arquivo propio.

[528] Información extraída do *Tríptico conmemorativo do 50 aniversario do Teatro-cine Besada*. APDAP. O nome de Salón Quiroga fai homenaxe á figura do compositor e violinista Manuel Losada Quiroga.

[529] Ídem.

[530] Autorización da Delegación Gobernativa de Cambados para dar funcións cinematográficas no Salón Quiroga, 2-2-1924. APBBF.

electricidade para funcionar, José Besada instalou un grupo electróxeno, e aproveitando esta circunstancia e dado que vivía moi preto do cine, serviuse dos alternadores para poñer unha serie de lámpadas que alumeaban o camiño entre a súa vivenda e o edificio do cinematógrafo, sendo a primeira rúa do Grove en contar con alumeado[531]

TEATRO

13 de febrero de 1914

Inauguración de la primera sala de espectáculos con una Agrupación de Aficionados locales que pusieron en escena la obra "LAS CODORNICES" y cuyos principales intérpretes fueron: *Dolores Silva Torres, Luis F. Escalante y José Besada Domínguez.*

Durante siete años desfilaron por este escenario muchas compañías de teatro y prestigiosas intérpretes del cuplé: SARY-MARY, CARMEN LA SEVILLANA, GRANITO DE SAL...

Y destacados músicos que amenizaban los festivales bailables que organizaba la Empresa.

El gran violinista «Supo» y «Temes»

CINE MUDO

16 de agosto de 1921

El Grove conoce el Cine antes que la luz eléctrica.

La Empresa Besada no regatea sacrificios e instala un alternador para dar al pueblo una nueva distracción: el Cine. Y éste se presenta triunfante con la entonces superproducción: "TODO UN HOMBRE" que interpretaba William Desmond; a la que siguieron otros éxitos como "LA ARAÑA BLANCA" por Art Taylor, "LOS CUATRO JINETES DEL APOCALIPSIS" por Rodolfo Valentino, "LAS DOS NIÑAS DE PARIS"...

Y siguen desfilando cupletistas, compañías de teatro, duetos cómico-musicales como «Malvar-Vidal», «Los Doralde», «Parreño-Cereceda»...

NUEVO LOCAL

25 de diciembre de 1926

Reforma y ampliación del local.

Se inaugura la actual Sala con el estreno de la película "NAUFRAGOS DEL AIRE" por el galán de aquella época Harry Piel.

Y otros títulos como "EL FANTASMA DE LA OPERA", "EL JOROBADO DE NUESTRA SEÑORA DE PARIS", "LA TORRE DE NESLE"...

Más cupletistas... Más duetos cómicos... Más compañías de teatro... y también de zarzuela como la Compañía "Navarro" y "Presilla".

Más músicos y más bailes en las fiestas señaladas del año.

CINE SONORO

10 de febrero de 1934

Con la instalación en su Sala de uno de los más acreditados equipos sonoros, la Empresa Besada da paso al cine hablado con la extraordinaria película "EL REY DE LOS GITANOS" con JOSE MOJICA y ROSITA MORENO; un éxito de la 20 Century Fox, a la que sucedieron otros todavía en el recuerdo de muchos: "HONDURAS DEL INFIERNO", "LA FORNARINA", "FANFAN EL INVENCIBLE", "PAZ EN LA TIERRA"...

No faltaron tampoco en esta época compañías teatrales como "Santacana" y "Remy Goróstidi".

Y siempre, en todos los tiempos, agrupaciones de aficionados locales encontraron el apoyo de esta Empresa para sus funciones benéficas...

Y ahora...

Extracto do tríptico conmemorativo do 50 aniversario do Teatro-cine Besada. APDAP

O filme inaugural, no 1921, foi *Todo un hombre*, película muda interpretada por William Desmond[532], seguíndolle nos días a continuación outros éxitos da época coma *Los cuatro jinetes del Apocalipsis* (Rex Ingram, EUA, 1921) con Rodolfo Valentino, ou *Las dos niñas de París* (Louis Feuillade, Francia, 1921)[533].

Nos primeiros anos o proxector co que contaban era da marca Pathé, comprado a Isaac Fraga de segunda man (sabemos que a máquina proviña dun cine de Vigo) e o acompañamento ao piano executábao o propio José Besada, ou o seu fillo Pepe. Este feito era moi celebrado polo público asistente, xa que ambos eran uns virtuosos para a música[534].

[531] E por extensión, a casa de José Besada tamén sería a primeira en contar con este avance da modernidade. Testemuño de Nano Besada Costa, neto de José Besada Domínguez.

[532] A pesares de contar co título e nome do intérprete, foinos imposible identificar este filme.

[533] *Tríptico conmemorativo do 50 aniversario do Teatro-cine Besada*. APDAP.

[534] José Besada foi creador e director (ademais de intérprete e compositor) de diferentes bandas de música, tanto en Arxentina nos seus tempos de emigrante, coma no Grove ao seu regreso.




Proxector Pathé de cine mudo do Teatro-cine Besada. Arquivo propio

En 1926 procédese a unha reforma e ampliación do local, cambiando tamén o proxector (agora será un Gaumont Chrono C.M. Tipo B, canda menos nos anos restantes de cine silente), e a reestrea será o 25 de decembro dese mesmo ano, coa película *Náufragos del aire* con Henry Piel[535].

Situado entre a rúa Luís Seoane e a rúa da Rapeta, este cine foi un paso máis aló do Novedades, en canto a instalacións (definíano coma un local acolledor con estética de teatro), e sobre todo capacidade. Nel tiñan cabida máis de 600 espectadores, distribuídos en[536]:

- Anfiteatro: 140
- Butacas: 467.Divididas así mesmo en:
- Cadeiras con brazos: 376
- Xeral (máis a carón da pantalla): 100

Había proxeccións de cine os domingos e, nas súas mellores épocas, tamén o sábado máis dous días entre semana (luns —que repetían a película do domingo— e mércores), con tres sesións, ás 18:00, 20:00 e 22:00 (sumando ás veces sesión infantil a maiores).
Os días de proxección entre semana, e o número de proxeccións en cada un deles, variaron loxicamente nas súas décadas de funcionamento, baixando (caso da época de guerra —na que non pechou— e posguerra máis recente) ou aumentando, e sabemos tamén que aquí, como en outros tantos cines, contaron cos ‘‘Venres de Fémina’’[537].
Como prezos orientativos dos seus primeiros tempos, temos constancia por exemplo dos do ano 1928[538]:

[535] *Tríptico conmemorativo do 50 aniversario...*Nesta película atopámonos co mesmo caso que en *Todo un hombre*, respecto da dificultade de identificación.
[536] *A meca dos cines,* p. 30.
[537] As entradas de ‘‘Fémina’’ xa as abordamos no apartado de Cambados. Neste caso situábanse especificamente nos venres.
[538] Programas de man con indicación de prezos. Arquivo propio.

- Butaca: 0’40 ptas
- Balcón: 0’40 ptas
- Xeral: 0’30 ptas

Entre o cine silente exhibido, a parte do sinalado na súa estrea e días seguintes, tamén estiveron éxitos coma a película *Nobleza baturra* (Juan Vila Vilamala, España, 1925), e sobre todo, as series silentes, con títulos coma: *El pilluelo de Montmatre* (R. Leprince, Francia, 1926), *La dama misteriosa* (R. Bacchini, Italia, 1918), *El hijo del pirata* (Louis Feuillade, Francia, 1922), ou *La torre de Nesle* (Pierre Marodon, 1923)[539].

Por outra banda, o Besada foi quen trouxo ao Grove o cine sonoro. Despois do correspondente cambio de equipo (para un aparello Erko Cinaes) e xa da man de José Besada ‘‘fillo’’, o día escollido foi o domingo 11 de febreiro de 1934. *El Pueblo Gallego* recollía esta novidade xa nos días anteriores:

> ‘‘En el salón-cine del Teatro Besada se está procediendo a la instalación de un equipo sonoro. Uno de los días de la presente semana se harán las pruebas, y el próximo domingo, día 11, tendrá lugar con toda solemnidad la inauguración del cine sonoro que tanto se deseaba.
>
> El empresario de este popular y acreditado coliseo, señor Besada, una vez más, no regatea su esfuerzo ni escatima sacrificios para ofrecernos unas interesantes sesiones cinematográficas y elevar en este aspecto a nuestro pueblo a la altura de los mejores...’’[540].

E seguía, xa despois da estrea:

> ‘‘INAUGURACIÓN DEL CINE SONORO – Conforme habíamos anunciado, el pasado domingo día 11 tuvo lugar en el Teatro Besada la inauguración del cine sonoro. Se pasó por la pantalla la produccion cantada y hablada en español... ‘El rey de los gitanos’, que fue plenamente del agrado del público. Las tres funciones con las que se inauguró la pantalla de este cine registraron tres imponentes llenos’’[541].

Vemos pois que a sesión inaugural deste novo medio, que como non era menos contou con grande éxito, levouse a cabo coa película *El rey de los gitanos* (Frank Strayer, EUA, 1933), musical con José Mojica e Rosita Moreno.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[539] Esta última foi a película máis vista no ano 1929 no Salón Variedades de Cambados. É de supoñer que no Grove tamén se exhibiría nese ano, dados os circuítos de distribución da zona. Este título, e os anteriores amentados, foron extraídos de programas de man e cartelería anunciante do cine Besada. APBBF.
[540] *EPG*, 8-2-1934 p. 12 (3).
[541] *EPG*,17-2-1934, p. 11 (4).

Aproveitamos aquí para facer un inciso e dar un salto cara adiante, pois anos despois, no 1965, José Mojica pasaría —triunfalmente— polo Grove para, neste mesmo cine Besada, presentar a súa biografía fílmica *Yo pecador* (Alfonso Corona Blake, México, 1959), na cal relataba o seu paso de actor de fama á vida sacerdotal[542].



Postal autografiada, como "Fray José Mojica" para Miguel Besada (fillo de José Besada). Arquivo persoal de Dolores Besada Costa (APDBC)

Dos tempos do cine silente quédanos constancia de máis información, coma —fiel de reflexo da censura cinematográfica imperante na época— a prohibición da proxección do filme *El tiro de gracia* (Adolfo e Juan Vázquez Humasque, España, 1926), nun mandato enviado pola Alcaldía do Grove a este cine o 17 de xaneiro de 1927, no cal comunicaba que ''Por orden de la Superioridad, le participo a V. queda prohibida terminantemente la proyección de la película cinematográfica de la casa EDSISON FILM, *El tiro de gracia*''[543].

E xa co sonoro, e máis co franquismo, tampouco se libraron deste control, caso de *Boda en el infierno* (Antonio Román, España, 1942), un drama bélico na guerra civil española para a cal se comunicou ao cine que:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[542] ''Tras la proyección de la película 'Yo pecador' el padre Mojica cantó varias canciones que fueron calurosamente aplaudidas por el público que llenó la sala del cine Besada, en las dos funciones, con el mismo entusiasmo que cuando dicho cine abrió por primera vez sus puertas a los espectáculos, con la película 'El rey de los gitanos', una feliz interpretación del hoy Padre José Francisco de Guadalupe Mojica''. *EPG,* 19-8-1965, p.13 (5).

[543] Comunicación da Alcaldía do Grove a José Besada Domínguez, 17-1-1927. APBBF.

> ‘‘Con fecha de hoy he recibido un telegrama del Camarada Subsecretario de Educación Popular, que me dice lo que sigue: ‘Prohibida hasta nuevo aviso proyección de película ‘Boda en el infierno’. Notifique empresas’. Lo que, a los efectos pertinentes, comunico a Vd. para su conocimiento y cumplimiento’’[544].

Na época de apoxeo (anos 40 e sobre todo, 50) era habitual reservar entradas —ou compralas anticipadamente— para asistir ao cine, pois se non era fácil quedar sen elas, tal era o éxito deste. Inclusive, hai quen recorda que había xente que tiña reservado para todos os domingos, e pasaba a pagar aínda que finalmente non asistise. A iso había que engadir as reservas fixas durante moitos anos para autoridades coma o Alcalde, o Xefe da Garda Civil…[545].

E por outra banda, as entradas foron empregadas inclusive como moeda de pago, o que podía levar á ‘‘pillería’’, como lembra a neta de José Besada:

> ‘‘O avó tiña tamén unha panadería. Na época de pobreza, viñan os rapaces a descargar os sacos de fariña ou leña para a panadería e pagábanlles con entrada gratis ao cine, e había xente que se facía pasar tamén por eles para colarse gratis. Dicían ‘eu son da leña’ e entraban, ata que se daban conta de que non podían ser todos…’’[546].

Sobre os prezos dos anos 50, temos coñecemento dos da parte central da década, o que axuda a dar unha idea da súa evolución[547]:

ANO	TIPO DE ENTRADA		
	BUTACA	BALCÓN	XERAL
1953	4 ptas	3 ptas	2’50 ptas
1954	4 ptas	3 ptas	2’50 ptas
1955	5 ptas	3’50 ptas	3 ptas
1956	5 ptas	4 ptas	3 ptas
1957	5 ptas	4 ptas	3 ptas

[544] Notificación do Delegado Local de E. Popular a D. José Besada Domínguez. 20-2-1943. APBBF.

[545] ‘‘Se reservará un palco de Preferencia para la Alcaldía (que será ocupado por el Sr. Alcalde y Secretario con sus esposas) y una butaca preferente para el Delegado de la Autoridad, para todas las funciones’’. Escrito do Alcalde do Grove ao propietario de El Marino, xullo de 1945. APPLG. Neste caso referímonos ao cine El Marino, cine do Grove que trataremos a continuación, pero esta referencia amosa como este feito era unha práctica común na época.

[546] Testemuño de Alicia Besada Fernández, neta de José Besada Domínguez.

[547] Fonte: ‘‘Declaración jurada de José Besada Domínguez sobre el precio correspondiente a varios años’’ (1953-1957), 16-5-1957. APBBF. Elaboración propia.

Películas de éxito sonado neste cine foron: dramas mexicanos como *Historia de un corazón* (Julio Bracho, México, 1951)[548], *La barca de oro* (Joaquín Pardavé, México, 1947), o *La herida luminosa* (Tulio Demicheli, México 1956); películas clasificadas ‘‘4R’’[549] como *El manantial de la doncella* (Ingmar Bergman, Suecia, 1960)[550], ou unha das que máis proxeccións tivo (incluso a pesares da súa longa duración), *Las sandalias del pescador* (Michael Anderson, EUA, 1968).

Aparte destes títulos, moitos outros se exhibiron ao longo das décadas, coma, nos anos 60[551]: *Carmen Jones* (Otto Preminger, EUA, 1954), *Un diablo bajo la almohada* (José María Forqué, España-Italia-Francia, 1968), *Las gemelas* (Antonio del Amo, España, 1963), *El favorito de la reina* (Henry Coster, EUA, 1955), *Escuela de seductoras* (León Klimovsky, España, 1962), *Se necesita chico* (Antonio Mercero, España-Italia, 1963), *La casta Susana* (Luis César Amadori, España-Francia, 1963)…

Ou xa nos 70, destacan lotes[552] coma o que incluía *Cabaret* (Bob Fosse, EUA, 1972)*, Perros de paja* (Sam Peckinpah, Reino Unido, 1971)*, Toma el dinero y corre* (Woody Allen, EUA, 1969) e *Los cuatro jinetes del Apocalipsis* (Vicente Minelli, EUA-México, 1962), no que foi ‘‘un lote caro, de 5000 pesetas, pero quería darlle un repunte ao cine’’[553]. Un dos últimos cheos que se lembran foi con *La Biblia* (John Huston, EUA-Italia, 1966), no cal ‘‘ían ata as monxas’’[554].

Aparte de proxeccións, como era habitual, este edificio tamén albergaba espectáculos de teatro e demais variedades, así como mitins políticos... etc. Sendo sen dúbida as actividades máis populares as chamadas ‘‘Fiestas en el Aire’’[555].

---

[548] ‘‘Saíu tirada (200 pesetas máis ou menos) e foi un exitazo. Era un dramón, dunha muller embarazada que lle morre o mozo nas vías do tren e queda solteira co neno. A xente moito choraba’’. Testemuño de Alicia Besada…

[549] A clasificación oficial dos filmes pola Oficina Nacional Calificadora de Espectáculos, como xa tratamos no apartado de Cambados, era en 1, 2, 3, 3R e 4. Sen embargo, as fontes orais consultadas no Grove coinciden en falar nesta vila da cualificación 4R (como moitísimo ‘‘peor’’ que o ‘‘Gravemente peligrosa’’ do 4). Entendemos que se trata dunha deformación coloquial da cualificación orixinaria, pois non hai constancia documental desta outra cualificación. Neste apartado optaremos por conservar ese 4R da memoria oral, pero sempre entrecomiñado.

[550] ‘‘Era ‘4R’, e se ías tiñas que ir a confesarte despois’’. Testemuño de Alicia Besada...

[551] Programas de man para anunciar os filmes. APPLG.

[552] Como xa sinalamos con anterioridade, a dinámica para a exhibición era adquirir ‘‘lotes’’ de películas, e así, as casas distribuidoras, cunha película ‘‘boa’’ ou moi demandada, aproveitaban para incluír outras de menor reclamo ou apenas coñecidas.

[553] Testemuño de Beatriz Besada Núñez, neta de José Besada Domínguez.

[554] Testemuña de Beatriz Besada…

[555] Esas festas foron especialmente habituais nun cine posterior, o Cine Anduriña. Consultar o apartado correspondente para ter máis información ao respecto.





Exemplos de programas de man do Besada. APPLG

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nos últimos anos (década dos 70), por cuestións de saúde, os Besada poñen o cine en aluguer, e será Pepe Lores, dono do cine El Marino (seguinte en abrir as súas portas tralo Besada) quen se faga cargo del. Así, Lores alugaba os lotes de películas e as distribuía entre os dous cines, o Besada e o Marino. Di quen fala da rivalidade entre estes cines que os Lores aproveitaron para poñer no seu cine as estreas e as películas de máis ‘‘tirón’’, relegando para o Besada as de menor interese e contribuíndo a que pouco a pouco o público fose tomando como costume asistir ao Marino en detrimento do outro cine. Claro que, ao marxe destas opinións, factores coma a xeneralización da televisión e a ampliación das formas de ocio, foron determinantes á hora de dificultar o mantemento de dúas salas en activo na vila.

Fose coma fose, o cine Besada mantívose en funcionamento ata mediados dos anos 70. A partires do 1976, a exhibición cinematográfica déixase de lado, e só se empregará esporadicamente para teatro, mitins e conferencias[556].

2.2.3. CINE EL MARINO (1944-2004): ‘‘LA SALA DE LOS MÁXIMOS TRIUNFOS’’

Pasada a Guerra Civil, nos primeiros anos de Posguerra faise evidente no Grove que o cine é o medio de diversión e evasión preferido na vila. Aproveitando este feito, Francisco Lores Fernández[557], empresario local dedicado ás conservas e á construción de barcos, decide construír unha nova sala, a que será a máis lonxeva de todas: o Cine El Marino.
Con tal fin, o 10 de setembro de 1943 presenta un ‘‘proyecto de cinematógrafo en El Grove’’[558] para a construción deste nun solar da súa propiedade na estrada do Grove á Toxa, segundo planos do arquitecto J. Fernández Cochón. Este proxecto levarase a cabo, e o cine abrirá as súas portas a finais do mes de abril de 1944 tras conseguir o permiso do Gobernador Civil de Pontevedra, ante os informes favorables da Junta Provincial de Espectáculos[559].

Este cine erixiuse na Rúa Castelao[560] (antigamente Rúa González Besada), un lugar que no seu momento quedaba un pouco afastado do centro urbano, sendo un terreo de non moi fácil acceso, pero que co tempo foi converténdose nunha das arterias principias da

[556] Testemuño de Beatriz Besada...
[557] Francisco Lores Fernández era, á súa vez, cuñado de José González Méndez, propietario de Cine Cervantes de Cambados.
[558] Expediente con ‘‘Proyecto de Cine para el Señor Lores. Año 1943’’. Arquivo Municipal do Grove (AMG). 364/10.
[559] Comunicación do Gobernador Civil ao alcalde de O Grove con autorización de apertura, 27-4-1944. ‘‘Proyecto de Cine para el Señor Lores. Año 1943’’. Ídem
[560] Coñecida polos habitantes do Grove como ‘‘A Catorse’’.

vila. De feito, esta última circunstancia veu dada en grande maneira polo propio cine, xa que a gran afluencia de público a este local propiciou que nos arredores pronto se erixisen outros locais de ocio, así como tendas, bancos…

O Cine El Marino foi o máis grande dos catro que houbo no Grove. Contaba cunha capacidade para 1.028 persoas[561], distribuídas nunha soa planta do seguinte xeito:

- Preferencia (butacas cara o fondo da sala): 312
- Segunda Preferencia (cadeiras de brazos na parte central): 508
- Xeral (localidades na parte dianteira da sala): 208

Cando o aforo estaba completo, pero a película tiña moita demanda de espectadores, chegaron a situarse cadeiras nos corredores, alcanzando entón as 1.200 prazas.



Planta coas 1002 butacas proxectadas. Planos do proxecto para o cine. 1944. AMG. 340/10

Este cine inaugurouse coa película *En la luna* (Thornton Freeland, William K. Howard, G.B, 1939)[562], comedia en cor con Merle Oberon e Rex Harrison, e a súa – sa – rivalidade co Cine Besada é ben recordada por todos[563].

Nos anos 40 e 50, as proxeccións (con tres sesións diarias de media) eran as fins de semana, máis os xoves e luns (día que repetían as estreas da fin de semana, dinámica de tantos outros cines, sen ir máis lonxe o Besada). Houbo un período —aínda que máis

[561] Aínda que no proxecto presentado contemplábanse 1002.

[562] Testemuño de Pepe Lores González, fillo de Francisco Lores Fernández e dono do cine con posterioridade.

[563] De aí por exemplo o seu modo de publicitarse coma ‘‘La Sala de los Máximos Triunfos’’, fronte a ‘‘La Sala de Moda’’ do Besada.

tardío— no que chegou a exhibir filmes diariamente, e no verán eran habituais as sesións dobres (nas que se podían ver dúas películas de seguido polo prezo dunha), incluso entre semana.

No 1955 El Marino pasa das mans de Francisco Lores a un dos seus fillos, Pepe Lores González. El aproveitará entón para facer melloras no local, comprar un novo proxector, e con el, darlle paso ao formato Cinemascope na vila. Con esta adaptación do cine ao novo formato, perderase capacidade, e o total de localidades verase reducido a 820[564]. O filme co que se estreará este novo formato é *Todos los hermanos eran valientes* (Richard Thorpe, EUA, 1953)[565], aventuras mariñas da man de Robert Taylor e Stewart Granger.

Dende a apertura, ata os primeiros anos nos que Pepe Lores tomou o relevo, esta foi a evolución aproximada dos prezos[566]:

ANO	TIPO DE ENTRADA			
	SILLÓN	BUTACA	XERAL	OUTROS
1944	3 ptas	2 ptas	1 ptas	
1946	2’50 ptas	2 ptas	1’50 ptas	Fémina: 1 ptas con acompañante
1947	3 ptas	2’50 ptas	2 ptas	Fémina: 3 ptas con acompañante
1954	5 ptas	4 ptas	2’50 ptas	
1955	5 ptas	4 ptas	2’50 ptas	
1956	6 ptas	5 ptas	3 ptas	
1957[567]	6 ptas Panorámica 7 ptas Cinemascope	5 ptas Panorámica 6 ptas Cinemascope	3 ptas Panorámica 4 ptas Cinemascope	

[564] *A meca dos cines,* p. 49.

[565] Ídem, xunto ao testemuño de Pepe Lores...

[566] Fonte: expedientes con ‘‘Liquidación del Impuesto de Consumo de Lujo al Cine El Marino’’ 1944 a 1957. Inclúen diversas reclamacións do empresario do cine e resolucións do concello ao respecto, ademais de actualizacións dos prezos por orde gobernamental. AMG. 2015/16. Cadro de elaboración propia. A pesares de estar incompleto serve para ver a evolución progresiva dos prezos do cine, en consonancia cos prezos xerais.

[567] As proxeccións en Cinemascope, como xa comentamos, comezaran con anterioridade a este ano, pero é o 6 de maio de 1957 cando dende o Goberno Civil de Pontevedra se autorizará a D. José Lores González a ‘‘aumentar una peseta por localidad los días festivos en que proyecte películas FUERA DE SERIE o CINEMASCOPE’’ (aínda que xa dende o mes de marzo comezaran a aplicalo na práctica). Comunicación do Gobernador Civil a D. José Lores González. APPLG.

Tamén, aínda que non apareza case constatado neste cadro, no Marino contarán de xeito habitual co ‘‘Venres Fémina’’, na época do franquismo e ata o fin da ditadura. Os títulos proxectados nestas sesións eran os entendidos como máis ‘‘femininos’’, é dicir, películas románticas, independentemente do seu xénero (comedia, drama, musical…). Sirvan de exemplo algúns deles: o *Amor en Hawai* (Norman Taurog, EUA, 1961) de Elvis Presley, a italiana *Los enamorados* (Mauro Bolognini, Italia, 1955) ou as aventuras acuáticas de Esther Williams en *La amada de Júpiter* (George Sidney, EUA, 1954).

Exemplos dos prezos, así como dalgúns filmes que se proxectaban, vémolos nas propagandas da época, os programas de man que se repartían e entregaban en man aos potenciais espectadores[568]:

Exemplo de programas de man de El Marino con prezos. AMG. 2015/16

[568] Afiches presentados no *Expediente de liquidación por diferencia del aumento de precio de las entradas de los cines, 1957*. AMG. 2015/16.

As películas que se recordan con máis éxito neses anos son: *Siete novias para siete hermanos* (Stanley Donen, EUA, 1954), *Todos los hermanos eran valientes* (Richard Thope, EUA, 1953), o ‘‘4R’’ de *Gilda* (Charles Vidor, EUA, 1946) que coma no caso do Besada con *El manantial de la doncella*, implicaba a conseguinte confesión posterior ao visionado[569], ou as películas de Libertad Lamarque, Cantinflas, películas do Oeste, dramas…

Outros filmes proxectados, xa no anos 60: o documental *Franco, ese hombre* (José Luís Sáenz de Heredia, España, 1964), os dramas *El valle de las espadas* (Javier Setó, España-EUA, 1963), e *Hasta el fin del tiempo* (Edward Dmytryk, EUA, 1946), a *Rebelión a bordo* (Lewis Milestone, Carol Reed, EUA, 1962) de Marlon Brando, a Marisol xa adolescente de *Búsqueme a esa chica* (Fernando Palacios, George Sherman, España, 1964), *El destino de Sissi* (Ernst Marischka, Austria, 1957), *Mayerling* (Terence Young, Gran Bretaña-Francia,1968) ou *En bandeja de plata* (Billy Wilder, EUA, 1966).


CINE «EL MARINO»

(LA SALA DE LOS MAXIMOS TRIUNFOS)

Sábado, 1 de Abril - Fiesta de la Victoria

60 años de la historia de España, a través de la biografía del hombre que los ha vivido más intensamente

FRANCO, ESE HOMBRE

Personajes que intervienen, entre otros, en esta película:

Alfonso XIII, Mussolini, Hitler, José Antonio, Petain, Lenin, Churchill, Roosevelt, Eissenhower, Primo de Rivera, Calvo Sotelo, Azaña, Alcalá Zamora, Macia, Trotsky, Largo Caballero, Millán Astray, Mola, Moscardó, Sanjurjo, Rommel, Stalin.

PARA TODOS LOS PUBLICOS

Funciones: 6,30 - 8,30 y 10,30

A la segunda función asistirán, especialmente invitadas, las autoridades locales.

Las entradas para esta segunda función estarán numeradas.

PRECIOS: Sillón, 13 pts. Butaca, 12.

Menores de 12 años: 6 pts.

Publicidade de *Franco ese hombre* en El Marino. APPLG

569 ‘‘*Gilda*, además de ‘4R’, era tamén de cor grana, segundo o código de cores para a clasificación da censura: ‘‘Blanca e azul TP; Rosa máis ou menos; Grana o peor’’. Testemuña de Pepe Lores...

Efectivamente, antes da clasificación numérica do filmes houbo outra por colores, da man do C.E.F.I. (Contra el Film Inmoral), organismo dependente da Igrexa, que tras da guerra civil sacou a seguinte táboa de cor para os filmes: Blanca ‘‘Para todos’’; Azul ‘‘Para jóvenes y mayores’’; Rosa ‘‘Sólo para mayores’’; Grana ‘‘Peligrosa’’.



Programa de man de *Hasta el fin del tiempo*, filme anunciado para "funciones fémina". APPLG

Máis adiante no tempo: destacan nos 80 *Love Story* (Arthur Hiller, EUA, 1970), *Poltergeist* (Tobe Hooper, EUA, 1982), *Rocky III* (Sylvester Stallone, 1982), *Missing* (Costa-Gavras, EUA-México,1982), e xa nos 90 *Rain man* (Barry Levinson, EUA, 1988), *Mujeres al borde de un ataque de nervios* (Pedro Almodóvar, España. 1988), *Un pez llamado Wanda* (Charles Crichton, John Cleese, Gran Bretaña-EUA, 1988), ou *Moonwalker* (Jerry Kramer, Colin Chilvers, EUA, 1988).

Este cine foi o de maior traxectoria no Grove, e o que aguantou ata o último momento facendo todo o posible por manterse en pé e dotar á vila dunha sala de cine.

Pasou por máis obras e reformas a posteriori da de 1955. No 1976 farase unha reforma da súa fachada, que afecta tamén ao interior, con proxecto do arquitecto Agustín Pérez Bella[570]. Con ela ganarase unha galería cara a rúa, ampliando un pouco o espazo interior (o que non repercutirá na sala nin nas localidades). Maior será sen embargo a reforma de 1991[571], que levará a unha redución drástica das localidades, que pasan a 312. Pérdese pois máis da metade do local, que pasa a ser ocupado por outros negocios (locais comerciais e pub).

[570] Permiso presentado no concello para ''Adelantar la placa de la parte interior de las arcadas del Edificio del Cine El Marino hacia el exterior'', 29-1-1976. O permiso foi concedido o 9 de febreiro de 1976. *Expediente obras Cine El Marino 1976.* AMG. 480/7.

[571] *Expediente de reforma de local destinado a cine, 1991*. AMG. 2239/2.



Esquerda: fachada do Cine El Marino nos inicios.
Dereita: fachada do Cine El Marino nos anos 80.
APPLG

A televisión, a xeneralización do vídeo doméstico, pero, sobre todo e especialmente os multicines construídos en capitais de provincia ou poboacións máis próximas, fixeron que o negocio fose decaendo pouco a pouco, véndose na imposibilidade de competir contra todo iso. No ano 2004 veranse obrigados a pechar o cine[572], despois dunha longa agonía na súa última década de existencia. Aínda así, e mentres se estudaban posibilidades de compra[573], nos anos seguintes o espazo de El Marino seguirá a empregarse ocasionalmente para actividades sociais e culturais[574]. Estas actividades terán lugar con relativa frecuencia, ata que no 2008 teñan que suspenderse definitivamente ante o progresivo deterioro do edificio[575].

[572] Testemuño de Pepe Lores...

[573] O concello amosouse interesado en numerosas ocasións, pero as negociacións foron complexas (oscilando entre opcións de aluguer, compra...). A prensa da época recollía profusamente novas ao respecto*: LVG*, 4-6-2006, p. 6; 24-5-2007, p. 5 (1-5); 21-9-2007, p. 9 (1/2); 30-9-2007, p. 5 (1-4); 2-11-2007, p. 8 (4/5)...
6-11-2007, p. 1 (1/2); 1-5-2008, p. 8 (1-5); 5-9-2008, p. 7 (2/3)...Todas en Edición Arousa.

[574] Sirvan de exemplo, entre outras moitas: proxeccións para escolares no marco do programa Cinensino, actuacións musicais, teatro, exposicións, actos como a entrega da Centola de Ouro da Festa do Marisco, mitins... *LVG* 15-10-2005, p. 4 (1); 12-8-2005, p. 2 (5); 28-1-2005, p. 2 (1-4); 25-8-2006, p. 2 (4); 12-12-2006, p. 7 (1-4); 21-9-2007, p. 1 (2/3); 4-10-2007, p. 2 (3/4); 23-5-2007, p. 12 (1/2). Todas en Edición Arousa.

[575] ‘‘El Concello de O Grove se ve obligado a suspender la actividad en el cine Marino por los problemas estructurales que presenta la cubierta del edificio...’’. *LVG*, 25-10-2008, edición Arousa, p. 9 (1).

2.2.4. O CINE ANDURIÑA (1949-1956): ‘‘LA SALA DE LOS GRANDES ESTRENOS’’

O Cine Anduriña foi o de máis curto percorrido, así como do que temos menos información de todas as salas estables que houbo no Grove.

Si sabemos que se inaugurou no 1949, seguindo os ventos de éxito dos outros negocios cinematográficos en activo neses anos, e publicitábase coma ‘‘La Sala de los Grandes Estrenos’’. Con el, pasa pois a haber tres salas de cine operativas a un tempo no pobo, o que da unha idea do alcance deste negocio no lugar.

Da data da inauguración (do mes, aínda que non do día) danos conta un escrito de Francisco Lores ao alcalde, coa petición de variar a cantidade a abonar polo Impuesto de Consumo de Lujo no seu cine, ante a aparición deste novo local. Nel expoñía:

> ‘‘Que estando funcionando un nuevo Cinematógrafo, denominado Anduriña, en El Grove, han variado las circunstancias que fundamentaron el Concierto que tengo establecido con ese Ayuntamiento... por el concepto CONSUMO LUJO... Que el citado Cine Anduriña ha empezado a funcionar en el pasado mes de Agosto...’’[576].

Situamos pois a apertura do cine Anduriña, en agosto de 1949.

Este cine situábase na Rúa Luis A.Mestre, e foi iniciativa de Francisco Bouzas Sánchez ‘‘Mandoncacho’’. As testemuñas da época dan fe de que era o máis luxoso de tódolos cines do Grove (con asentos de coiro, cortinas de terciopelo…), e a xente recórdao máis polas actuacións teatrais[577] ou as festas que se facían, que polas proxeccións cinematográficas. Eran especialmente sonadas as chamadas ‘‘Fiestas en el Aire’’, que consistían nun festival de variedades que acollía música, zarzuela, baile… con participantes maiormente locais, o que beneficiaba a súa acollida.
Este cine, a diferenza do Besada e o Marino, non tiña funcións infantís específicas, limitábase a permitir a asistencia de nenos se a película era axeitada para eles.

Lembran os veciños que no Anduriña houbo unha época que había entrada gratis levando o “corcho” (sic) das gasosas, porque ‘‘Don Eugenio Escuredo (empresario do lugar), era

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[576] Comunicación de Francisco Lores González ao Alcalde do Grove, 24-10-1949. APPLG. Francisco Lores González era fillo de Francisco Lores Fernández, é moi posible que neste caso presentase o escrito en nome do seu pai.

[577] Nos tres locais foi moi habitual a exhibición de teatro, pois no Grove eran moi afeccionados a esta arte. Tanto teatro profesional, coma teatro afeccionado interpretado por xente da vila, que tiña incluso máis éxito que o profesional.

un filántropo e pagáballe ao dono do cine para que a xente (sobre todo os nenos) fosen ao cine gratis''[578].

Dos filmes aquí proxectados, aínda que temos pouca información, si contamos con datos por algún programa de man conservado, de aí que saibamos da proxección de: *Alas de juventud* (Antonio del Amo, España, 1949), *Alma en suplicio* (Michael Curtiz, EUA, 1945), *César y Cleopatra* (Gabriel Pascal, Gran Bretaña, 1945), a bíblica *Salomé la embrujadora* (Charles Lamont, EUA, 1945), *Jezabel* (William Wyler, EUA, 1938), *Neutralidad* (Eusebio Fernández Ardavín, España, 1949) ou *Dunia* (Gustav Ucicky, Austria-Alemaña, 1940).

Dos tres cines do Grove, o Anduriña era o que contaba con menos reclamo para os veciños da vila, que daban preferencia aos outros dous á hora de asistir ás sesións cinematográficas, (aínda que en cambio acudían sen falta ás ''Fiestas en el Aire'' que aquí se celebraban). Este feito, unido á irregular xestión do seu dono, que non axudou a que o local fose remontando, fixo que tras sete anos de singradura, e motivado especialmente por unha inundación máis un incendio nas instalacións —que danaron gravemente o edificio—, o negocio acabe pechando no 1956, e o seu dono emigre a América[579].

Exemplo de programas de man do Cine Anduriña.
Arquivo persoal de Julita Sanmartín Fernández (APJSF)

[578] Testemuño de Alicia Besada…

[579] Testemuño de Carlos Otero, viúvo da filla de Francisco Bouzas.

Exemplos de programas de man do Cine Anduriña. APJSF

2.2.5. PROXECCIÓNS NA TOXA (PRINCIPIOS DOS ANOS 50)

Aínda que sen constancia documental, si que hai quen recorda que tamén houbo proxeccións na Illa da Toxa.

Fronte da fábrica da Toxa[580] estaban as ‘‘Villas’’, un grupo de residencias de carácter fundamentalmente turístico e de verán. No edificio central destas Villas axeitouse un Salón para as proxeccións cinematográficas, coas comodidades para elo: inclinación do chan, butacas en madeira…

O encargado de levalo era Miguel Besada (fillo de José Besada), que debido ao cine familiar, xa coñecía o oficio.

Este ‘‘cine’’ funcionou soamente durante dous anos, entre 1951 e 1954 (posiblemente pois,1952-1953), só estaba operativo un mes ao ano na época de verán, e non tódolos días. En realidade, estaba orientado principalmente aos veraneantes da Illa da Toxa[581].
Era cine sonoro (aínda tamén se exhibisen películas mudas) e en branco e negro, e destaca a proxección de películas de Tomasín[582], Charles Chaplin…

A maiores destas películas, sabemos que no 1953/54 houbo un Congreso de Pediatría e Medicina na Toxa, e aproveitaron para proxectar neste cine varios documentais que impactaran bastante entre o público. Eran películas médicas da época, coma o nacemento dun bebé nun Hospital, ou unha ‘‘proxección de 8 mm, en cor, da operación dunha rapaza cun tumor nun ollo, que desmaiábanse ata os médicos’’[583].

As proxeccións neste lugar non tiveron continuidade máis aló deses anos, e a sala pasou a empregarse con posterioridade, e de xeito esporádico, para sesións teatrais, conferencias, etc.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[580] Fábrica dedicada a elaborar os produtos relacionados co Balneario: sales, xabóns, produtos cosméticos…
[581] Testemuño de Fernando Gondar, fillo da Gobernanta do Gran Hotel de A Toxa nos anos 50.
[582] Nome artístico co que era coñecido en España o cómico Larry Semon, actor, director, produtor e guionista do cine mudo.
[583] Testemuño de Rubén e Ángel García…

2.2.6. PROXECCIÓNS NA CASA DA CULTURA

Sen contar cun cineclub constituído coma tal, si que sen embargo a finais dos 80 e principios dos 90, na Casa da Cultura do Grove existiu a iniciativa de proxectar películas en 16 mm, especialmente para nenos e xoves, ben na susodita Casa da Cultura, ben ao aire libre no verán.

Algúns títulos dos proxectados[584]: *Annie* (John Huston, EUA, 1982),*Cuenta conmigo* (Rob Reiner, EUA, 1986), *Exploradores* (Joe Dante, EUA,1985), así como películas de Charles Chaplin, Harold Lloyd, Laurel & Hardy…

Tamén para adultos[585]: *Chinatown* (Roman Polanski, EUA, 1974), *Fitzcarraldo* (Werner Herzog, Alemaña-Perú,1982), *Cabaret* (Bob Fosse, EUA, 1972), *American Graffiti* (George Lucas, EUA, 1973), *Víctor o Victoria* (Blake Edwars, Gran Bretaña-EUA, 1982), *Chacal* (Fred Zinnemann, G.B-Francia, 1973), *El violinista en el tejado* (Norman Jewison, EUA, 1971)… Títulos todos eles que se solicitaban á Federación de Cineclubs, co cal, aínda sen ser un cineclub coma tal, amosaban unha relación e orientación cara este[586].

[584] Títulos recollidos en: *Programa de cine infantil da Casa de Cultura 1989*, AMG, 2248/1; Expediente con proxeccións na Casa de Cultura 1990, AMG, 2248/6; ‘‘Presuposto para cine infantil Casa da Cultura do Grove, 1991’’, AMG, 2249/9 e 2250/4; e ‘‘Ciclo de Cine guerreiros e piratas, abril 1993’’, AMG, 2252/9.

[585] Ídem.

[586] Vontade que tamén se amosaba polo contacto co Cineclub Ádega de Vilagarcía de Arousa. Notas para consulta en Expediente con proxeccións na Casa de Cultura 1990, AMG, 2248/6

2.3. SANXENXO

Xusto a continuación de O Grove, o concello de Sanxenxo conta cunha extensión de 44 km^2, nos que 36 son kms. de costa, que abranguen da Ría de Pontevedra á Ría de Arousa. Precisamente debido a isto, nun inicio foi un concello centrado especialmente na pesca como modo de subsistencia, ata a súa reorientación no século XX (especialmente dende o *boom* dos anos 60) cara o negocio do turismo.

A nivel cinematográfico, o caso de Sanxenxo é algo diferente ao dos outros concellos arousáns. No seu territorio inclúense varios centros poboacionais de elevada concentración en número de habitantes, de aí que a exhibición cinematográfica se distribuíse nestes núcleos, en vez de centralizala tan só na capital. As parroquias en Sanxenxo son pois, moito máis que noutros concellos, entes diferenciados e con características moi marcadas, centradas neses núcleos poboacionais, que funcionan como vilas independentes salvo a nivel administrativo. Por iso mesmo faremos unha división dos cines aglutinándoos xeograficamente en función diso, pois pouco terán que ver, por exemplo, salas situadas en ámbitos como Vilanova, coas máis turísticas Portonovo ou Sanxenxo.

Así mesmo, para falar da exhibición nos diferentes núcleos, seguiremos unha orde cronolóxica, que iniciarase nos anos 30, pois en comparación cos concellos que vimos ata o de agora, en Sanxenxo non atoparemos construcións con fins de exhibición cinematográfica ata esa década.

Iso non quere dicir que con anterioridade non tivesen lugar proxeccións itinerantes, das que apenas hai constancia documental (aínda que si da memoria oral, como veremos nos diferentes apartados). Un exemplo documentado sería unha nova de 1932 que dá indicios diso. *El Pueblo Gallego* recollía o 24 de agosto (mes propicio para espectáculos e festividades) dese ano, un suceso que definía como ‘‘una salvajada’’:

> ‘‘Secundino Rouco Alonso... natural de Gondomar, que hace vida ambulante con un carro, dedicándose a dar sesiones de cine por los pueblos, puso en conocimiento de la benemérita de Sangenjo que hallándose durante una de las pasadas noches durmiendo en su carro, en el empalme de la carretera de Gondomar, se hicieron contra el mismo cuatro disparos de arma de fuego,

> hiriendo uno de ellos en un hombro a su hijo de 5 años Floro, y otro en una pierna a una mula''[587].

Este triste suceso lévanos a pensar que moi posiblemente este feirante estivese a facer proxeccións pola zona (tanto en Sanxenxo como polo resto do Salnés) xa que o ''empalme de la carretera de Gondomar'' citado, en realidade referiríase á estrada de Gondar, na zona de Vilalonga (de aí que avisase á benemérita de Sanxenxo).

Dous anos máis tarde deste feito, terá lugar a apertura da primeira sala cinematográfica de Sanxenxo, sita na parroquia de Vilalonga.

2.3.1. O CINE DE VILALONGA (1934-1991): O SALÓN-CINE/ CINE TORRES/ CINE DON JUAN

En Vilalonga a actividade cinematográfica concentrouse nun só local, un cine que co tempo irá mudando de nome e de aspecto, pero sen variar a súa situación nin a súa vocación de dotar a Vilanova dun cine ''á vangarda'' respecto dos seus arredores. Foi tamén, de todo o concello de Sanxenxo como xa sinalamos, a primeira sala estable, a pioneira, así como a que sufriu máis avatares e que gozou de maior ''vida'', dado isto sobre todo á súa lonxevidade (preto dos 60 anos de actividade).

O cine de Vilalonga será, como ocorre en outros moitos casos nestes cines locais, unha empresa de carácter familiar, pero nesta ocasión de modo especialmente acusado, con gran parte da familia e descendentes involucrados no negocio dun ou doutro xeito mentres estivo en activo.

Quen puxo as bases para o futuro cine, e comezou a introducir as primeiras proxeccións en Vilalonga, foi Juan Torres Domínguez, sevillano emigrado a Galicia que aquí ficou por amor, e empresario con grande visión comercial que chegou a ocupar cargos políticos (coma o de tenente alcalde de Sanxenxo no 1917). Contaba entre os seus negocios con ultramarinos, comercios, taberna, sala de billares… e para o que é do noso interese, un Salón de baile. Este Salón estaba nun lugar moi céntrico, fronte do lugar no que durante moitas décadas se celebrou a feira, o que contribuía á súa visibilidade, e nel sábese que xa se realizaron, de xeito esporádico, sesións de cine mudo levadas a cabo por compañías itinerantes (a finais dos anos 20 e principios dos 30)[588].

Trala morte de Juan Torres, a principios dos anos 30, serán os seus fillos quen se fagan cargo deste Salón, e, herdeiros da visión e inquedanzas do seu pai, apostarán pola creación

[587] *EPG*, 24-8-1932, p. 11 (1).

[588] Testemuño de María del Carmen Torres Iglesias, neta de Juan Torres Domínguez.

dun cine nesta pequena vila, facendo fronte á tónica xeral de abrir este tipo de negocios en núcleos de maior densidade poboacional.

O mes de abril de 1932 concederáselles licenza para ‘‘la instalación y consiguiente desenvolvimiento de una industria de proyección de películas’’[589], pero non será ata o ano 1934 cando Juan Francisco e Andrés Torres Iglesias abran as portas do que se chamará neses primeiros tempos SALÓN CINE. A película inaugural foi *El maquinista de La General* (Buster Keaton, Clyde Bruckman, EUA, 1926)[590] e os filmes proxectados nos primeiros tempos foron mudos[591], a pesares de que noutras comarcas xa comezara o sonoro a súa andaina. De feito, a primeira máquina de proxección coa que contaron foi unha Gaumont que mercaron ao Cine Besada do Grove[592].

Inicialmente seguían a alternar o baile co cine e, de feito, as proxeccións eran bastante descontinuas, sen unha regularidade fixa. As películas máis proxectadas nesa época foron as de Charles Chaplin e Buster Keaton.

A capacidade inicial do cine era de 250 espectadores (200 en Butaca en 50 en Xeral), contaba co habitual piano para acompañar as proxeccións silentes, e como curiosidade, a máquina de proxección, en vez de estar nun lugar elevado como era o habitual, estaba situada na planta baixa, co cal tiñan que axeitala para que a imaxe se proxectase ‘‘por riba’’ dos espectadores de Butaca, pero embaixo de Xeral, sen que ninguén obstaculizase a visibilidade[593].

Entre o 1934 e 1936 o cine funcionou pois como cine mudo (con éxito de público a pesares de que a innovación do sonoro xa estivese noutras vilas do Salnés), pero co inicio da Guerra Civil a actividade paralizouse, e o cine foi ocupado polo exército nacional, que ‘‘reconverteu’’ as súas instalacións en cuartel ata a finalización da guerra[594]. Seica a razón desta ocupación foi a situación do edificio, que permitía controlar a zona da Lanzada por se houbese un desembarco inimigo nese lugar.

[589] Recollido nunha comunicación de Juan Antonio Torres Iglesias (neto de Juan Torres Domínguez) ao Gobernador Civil para solicitar a renovación da Licencia Municipal de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas para o cine, 24-7-1964. AMS. 1688/16.

[590] O ano de apertura e o título do filme proveñen da memoria oral e de artigos retrospectivos en prensa (*Revista de Adina,* 22-8-2010, p. 6), coincidindo todos eles nesta mesma información.

[591] Sirva de exemplo a proxección de *La verbena de la Paloma* (José Buchs, España, 1921), o 20 de xaneiro do 1935. *EPG*, 16-1-1935, p. 11 (4).

[592] Esta máquina é a Gaumont Chrono C.M. Tipo B que no Besada empregaron do 1926 ao 1934, ano na que a venderán tras proceder ao cambio de aparello grazas ao cal inaugurarán o cine sonoro no Grove.

[593] *Revista de Adina,* 22-8-2010, p. 6. Esta revista é unha publicación dirixida e coordinada pola Asociación Veciñal San Miguel de Adina (parroquia de Sanxenxo).

[594] ‘‘De Cine Torres a Don Juan, pasando por cuartel de la Guardia Civil’’, *DP*, 23-1-2011, p. 64 (5).

Fachada do edificio do cine, conservada dende 1934 ata 1974 (mentres foi Salón Cine e Cine Torres). Arquivo persoal de María del Carmen Torres Iglesias (APMCTI)

Finalizada a Guerra, os irmáns Torres retomaron o seu cine, ao que nesta nova etapa cambiarán de nome a CINE TORRES.

Entre outras reformas para ‘‘botalo a andar’’ novamente, destaca o cambio de proxector, coa incorporación dun Zeiss-Ikon modelo Enerman II. Con el, no 1941 inaugúrase o cine sonoro en Vilalonga co filme *El difunto es un vivo* (Ignacio F. Iquino, España, 1941)[595].

Nestes primeiros tempos do sonoro, o prezo das entradas era de 1 peseta en Butaca, e 2 reais en Xeral [596].

O cine inda seguirá un tempo rexentado polos dous irmáns, levando Andrés Torres o aspecto máis administrativo, e Juan Francisco o práctico, exercendo incluso de operador.

En 1954 alugan o negocio a Manuel Souto Torres (comerciante cinematográfico) e José Fernández (empresario local), que serán quen o exploten durante 7 anos (1954-1960). No inicio Juan Torres mantívose como operador, pero sobre o 1955/56 desligarase temporalmente do negocio[597].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[595] *Revista de Adina,* 22-8-2010, p. 6.

[596] Ídem.

[597] Información extraída de *Cine do pobo,* curta documental producida pola Escola de Imaxe e Son de A Coruña (2011), que relata a historia deste cine baseándose en entrevistas a empresarios e traballadores do mesmo (APMCTI).

Nesta década dos 50, os espectadores lembran que, fronte ao costume habitual dos flocos de millo, o que se consumía neste cine eran cacahuetes tostados, que se vendían a 1 peseta e eran un éxito total entre os asistentes.

No 1960 a explotación do cine volve cambiar de mans, e da asociación Souto-Fernández, pasa a Gonzalo Cacabelos Oubiña[598], que llo aluga aos irmáns Torres ao tempo que se asocia co fillo de Juan Francisco, Juan Antonio Torres Iglesias.

Esta nova etapa do cine Torres iníciase en 1960 co filme *Cinco pistolas* (Roger Corman, EUA, 1955)[599]. Por esa mesma época (1958/1959) inaugúrase a renovación do Cine Arosa en Dena, o de maior proximidade xeográfica, e o que podería rivalizar en tal caso con Vilalonga á hora de atraer espectadores.

Ante esta ‘‘ameaza’’ en Dena, e para ir acorde cos tempos, acometerase unha reforma do local da man de Juan Antonio Torres, mediante a cal construirase a cantina, unha zona para fumadores, novos servizos, ampliación do aforo… Con estes novos axeitamentos, o aforo pasará a 366 espectadores (266 en Butaca e 100 en Xeral)[600].

No 1969 Juan Antonio Torres emigra a Holanda e deixa o cine nas mans únicas de Gonzalo Cacabelos. Pero á súa volta, no 1973, Juan Antonio retoma o negocio e, xa como xerente único, comeza a poñer en práctica novas ideas para o cine, tentando con elo modernizalo e estar á cabeza dos cines, non só do Salnés, senón da provincia.

Durante dous anos (1974 e 1975) o cine permanecerá pechado polas novas obras, que darán como resultado un cine de maiores dimensións, cun aforo de 492 asentos (todos en Butaca)[601], e á vangarda técnica grazas á adquisición de dúas cámaras Zeiss-Ikon Enerman 10, que proxectaban o Cinerama de 70 mm[602].

No Expediente de solicitude para construír un novo edificio para o cinematógrafo[603], podemos ver os planos dese novo proxecto que se construiría, e que conservará (con escasas modificacións) a fachada principal anterior:

[598] De Gonzalo Cacabelos falaremos con máis detalle en epígrafes posteriores, pois dirixirá varios cines en Sanxenxo. Tanto como propietario único, como levando a explotación en diferentes sociedades.
[599] *Revista de Adina,* 22-8-2010, p. 6.
[600] Ídem.
[601] Expediente para construír un novo edificio para o cinematógrafo, por Juan Antonio Torres Iglesias, 1975. Inclúe Memoria do proxecto e planos do arquitecto Alfonso Barreiro Buján. AMS. 1961/1.
[602] *Revista de Adina,* 22-8-2010, p. 7.
[603] Expediente para construír un novo edificio para o cinematógrafo, por Juan Antonio Torres Iglesias, 1975. AMS. 1961/1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA







Planos do proxecto para o novo edificio do cine. 1975. AMS. 1961/1
Fachada principal, sección lonxitudinal e planta de butacas



Planos do proxecto para o novo edificio do cine. 1975. AMS. 1961/1
Planta de cabina (primeiro piso)

O 25 de xullo de 1976, o novo cine, rebautizado coma CINE DON JUAN, inaugurarase con *La caída del Imperio romano* (Anthony Mann, EUA, 1964)[604].

As melloras técnicas, a sesión dobre (pagar por unha película e ver dúas), a proxección de "taquillazos" e películas coidadosamente escollidas[605], fixeron que nestes anos, e ata principios dos 80, o Don Juan vivise a súa época de máximo esplendor.

Hai lembranzas por exemplo de como *Campeón* (Franco Zeffirelli, EUA, 1979) foi un ''boom'' absoluto[606], mentres que *Tosca* (Luigi Magni, Italia, 1973), unha ópera toda cantada, non funcionou en absoluto, con espectadores que se enfadaban e abandonaban a sala.

[604] *Revista de Adina,* 22-8-2010, p. 7.

[605] ''Meu irmán, dos packs que enviaban de películas, porque cunha boa mandaban un montón delas malas, poñía só as boas, as malas xa nin as sacaba''. Testemuña de María de Carmen Torres... irmán de Juan Antonio.

[606] ''Con *Campeón*, que era de 70mm, parecía que estabas no ring cos boxeadores. Foi un *boom*, a carretera estaba que non pasaban nin os coches''. Xosé Méndez, vendedor de manises e proxeccionista entre 1954 e 1987.

Con Juan Antonio Torres inda se levarán a cabo novas obras no cine, como é o caso da construción dunha Sociedade Recreativa na planta superior en 1978, un espazo que segue a conservarse hoxe en día, e cuxa construción afectou tamén á fachada do cine[607].



Nova fachada do Cine Don Juan. Planos do proxecto de 1977. AMS. 832/3

Entre 1982 e 1983 o cine pasou a novas mans, as de Xosé Fernández Salgueiro (empresario da vila), que pouco aguanta no negocio. Así, tras un parón de dous anos, no 1985 o cine ponse de novo en funcionamento con Juan Antonio Torres e o seu cuñado Manuel Méndez[608].

Sen embargo, en outubro de 1987 dáse un cambio definitivo de titularidade no cine, que finalmente deixará de ser propiedade da familia Torres, que cede o negocio aos irmáns Guillermo-Segundo e José Touriño Camiña. A venta farase efectiva o 28 de agosto de 1987[609], aínda que os trámites xa foran iniciados dende o 28 de agosto de 1986[610].

Os irmáns Touriño tentarán levantar novamente o negocio, e entre outras fórmulas para iso (como o cambio dos proxectores Zeiss-Ikon por un novo proxector Ossa máis moderno[611]), destaca a inclusión, en alternancia coas sesións ‘‘normais’’ do cine, das ‘‘Sesións golfas’’, que consistían en proxeccións os sábados á noite de películas ‘‘X’’.

[607] Expediente con solicitude de Juan A. Torres Iglesiasde ‘‘...licencia para ADICIONAR UN PISO a un bajo, antiguo Cine de Villalonga, para Sociedad Recreativa’’, 1978. Inclúe Proxecto de abril de 1977, con planos novamente do arquitecto Alfonso Barreiro Buján. AMS. 832/3.

[608] *Revista de Adina,* 22-8-2010, p. 7.

[609] Expediente ‘‘Solicitando el cambio de titularidad de la industria que figuraba a nombre de Juan Antonio Torres Iglesias y Otros, a la sociedad Cine Don Juan S.L.’’, 1986. AMS. 1695/1.

[610] Escritura de compra-venta ‘‘otorgada por D. Juan Antonio Torres Iglesias y Otros a favor de D. José y Guillermo-Segundo Touriño Camiña, en representación de CINE DON JUAN S.L’’. 28-8-1986. AMS. 1695/1.

[611] Os proxectores Zeiss-Ikon serán adquiridos polo Cine Gondariño, en Portonovo.

Unha tentativa de novo reclamo para a recadación que facía que xente doutras poboacións se desprazase a Vilalonga ante a novidade dun cine que daquela non se estilaba na televisión.

Toparon sen embargo cuns anos onde o sector xa estaba seriamente ameazado por videoclubs, formas de ocio varias, ou prioridades das distribuidoras que claramente o desfavorecían, o cal, xunto a unhas políticas de proxección do ‘‘todo vale’’[612], propician que no 1991, o Don Juan bote o peche definitivamente.

O cine de Vilalonga (como Salón-Cine, Cine Torres e Cine Don Juan) ao longo de tódalas súas décadas de existencia viviu o cine mudo, sonoro, o Cinemascope, o sistema Todao (70 mm), sucesivas obras para mantelo de acordo ás esixencias mudables dos tempos, cribados e negociacións para obter os filmes desexados… E por iso, e pola súa capacidade de adaptación, progresión e resistencia, levada a cabo sobre todo polos seus donos e traballadores fieis[613], este cine destaca especialmente entre os da súa contorna.

Na actualidade, e tras tres décadas pechado e inutilizado, a finais do 2021 o edificio deste cine pasou a novas mans, as de Óscar e Pablo Estévez (empresarios vencellados ao ocio na zona). Aínda que o proxecto actual non é seguir coa súa función cinematográfica, si que hai unha vontade de restaurar o espazo para manter a esencia do que foi un cine mítico na comarca, aínda que vaia destinarse a outros usos (presumiblemente nos que se conxugue o comercial co cultural)[614].

Antes de mudar de parroquia para seguir falando das súas respectivas salas de exhibición, sinalaremos que en Vilalonga, ademais do cine que nos ocupou, houbo unha clara intención, manifestada no 1952, de edificar outro cine. O 15 de xullo de 1952, Epifanio Campos Núñez, veciño de Vilalonga, solicita autorización para a construción dun edificio destinado a Salón-Cine nuns terreos da súa propiedade nesa mesma vila, presentando un proxecto para o mesmo con planos do arquitecto Emilio Quiroga Losada[615]. Este proxecto, que describía un edificio dunha soa planta, cunha sala con capacidade para 1.000 espectadores, é autorizado pola comisión municipal do concello de Sanxenxo o 8 de xaneiro de 1953[616]. Sen embargo, e a pesar de estar os permisos e negociacións tan

[612] ‘‘Touriño non sabía qué lle gustaba ao público, e poñía tódalas películas que viñan nos packs, foran o malas que foran’’. Testemuña de María del Carmen Torres...

[613] ‘‘Soy de cine al cien por cien’’, Testemuño de María del Carmen Torres...; ‘‘O cine daba cultura, daba unión, daba amistad…’’, Celestino Castro, rexente da cantina (1961-1973); ‘‘O cine é cine. É moi distinto á televisión. Por moi perfecta e moi moderna que sexa a televisión, o cine é sempre cine’’, Xosé Méndez, vendedor de manises e proxeccionista. Declaracións en *Cine do pobo.*

[614] *DA*, 12-11-2021. Edición dixital.

[615] Expediente con ‘‘Solicitud para construir un edificio destinado a Salón-Cine. 1952’’ e ‘‘Proxecto de Salón-Cine. 1952’’. AMS. 2166/28.

[616] Ídem.

avanzados e ter vía libre para a construción dende o 1953, este edificio do que tería sido o segundo cine de Vilalonga, nunca chegou a materializarse.

2.3.2. DORRÓN: CINE A GRANXA (ENTRE 1940-1945)

Na parroquia de Dorrón, no lugar de A Granxa, levouse a cabo a segunda experiencia en Sanxenxo en canto a salas estables.

Contou con escaso percorrido e poucos datos dela temos, pero si sabemos que foi o único cine existente nesa parroquia, un lugar que por outra banda non destacaba pola concentración poboacional, polo que a súa existencia debeuse máis ao espírito emprendedor e experimentador do seu fundador, Antonio Cacabelos Oubiña, que argallou este negocio xunto ao seu socio Pablo Balboa[617].

A actividade deste cine desenvolveuse na primeira metade dos anos 40, e aínda que non dispomos de datos respecto del, si nos consta que serviu de base para que Antonio Cacabelos se iniciase no negocio da exhibición, e no 1946 (xa pechado este cine) axudase ao seu irmán, Gonzalo, no cine que este bota a andar en Portonovo, un núcleo xa moito máis salientable na próxima parroquia de Adina.

Gonzalo Cacabelos si será un empresario de renome no ámbito cinematográfico do municipio, ao contar con dous cines da súa propiedade nel[618], ademais de crear asociacións para levar outros cines da zona.

2.3.3. PORTONOVO: CINE GONDARIÑO (1946-1992)

Portonovo, centro urbano da parroquia de Adina, foi a seguinte vila en abrir unha sala cinematográfica tras Vilalonga e A Granxa.

O Cine Gondariño foi fundado por Camilo Gonzalo Cacabelos Oubiña en sociedade co seu irmán, Antonio. O nome escollido para este cine ven da orixe de ambos irmáns, nados en Gondariño, lugar pertencente á parroquia de Vilalonga[619]. O propio Gonzalo, que con anterioridade a dedicarse a este negocio estivera no Exército e combatera na II Guerra Mundial —onde se licenciou como Sarxento— relataba como no inicio desprazábase en bicicleta dende a súa casa (en Gondariño) ata o cine (en Portonovo), ata que mercou unha

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[617] Testemuño de Javier Cacabelos Salgueiro, sobriño de Antonio Cacabelos Oubiña e fillo de Camilo Gonzalo Cacabelos Oubiña, e *DP*, 30-8-2015. Edición dixital.

[618] Cine Gondariño en Portonovo e Cine Rías Bajas en Sanxenxo.

[619] ‘‘Nós somos nados en Gondariño, Vilalonga. E por iso lle puxemos ese nome ao cine’’. Declaracións de Gonzalo Cacabelos en *LVG*, 27-6-2010. Edición dixital.

moto, e pouco a pouco foi facéndose oco, crecendo, e labrándose un nome como empresario dese sector[620].

Retrospectivas en prensa[621], así como a memoria oral, dan como ano de apertura do Cine Gondariño o 1946. De inicio daremos por válida esta información, pero sen deixar de lado que, cando en xullo de 1964 se solicita unha nova cualificación (ou ‘‘actualización’’) de Licencia Municipal de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas para o cine[622], Gonzalo Cacabelos da fe de que conseguiu dita licenza por primeira vez en marzo de 1945, momento dende o cal o cine veu funcionando ininterrompidamente. Queda pois a dúbida de se realmente a actividade do cine foi iniciada no 1946, ou no 1945 como indica a licenza no seu momento concedida.

O Cine Gondariño, situado na Rúa Arenal, tiña capacidade para 300 persoas, distribuídas en Butaca e Xeral (nesta última con bancos corridos). Este cine estaba decorado en escaiola, con cornixas, contaba cunha inclinación moi acusada no chan, estaba insonorizado con cortiza… ‘‘para a época na que foi feito, estaba moi moi traballado’’[623].

No inicio as entradas do cine custaban 3 ou 4 pesetas, e nel, ademais das proxeccións de fin de semana, e algunha cara finais de semana, foi habitual proxectar películas os luns, para que os mariñeiros que ían ao mar os domingos non quedasen sen velas[624].

Como era habitual, as películas que máis gustaban eran ‘‘as de vaqueros’’, entre as que destacaba *Los siete magníficos* (John Sturges, EUA, 1960), pero tamén outras de ‘‘catástrofes’’, como *Aeropuerto* (George Seaton, Henry Hathaway, EUA, 1070) e *El coloso en llamas* (John Guillermin, EUA, 1974). Tamén había moitos adeptos en Portonovo ás películas de Anthony Quinn; *Las sandalias del pescador* (Michael Anderson, EUA, 1968)*, Los cañones de Navarone* (J. Lee Thompson, EUA, GB, 1961)...[625]

As actividades a maiores das proxeccións foron moi esporádicas e sen apenas relevancia.

[620] *LVG*. Ídem.

[621] Por exemplo en *DP*, 30-8-2015 e 26-10-2020. Edición dixital.

[622] Expediente para ‘‘la concesión de licencia municipal en el ejercicio de actividades comprendidas en la reglamentación de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas. Actividad Sala de proyección de películas. 1964’’. AMS. 1688/7.

[623] Testemuña oral de Javier Cacabelos...

[624] Declaracións de Manuel Bea Silva, axudante de proxeccionista e deseñador (e pintor) dos carteis no Cine Gondariño nos anos 40. *DA*, 9-5-19. Edición dixital.

[625] Testemuña oral de Javier Cacabelos...

No 1972 Gonzalo Cacabelos Oubiña presenta un proxecto de reconstrución para o cine[626], con planos do arquitecto Alfonso Barreiro Buján[627]. En realidade dita reconstrución afecta tan só á zona dos aseos e saída de emerxencia, que se sitúan nun local apegado no lateral dereito do cine, o cal presenta neses momento un estado deficiente. A solución non é remodelar todo o edificio, senón só a zona correspondente (aproveitando así mesmo para engadir un almacén e un bar). A autorización para ditas obras foi comunicada o 21 de outubro dese mesmo ano, e polos planos presentados podemos ver como foi o resultado:



Planos do proxecto de reconstrución do Cine Gondariño. 1972. AMS. 692/10.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

626 En Expediente que ‘‘Solicita autorización para llevar a cabo la reconstrucción de los servicios de Cinematógrafo ‘Gondariño’ en Portonovo. 1972’’. AMS. 692/10.

627 Que como vimos, tamén é o artífice de proxectos para o cine Avenida de Cambados (anos 60), e o Cine Don Juan de Vilalonga (anos 70).

No 1987 coa xubilación de Gonzalo Cacabelos dáse un cambio de titularidade a favor do seu fillo, Javier Cacabelos Salgueiro, efectivo a partires do 24 de outubro dese ano[628]. Ese mesmo ano Javier Cacabelos aproveitará as reformas do Cine Torres de Vilalonga para adquirir os seus proxectores Zeiss-Ikon. Sen embargo, pronto pasará a alugarlle o negocio a Ramiro Ameneiro Ferreiro, que o levará nos últimos anos.

O 28 de setembro de 1992 Javier Cacabelos solicita a baixa do Cine Gondariño no concello, e en outubro dese mesmo ano cursarase a baixa definitiva do establecemento[629]. Seguirán uns anos de abandono do edificio, chegando en 1997 a solicitarse permiso para o valado do edificio ‘‘...donde se hallaba el antiguo cine de dicha Villa’’[630] polo perigo que supuña ante un posible derrube, ata que finalmente no 2003 solicitarase a licenza de demolición das instalacións[631].

2.3.4. SANXENXO (1947-2013): CINE LA TERRAZA E CINE RÍAS BAJAS

A localidade de Sanxenxo (centro urbano da parroquia de Padriñán) foi o centro neurálxico do concello, e por iso sorprende que non contase coa primeira sala estable. Sen embargo, si chegamos a rexistrar aquí a existencia de dous cines, sendo o segundo deles o último de todo o concello en botar o peche.

CINE LA TERRAZA (1947-FINAIS ANOS 60/PRINCIPIOS ANOS 70)

Sabemos que nas primeiras décadas do século XX houbo algunhas proxeccións de tipo itinerante en Sanxenxo e, aínda que non hai grandes datos sobre elas, si chegou ata nós que nos anos 30 realizábanse proxeccións nun bar sito na actual rúa do Progreso.

Precisamente a carón dese bar, e como ampliación do mesmo, os seus donos comezaron a construír nos anos 40 un hotel, o Hotel La Terraza. E será no baixo dese hotel onde se constrúa —ao tempo que as habitacións e demais instalacións hoteleiras, que se conservan na actualidade— o primeiro cine estable do que dispuxo o centro de Sanxenxo, e que ostentaba o mesmo nome do hotel: Cine La Terraza.

---

[628] Expediente con ‘‘solicitud de cambio de titularidad de las industrias ‘Cine Gondariño’ de Portonovo y ‘Cine Rías Bajas’ de Sanxenxo, que figuraban a nombre de Gonzalo Cacabelos Oubiña, a su hijo Javier Cacabelos Salgueiro’’. 1987. AMS. 1720/1.

[629] Solicitude de Javier Cacabelos Salgueiro ao alcalde de Sanxenxo para a baixa do Cine Gondariño (28-9-1992) e resolución da comisión de Goberno á solicitude de baixa do Cine Gondariño (24-10-1992). AMS. 1720/1.

[630] Expediente de ‘‘Solicitud de permiso para llevar a cabo el vallado del Cine Portonovo, por ofrecer éste peligro de derrumbe’’. 1997. AMS.1424/6.

[631] Expediente con ‘‘Solicitude de licencia para demolición do edificio do antigo cine de Portonovo, sito en C/ Arenal’’, 2003. AMS. 5692/9.

A construción deste cine (así coma do hotel) comezou a inicios dos anos 40 e foi moi lenta, pois naqueles anos nos que conxugou a posguerra española coa Segunda Guerra Mundial houbo grandes carencias do material co que se construíu o edificio; ferro e formigón. Inda así, e pouco a pouco, conseguiu rematarse, inaugurándose no 1947[632].

Como resultado das limitacións coas que se construíu, era un cine estética e estruturalmente bastante austero. Na entrada constaba dunha billeteira, uns aseos, ao lado un pequeno ático coa cámara de proxección (marca Ossa), e tras del un salón con butacas, piso de formigón pulido e escenario. Contaba tamén cun piso superior de Anfiteatro onde había bancos corridos, e butacas só na primeira fila.

Este cine converteuse dende a súa apertura nun grande suceso en Sanxenxo, pasando a ser dende eses momentos a ferramenta de ocio preferida, por non dicir case a única nos primeiros tempos[633], e entre as películas de máis éxito estaban as de acción, as do Oeste, outras como as acrobacias acuáticas de *Escuela de sirenas* (George Sidney, EUA, 1944), pero sobre todo, as españolas de Cifesa[634].

O cine foi construído por Francisco Alonso Prieto (artífice tamén do Hotel) para un dos seus fillos. Francisco Alonso Romay foi pois quen levou a cabo a explotación do cine, dende os seus inicios ata a súa morte. Foi entón (no ano 1963) cando Manuel Souto Torres, que viña de levar o Cine Torres de Vilalonga (o cal deixou en 1960), pasou a facerse cargo deste cine[635], que estivo nas súas mans ata 1967 aproximadamente, momento no que pasou a Calixto Arosa Varela (que á súa vez tiña xa o cine de Dena[636]), quen realizará unha reforma no mesmo, e explotarao na súa última etapa, xa non moi extensa.

Nos anos 60, na época en que estivo en mans de Manuel Souto, este cine convivía co Rías Bajas (o outro cine de Sanxenxo ‘‘capital’’) e ás veces intercambiábanse as películas. Este feito deuse tamén con outros cines próximos, como serán o Gondariño de Portonovo e o Cine Torres de Vilalonga, pois Souto tiña unha asociación con eles. Estes intercambios de películas daban pé a proxeccións nas que, en canto un dos cines remataba unha bovina

[632] Estes datos, como a maioría dos que temos deste cine, proveñen do testemuño de Jaime Martínez Alonso, neto de Francisco Alonso Prieto e sobriño de Francisco Alonso Romay.

[633] ‘‘Estaban las fiestas que celebrabas cuando correspondía, los bailes vigilados con lupa por las autoridades, y el cine, lógicamente con el sistema de censuras… pero el cine era la mejor distracción de todas’’. Testemuño de Jaime Martínez...

[634] Testemuño de Jaime Martínez...

[635] Recollido no Expediente para ‘‘la concesión de licencia municipal en el ejercicio de actividades comprendidas en la reglamentación de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas. Actividad Sala de proyección de películas Sangenjo. 1964-1968’’. AMS. 1688/6.

[636] Falaremos de Calixto Arosa no apartado correspondente ao cine no concello de Meaño.

da película, levábase en coche ou moto ao cine seguinte, co cal as proxeccións eran ‘‘case á par’’ neles.

Aínda que a función do Cine La Terraza foi case exclusivamente cinematográfica, si sabemos dalgunhas outras actividades desenroladas puntualmente nel. Como curiosidade, este cine foi empregado para dar a misa polos Salesianos en torno do 1956, pois fixeron obras na súa sede (na parroquia de Castrelo, pertencente ao concello de Cambados) e tiveron que instalar a uns alumnos que viñan de León para dar un curso. Aloxáronse pois estes rapaces no hotel, e a misa, cando era preciso facela, dábase no cine.

Máis comúns, ao marxe das proxeccións cinematográficas, eran os eventos celebrados no verán polos turistas (daquela máis coñecidos coma ‘‘veraneantes’’). Estes veraneantes que quedaban en Sanxenxo en xullo e agosto, organizaban as ‘‘Fiestas en el Aire’’, uns eventos semellantes aos que tamén se facían no Grove; festas con representacións e espectáculos de variedades interpretados, neste caso, polos turistas, especialmente polos fillos (nenos e mozos). Adoitaban facerse unha ou dúas festas deste tipo cada verán, e o recadado doábase para obras sociais da parroquia de Sanxenxo.

Este cine funcionou de xeito continuo dende a súa apertura ata o peche (entre finais dos anos 60 e principios dos 70), e xogou un papel fundamental coma ferramenta de diversión e distracción ata que comezou a ser desprazado pola televisión e, sobre todo, polos videoclubs. Actualmente non se conservan restos del, pois foi ‘‘absorbido’’ polas instalacións do hotel, que inda perdura hoxe en día.

CINE RÍAS BAJAS (1969-2013)

O Cine Rías Bajas foi o segundo – e último – cine en abrir en Sanxenxo, así coma un dos últimos en pechar en todo o Salnés. O Cine La Terraza xa levaba máis dunha década en activo cando este outro negocio abriu as súas portas, nunha época de esplendor turístico da vila que deu un pulo económico e demográfico á zona.

Foi o segundo cine que abriu Camilo Gonzalo Cacabelos Oubiña tralo Cine Gondariño. No momento en que planifica a súa construción, o empresario xa tiña experiencia abondo no ámbito, a cal puido aplicar no novo local.

A aprobación do proxecto de cine, solicitada o 2 de febreiro de 1966, data do 15 de abril dese mesmo ano[637], pero este non rematará de construírse nin comezará a súa andaina ata

[637] Expediente de ‘‘Concesión de Licencia para construcción de un edificio para viviendas y Sala de Cine. 1966’’. AMS. 611/5.

o 1969[638]. Coa súa inauguración, Gonzalo Cacabelos pasará a levar a un tempo tres locais cinematográficos: o Cine Gondariño de Portonovo, o Cine Torres de Vilalonga, e o recentemente inaugurado Rías Bajas. Serán seis anos nos que compaxinará o traballo nestes cines, o que dá conta da ‘‘boa saúde’’ do negocio cinematográfico na zona. No 1973, ano en que deixa o Cine Torres, pasará a centrarse nos dous que ten en propiedade, ata a súa xubilación.

O Rías Bajas contaba no inicio con funcións os xoves, sábados e domingos[639]. Era un local amplo, situado na rúa Primo de Rivera, con capacidade para 300 espectadores — distribuídos na parte inferior máis no piso superior de Xeral— que proxectou nos formatos Cinemascope e Panorámico.

A mellor época deste cine foi dende mediados dos 70 a mediados da década dos 80, con éxitos especialmente recordados coma *E.T el extraterrestre* (Steven Spielberg, EUA, 1982) ou *Rocky* (Silvester Stallone, EUA, 1976)[640]. Cara a segunda década dos 80, comezou pouco a pouco unha baixada na afluencia aos cines que tamén afectou ao Rías Bajas, pero non ata o punto de propiciar o seu peche. Será nesta época (1987) cando Javier Cacabelos Salgueiro, fillo de Gonzalo, e tal e como ocorre na Cine Gondariño, tome o relevo do seu pai á fronte do negocio[641]. El será quen o leve nas últimas décadas, e quen afronte os cambios dados pola modificación dos hábitos de ocio.

Nos seus últimos tempos (dende 2005 aproximadamente) o cine pasou a abrir as súas portas tan só na época de verán (meses de xullo, agosto e setembro), na cal a poboación de Sanxenxo triplicábase en número debido ao turismo. Nestes meses (especialmente en agosto), o cine tiña programación case tódolos días da semana, e combinaba as estreas correspondentes coa reprogramación de filmes que foran éxitos durante o ano, e incluso do ano inmediatamente anterior.

Tamén nestes últimos tempos cambiaron os sistemas de distribución e exhibición, e así realizáronse estreas en paralelo a nivel nacional, coma o caso de *Up* (PeterDocter, Bob Peterson, EUA, 2009) ou *Toy Story 3* (Lee Unkrich, EUA, 2010)[642].

Entre as películas proxectadas na súa última época son salientables: *Cisne negro* (Darren Aronofsky, EUA, 2010)*, El discurso del rey* (Tom Hooper, EUA, GB, Australia, 2010)*,*

[638] Testemuño de Javier Cacabelos Salgueiro, fillo de Camilo Gonzalo Cacabelos Oubiña e último dono do cine Rías Bajas en *LVG*, 10-8-2010. Edición dixital.

[639] Ídem.

[640] Ídem.

[641] Expediente con ‘‘solicitud de cambio de titularidad de las industrias ‘Cine Gondariño’ de Portonovo y ‘Cine Rías Bajas’ de Sanxenxo, que figuraban a nombre de Gonzalo Cacabelos Oubiña, a su hijo Javier Cacabelos Salgueiro’’. 1987. AMS. 1720/1.

[642] Testemuño de Javier Cacabelos...

Cars 2 (John Lasseter, Bradford Lewis, EUA, 2011)*, Los Vengadores* (JossWhedon, EUA, 2012)*, Intocable* (Olivier Nakache, Éric Toledano, Francia, 2011) ou *The Artist* (Michel Hazanavicius, Francia, EUA, Bélgica, 2011)[643].

O Cine Rías Bajas pechou definitivamente tralo verán do ano 2013[644], xusto antes de dar o salto ao dixital, xa que os custes do cambio de sistema non compensaban a un negocio que levaba anos manténdose máis por aposta persoal e por tradición, que por rendibilidade.

Quedando pois o concello de Sanxenxo sen salas de cine, nos últimos anos si foi moi habitual o ‘‘Cine na Rúa’’, do cal xa falamos no apartado dedicado a Vilagarcía.

Interior actual do Cine Rías Bajas. 2020. Arquivo propio

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[643] Carteis anunciantes do Cine Rías Bajas, 2010-2013. Arquivo propio.
[644] *DP*, 26-10-2020. Edición dixital.

2.4. MEAÑO

A actividade cinematográfica deste concello, que comprende unha extensión de 28 km^2 principalmente interiores salvo por unha estreita franxa de contacto co mar, centrouse case unicamente na parroquia de Dena, aínda que os primeiros pasos déronse na parroquia de Meaño.

2.4.1. OS PRIMEIROS PASOS: O SALÓN-CINE MEAÑO (1930-1936)

Os primeiros recordos do cine en Meaño lévannos ata o Salón-Cine Meaño, situado na parroquia de Meaño, no lugar de As Covas. Aínda que tanto nas décadas anteriores a este Salón-Cine, e especialmente ata a apertura do Cine de Dena, sabemos que de xeito esporádico (e escasamente documentado), levábanse a cabo por parte de compañías itinerantes, proxeccións cinematográficas en locais de baile do concello[645].

Este Salón, que data dos anos 30 e era propiedade dos irmáns Daniel e Benjamín Muñiz, estaba dedicado principalmente a baile, pero tamén contaba con proxeccións —sempre en cine mudo— con certa asiduidade, especialmente en épocas festivas.

Era un salón amplo, co chan en cemento, e para as proxeccións colocábanse uns bancos, sen respaldo, para que se sentase o público.

Sabemos que contou con algunha reforma neses anos, pois como daba conta *El Pueblo Gallego* en novembro de 1935:

> ‘‘Después de algunas reformas llevadas a cabo en el salón Cine-Meaño, ha dado comienzo la temporada cinematográfica, viéndose muy concurridas las funciones en las que se proyectan películas escogidas que proporcionan al público ratos de esparcimiento’’[646].

Permaneceu operativo durante a II República, pero co inicio da Guerra Civil interrompeu a súa actividade, pasando a empregarse coma lugar de reunións clandestinas para os

[645] Información extraída, como a deste Salón-Cine, de ‘‘Los salones de baile de los abuelos meañeses’’ (20-7-2014), artigo de Tino Hermida no blog ‘‘Polo ventanuco’’ (www.poloventanuco.blogspot.com), no cal recolle lembranzas dos veciños de Meaño sobre as salas de baile, teatros e cinematógrafos do lugar.
[646] *EPG*, 1-11-1935, p. 12 (4).

militantes de esquerdas. Neses anos de contenda bélica, e ante a persecución do bando franquista, Daniel e Benjamín Muñiz tiveron que fuxir a Arxentina, feito tralo cal o local non volveu a empregarse coma salón-cine.

2.4.2. DENA: O CINE AROSA E A SÚA EVOLUCIÓN ATA UN COMPLEXO DE OCIO (1949-1985)

O caso de Dena vai ser diferente aos concellos circundantes, especialmente pola evolución ‘‘física’’ e ‘‘en concepto’’ da súa sala de cine.
Dena é o principal centro urbano do concello de Meaño. E será aquí, na estrada principal nun punto moi céntrico da poboación, onde se situará a principal sala estable de cine do concello[647].

Para entender o cine de Dena que nos ocupará, e toda a súa ‘‘vida’’, hai que coñecer ao seu fundador, Calixto Arosa Varela[648]. Calixto Arosa foi considerado en Dena coma un visionario para os negocios, e non é para menos. Cuns primeiros pasos orientados cara o Seminario, onde cursou unha década pero non chegou a formalizar a súa vocación, pasou a exercer coma mestre, e, xa coa súa visión de negocio e a intuición do que podía ‘‘funcionar’’ na vila, abriu unha ferraxería-droguería. Con apenas 21 anos e con estas experiencias previas, iniciarase no negocio cinematográfico coa apertura do Cine Arosa.

Este cine, que abriu no 1949[649], era de pequenas dimensións (con apenas capacidade para 100 espectadores),e contaba con asentos en madeira e unha máquina Ossa. O éxito vai acompañalo dende os primeiros tempos, nos cales o propio Calixto recorda ‘‘que cada domingo se formaban enormes colas para comprar las entradas’’[650]. As proxeccións eran principalmente en fin de semana, e o primeiro proxeccionista foi José Dios ‘‘Pepiño’’.

Apenas unha década despois, no 1958, e ante o éxito do negocio, o Cine Arosa realizará a súa primeira ampliación, pasando de 100 a 800 butacas, agora en skay vermello e repartidas nun piso inferior de butacas (sen apenas inclinación no chan) e o superior de

[647] Non falaremos dela como ‘‘a única’’, pois hai novas brumosas doutra sala que lle foi precursora, ‘‘Espectáculos Touriño’’, aínda que só se conservan escasos datos soltos, froito de lembranzas sesgadas. Esta sala de cine dataría dos anos 30 (sen datas concretas) e sábese que era propiedade de ‘‘Touriño’’. Tamén que contaba con case 200 cadeiras sobre un chan sen inclinación, e que a súa vida foi escasa, pois pechou na propia década con motivo da morte do seu dono. Datos extraídos de ‘‘Cuando Dena era Arosa’’ (4-4-2021), artigo de Tino Hermida García no blog ‘‘Polo ventanuco’’ (www.poloventanuco.blogspot.com) que reflicte lembranzas de veciños de Dena.

[648] Case toda a información que relataremos deste Cine Arosa provén do testemuño do propio Calixto Arosa Varela, recollido en persoa, e completado co artigo ‘‘El complejo Arosa y la especial ‘movida’ de Dena’’ do *Faro de Vigo*, 13-12-2020, pp. 4-5.

[649] *FV*, 13-12-2020, p. 4 (1).

[650] Ídem.

Anfiteatro. Cambiarán tamén a máquina de proxección, que pasa dunha Ossa á marca Philips. A ‘‘re-estrea’’ do local será cos saltos de Burt Lancaster, Tony Curtis e Gina Lollobrigida no *Trapecio* (Carol Reed, EUA, 1956).

Este cine gozou de grande aceptación, tanto en Dena como nas poboacións dos arredores, reclamo que se reforzaba con toda a publicidade invertida nel (e que incluía, a maiores das canles habituais, un coche con megafonía que percorría as poboacións anunciando as estreas). Dada esta afluencia, o cine contaba incluso cunha explanada de terra fronte del, onde podían aparcar os vehículos por 1 peseta.

Eran moi do gusto do público neses tempos os filmes de Cantinflas, os de Antonio Molina, os de vaqueiros…ou a Sara Montiel de *El último cuplé* (Juan de Orduña, España, 1957). Pero un dos maiores éxitos que se lembran foi dende logo o de *Ben-Hur* (William Wyler, EUA, 1959). Para anunciar esta película, un grupo de xinetes disfrazados de romanos percorreu as parroquias de Meaño e dos concellos a carón[651].

Outras películas proxectadas con éxito na década dos 50: as aventuras de Errol Flynn en *Mara Maru* (Gordon Douglas, EUA, 1952) e *Espadas cruzadas* (Milton Krims, VittorioVassarotti, EUA-Italia, 1954), ou *Norte salvaje* (Andrew Marton, EUA, 1952), tamén aventuras, da man de Stewart Granger e Cyd Charisse.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Programa de man do Cine Arosa para *Mara Maru*. APDP

[651] *FV*, 13-12-2020, p. 4 (2).



Programas de man do Cine Arosa, coa publicidade manuscrita. APPLG

Ante esta década de esplendor do Cine Arosa nos anos 50, Calixto Arosa pronto deixou de conformarse só con levar dito cine, e nos anos 60 fundou a Distribuidora Obelisco, coa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cal se encargaba da distribución en exclusiva en Galicia e Asturias das películas da produtora Ízaro Films[652].

Amais diso, no sector da exhibición, nos anos 60 tamén ampliou o seu abanico abrindo outras salas de cine en Rianxo e Asados[653], ademais de levar durante unha época o Cine La Terraza en Sanxenxo.

Con anterioridade, no 1959 e nun terreo a carón do Cine Arosa, Calixto abriu o ‘‘Baile das Cañas’’, un local de baile ao que de seguida se uniron unha cafetería e un restaurante de grande capacidade, co que se conformou todo un complexo de ocio en torno do cine, o chamado ‘‘Complejo Arosa’’. Ante a repercusión acadada, a mediados da década fixéronse novas obras e resituáronse os espazos do complexo, co cal o cine pasará a ocupar o lugar no que estaba o Restaurante (o primeiro piso do edificio de baile), e abrirase a maiores unha hamburguesería e unha discoteca. Esta última inaugurarase o 27 de novembro de 1975[654] e acadará grande sona na época, dando comezo aos ‘‘anos dourados’’ do complexo, que situarán a Dena no epicentro do ocio da zona.

Porén, a mediados dos anos 80 comezará a ‘‘decadencia’’ deste centro, dada especialmente a que ‘‘la noche empezó a complicarse… luego empezó a llegar el hachís y otras drogas’’[655], ao que se suma a apertura doutras discotecas en poboacións próximas que comezaron a ter máis reclamo.

A actividade en torno desta discoteca cambiará, baixando a afluencia ao complexo, e o cine verase afectado consecuentemente por esta situación xeral. Isto, unido á propia decadencia do cine nesa década (con películas estreadas moito máis tarde que noutros núcleos urbanos, baixada da calidade ou interese dos títulos proxectados, etc), contribuíron a que no 1985 cesase a súa actividade, uns meses antes de que a discoteca botase o peche.

[652] Testemuño de Calixto Arosa e testemuño de Tino Hermida García, xornalista natural de Meaño. Non atopamos constatación documental ao respecto, pero o propio Calixto e achegados relatan a existencia desta distribuidora. Aparte dela, e como dato curioso que da fe do espírito emprendedor de Calixto Varela, a finais dos anos 50-principos dos 60, chegará da súa man o teléfono a Dena. Este feito, impulsado pola necesidade dos seus negocios co cine, marcou un fito nas comunicacións do pobo, cos seus seis teléfonos nunha centraliña instalada nun punto céntrico da vila. Testemuño de Tino Hermida García, xornalista natural de Meaño.

[653] Parroquia de Rianxo.

[654] Unha semana despois da morte de Franco.

[655] Declaracións de Calixto Arosa en *FV*, 13-12-2020, p. 5 (2).

2.5. RIBADUMIA

Ribadumia comparte con Meaño o feito de ser un concello practicamente interior salvo por unha estreita franxa de conexión costeira, aínda que posúe unha menor extensión ca este (19'6 km^2) así coma menor poboación.

Este concello contará con cine en dous focos diferentes; Ponte Arnelas, onde veremos unha sala de carácter claramente máis rural, e Barrantes, que contará xa con sala (máis concretamente dúas salas) máis ''urbanita'', por ser esta vila un núcleo máis poboado e cunha tendencia máis urbana que o anterior.

2.5.1. CINE PUENTE ARNELAS (1944-1978/1979)

Ponte Arnelas é un ''lugar'' que conta cunha peculiaridade, a de situarse entre tres concellos distintos: Ribadumia, Vilanova de Arousa e Cambados. A separación entre eles ven marcada xeograficamente polo río Umia, unha división física que marca así mesmo a división administrativa. Para o caso que nos ocupa, é do noso interese a parte de Ponte Arnelas pertencente a Ribadumia (parroquia de Leiro), una franxa interior a carón do río e da Ponte que lle dá o seu nome.

A idea da creación do seu cine foi de Diógenes Lede García, veciño de Ponte Arnelas que, en canto se decidiu a levar a cabo o proxecto, enviou ao seu cuñado, Agustín Teruelo Riesco, a Pontevedra a ''formarse'' no negocio do cine. Sen embargo, e inda contando coa axuda no negocio dos nomeados, que levará incluso a que no primeiro rexistro deste cine (o 8 de marzo de 1944) apareza Agustín Teruelo Riesco como propietario[656], quen levou finalmente o cine —e foi o seu dono ata a data do peche—, será o pai de Diógenes, José Lede Fontenla.

O edificio era una construción sinxela, pero funcional para os seus fins: contaba cunha fachada con tellado a dúas augas, cunha arpa de pedra tallada, así coma unha pequena fiestra e un soportal baixo do cal se situaba o despacho de billetes. No interior, non tiña palcos ou platea, senón que o espazo situábase nunha soa planta, onde as butacas eran cadeiras pregables de madeira unidas por unha barra. Cando unha película tiña moito

[656] *Registro de Teatros y Cinematógrafos. 1946-1961.* Administración Central Periférica Goberno Civil. AHPP. Libro 10.115.

éxito e non eran abondo as cadeiras do aforo regulamentario, permitíase que algúns dos espectadores entrasen con cadeiras de man das súas casas, aumentando así o aforo de modo provisional[657].

Para completar esta vista do edificio, hai quen recorda tamén como ‘‘na sala botaban serraduras no chan para desinfectar… os váteres eran moi primitivos, unha tarima con buraco… e chegou a contar con bar’’[658]. Aínda que, no caso do bar, sempre tivo un carácter provisional e funcionou moi pouco tempo.

O primeiro proxeccionista co que contou o cine foi Victor Feijoo, e no exterior da porta instalábase, cando ía haber proxección, ‘‘La Cacharra’’ (alcume), quen vendía pan de figo, galletas, caramelos… e demais lambonadas para degustar nas sesións.

Na súa primeira década de funcionamento, neste mesmo edificio celebrábanse de cando en vez bailes (para o cal sacábanse as filas ‘‘enteiras’’ das cadeiras). Porén no 1954 inaugurarase un edificio específico para albergar dito baile, co cal deixarán de celebrarse no espazo do cine.

Por outra banda, ao contar con escenario, realizábanse de cando en vez (especialmente nos inicios, así coma nos seus últimos anos de funcionamento) representacións teatrais, aínda que estas non fosen especialmente frecuentes. E non faltaron tampouco concertos, coma o publicitado nun programa de man para o 5 de maio de 1963, coa actuación da Orquesta Oliver, que se compaxinaba ese día coa proxección do filme mexicano *Venganza apache* (Fernando Méndez, México, 1960)[659].

Nas primeiras décadas nas que este cine estivo operativo, as proxeccións realizábanse os fins de semana, pero tamén entre semana (aínda que non tódolos días). Sen embargo, cara os últimos anos reducíronse drasticamente aos domingos e algúns festivos. Aínda que coma excepción, seguían a facerse proxeccións os tres días consecutivos das festividades de Santa Marta, as festas que tiñan máis sona en Ponte Arnelas.

Este era un cine pequeno e sen aspiracións excesivas, máis alá de dotar de entretemento aos parroquiáns de Ponte Arnelas e arredores inmediatos, por iso as condicións técnicas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[657] Información, como a maioría da que contamos respecto deste Cine Puente Arnelas, recollida do testemuño de María Teresa Lede Méndez, neta de José Lede Fontenla.
[658] Testemuño de María Teresa Lede...
[659] Programa de man do 5 de maio de 1963. Arquivo persoal de María Teresa Lede Méndez (APMTL).

ás veces non eran as mellores (o que influía especialmente ao son), e incluso foi considerado ‘‘secundario’’ polas distribuidoras que movían os filmes pola zona[660].

As películas (que nos anos 50 custaban a 2 pesetas a entrada) anunciábanse mediante pasquíns, e tamén dende o propio cine, onde as tardes de proxección emitían música cara ao exterior (dende a pequena fiestra da fachada). Cando coas películas que chegaban, os carteis adxuntos non eran ‘‘lucidos’’, a muller de José Lede, María Enriqueta Méndez Arias ‘‘Queti’’, facía debuxos a man para conseguir un maior reclamo. Iso ocorreu, por exemplo, nas películas protagonizadas por Jorge Negrete, ou en *El último cuplé* (Juan de Orduña, España, 1957)[661].

No Cine Puente Arnelas as proxeccións comezaron con filmes en branco e negro, para pasar posteriormente a cor. Nos tempos deste último, fixéronse tamén experimentacións co Cinemascope, aínda que, ao non ter a pantalla adaptada (o que non permitía ver as películas coma o formato precisaba), non tivo moita repercusión.

Entre as películas que máis se recordan, destacan[662]: *Arroz amargo* (Giuseppe De Santis, Italia, 1949) na cal, non se sabe se por despiste á hora de expoñer a cualificación, entraron tamén menores ao cine; *Jalisco canta en Sevilla* (Fernando de Fuentes, España-México, 1949) co inefable Jorge Negrete; *Nobleza Baturra* (Florián Rey, España, 1935); *Calle Mayor* (Juan Antonio Bardem, España, 1956); *La tía de Carlos* (Archie Mayo, EUA, 1941); *Sabela de Cambados* (Ramón Torrado, España, 1949); *Los cinco halcones* (Miguel M. Delgado, México, 1962)… E xunto a estes títulos, películas de Conchita Piquer (como *Filigrana*, Luis Marquina, España, 1949), Libertad Lamarque, Xan das Bolas, Cantinflas, Carmen Sevilla, Alberto Sordi, Lola Flores… Coma se pode translucir, os xéneros que tiñan máis tirón neste cine eran sen dúbida os melodramas e os musicais ou ‘‘películas con cancións’’, que irían seguidos de preto polas películas ‘‘do Oeste’’ e as de sesgo policíaco.

Como anécdotas para rematar no referido a este cine, sabemos que os nenos esperaban ansiosos o (moi raro) momento no que faltase o NO-DO na sesión correspondente (é dicir, cando non chegaba o envío deste noticiario, feito que era unha rarísima excepción), porque ante este feito enchíase o ‘‘oco’’ deixado cunhas curtas de debuxos animados. E

[660] Por iso mesmo, era un dos lugares do Salnés onde se proxectaban as películas máis tardiamente, o que tiña como consecuencia directa o estado no que chegaban moitos destes filmes, e así, en moitas ocasións ‘‘… había que revisalos porque viñan fatal, pegabámolos con acetona, e había películas que estaban tan mal e tan troceadas que se vían fatal, ou directamente faltábanlle cachos’’. Testemuña de María Teresa Lede...

[661] Testemuño de María Teresa Lede... No que respecta a ‘‘Queti’’, quen axudaba ao seu marido nas labores de levar o cine, hai quen recorda con cariño como, cando no pase da película había sitios baldeiros, deixaba entrar no descanso aos nenos sen recursos, que non tiñan para pagar a entrada.

[662] Testemuño de María Teresa Lede... Apoiado por programas de man anunciantes de filmes deste cine. APMTLM.

tamén moi recordado é como, cando marchaba a luz (o que ocorría de vez en cando) había que ir buscar ao electricista á súa casa, quen á súa vez tiña que ir arranxar o poste da luz á parroquia do lado. Mentres duraba todo este proceso, os espectadores esperaban na sala pacientemente (ou non, dependendo de cada cal) a que todo se solucionase e reiniciasen a proxección[663].

Pasquíns anunciantes do Cine Puente Arnelas (exemplos de filmes policíacos e do Oeste). APMTLM

Pola súa situación xeográfica, a este cine de Ponte Arnelas ía xente de Baión, Paradela, Armenteira, Barrantes, Oubiña, Tremoedo… que se desprazaban en bicicleta ou incluso andando. Sen embargo, avanzados os anos, a xeneralización do coche como vehículo de desprazamento individual contribuíu á paulatina decadencia deste cine, pois os seus espectadores potenciais comezaron a desprazarse a outras vilas próximas con cines con mellores ‘‘condicións’’, ou aos que as películas chegaban antes, coma era o caso de Cambados e Vilagarcía.

Así, e aínda que dende a súa inauguración non interrompeu a súa actividade en ningún momento, cara finais dos anos 70 (en torno de 1978-1979) o Cine Puente Arnelas botará o peche definitivo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

663 Testemuño de María Teresa Lede...

2.5.2. BARRANTES (1946-MEDIADOS ANOS 90): CINE BARRANTES E CINE ESPACIO AZUL

CINE BARRANTES (1946-1977)

O mesmo ano que o Cine Puente Arnelas bota a andar, comeza o camiño cara a construción dun novo cine na veciña vila de Barrantes. Temos constancia primeira diso por unha factura que o arquitecto Robustiano Fernández Cochón remite o 20 de decembro de 1944 a Ramiro Pintos Piñeiro, en concepto de un ‘‘Proyecto de Cinematógrafo en Ribadumia’’[664].

Dende a Delegación Provincial de Pontevedra, o 14 de maio de 1945 chega a comunicación de que ‘‘economicamente procede autorizar... la apertura del cinematógrafo proyectado en la localidad de Rivadumia’’[665], en función da solicitude para iso que Ramiro Pintos fixera o 17 de marzo anterior[666]. Finalmente, o 9 de febreiro de 1946, a Delegación de Industria de Pontevedra emite a ‘‘Acta de comprobación y autorización de puesta en marcha’’ que autoriza ao seu funcionamento[667].

A inauguración do cine de Barrantes, baixo un nome que tan pouco levaba a equívocos como é Cine Barrantes, deuse pois no 1946, da man do amentado Ramiro Pintos Piñeiro, e con posterioridade a ese 9 de febreiro.

O aforo deste cine era de 200 espectadores, divididos en Butaca no piso inferior (170 espectadores) e Xeral no piso superior (30 espectadores). Cando había moita demanda nalgunha película en concreto, ampliaban aforo e chegou a haber xente que vía o filme de pe. Tiña tamén un altofalante que poñía música cara a rúa, e nos descansos das películas tamén poñían música no interior[668].

[664] Factura por ‘‘Proyecto de cinematógrafo en Ribadumia’’, 20-12-1944. Arquivo persoal de José Castro Pintos (APJCP).

[665] Comunicación da Delegación Provincial de Pontevedra a Ramiro Pintos Piñeiro, 14-5-1945. APJCP.

[666] Información en ‘‘Comunicación de la Delegación de Industria de Pontevedra con notificación de la cuantía a ingresar por tramitación de expediente Instalación de Cinematógrafo, 19-6-1945’’ e Recibí con pago do mesmo, 20-6-1945. APJCP.

[667] ‘‘Acta de comprobación y autorización de puesta en marcha de Cinematógrafo’’, 9-2-1946. APJCP.

[668] Testemuño de José Castro Pintos, neto de Ramiro Pintos Piñeiro, e fillo de Basilio Castro Sartages.



DELEGACIÓN DE INDUSTRIA
PONTEVEDRA

REFERENCIA Y.-3318

ACTA DE COMPROBACION Y AUTORIZACION DE PUESTA EN MARCHA

Don Manuel Fluviá Martinez, Ingeniero ----------, de la Delegación de Industria de la provincia de Pontevedra, ha reconocido, en cumplimiento de lo que dispone el Decreto del Ministerio de Industria y Comercio de 8 de septiembre de 1.939 y Orden Ministerial de 12 del mismo mes y año, la industria de Cinematografo ---------- , establecida en Barrantes --------- término municipal de Rivadumia ----------, y para la que D. Ramiro Pintos Piñeiro ---------- habia solicitado autorización de Instalación ----------, concedida por esta Delegación con fecha de 8 de Junio de 1.945, comprobándose que la mencionada instalación consta de los siguientes elementos:

Un local destinado a proyecciones cinematograficas con cabina compuesta de un aparato de proyección de arco para cine sonoro, con sus correspondientes anejos (rectificador, amplificador, etc.) y la instalación eléctrica de alumbrado de la sala, pasillos y demás dependencias por una potencia total de 620 Watios que deberá sujetarse a las condidiones fijadas en el informe núm. 500 de fecha 9 de los corrientes emitido en cumplimiento del Artículo 57 del vigente Reglamento de Instalaciones Eléctricas Receptoras de 5 de Julio de 1.933.

Y resultando, que la instalación reconocida, se ajusta a los términos de la autorización otorgada, esta Delegación de Industria autoriza su puesta en marcha a los efectos contenidos en las disposiciones anteriormente citadas.

PONTEVEDRA 9 de Febrero de 1.946

EL INGENIERO JEFE,

DELEGACIÓN DE INDUSTRIA PONTEVEDRA REGISTRO GENERAL Fecha 20 FEB. 1946 Núm. 349 SALIDA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Acta para a autorización da posta en marcha do que será o Cine Barrantes. APJCP

Nos inicios deste cine, namentres noutros da época as películas proxectábanse en dous proxectores, ou en un só cunha parada para mudar a bobina (pois os filmes contaban con máis dunha), podemos considerar ao Cine Barrantes coma un precursor de novas experimentacións, ao contar cun método ideado por ‘‘o Alemán’’[669], o cal ‘‘montou un suplemento na máquina, na parte de atrás, que era un soporte que permitía empalmar as bobinas e poñer a película enteira. Era un invento ‘caseiro’ pero funcionaba, daquela fora un avance’’[670]. As bobinas ‘‘empalmábanse’’ con celo, e non é a primeira vez que, por non fixarse, sobre todo se do cine anterior as bobinas non viñan ben gardadas, chegaba a proxectarse primeiro a segunda parte da película…

As películas de máis éxito: os dramas, os musicais, aventuras, ‘‘as de vaqueros’’… ou algunha incursión no terror[671]. E algúns dos títulos máis recordados[672]: *¿Dónde vas, Alfonso XII?* (Luis César Amadori, España, 1959), ou *La muerte tenía un precio* (SergioLeone, Italia-España-Alemaña Occidental, 1965), que dada a recepción chegaron a repetirse en varias ocasións. Sen embargo, para o dono do cine as películas máis interesantes eran aquelas que non tiñan un elevado custe para el, pero que en cambio daban grandes beneficios pola boa aceptación do público. Valga de exemplo *No desearás al vecino del quinto* (Ramón Fernández, España, 1970), clásico representante do ‘‘landismo’’ que tantos éxitos sementou.

Exemplo de programas de man de filmes proxectados no Cine Barrantes. APPLG

669 ‘‘O Alemán’’ era o alcume de Erwin Friedrich Willish, personaxe ligado á chegada da electricidade á Illa de Arousa (ver apartado correspondente), e con grande habilidade en temas técnicos.

670 Testemuño de José Castro Pintos...

671 *La noche tiene ojos* (Leslie Arliss, G.B, 1942), proxectada o 7 de marzo de 1948. *EPG,* 7-3-1948, p. 2 (1).

672 Testemuño de José Castro Pintos...





Exemplos de programas de man de filmes proxectados no Cine Barrantes. APPLG

O mellor día para a proxección, ano tras ano nas súas décadas de existencia, foi sempre o día ‘‘da Armenteira’’, una romaría na veciña parroquia da Armenteira (concello de Meis), que se celebraba (e segue a celebrarse) o luns de Pascua.

Respecto do baile, en Barrantes celebrábase nun edifico diferente, polo que no cine tivo lugar en moi escasas —e puntuais— ocasións[673]. Sen embargo, si que houbo veladas

[673] Aínda que si sabemos que a finais dos anos 60 e principios dos 70 celebráronse bailes dun xeito máis continuado, do que da conta o desagregación dos ‘‘Pago de los Impuestos sobre Espectáculo Públicos, 1969-1972’’. AMR. 337/2.

benéficas de iniciativa relixiosa[674], actuacións de grupos musicais e teatrais[675], ou incluso actos de divulgación gandeira[676].

Nos anos 60, Ramiro Pintos pasará a ter axuda no negocio, a do seu xenro Basilio Castro Sartages. El será quen, cando menos dende mediados dos anos 60, figure nos trámites do cine Barrantes (partes de billetes expedidos á Xunta provincial de Pontevedra, peticións de filmes a distribuidoras…)[677]. Tamén será nesa década cando ambos se fagan cargo do veciño cine Mosteiro (Meis), polo cal durante unha época, ambos cines serán explotados conxuntamente, aínda que atendendo ás características diferenciais de cada concello.

O cine de Barrantes aguantará varias décadas ata que, en torno do 1977[678] (sen que teñamos coñecemento da data fixa) peche definitivamente. Non será ata inicios dos anos 80 cando Basilio Castro decida retomar o negocio en solitario e comece as obras para, no mesmo edificio que ocupaba o Cine Barrantes, reabrir unha sala xa máis acorde cos tempos.

CINE ESPACIO AZUL (1984-MEDIADOS DOS ANOS 90)

O 3 de agosto de 1983 concédeselle a Basilio Castro Sartages (en representación de Espectáculos Barrantes S.L.), a licenza para construír un edificio dedicado a discoteca, cine e cafetería, no mesmo lugar onde se situara o Cine Barrantes[679]. É dicir, dividirase a planta ocupada polo antigo cine, en tres espazos diferentes pero intimamente ligados entre si, e ámbolos tres baixo un mesmo nome: Espacio Azul.

Como podemos ver nos planos do proxecto presentados para tal fin[680] (firmados polo arquitecto Joaquin Basilio Bas), era un edifico de gran tamaño no centro da vila, onde o cine situábase na parte esquerda, cun aforo de 250 butacas. No centro, ocupando algo máis de superficie, a ‘‘Sala de Festas’’ (discoteca), e á dereita un Bar/Cafetería.

---

[674] Velada patrocinada polo párroco de Solobeira (Vilanova de Arousa), con rapaces que cantaban e bailaban muiñeira. *EPG*, 26-4-1959, p. 13 (3).

[675] Como a actuación de Julio Soler e ‘‘El Trío Calavera’’ *EPG*, 30-4-1948, p. 2 (1); ou a agrupación pontevedresa ‘‘Los nocturnos’’ o 16 de maio do 1948, *EPG*, 28-5-1948, p. 2 (6).

[676] Con charlas e proxección final de documentais ao respecto. *EPG*, 27-9-1961, p. 12 (4).

[677] *Relación de billetaje del cine Barrantes 1966-1975* e correspondencia do Cine Barrantes de Basilio Castro Sartages. AMR. 337/2. Como nota respecto de Basilio Castro Sartages, sinalar que nas numerosas ocasións nas que o seu nome apareza en documentación relacionada con diferentes cines, o seu segundo apelido oscila entre ‘‘Sertages’’, ‘‘Sartajes’’, ou o correcto ‘‘Sartages’’.

[678] Testemuño de José Castro Pintos...

[679] Expediente co proxecto ‘‘Espacio Azul’’ de Basilio Castro Sartages. 1984. AMR. 294/1 e 295/1. Toda a documentación que atoparemos deste cine está a nome de Basilio Castro Sartages e a mentada Espectáculos Barrantes S.L. Porén, a explotación deste cine ‘‘Espacio Azul’’ no plano práctico foi levada a cabo principalmente polo fillo de Basilio Castro, José Castro Pintos.

[680] Expediente co proxecto ‘‘Espacio Azul’’ de Basilio Castro Sartages. 1984. AMR. 294/1.



Planos para o proxecto Espacio Azul. Planta e alzado. AMR. 294/1

O 26 de novembro de 1984 Espectáculos Barrantes S.L. recibirá a licenza definitiva para poñer en funcionamento a actividade de discoteca, cine e cafetería[681], e con ela, o cine Espacio Azul inaugurarase o 5 de decembro de 1984, cun filme de título moi axeitado para a ocasión: *Volver a empezar* (José Luis Garci, España, 1982)[682].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[681] Ídem.

[682] Testemuño de José Castro Pintos...

A ‘‘zona forte’’ de Barrantes á hora de atraer potenciais espectadores, era Covas, Padrenda e Ribadumia, por onde se facía reparto de propaganda (en tabernas, centros de ocio…).

A vida deste cine, que non foi moi extensa, enténdese en estreita relación coa Discoteca e Bar-Cafetería, que constituíron un pequeno ‘‘complexo de ocio’’ para os habitantes de Barrantes e arredores, que nas fins de semana dividían o seu tempo entre estas tres actividades ofertadas[683].

Sen embargo, na primeira metade dos anos 90, e como ocorreu en tantos outros casos, a vida do cine mingua cada vez máis, ao que axuda o feito de que os filmes chegasen con bastante atraso respecto da súa estrea, xa non en capitais, se non en vilas de maior relevancia demográfica e de ocio[684]. Así mesmo, a afluencia á discoteca diminúe tamén polo cambio de locais ‘‘de moda’’ do ocio nocturno. A data de peche definitivo da discoteca sitúase entre 1996 e 2000. Respecto do cine, foi pouco antes. En torno do1993 deixaranse de facer proxeccións comerciais, que xa se foran espazando cada vez máis, pero incluso cando estas desapareceron de todo, o local do cine seguiu a ser empregado ocasionalmente ata mediados da década, para proxeccións (agora xa en vídeo) orientadas a escolas e institutos da comarca, para actos oficiais... e incluso, o que ía moi unido á vida da cafetería a carón, para a retransmisión de eventos deportivos (maioritariamente fútbol)[685].

A pesares de estar relativamente preto no tempo para – aparentemente – poder recorrer a documentación oficial ou a memoria dos veciños da vila, a data exacta do peche do cine (inclusive un ano en concreto) é imposible de precisar. Non hai documentación oficial referente a isto, e a información oral dilúese ao tentar coutar unha data, pois, como ocorreu con outros moitos cines situados nun ámbito rural, a vida desta sala foi esmorecendo pouco a pouco.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[683] Nada que ver co complexo de ocio que foi o Arosa en Dena, pero inda así, e a escala moito máis reducida, cumpriu funcións similares para os habitantes de Barrantes.

[684] Con diferenza en ocasións de ata un ano entre a estrea dun filme en Galicia, e a proxección do mesmo neste cine.

[685] Testemuño de Roberto Lucio Abal, traballador da cafetería Espacio Azul.

2.6. MEIS

O municipio de Meis é o único enteiramente interior do Salnés e o de maior extensión de todos eles, aínda que iso non sexa proporcional á súa poboación, que pola contra é a menor de tódolos concellos da comarca.

A vida do seu —único— cine vai estar, cando menos gran parte del, intimamente ligada á do cine de Barrantes.

2.6.1. O CINE MOSTEIRO (1946-1978)

A única sala estable de cine en Meis estivo situada no lugar de Mosteiro, lugar repartido entre as parroquias de San Vicenzo de Nogueira, San Tomé de Nogueira e San Lourenzo de Nogueira. E precisamente o nome desa sala, como xa ocorría noutros casos, obedecerá ao lugar no que se erixe: Cine Mosteiro.

O 2 de xullo de 1943 preséntase no concello de Meis o proxecto para un ‘‘Edificio con destino a Cinematógrafo’’[686], da man de Peregrino Torres Tilve e Ramón Chaves.

Os planos deste proxecto, do arquitecto Emilio Quiroga Losada, permítennos ver como foi o edificio construído con posterioridade de acordo con eles. Era un local amplo, dividido en dous pisos. No inferior, cunha lixeira inclinación do chan, había 247 butacas e un escenario de grandes dimensións; no superior, un anfiteatro con bancos corridos.

Sen embargo, quen construirá este cine, baseándose nestes mesmos planos, será Carmelo Vidal Fraga, que entendemos chegou a un acordo con Peregrino Torres e Ramón Chaves trala renuncia de ambos a levar a cabo o proxecto. O mestre de obras que executou estes planos foi Antonio ‘‘de Segundo’’ (Antonio Pérez Rey), natural de Cambados e irmán do escultor Narciso Pérez.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[686] Expediente con ‘‘Proyecto de edificio con destino a cinematógrafo’’, 1943. Arquivo Municipal de Meis (AMM). 232/15.

Carmelo Vidal será pois o artífice do Cine Mosteiro, e o seu dono nos primeiros tempos[687].



Planos do proxecto para o cine de Mosteiro. Planta, alzado e sección lonxitudinal. AMM. 232/15

A inauguración do cine data do 9 de novembro de 1946, do cal temos rexistro polo anuncio o xoves 6 de novembro de 1947 en *El Pueblo Gallego,* da conmemoración o día 9 do aniversario de apertura do cine[688]. Para dita inauguración, a película escollida fora a

[687] *Registro de Teatros y Cinematógrafos. 1946-1961.* Administración Central Periférica Goberno Civil. AHPP. Libro 10.115.
[688] *EPG*, 6-11-1947, p. 2 (1).

superprodución bélica *Sueños de gloria* (A. Edward Sutherland, EUA, 1944), título moi axeitado para a ocasión polo xogo de palabras intuído coas intencións do negocio.

Na primeira década de vida deste cine, mentres estivo a cargo de Carmelo Vidal, había sesións os domingos e os días de feira en Mosteiro, que eran o 9 e 24 de cada mes[689]. Estas sesións alternaban co baile, que era moi habitual tamén aquí.

O cine tivo, especialmente nos anos 50, moita afluencia de público, e as películas que máis gustaban eran os musicais, tanto españois como mexicanos. As películas chegaban en tren á estación de Portas ou á de Portela, na liña de ferrocarril Vilagarcía-Pontevedra, e alí recollíanas (e devolvíanas) en bicicleta[690].

De que tiñan lugar outras actividades no cine, dan conta por exemplo escritos ao concello do 1954, onde se rexistrou a non proxección dos NO-DOS, por estar o cine dedicado a funcións teatrais[691], ou, xa noutros casos, por avaría da máquina do cine, que imposibilitou os pases[692].

No 1957 o cine é obxecto dunha sanción, unha multa de 3000 pesetas ‘‘por proyectar películas sin visado previo, en lo que es reincidente por tercera vez’’[693]. Esta multa acumularase con máis débedas dese mesmo ano (e de anteriores)[694] a tal punto que o mes de agosto Carmelo Vidal bote o peche do local, que permanecerá así entre o 1 de agosto de 1957 e o 31 de decembro de 1958[695]. O último filme proxectado foi, novamente cun título moi axeitado, *Murieron con las botas puestas* (Raoul Walsh, EUA, 1941)[696].

A inicios do 1959 o negocio será alugado polo dono do cine de Barrantes, Ramiro Pintos Piñeiro. A finais dese mesmo ano o seu xenro, Basilio Castro Sartages, procederá á compra do cine[697], e entre ambos explotarano ata o seu peche.

---

[689] Como exemplo diso, o mes de outubro de 1947 proxectáronse *Nobleza baturra* (Florián Rey, España, 1935) o día 9, e *El cura gaucho* (Lucas Demare, Arxentina, 1941) o día 24. *EPG*, 9-10-1947 p. 2 (1) e 24-10-1947 p. 2 (5).

[690] Testemuño de Salustiano ‘‘Tano’’ Vidal Cabanillas, fillo de Carmelo Vidal Fraga.

[691] O 25-7-1954 e 1-8-1954.‘‘Expediente de pagos pendientes Cine Mosteiro. 1962’’. AMM. 367/3.

[692] O 23-9-1954. Ídem.

[693] *EPG*, 7-2-1957, p. 10 (3).

[694] Como as 100 pesetas sinalada no listado de ‘‘Sanciones a empresas de cine’’, en *EPG*, 19-11-1953, p. 6 (1).

[695] Datos extraídos da certificación a ese respecto polo secretario do concello de Meis e da declaración xurada dos empregados do Cine Mosteiro, en ‘‘Expediente de pagos pendientes Cine Mosteiro. 1962’’. AMM. 367/3.

[696] Testemuño de Salustiano ‘‘Tano’’ Vidal...

[697] Basilio Castro Sartages aparecerá documentado como propietario do Cine Mosteiro dende o 10 de novembro de 1959. Información recollida no ‘‘Expediente para fijar cuota por atrasos a la empresa del Cine Mosteiro. 1964’’. AMM. 181/2.

Dende o inicio deste cambio de titularidade, o Cine Mosteiro empregouse tanto para cine coma para sala de baile. O seu amplo escenario prestábase moi ben para tal fin, ata tal punto que no local funcionaban mellor os bailes que as proxeccións de cine[698]. Con respecto aos días de exhibición/baile, manteranse, salvo excepcións, os marcados na etapa anterior.

Ao explotar a un tempo ambos cines, (Barrantes e Mosteiro), os seus empresarios sabían dos gustos de cada zona, pois, dentro dun baremo xeneralizado, había pequenas variacións:

> ‘‘En Mosteiro só querían películas de acción, mejicanadas…Había películas que podías proxectar en Barrantes, pero en Mosteiro non. A *La gran evasión*, como non ía funcionar e non ía entenderse, quiteille unha bovina enteira e ninguén se enterou. Ou por exemplo *La pantera rosa*, en Mosteiro non gustou nada de nada, era moi lenta, moi calada, con ‘moita cabeza’(sic). En cambio en Barrantes si gustou’’[699].

Un bo exemplo disto, aínda que sexa do momento anterior ao cambio de donos do cine, é a programación de Nadal de 1956[700]:

- 8 de decembro de 1956: *La moza de cántaro* (Florián Rey, España, 1954) con Paquita Rico.
- 13 decembro de 1956: *Vuelve Martín Corona* (Miguel Zacarías, México, 1952) con Sara Montiel.
- 21 decembro de 1956: *Necesito dinero* (Miguel Zacarías, México, 1951) con Sara Montiel.
- 23 decembro de 1956: *La legión del silencio* (José María Forqué, José Antonio Nieves Conde, España, 1956) con Jorge Mistral.
- 30 de decembro de 1956: *Pancho Villa vuelve* (Miguel Contreras Torres, México, 1950).
- 1 de xaneiro de 1957: *Suspiros de España* (Benito Perojo, España-Alemaña, 1939).

Ou outros filmes proxectados nos anos 50 e 60[701], como a Sofía Loren de *La ladrona, su padre y el taxista* (Alessandro Blasseti, Italia, 1954), o drama *Tormenta* (John Guillermin e Alfonso Acebal, GB-España-EUA, 1956) con Linda Christian, ou o thriller *Cara Cortada* (Phil Karlson, EUA, 1959).

[698] Neste cambio de etapa, ademais dos bailes, seguiron a darse de xeito esporádico outras actividades, como a entrega de Certificados de Estudios Primarios aos nenos do concello, algo habitual no inicio dos anos 60. *EPG*, 16-11-1960 p. 6 (5) e 1-4-1963 p. 1 (4).

[699] Testemuña oral de José Castro Pintos...

[700] Datos extraídos do ‘‘Expediente de pagos pendientes Cine Mosteiro. 1962’’. AMM. 367/3.

[701] Programas de man de filmes do Cine Mosteiro. APPLG.

Programa de man de *La ladrona, su padre y el taxista*,
coa publicidade escrita no reverso para envío á imprenta. APPLG

Ou tamén dan conta destes gustos os filmes programados no ano 1972 nesta sala de cine, entre os que destacan os seguintes xéneros[702]:

- **Melodramas mexicanos:** á cabeza do ranking, e para ter o pano de man a punto, con exemplos coma *Corona de lágrimas* (Alejandro Galindo, México, 1968), *María Isabel* (Federico Curiel, México, 1968), *Con quién andan nuestras hijas* (Emilio Gómez Muriel, México, 1956) o *El día de las madres* (Alfredo B. Crevenna, México, 1969).
- **Spaguetti western:** con, por exemplo, *Como lobos sedientos* (Romolo Gerrieri, Italia, 1967) ou *Un hombre vino a matar* (León Klimovsky, España, 1967).
- **Musicais:** como o *Proceso a una estrella* (Rafael J. Salvia, España, 1966) a ‘‘la más grande’’, Rocío Jurado, ou *Dos gemelas estupendas* (Miguel Morayta, México-España, 1968) con Pili e Mili.
- **Thriller:** *Todos los hermanos eran agentes* (Alberto De Martino, Italia, 1967), *La banda de los tres crisantemos* (Ignacio F. Iquino, España-Italia, 1970)…

Ou filmes máis difíciles de clasificar dentro do anterior, pero de innegable tirón para o público, caso de *Mujeres prehistóricas* (Michael Carreras, Reino Unido, 1967), delirantes aventuras fantásticas nunha prehistoria en bikini.

E exemplo tamén destes gustos era a selección que se facía entre as películas ofertadas polas distribuidoras. Estas publicitaban os seus filmes de diversos modos, e un deles era mediante uns folletos sobre os que os cines facían as súas escollas. No seguinte

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[702] Datos extraídos de ‘‘Cuentas del Cine Mosteiro. Películas Año 1972’’, co listado das películas proxectadas nese ano. AMR. 337/1.

despregable conservado entre os documentos do Cine Mosteiro[703] vemos como se priorizan claramente, á hora de facer a encarga á distribuidora, os filmes de aventuras e westerns, mentres obvian outros coma o *Senso* de Luchino Visconti (Italia, 1954) ou os *Fantasmas de Roma* de Marcello Mastroianni (Antonio Pietrangeli, Italia, 1961).

Folleto con selección de filmes do Cine Mosteiro, para facer o encargo a Rey Soria Films . AMR. 337/1

No 1978, Basilio Castro decide vender o cine. Isto ocorre pouco despois de que pechara o Cine Barrantes, rexentado tamén por el, polo que a partires de aí centrará o seu interese cinematográfico nunha nova sala, o Cine Espacio Azul do que xa falamos.

Respecto do Cine Mosteiro, os seus seguintes donos procederán a empregar as instalacións só para baile, e xa nunca máis para a explotación cinematográfica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[703] Expediente con publicidade enviada pola distribuidora Rey Soria Films ao Cine Mosteiro para a escolla de filmes, 1965-1971. AMR. 337/1.

2.7. VILANOVA DE AROUSA

Vilanova de Arousa, cun territorio que equilibra a súa parte costeira coa de interior, distribuídas nuns 35'84 km^2, é un concello coñecido polas súas praias, miradoiros, restos dun mosteiro beneditino do século VII e, especialmente, por ser a vila natal de Valle Inclán[704].

Respecto do cine, Vilanova de Arousa contou con tres salas de exhibición; unha primeira da que apenas contamos con datos, unha segunda na que o acceso a información sen ser moi extensa xa é maior, e unha terceira na que volve ser moi escasa.

2.7.1. SALÓN NOVEDADES (ANOS 20-30)

Deste salón, primeira sala estable en Vilanova de Arousa na que houbo proxeccións, hai moi poucos datos. Sen embargo, a limitada información da que dispomos é o suficientemente relevante para dedicarlle unha atención que exceda a súa mera mención e constatación de existencia.

Documentada nos anos 20 e 30 en prensa (de 1929 a 1934), máis non noutros medios estudados, sabemos que, canda menos a inicios da década dos 30, era propiedade de Dolores Vaamonde, pois así nolo indican artigos xornalísticos[705].

A primeira nova da existencia desta sala, da que temos constancia, é unha mención de *El Pueblo Gallego* o 8 de novembro de 1929, onde na sección ''Villanueva de Arosa'' anuncian que ''ha empezado la temporada de cine en el amplio 'Salón Novedades', proyectándose selectísimos programas''[706]. Polo relatado, entendemos que o salón levaba xa algún tempo funcionando, e limítase a continuar a súa actividade de cara á temporada cinematográfica da época do Nadal.

Este cine correspondería á tipoloxía da época dun salón que alberga distintos espectáculos de variedades, así como cinematógrafo. Esas outras actividades serían por exemplo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[704] Que naceu nesta vila o 28 de outubro de 1866.
[705] Como en *EPG*, 10-10-1933, p. 10 (1).
[706] *EPG*, 8-11-1929, p. 9 (1).

teatrais[707], musicais[708]... e moi posiblemente estas, xunto co sempre presente baile[709], tivesen máis peso no Salón que as proxeccións de cine.

Sobre estas proxeccións, sabemos que comezaron sendo de cine mudo, pois foi neste Salón onde fará entrada o cine sonoro no concello de Vilanova. O 10 de outubro de 1933, en *El Pueblo Gallego*, cóntannos como foi a inauguración, o sábado 7 de outubro dese mes, aportando detalles que inclúen a marca do aparato proxector e a empresa vendedora do mesmo:

> ‘‘Hacía mucho tiempo que en esta localidad se hacía necesario un cambio completo en el espectáculo del cine y pedían la implantación del cine hablado, pero doña Dolores Vaamonde, propietaria del Salón Novedades no se decidía hasta encontrar un equipo sonoro que compitiera con los de precios fabulosos y que fuera del gusto de este público. Por fin, el sábado, día 7 de octubre se ha inaugurado el equipo sonoro a banda marca ‘‘Marzarrefti’’, el cual ha merecido los plácemes de los técnicos y del público...
>
> Hay que felicitar a doña Dolores por haberse puesto con éxito en la corriente del día y a la casa vendedora Lérida Films en la persona de D. Daniel Prieto, por haber introducido en Galicia un equipo sonoro que responde a todas las exigencias de los públicos y que todas las empresas pueden adquirir por su limitado precio’’[710].

Sen embargo, este aparato marca Marzarrefti de seguido será substituído por outro, aínda que da mesma casa. O suceso é recollido desta vez polo *Faro de Vigo*, que o 10 de novembro enunciaba:

> ‘‘El día 29 ha tenido lugar en el ‘Salón Novedades’ la inauguración de un nuevo modelo de aparato ‘MARZARREFTI’ superior en sonoridad y proyección al que se instaló con anterioridad y que anunciamos en 7 de Octubre pasado. El anterior podía parangonarse con los de su género; éste ha sobrepujado todos los cálculos. Pudimos apreciarlo en el film que se exhibió ‘Cinópolis’ interpretado por la genial Imperio Argentina. El resultado fue admirable y así lo reconoció el público que colmaba el local. Anuncia la empresa una serie de estrenos para lo cual ha contratado estupendos programas de la Casa Fox’’[711].

---

[707] A compañía cómico-dramática de Palacios-Navarro coas obras ‘’Más allá del amor’’ e ‘’A campo traviesa’’. *EPG*, 13-2-1930, p. 9 (3).

[708] Como a zarzuela ‘’La noche de Reyes’’, representada por xoves da veciña Vilaxoán, nunha velada que incluíu recital de poesía. *EPG*, 6-4-1930, p. 12 (5).

[709] Por exemplo, o baile celebrado con motivo da entrega da cartilla naval aos mozos que marchaban para a mili (o coloquialmente coñecido como ‘’baile dos quintos’’). *EPG*, 31-12-1929, p. 11 (1).

[710] *EPG*, 10-10-1933, p. 10 (1).

[711] *FV*, 10-11-1933, p. 9 (2/3). Ademais da citada *Cinópolis* (José María Castellví e Francisco Elías, Francia, 1931), anuncian a próxima proxección de *Camino del infierno* (Richard Harlan, EUA, 1931).

A última nova que atopamos sobre este Salón corresponde ao ano 1934, anunciando a proxección para o domingo 23 de setembro, ás 17:30, 19:30 e 22:00 horas, da película *Alalá* (Adolf Trotz, España, 1934), ‘‘un film de ambiente gallego que condensa admirablemente las costumbres, leyendas y bellezas de Galicia’’[712].

Máis aló, os testemuños orais son confusos respecto deste cine e as fontes hemerográficas ou arquivísticas dilúense. Así pois, a falta de información que verifique a existencia deste cine despois deses anos, así como un esquecemento xeneralizado na memoria oral, e a falta de referencia a esta primeira experiencia á hora de botar a andar un segundo cine, fannos crer que foi unha experiencia de escasos anos (finais dos anos 20 e primeira metade dos anos 30), que sen embargo ten a súa especial importancia por supoñer a entrada do cine sonoro no concello.

2.7.2. CINE COLISEO (1943-1978)

Anos máis tarde, unha segunda sala de exhibición, agora sen o carácter tan plural do Salón Novedades, senón cunha dedicación marcada cara o cine, porase en pé. E lonxe de camiños máis ‘‘comúns’’ tomados por salas veciñas, non recorre ao nome da vila, senón que adoptará o lustroso nome de Cine Coliseo.

Os donos orixinarios deste cine, quen o puxeron en pé e explotaron nos seus primeiros anos, foron Juan e Antonio Pérez Lafuente. Estes irmáns eran propietarios dun negocio de conserveira e salga en Vilanova de Arousa, que expandiron con fábricas en Matosinhos e Ayamonte. Ante a boa marcha destas fábricas, a principios dos anos 40 ambos irmáns deciden entrar no negocio cinematográfico, e así pasarán a construír e xestionar salas de cine en Vilagarcía de Arousa, Monforte de Lemos, A Estrada e Vilanova de Arousa[713].

No caso de Vilanova, o cine abrirá as súas portas no 1943, mesmo ano no que estes irmáns inauguraron o Cine Arosa de Vilagarcía de Arousa, co cal compaxinarán a construción, apertura e xestión de ámbolos dous cines nos primeiros tempos de andaina destes.

Tras uns anos de explotación conxunta, no 1948 a sociedade Pérez Lafuente Hermanos (que englobaba aos dous irmáns), disólvese[714], e no reparto de bens será Juan quen quede co cine de Vilanova, seguindo adiante con el durante un período considerable. Co tempo haberá un novo cambio de donos, pasando das mans de Juan Pérez Lafuente ás de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[712] *FV*, 22-9-1934, p. 7 (2).
[713] Información extraída de ‘‘El Teatro Principal, corazón cultural de A Estrada’’, de Juan Pedro Pérez Pérez, Revista *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, número 12, 2009, p. 7-98.
[714] Ídem.

Gonzalo e Emilio Bóveda Pérez[715], parentes do primeiro, e que o explotarán ata o seu peche.

Este cine era un edificio grande e rechamante no centro do pobo, na rúa González Besada[716]. O seu aforo estaba en torno dos 250/300 espectadores e contaba con parte inferior de Butaca e superior de Platea. Nesta Platea, na parte frontal (máis preto da pantalla) había unhas butacas tapizadas ‘‘que no inicio foron para a ‘xente importante’[717], pero logo xa ía todo o mundo, salvo en ocasións especiais’’[718], unha dinámica que por outra banda compartía con outros cines da época.





Planos do Cine Coliseo. Alzado e planta. AMVN. 895/6

[715] Emilio Bóveda Pérez, futuro artífice dos Minicines Uve de Vilagarcía, inicia aquí a súa andaina no negocio cinematográfico.

[716] A pesares de non conservarse o edificio, temos información del grazas aos planos conservados no ‘‘Expediente de demolición de edifico de antiguo cine y dos casas unidas’’, 1988. Arquivo Municipal de Vilanova de Arousa (AMVN). 895/6.

[717] Por ‘‘xente importante’’ entendemos autoridades políticas, militares, eclesiásticas…

[718] Testemuño de Benito Leiro Conde, xornalista orixinario de Vilanova.

Os veciños de Vilanova lembran con moito cariño os ‘‘tempos do cine’’ (especialmente os anos 50 e 60). Vilanova era unha localidade pequena e sen ‘‘moito movemento’’, pero os días de cine (especialmente de películas ‘‘boas’’), viña xente das parroquias circundantes e o pobo enchíase de vida, ca rúa principal abarrotada cos espectadores que saían do cine ou os que esperaban para a seguinte sesión. Acudía xente de Caleiro, Corón, Tremoedo, András, Baión, San Miguel… e incluso Vilaxoán e Ponte Arnelas. Os que acudían en bicicleta, podían deixalas a carón da taberna contigua, onde cobraban 1 peseta por gardalas.

Exterior do Cine Coliseo nos ano 60. Arquivo persoal de Benito Leiro Conde (APBLC)

O cine foi así un dinamizador fundamental na vida da vila. Os fins de semana (había sesións sábados e domingos) facía que un fluxo de xente discorrese pola vila, e por tanto, polos seus negocios, o que era beneficioso para todos. E aínda que entre semana tamén chegou a haber sesións (cando era así, facíanse en martes, xoves e venres), era nesas fins de semana cando acudían as ‘‘multitudes’’[719] que se lembran.

Entre os filmes máis celebrados[720]: calquera protagonizado por Cantinflas (con especial cariño recórdase *El ascensorista*[721]), o Tarzán de Johnny Weissmüller, Yul Brynner… ou *Rebeca* (Alfred Hitchcock, EUA, 1940). Nos anos 60 e 70 uníronse exemplos patrios ‘‘de tirón’’ como Joselito e Marisol.

[719] Aínda que xa sabemos que o tema das cantidades é relativo. Para unha vila coma Vilanova, cun casco urbano escasamente poboado, estas xuntanzas de xente dos arredores nunha rúa principal que centralizaba os servizos, chamaban dende logo a atención.

[720] Testemuño de Benito Leiro...

[721] Película cuxo título real é *Sube y baja* (Miguel M. Delgado, México, 1959).

Tamén aquí, como noutros cines do Salnés, supuxo un fito en canto ao éxito conseguido, a estrea de *Ben-Hur* (William Wyler, EUA, 1959), aínda que neste cine non se recorrese a publicidades tan vistosas como a do Cine Arosa (Dena) cos seus xinetes.

Outras películas proxectadas: *Gloria Mairena* (Luis Lucía, España, 1952) con Juanita Reina, o 12 de setembro de 1954[722], ou as películas de Suevia Films *Arizona, prisión federal* (Delmerdaves, EUA, 1958) e *Monóculo negro* (Georges Lautner, Francia, 1961) en xuño de 1965, con motivo das ‘‘Bodas de plata’’ cinematográficas de Cesáreo González[723].

Sabemos que ao longo da súa vida tivo algúns paróns, sendo o máis rechamante pola súa duración, o que tivo lugar – con motivo dunhas obras de reforma – entre 1961 e 1963, e do que dá conta *El Pueblo Gallego* o 27 de setembro de 1963:

> ‘‘Después de una suspensión de las actividades del cine *Coliseo* de la Villa, que ha durado casi dos años, es inminente la reapertura de la sala. Celebramos que por fin los vilanovenses y las aldeas limítrofes vuelvan a contar con este medio de difusión cinematográfico, el cual, bien orientado, contribuye también a extender la cultura entre nuestras gentes’’[724].

Á veces había outras actividades, pero non era moi común. Aínda así, entre estas cóntanse obras teatrais da parroquia[725], actos sindicais[726], conferencias varias[727]… e sobre todo, festivais para recadar fondos para as festas patronais, coma é o caso do ano 1964, no cal celebrouse o 10 de setembro un festival con orquestras, conxuntos musicais[728], os humoristas Xan das Canicas e Xaquín, a coral de Vilanova e a proxección de *Un sabio en las nubes* (Robert Stevenson, EUA, 1961)[729], todos eles unidos cun mesmo fin.

Dos actos políticos, destaca a visita do Gobernador Civil da provincia (Rafael Fernández Martínez) o 1 de novembro de 1957[730]. Un acto de claro carácter falanxista, como se pode observar nas fotos conservadas (con imaxinería relixiosa e política tales coma o crucifixo,

[722] *EPG*, 12-09-1954, p. 11 (4).
[723] Folleto publicitario Semana da Convención de Suevia Films. 28-06-1965. APXAPS.
[724] *EPG*, 27-9-1963, p. 9 (1).
[725] *EPG*, 4-3-1935, p. 4 (3).
[726] Coma o celebrado en setembro de 1954, no cal fíxose entrega de 250.000 pesetas a anciáns subsidiarios do campo. *EPG*, 12-09-54, p. 10 (5-6).
[727] Por exemplo, a de carácter relixioso realizada o xoves 25 de febreiro de 1960 polo cura xesuíta Pedro Alagiagian, que falou ante un auditorio abarrotado sobre os dezasete anos que estivo preso na Unión Soviética. *EPG*, 28-02-1960, p. 12 (6).
[728] Os ‘‘Ibéricos’’ e ‘‘Relámpagos’’ de Vilagarcía de Arousa, e os ‘‘Vampiros’’ de Vigo. *EPG*, 13-9-1964, p. 13 (5).
[729] *EPG*, 7-9-1964, p. 5 (5).
[730] *EPG*, 2-11-1957, p. 8 (4).

bandeiras e retratos de Franco e Primo de Rivera[731]). Estas fotos serven así mesmo para ver o ‘‘galiñeiro’’ maila pantalla fronte da cal situáronse mesa e cadeiras para as intervencións.

Acto político pola visita do Gobernador Civil. 1957. Arquivo Personal de Antón Mascato García (APAMG)

Das actuacións, dos primeiros tempos (anos 40) é especialmente recordada a do actor e cantante Miguel Ligero[732], e entre os datos curiosos, está o de que neste cine chegou a celebrarse tamén unha voda, a de Manuel Lafuente González (parente dos propietarios), ou máis ben o seu banquete, para o cal desmontaron a zona das butacas[733].

Este cine pechará as súas portas no 1978[734]. Con posterioridade, houbo unha tentativa de erixir un novo cine (nun lugar diferente ao anterior), cun proxecto presentado ao concello o 10 de decembro de 1982, da man de Ricardo Nogueira Rey e firmado polo arquitecto Carlos Trabazo Piñeiro[735]. As obras autorízanse en xuño de 1983, pero por unha razón que descoñecemos, finalmente non foron levadas a acabo, polo que Vilanova non volveu contar cun local dedicado a cine.

Respecto do edificio do Coliseo, este ficou sen utilidade dende o seu peche, e finalmente no 1988 solicítase de xeito oficial no concello a súa demolición, xunto coa de dous edificios a carón[736]. Esta demolición terá lugar, co cal a día de hoxe non conservamos,

[731] Ambos retratos foron retirados do salón de plenos do concello e levados ao cine para tal evento, pousándoos sobre a pantalla. Datos proporcionados por Antón Mascato García (escritor, editor e investigador natural do Salnés), xunto ás imaxes que o testemuñan, procedentes do ‘‘Archivo del Movimiento’’ (Deputación de Pontevedra).

[732] ‘‘Como daquela non había conexión directa Vilagarcía-Vilanova, Miguel Ligero foi en tren a Vilagarcía, e alí foron uns primos a buscalo cun carrillo (con cabalo) e nel levárono a Vilanova’’. Testemuño de Álvaro Pérez Lafuente Bóveda, fillo de Antonio e sobriño de Juan Pérez Lafuente.

[733] Testemuño de Álvaro Pérez Lafuente...

[734] *FV*, 20-10-19. Edición dixital.

[735] ‘‘Expediente para construción de Cinematógrafo. 1982’’. AMVN. 799/11 e 1083/1.

[736] ‘‘Expediente de demolición de edifico de antiguo cine y dos casas unidas’’, 1988. AMVN. 895/6.

salvo en escasas fotos ou planos, rexistro de como foi ese edificio que tantas alegrías levou en tempos á vila.

2.7.3. IDEAL CINEMA BAYÓN (1947-INICIOS DOS ANOS 60)

A terceira e última sala de cine do concello de Vilanova estaba situada na parroquia de Baión, e conta cun carácter moi diferente respecto das dúas anteriores. Era un cine de natureza marcadamente rural, que non estaba emprazado no núcleo poboacional da parroquia (á súa vez moito menor que o de Vilanova), se non na estrada que levaba de Pontevedra a Vilagarcía.

O empresario que o levou a cabo foi Enrique Barreiro Iglesias, e baixo o nome de Ideal Cinema Bayón abriu o 7 de xuño de 1947[737], co filme *El fantasma de la ópera* (Arthur Lubin, EUA, 1945)[738].

Este foi un cine que dende o momento no que se concibiu, contou cunhas peculiaridades que o desmarcarán do concepto máis habitual doutros cines da época. O edificio, proxectado por Juan Argenti Navajas[739], era en realidade un espazo multifuncional de planta baixa que albergaba varios negocios (ademais da vivenda dos donos), diferentes pero á vez complementarios, todos eles explotados por Enrique Barreiro coa axuda da súa familia.

Á entrada do edificio, situábase unha taberna-ultramarinos a un lado, e unha panadería ao outro. Ao fondo, e tras destes espazos, abríase unha sala de grande tamaño onde tiñan lugar o baile máis as proxeccións de cine, nos fins de semana e festivos. Ao compartir espazo cine e baile, as butacas (de coiro, que conformaban fileiras) eran colocadas ou retiradas segundo a ocasión o demandase[740].

Todos estes negocios funcionaban conxuntamente e como reclamo mutuo, anque a actividade principal do negocio familiar (e polo tanto do edificio no que que todo se desenvolvía) eran o ultramarinos e a panadería. No referido ao cine e o baile, e anque

[737] Dato recollido na entrevista a Enrique Barreiro Places, fillo de Enrique Barreiro Iglesias, en *DP* 17-1-2012, edición dixital; así como no *Inventario y selección de salas cinematográficas* (Plan Nacional de Patrimonio Cultural del siglo XX), inventario elaborado polo Instituto del Patrimonio Cultural de España, p. 289. www.culturaydeporte.gob.es

[738] *DP*, 17-1-2012. Edición dixital.

[739] *Inventario y selección de salas cinematográficas*, p. 289. Juan Argenti fora xa con anterioridade o responsable dos proxectos do primeiro Cine Cervantes de Cambados, e da reforma do Cine-Teatro Cervantes de Vilagarcía de Arousa.

[740] ‘‘Era unha sala moi ampla, nas butacas cabían mínimo 100 espectadores...’’. Testemuño de Enrique e Serafín Barreiro Álvarez, netos de Enrique Barreiro Iglesias.

ambos gozaban de boa acollida, neste caso a prioridade tíñaa o cine, posto que era o único nas inmediacións, mentres que o baile contaba con competencia na propia parroquia[741].

A muller de Enrique Barreiro, Carmen Places, era quen despachaba os billetes para o cine e exercía de acomodadora no mesmo. O operador foi inicialmente o vilagarciano Ángel Landeira, pero Enrique Barreiro Places, fillo de Enrique e Carmen que lles axudaba no traballo dende ben pequeno, obtivo o carné de operador ao cumprir os 17 anos, e coincidindo cunha baixada de público (1958) pasou a exercer de operador ata o peche[742]. Era tamén el quen deseñaba os carteis que anunciaban as películas e que colocaban na taberna-ultramarinos, grazas ao cal non era preciso facer moita máis publicidade, xa que este era un punto neurálxico da zona[743].

Entre as películas lembradas de maior éxito: ‘‘as de romanos’’, como *Los diez mandamientos* (Cecil B. DeMille, EUA, 1956), *Rómulo y Remo* (Sergio Corbucci, Italia-Francia, 1961)... e as comedias, ou o cine español (como as películas protagonizadas por Fernando Fernán Gómez).

Outras lembranzas; a censura exercida polo cura de Baión, que obrigaba a cortar os filmes cando se vía ‘‘...carne máis arriba dos tobillos das mulleres’’[744].

O Ideal Cinema Bayón abriu pouco despois do Coliseo de Vilanova, nunha época (anos 40) na que tantos cines abriron na comarca. Sen embargo, non podía —nin pretendía— competir co Coliseo, tratándose dun cine moi modesto cuxo obxectivo era dar servizo aos veciños máis próximos e dinamizar a vida da parroquia e arredores. Precisamente por isto, e da man da evolución da vida na zona, cara finais dos anos 50 e especialmente coa entrada da nova década, a afluencia ás sesións cinematográficas foi baixando paulatina e inexorablemente. Este cine (que non os outros negocios parellos a el no edificio, que seguiron a gozar de ‘‘boa saúde’’) ‘‘morreu’’ pouco a pouco nos primeiros anos da década dos 60 ao non poder competir cos cines máis próximos (máis grandes e con programación máis actualizada), cando os habitantes da parroquia de Baión e anexas comezaron a ter máis facilidades para o desprazamento.

[741] Testemuño de Enrique e Serafín Barreiro...

[742] *DP*, 17-1-2012. Edición dixital.

[743] Por isto mesmo —ademais de polo carácter ‘‘plural’’ do negocio— as novas en prensa, programas de man etc con respecto a este cine son practicamente inexistentes, de aí que teñamos que botar man principalmente da memoria oral.

[744] Testemuño de Enrique e Serafín Barreiro...

2.8. A ILLA DE AROUSA

A Illa de Arousa conta cunha peculiaridade propia dentro da Comarca do Salnés, que consiste, evidentemente, no feito de ser unha illa. Esta circunstancia marcou de xeito diferencial unha serie de características xeográficas, sociais, e incluso de ‘‘carácter’’ dos seus habitantes. Por elo merece a pena pararse un pouco máis nunha introdución histórica, antes de pasar a falar do eido cinematográfico.

Cunha extensión de 7 km^2 e situada fronte á costa de Vilanova de Arousa, ‘‘A Illa’’, ‘‘A Isla’’ ou ‘‘A Arousa’’, como se coñece coloquialmente na zona, estivo habitada dende moi pronto, do que dan fe restos históricos coma un cemiterio prerromano, ou unha vila romana, con escavacións arqueolóxicas en curso na actualidade.

Secularmente pertenceu a outros concellos das Rías Baixas, primeiramente a Cambados, para pasar despois (mediado o século XIX) a integrarse no de Vilanova de Arousa, onde permaneceu, cun episodio intermedio en Vilagarcía de Arousa, máis dun século. A loita pola súa independencia, sempre moi arraigada no forte carácter dos isleños[745], levou a que no 1996, despois dun proceso que durou anos, conseguisen conformar un concello propio. O da Illa de Arousa é polo tanto o municipio máis novo de Galicia, así coma o único con condición insular.

Por outra banda, o da Illa é un pobo tradicionalmente mariñeiro dedicado á pesca e ao marisqueo, e máis tarde á industria conserveira, que se desenvolveu no século XIX e que a principios do século XX, con tódalas fábricas instaladas e desenrolando a súa labor no lugar, entra nun auxe que abranguerá as primeiras décadas do século, e que dará un novo pulo á economía do lugar situándoo coma un importante centro conserveiro a nivel nacional.

Outros feitos salientables, na época que a nós nos interesa, son a chegada da electricidade (coas primeiras tentativas en 1934) ou a construción da ponte de unión coa península, que cos seus case 2 kms de lonxitude é a máis longa de Galicia e unha das máis longas de España, e que foi finalizada en 1985[746], sendo ata ese momento o transporte en barco o medio polo cal se podía acceder a ela.

[745] E que conta inclusive cun famoso episodio de proclamación do ‘‘Estado da Illa de Arousa dentro da República Federal Española’’ no 1934, rapidamente sufocado polas autoridades.

[746] A inauguración oficial da ponte data do 14 de setembro de 1985. *LVG*, 8-9-1985, p. 25 (1-2).

O CINE NA ILLA DE AROUSA

As lembranzas dos veciños desta illa, sitúan as primeiras proxeccións públicas de cine (falamos de cine mudo na súa condición de itinerante) na fábrica de Rial, edificio que era unha grande nave situada no centro da vila, e a onde os veciños levaban as cadeiras das súas casas para asistir ás proxeccións.

Estas proxeccións tiveron lugar con anterioridade aos anos 30, e pouca información máis hai ao respecto, salvo que o proxeccionista era o fareiro da Illa, por ser o único ‘‘técnico’’ cualificado por alí, ou que cando unha película era un pouco ‘‘importante’’, as señoritas de Goday facían acompañamento ao piano[747].

Estas lembranzas entroncan coas da existencia, da que si temos constancia documental, do Teatro González Borrás, un edificio de grande tamaño que en realidade era un ‘‘atador’’[748], no cal aproveitábase o seu amplo espazo interior para a celebración de bailes, e para a proxección ocasional de filmes[749]. O empresario e dono deste teatro era Andrés González, e o encargado das proxeccións era ‘‘Borrás’’, o seu xenro, un mallorquino que casou na Illa de Arousa e que por aquel entón era o fareiro da mesma (e polo tanto, o amentado encargado das proxeccións na fábrica de Rial).

A memoria oral sitúa este teatro a finais dos anos 20 e, cando menos, na primeira metade dos anos 30. O primeiro dato documental das súas proxeccións é un programa de man do 1933[750], pero o que máis nos importa con respecto deste teatro, son as novas sobre o cine sonoro.

O 27 de decembro de 1934, unha nova do *Faro de Vigo* rexistra o seguinte feito:

> ‘‘Hurtan un amplificador de cine. El Industrial de la Isla de Arosa don Andrés González, denunció a la Guardia civil del puesto de esta ciudad, que en la noche del domingo al lunes último, le habían hurtado del teatro González Borrás, del cual es propietario en aquella isla, un amplificador del aparato de cine sonoro, que valora en 1.500 pesetas’’[751].

[747] As coñecidas como ‘‘Señoritas Goday’’ eras mulleres pertencentes á familia Goday, dona da primeira fábrica de salazón e conservas da Illa de Arousa, e vinculada tamén á chegada e explotación da electricidade. Eran pois mulleres cunha educación máis ‘‘refinada’’, que incluía unha formación musical na cal figuraba o manexo do piano.

[748] Construción na cal se ‘‘ataban’’ (reparaban) e gardaban as redes de pesca, lugar de gran importancia para a vila dado a súa economía principalmente mariñeira.

[749] Testemuño de Juan Otero ‘‘Genito’’, escritor e estudoso da historia local da Illa de Arousa.

[750] Do filme *El hombre que se reía del amor* (Benito Perojo, España, 1933). Arquivo persoal de Juan Otero ‘‘Genito’’ (APJO).

[751] *FV*, 27-12-1934, recorte de prensa sen paxinar (APJO). A nova tamén foi recollida en *EPG*, 28-12-1934, p. 12 (2).

Por este delito foi detido un veciño de Vilanova que procedeu a devolver o amplificador subtraído. De se foi neste teatro onde se fixeron as primeiras proxeccións en cine sonoro xorden dúbidas, mais é posible que non, como veremos a continuación ao tratar a primeira sala de cine xurdida para tal fin.

2.8.1. CINE CAPITOL (1933-1987)

A primeira sala de cine estable na Illa de Arousa foi o chamado Cine Capitol, aposta persoal de Manuel Suárez Cores por introducir (de xeito regular) e afianzar este medio de ocio na Illa. Manuel Suárez emigrara a Estados Unidos nos anos 20, e a finais desa década e con 35.000 pesetas aforradas volta á súa vila de orixe, onde, movido pola gran afección ao cine que había na Illa e polas posibilidades que lle vira ao negocio na súa estancia nos EUA, montará o Cine Capitol, que inaugurará no 1933[752].

Do edificio do cine, situado no centro da vila (rúa do Charco s/n), dicían que era do ‘‘mellor da época, con butacas que nin en Vilagarcía’’[753] e erixiuse nunha poboación que por aquel entón andaba polos 4.000 habitantes, números acadados tralo impulso demográfico que dende finais do século XIX supuxeron as melloras na alimentación e no control de enfermidades (feito moi relacionado á súa vez co establecemento nese século das fábricas conserveiras), e que permitiron o avance dos 1.000 habitantes da segunda metade do XIX, aos 4.000 dos anos 30 do século XX.

Fachada orixinaria do Cine Capitol.
Arquivo persoal de Xoán Dopico Orjales (APXDO)

O Cine Capitol inaugurouse proxectando cine silente, pero non tardará en introducir as proxeccións sonoras. O domingo 14 de outubro de 1934 en *El Pueblo Gallego*[754], aparece un anuncio de ‘‘Cines Sonoros Ferm’’, onde esta empresa daba un listado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[752] Testemuño de Juan Suárez Ínsua ‘‘Juansuco’’, fillo de Manuel Suárez Cores, e información recollida de ‘‘Los cines que hicieron soñar a A Illa’’. *LVG*, 11-12-2011. Edición dixital.
[753] Testemuño de Xoan Dopico Orjales, historiador e veciño da Illa de Arousa.
[754] *EPG*, 14-10-1934, p. 2 (4-6).

dos cines cos seus equipos sonoros instalados e funcionando en Galicia nesa data. Entre eles estaba ‘‘Isla de Arosa – Hermanos Suárez’’, en referencia ao Cine Capitol de Manuel Suárez[755].

Seguindo estas novas, non teriamos a seguridade de se o cine sonoro entrou na Illa de Arousa a través do Cine Capitol, ou do Teatro González Borrás, pois a finais de 1934 ambos proxectaban neste medio.

Algo de luz sobre este tema pode aportar un artigo do diario madrileño *La Estampa*, datado do 9 de marzo de 1935, que recolle a experiencia do xornalista Lorenzo Carriba[756]. Este xornalista pasou unha xornada na Illa de Arousa e, entre diferentes apuntes sobre a vida na illa e curiosidades varias ou entrevistas a xentes do lugar, rexistra a chegada da luz eléctrica pouco tempo antes (cunha central eléctrica montada por dous mozos alemáns, os irmáns Willisch)[757] o que a súa vez facilitou un novo evento que presenciará a tarde da súa chegada; a inauguración do cinematógrafo sonoro, o cal recollía, anécdota incluída:

> ‘‘La tarde que pasé en la isla se inauguraba el tercer cinematógrafo, éste sonoro, pomposamente denominado Capitol. Mientras el cine sonoro funcionaba, las luces de las casas tenían que estar apagadas; pero se prestaban contentos al sacrificio’’[758].

Certo que o artigo foi publicado en marzo de 1935, pero se nos guiamos polo dato respecto da luz eléctrica na Illa, para a cal as primeiras tentativas e experiencias datan do 1934[759], e a clara referencia ao recente inaugurado cine sonoro no Capitol como un evento de grande relevancia, a carón doutros dous cinematógrafos que proxectaban só en cine mudo

---

[755] Por outra banda, no Capitol non tardaron en mudar este equipamento sonoro Ferm, e en febreiro de 1935, nun anuncio publicitario do *Faro de Vigo* de ‘‘Máquinas de proyección y equipos sonoros Zeiss-Ikon Luxophone’’, a propia casa sinalaba os cines que lle adquiriran un destes equipos no mes de xaneiro: o Capitol da Illa de Arousa, o Cesures de Puentecesures e o Nuevo Salón de Arcade. *FV*, 7-2-1935, p. 8 (4-5).

[756] ‘‘En la Isla de Arosa’’, artigo en *La Estampa*,nº 31. Madrid, 9-3-1935, sen paxinar (consta de 5 páxinas).

[757] Erwin Friedrich Willish Petrusch, alcumado ‘‘O Alemán’’, era un cidadán orixinario dese país que, estando embarcado, recalou na Illa a principios dos anos 30. Vendo as posibilidades que nela había chamou aos seus irmáns, que eran mecánicos. O seu proxecto foi aprobado polo Goberno, e mentres durou a República permaneceu a distribución de electricidade toda a noite. Co estalido da Guerra Civil en xullo do 1936, e coa restrición de gasóleo derivada deste feito, o subministro escaseaba. Aínda así funcionou, pero case exclusivamente para as fábricas e uns poucos veciños privilexiados (era un alternador con corrente de 15 Kw a 230 voltios). A empresa, ‘‘Eléctrica Isla de Arosa’’, instalouse nunha nave e foi dirixida dende os seus comezos por Erwin Willish, que no 1938 deuna de alta en Industria e continuou coa súa explotación durante as décadas posteriores. Datos extraídos de *Historia de A Illa de Arousa*, Xoán Dopico Orjales e Xosé Lois Vila Fariña, p. 182.

[758] ‘‘En la Isla de Arosa’’, artigo en *La Estampa*...

[759] *Historia de A Illa de Arousa*, p. 182.

por aquel entón na Illa, chegamos á conclusión de que este artigo pode recoller unha viaxe realizada en 1934. E polo tanto, a chegada do cine sonoro tería lugar co Capitol.

Respecto dos dous cinematógrafos mudos aos que fai referencia o artigo, entendemos que serían o Teatro Gonzáles Borrás, onde polo tanto aínda non se introducira o novo medio, e no outro caso, decantámonos por crer que se trataría de proxeccións itinerantes, unhas proxeccións que ás veces establecíanse por certo tempo, e que neste caso permitiulles coincidir co gran evento que foi o paso do mudo ao sonoro na sala da Illa.

O artigo de *La Estampa* tamén nos permite coñecer que, se damos por válido que relata un feito do 1934, o primeiro filme sonoro proxectado na Illa foi *El desfile del amor* (EUA, 1929), unha comedia musical de Ernst Lubitsch protagonizada por Maurice Chevalier, sobre a cal sinalaba a emoción que supuxo para os habitantes da illa, así coma os suspiros das veciñas polo protagonista.

As proxeccións neste cine foron continuadas ao longo dos anos, salvo na época da Guerra Civil (1936-1939), na cal houbo un momento en que o edificio do cine foi ‘‘requisado’’, segundo din, por ser o dono dunha familia ‘‘socialista’’, e empregado como Cuartel das Milicias Cívicas da Falange, aínda que non por demasiado tempo. Así mesmo, tralo remate da Guerra, o local foi clausurado, precisamente porque os seus donos non eran partidarios da Falanxe e do novo réxime franquista. Permanecerá pechado ata o 1956, ano no que abriu novamente as súas portas. O filme escollido para tal fin foi *Los inconquistables* (Cecil B. De Mille, EUA, 1947)[760], aventuras e loita contra a escravitude da man de Gary Cooper e Paulette Goddard. Se foi casualidade a elección deste título non o sabemos, pero non deixa de ter unha posible lectura entre liñas tendo en conta o motivo do peche.

Sobre as películas proxectadas nesta época, temos constancia, por exemplo[761], de *Esmeralda, la zíngara* (William Dieterle, EUA, 1939), con Charles Laughton e Maureen O’Hara, *El hijo de la furia* (John Cromwell, EUA, 1942) con Tyrone Power e Gene Tierney, ou *Cumbres borrascosas* (William Wyler, EUA, 1939) con Laurence Olivier e Merle Overon. Con esta última anunciaban ademais a estrea de ‘‘su equipo electrógeno (Luz perfecta)’’[762].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[760] *FV,* 20-3-1999, p. 9 (3-4).
[761] Programas de man de filmes proxectados no Cine Capitol. APXDO.
[762] Ídem.



Programas de man de *Esmeralda, la zíngara* e *Cumbres borrascosas*. APXDO.

E ao lado dos filmes, e xa dende os inicios deste cine, outras actividades non estritamente cinematográficas como teatro, música... e incluso deportes. Así aparece documentada, por exemplo, o sábado 21 de setembro do 1935 unha velada de boxeo[763] entre boxeadores amateurs vilagarciáns que ían participar no Campionato de Galicia que se celebraría en datas próximas. A velada, que estaba marcada para as 22:30 horas, seica xerou moita expectación, e para que ninguén perdese o espectáculo anunciaban a saída de varias motoras dende as 20:00 horas para facer a viaxe ata a Illa ‘‘a precios popularísimos’’[764].

Nos anos 70 Manuel Suárez alugará o cine a Zoilo Figueiras Allo, para que este leve a explotación do local. Isto non será non obstante/porén por moito tempo, pois no 1977 o edificio sufre un incendio, que leva a outro pequeno parón na actividade[765]. Sobre o incendio, non faltaron as lerias irónicas dos veciños, que comentaban que ‘‘tiña que arder, con todas estas películas do destape que nos traen agora…’’[766].

A reconstrución non foi fácil, e levouna a cabo o fillo de Manuel Suárez, Juan Suárez Ínsua, coñecido coma ‘‘Juansuco’’.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[763] *EPG*, 21-09-1935, p. 12 (5).
[764] Ídem.
[765] Testemuño de Juan Suárez Ínsua ‘‘Juansuco’’.
[766] Testemuño de Xoan Dopico…

Aínda que xa o viña tentando dende pouco despois do incendio, a solicitude oficial da licenza municipal para realizar obras de cine por parte de Juan Suárez Ínsua, a quen acompañan na petición Alfredo Suárez Ínsua e Manuel Fernández Fariña, data do 22 de maio de 1979[767]. A solicitude é para un edificio de planta baixa e unha planta, e o arquitecto será Carlos Trabazo Piñeiro. Os planos presentados xunto coa solicitude[768], dan unha idea de como será o novo edificio do cine: contaría con dous pisos, inferior con vestíbulo, despacho de billetes e sala con butacas, e o superior cos aseos, sala de manipulación de cintas, enfermería e cabina de proxección. O número de localidades (carecendo de anfiteatro) estaba marcado en 306 espectadores, aínda que testemuños dan conta de que na construción final a capacidade será de 324[769].



Planos do proxecto de reconstrución do Cine Capitol.
Sección lonxitudinal, alzado e planta de butacas. 1979. AMVN

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[767] Expediente con trámites para ‘‘Concesión de Licencia Municipal para Cine’’. AMVN. 758/5.

[768] ‘‘Proyecto básico y ejecución de cine en C/ Charco Isla de Arosa’’. AMVN. 1075/4.

[769] ‘‘Coa obra o cine pasou a ter 324 butacas, máis que no cine anterior. Ampliouse o edificio cara o solar do lado, que tamén era noso. As butacas e o proxector, que era Ossa, compráronse a un cine de Vigo que acababa de pechar’’. Testemuño de Juan Suárez Ínsua ‘‘Juansuco’’.

Por outra banda, o permiso aínda tardará uns meses en tramitarse, pois entre medias a actividade cualificarase como molesta por ‘‘posibles ruídos’’[770] e pídense medidas correctoras para o illamento acústico. Tras emendar o feito, o permiso será concedido o 17 de outubro de 1979, e as obras correrán con celeridade, pois o Cine Capitol reinaugurouse o 10 de maio de 1980 co filme *Superman* (Richard Donner, G.B, 1978)[771]. Apenas dez días despois desta reapertura morre o seu fundador, Manuel Suárez. Será ‘‘Juansuco’’, quen quede á fronte do negocio ata o peche do cine.

A pesares de que a inicios dos 80 o cine funcionou ben[772], tanto nas proxeccións coma noutras actividades (concertos, reunións, teatro, mitins[773], bailes de Entroido…), pronto o negocio comezou a decaer. Entre as razóns, a inauguración da ponte de unión co continente en 1985, que permitiu un acceso máis fácil a un ocio no ‘‘exterior’’ da Illa, pero sobre todo, a chegada e difusión dos videoclubs e o tremendo éxito que neses anos tiveron.

Con posterioridade ao seu peche, datado no 1987[774], as instalacións foron alugadas polo concello de Vilanova de Arousa[775], que as empregaría a modo de centro cultural, para actividades esporádicas como mitins[776], teatro[777] ou concertos. E como feito de importancia, é de salientar que será na sala do antigo cine onde terá lugar, o 30 de decembro de 1996, unha sesión pública especial constitutiva da Comisión Xestora da Illa de Arousa, é dicir, o acto de constitución do concello da Illa de Arousa, que comezaría a súa vida o 1 de xaneiro de 1997[778].

2.8.2. CINE AROSA (1943?-1951)

Tralo peche do Capitol ao remate da Guerra Civil, a Illa quedará sen sala de cine ata que a inicios dos anos 40, Albino Otero Otero, empresario local que se dedicaba ao negocio da leña, decida empregar un antigo almacén de leña – unha nave co tamaño e situación

[770] ‘‘Expediente por actividad molesta’’, incluído en ‘‘Expediente de Concesión de Licencia Municipal para Cine’’. AMVN. 1075/4

[771] Declaracións de Juan Suárez en ‘‘Los cines que hicieron soñar a A Illa’’ (*LVG*, 11-12-2011. Edición dixital), onde tamén relata que para ese filme a entrada custou 125 ptas, mentres que na inauguración do 1933, as entradas estaban a 75 céntimos.

[772] Sobre todo coas ‘‘películas do destape, ás que viñan todo homes, era ‘palear’ os cartos que entraban’’. Testemuño de Juan Suárez Ínsua ‘‘Juansuco’’.

[773] Entre os que destaca por exemplo o de Alfonso Guerra. *LVG*, 20-11-1985, edición Arousa, p. 33 (1-4).

[774] *FV*, 20-3-1999, p. 9 (4).

[775] Ao cal pertencía nese momento a Illa de Arousa.

[776] *LVG*, 14-10-1989, edición Arousa, p. 32 (1).

[777] *LVG*, 4-5-1990, edición Arousa, p. 30 (2-4).

[778] *LVG,* 31-12-1996, edición Arousa, p. 1 (1-3); *FV,* 20-3-1999, p. 9 (3-4).

ideais – para reformalo e, asociándose co industrial da zona Manuel Santos Romay, convertelo no que será o Cine Arosa[779].

Aínda que non temos coñecemento do ano exacto de apertura, si sabemos que no 1943 estaba xa totalmente operativo, como amosa un programa anunciante para o sábado 11 de setembro, do ‘‘grandioso estreno en español’’ de *El primer amor* (Henry Koster, EUA, 1939), con prezos de 5 pesetas en platea, e 4 pesetas en patio[780].

Un ano máis tarde, no 1944, atoparemos outros programas anunciando, non só proxeccións cinematográficas, senón esas actividades alternativas no local que tanto éxito tiveron, caso do ‘‘Espectáculo de Variedades modernas del popularísimo actor cómico gallego y gran actor cinematográfico Xan das Bolas’’[781]. Xan das Bolas viña nesta ocasión acompañado de cantantes, bailaríns, humoristas e acróbatas, cos cales realizou o seu espectáculo de variedades en tres sesións desa fin de semana (noite do sábado, e tarde e noite do domingo).

Aínda que non contamos con moitos máis datos sobre este cine, si sabemos que tivo éxito e grande afluencia de público nos anos nos que permaneceu aberto, dando un novo pulo ao entretemento da vila cos seus filmes[782], espectáculos de variedades, e os bailes que tamén albergaba en ocasións.

Programas anunciantes do espectáculo de Xan das Bolas, e do filme *El clavo*. APXDO

[779] Quen figurará nos rexistros como propietario do cine será Albino Otero Otero. *Registro de Teatros y Cinematógrafos. 1946-1961.* Administración Central Periférica Goberno Civil. AHPP. Libro 10.115.

[780] Programa anunciante para o 11-9-1943. Reprodución en *Papel de estraza,* de Fernando Salgado e Juan Otero, editado polo concello da Illa de Arousa, 2021, p. 176.

[781] Programa anunciante, 25-11-1944. APXDO.

[782] Entre eles, por exemplo, *El clavo* (Rafael Gil, España, 1944), drama romántico con Amparo Rivelles. Programa de man APXDO.

A súa vida non foi moi extensa, e así, aínda que temos constancia de que en marzo de 1951 seguía operativo e con ‘‘boa saúde’’, pois en *El Pueblo Gallego* referíanse a el coma ‘‘un magnífico cine bien situado, con toda clase de comodidades y donde se proyectan magníficas películas… y es punto de cita de casi todas las familias isleñas’’[783], Manuel Santos Romay emigra a Nova Iorque en maio dese mesmo ano[784]. Albino Otero queda á fronte do negocio e, cara finais de 1951, decide venderllo a Manuel Cores Suárez, que no mesmo local, e tras unhas obras de axeitamento, abrirá un novo cine.

2.8.3. CINE ROXY (1953-1978)

Manuel Cores Suárez fíxose pois co negocio, e xunto a Antonio Crespo Otero[785], en xaneiro de 1953 volve a abrir o que fora o Cine Arosa, pero agora baixo o nome de Cine Roxy. Sen ter coñecemento da data concreta de apertura, si sabemos que foi no mes de xaneiro, pois *El Pueblo Gallego* dá conta, o día 21 de dito mes, dunha viaxe dun empresario do lugar ‘‘después de asistir a la inauguración del Cine Roxy’’[786] en días anteriores.

Deste cine, xunto co anterior, é do que contamos con menor información, aínda que si sabemos que proxectou en Cinemascope[787], e restan del anécdotas coma o afundimento do ‘‘galiñeiro’’ namentres se representaba a obra teatral de ‘‘O Meco’’, alimentando a lenda, estendida pola comarca do Salnés, de que sempre que se representaba esa obra había algunha desgraza[788].

Malia o que poida parecer (poboación máis reducida, comunicacións máis ‘‘complicadas’’ coas distribuidoras por mor da localización xeográfica e o seu correspondente acceso…), o Cine Roxy —e o que o sucedeu— xunto ao Capitol, demostran que a existencia de dous cines neste territorio foi viable, e incluso moi rendible, grazas ao éxito que este entretemento tiña entre os habitantes da Illa.

---

[783] *EPG*, 25-3-1951, p. 2 (4).

[784] *EPG*, 23-5-1951, p. 2 (3).

[785] Antonio Crespo Otero é quen aparece rexistrado como propietario en 1953 no *Registro de Teatros y Cinematógrafos. 1946-1961* (Administración Central Periférica Goberno Civil. AH PP. Libro 10.115). Non sabemos o momento concreto no que o cine pasa ás mans únicas de Manuel Cores, pero é moi posible que Antonio Crespo non estivese moito tempo no negocio, pois toda referencia atopada con posterioridade á década dos 50, fai referencia tan só ao antedito Manuel Cores.

[786] *EPG*, 21-1-1953, p. 6 (4).

[787] ‘‘La dinámica empresa del Cine Roxy, en su afán de dar satisfacción al numeroso público… así como ponerse a la altura de los adelantos modernos de la cinematografía, proximamente inaugurará la pantalla ‘panorámica’ en su magnífico local’’. *EPG*, 26-2-1955, p. 7 (6).

[788] A obra referida é ‘‘O señor feudal ou quen matou ao meco’’, de Francisco Franco Calvete. Esta obra foi representada por actores do Grove, que viñeron á Illa con tal fin. Testemuño de Xoan Dopico…

Concretamente, o Roxy abranguerá case na súa totalidade os anos 50 e 60, as décadas de maior auxe dos cines na Illa de Arousa, nos cales as opcións de ocio máis populares (ademais de case as únicas) foron o cine e os bailes.

Hai lembranzas de que, por exemplo, nas festas de San Julián (7 de xaneiro), na época en que o Roxy e o Capitol conviviron, para facerse ‘‘a competencia’’ ambos proxectaban cine infantil pola tarde, e pola noite sacaban as butacas e facían baile. E a ningún dos dous lle faltaba asistencia[789].

Este cine non chegará ás tres décadas de vida, e a finais dos anos 70 sabemos que xa non estaba en funcionamento. A noite do 9 ao 10 de xullo de 1978, xa co cine recentemente inoperativo, un incendio arrasa co edificio[790]. O 19 de xullo declárase en estado de ruína e vese preciso proceder á demolición dos restos para evitar riscos de derrubamento. Por elo requírese ao propietario, Manuel Cores Suárez, que proceda á demolición[791].

Manuel Cores alugarallo entón (ou venderallo, non temos a seguridade) a Zoilo Figueiras Allo, que xa viña dunha experiencia previa de explotación do cine Capitol, e que é quen levará a cabo a reconstrución e nova apertura do cine, retomando o antigo nome de Cine Arosa.

Namentres, e ata a nova apertura do Capitol (que tamén estaba a reconstruírse tras do seu incendio de 1977 e que, como vimos, reabrirase en maio de 1980) e a deste novo Cine Arosa, a Illa quedará ao longo de case dous anos, sen cine.

2.8.4. CINE AROSA (1980-1986?)

O 20 de outubro de 1978 comezan as dilixencias para a reapertura dun novo cinematógrafo, sito na calle General Franco, coas instancias para a reconstrución dunha sala de cine por parte de Zoilo Figueiras Allo[792]. Esta reconstrución motiva a demolición do anterior edificio (Roxy) e un novo proxecto para a edificación que o substitúa, con planos do Estudio de arquitectura M. Jaureguizar.

[789] Testemuño de Xoan Dopico...

[790] *LVG*, 11-7-1978, p. 22 (1/2).

[791] ‘‘Expediente de demolición de edificio en el que se ubicaba el cine Roxy de la Isla de Arosa. 1978’’. AMVN. 1073/2.

[792] Expediente con ‘‘Solicitude de apertura Cinematógrafo. 1978’’ e ‘‘Proyecto de ejecución de edifico para cine. 1978’’.AMVN. 1073/2.

Entremedias, as reclamacións habituais para que reúna as condicións de seguridade óptimas, e queixas dalgún veciño por posibles ruídos. Malia todo, a actividade finalmente cualificarase de favorable o 6 de novembro de 1979, comezando de seguido as obras[793].

O solar no que se situará este novo Cine Arosa ten unha superficie de 233,80 m^2. O proxecto presentado amosa que o edificio contará con planta baixa, entreplanta e anfiteatro. A estrutura é a habitual nestes casos: planta baixa con despacho de billetes, vestíbulo e patio de butacas inclinado; unha entreplanta con aseos, bar e almacén; e un anfiteatro graduado coa cabina de proxección e máis localidades.

Os pavimentos serán de mármore, de moqueta na sala, e os teitos forraranse con escaiola colgada. Reflíctese ademais que o tamaño da pantalla será de 8,60 x 15 metros, en proporción 1:4, e a capacidade do local márcase en 442 espectadores. Máis cabida, polo tanto, que no Cine Capitol.



Planos do proxecto para o novo Cine Arosa. Planta baixa e primeira planta. 1978. AMVN. 1073/2

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[793] En realidade, estas obras xa comezaran con anterioridade a ter o permiso final; en xullo de 1979 constátase que, cando menos, estaba construído xa o armazón do perímetro do edificio. Ídem.





Planos do proxecto para o novo Cine Arosa.
Sección transversal e alzado. 1978. AMVN. 1073/2

Estando xa construído o edificio, farase unha solicitude adicional, con data do 16 de maio de 1980 para ‘‘reparación y adecentamiento’’, ou máis concretamente, ‘‘reforma de estructura en sala de proyecciones sita en Isla de Arosa’’[794]. A reforma consistía principalmente na substitución dunha pilastra que exercía como soporte da estrutura do anfiteatro. Quizais estaba aínda no recordo o afundimento do ‘‘galiñeiro’’ do Roxy… Así mesmo, e aproveitando ditas obras, procederase á substitución das butacas por outras novas, xunto a labores de pintado de paredes e pisos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Todas estas obras pronto quedarán finalizadas, polo que nese mesmo ano 1980, o novo Cine Arosa abrirá as súas portas.

[794] ‘‘Solicitud de Licencia Municipal para reforma de estructura. 1980’’. AMVN. Caixa sen inventariar.

Non obstante, a súa vida, ao igual que a do antigo Cine Arosa, non será moi lonxeva, non chegando neste caso á década. Pola contra, con apenas uns anos de percorrido, pronto se dan de conta de que xa quedaran atrás os tempos nos que a Illa podía dar cabida a dous cines e que este feito lles fose rendible. Como ocorre noutros casos, dar un ano concreto de peche faise moi difícil, pois falta documentación escrita sobre iso, pero as fontes orais coinciden de xeito unánime en situalo ‘‘un pouco antes que o do Cine Capitol’’, o que situaría pois a interrupción da actividade en torno do 1986.

Co seu peche, así como co do Capitol, a Illa de Arousa ficará sen cines, situación na que segue na actualidade.

2.8.5. CINE NON COMERCIAL: OS CINECLUBS

No que se refire a exhibicións cinematográficas fóra das salas comerciais, que foron escasas, na Illa de Arousa destaca sobre todo a actividade dos seus cineclubs.

2.8.5.1. Cineclub Arosa

Baixo o nome de Cineclub Arosa, a súa vida estivo intimamente ligada á Asociación Dorna, asociación cultural e deportiva creada no ano 1978[795].

A constitución deste cineclub data do 7 de xaneiro de 1986, no seo da amentada Asociación Cultural Dorna. A súa primeira sesión será o 13 de maio de 1986 co filme *Gandhi* (Richard Attenborough, G.B, EUA, India,1982). Nese mesmo mes proxectáronse tamén *La ciudad y los perros* (Francisco J. Lombardi, Perú, 1985)*, En compañía de lobos* (Neil Jordan, G.B, 1984) e *La muerte de Mikel* (Imanol Uribe, España, 1983)[796].

As proxeccións deste cineclub tiveron lugar primeiramente no cine Capitol[797], e cando este cine pechou no 1987, aínda seguiu a albergar as proxeccións do cineclub ata inicios dos anos 90.

[795] *A Illa de Arousa*, Xoán Dopico Orjales e Xosé Lois Vila Fariña, p. 264.

[796] Datos extraídos de *Historia de A Illa de Arousa*, ídem.

[797] Nese primeiro momento era habitual que se anunciasen as proxeccións do cineclub en prensa. Algúns dos filmes proxectados nese primeiro ano: *El honor de los Prizzi* (John Huston, EUA, 1985); *La fuga de Segovia* (Imanol Uribe, España, 1981); *El muro* (Alan Parker, G.B, 1982), *La hija de Ryan* (David Lean, G.B, 1970), *El precio del poder* (Brian de Palma, EUA, 1983)… *LVG*: 24-6-1986, p. 47 (1/2); 1-7-1986, p. 22 (3); 2-9-1986, p. 24 (1/2); 7-10-1986, p. 45 (2/3). Todas en edición Arousa.

No 1992, e tras conseguir unha subvención da Comunidade Económica Europea[798], dotarase á Casa da Cultura do concello dun moderno equipo audiovisual (proxector Sony de tres lentes, máis dúas cámaras de vídeo), e as proxeccións do cineclub mudarán para aquí. Cambia entón o modelo a seguir, e dun cineclub máis ‘‘ao uso’’ (películas máis ‘‘alternativas’’...) pasan a proxectar en vídeo e filmes ante todo comerciais. Pasaron pois a suplir o oco deixado polos cines, aínda que de xeito insuficiente, pois proxectaban case unicamente os domingos, e ademais ían con moito tempo (anos) de retraso respecto da estrea na carteleira cinematográfica. Pouco a pouco, os filmes proxectados irán tendo unha orientación sobre todo infantil e xuvenil.

A labor da Asociación Dorna e do seu cineclub estendeuse máis aló das proxeccións, e así, coas cámaras de vídeo coas que contaban, gravaban actividades e festas do pobo, gravacións coas que despois facían montaxes que proxectaban. Especial acollida tiñan as das festas do Entroido, que se proxectaban na Casa da Cultura e nos bares da vila, e das que chegaban a vender copias (moi solicitadas) entre os socios e non socios[799]. Esta Asociación chegou incluso a organizar un campionato de videoxogos (no tempo en que as ‘‘consolas’’ comezaban a desprazar as proxeccións), onde a marca Sega enviou material e regalos para os premios[800].

No 2001, co derribo do edificio da Casa de Cultura (debido ao mal estado das instalacións)[801], as proxeccións pasarán novamente ao antigo Cine Coliseo, que por aquel entón era empregado polo concello para actividades varias.

As proxeccións deste cineclub estiveron operativas ata, aproximadamente, o 2007, aínda que nos últimos anos xa foran espazándose cada vez máis.

2.8.5.2. Cineclub Illa de Arousa

Décadas despois do comezo desa primeira experiencia, unha nova iniciativa retomará o espírito inicial do cineclub anterior, aproveitando a nova dotación dun equipo audiovisual no concello (proxector profesional, ciclorama e lentes).

Promovido dende o propio concello, e contando coa colaboración do cineasta (orixinario da Illa) Marcos Nine, as sesións do Cineclub Illa de Arousa iniciaranse o 22 de novembro de 2013[802], cun ciclo sobre o afundimento do buque Prestige e a ‘‘marea negra’’ e desastre ecolóxico que iso provocou. Os filmes proxectados (producións galegas) nesta primeira

[798] Testemuño de Julián García Mariño, vicepresidente da Asociación Dorna naquela época.
[799] Testemuño de Daniel Otero Vidal, membro e posterior presidente da Asociación cultural Dorna.
[800] Testemuño de Avelino Cores ‘‘Faber’’, presidente da Asociación cultural Dorna daquela.
[801] *LVG*, 4-7-2001, edición Arousa, p. 12 (4/5).
[802] *FV*, 21-11-2013. Edición dixital.

sesión foron: *Muxía, política na costa da morte* (Ricardo Llovo, 2003), *A cada porco lle chega o seu San Martín* (en *Hai que botalos*, Juan Lesta e Belén Montero, 2005) e *Carcamáns* (Marcos Nine, 2003).

Tras deste inicio, programarán sesións periódicas (o último sábado de cada mes) no auditorio municipal. O tipo de programación e obxectivos serán diferentes dos do Cineclub Arosa, pois tamén os tempos tiñan cambiado moito, e o acceso ao contido audiovisual con eles. Este Cineclub Illa de Arousa apostará por un cine local e galego, que nese momento non era tan fácil que chegase ata a Illa, coa proxección de filmes, curtametraxes, charlas con directores... nun claro interese cara a visibilidade e dinamización do audiovisual e cineastas galegos[803]. As proxeccións manteranse ata o 2016, ano no que, tras unha última sesión o 30 de xaneiro co documental *Frankenstein-04155* (Aitor Rey, España, 2015)[804], a actividade estancarase e quedará en suspenso.

A partires de aí, aínda que xa non dende o cineclub senón dende o concello, no auditorio municipal seguiron a realizar algunhas proxeccións cinematográficas en fins de semanas puntuais (neste caso especialmente de cine infantil), ou datas significativas como o Día Internacional da Muller, o Día contra a Violencia de Xénero... Igualmente, estas proxeccións estancáronse dende inicios do 2019, sen ter sido retomadas aínda na actualidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Operador na cabina de proxección do Cine Fantasio. > Vilagarcía de Arousa, sen datar. APJCPB. P. 301

[803] Entre os filmes proxectados: *Crebinsky* (Enrique Otero, 2011), *Costa da morte* (Lois Patiño, 2013), *A tropa de trapo* (Alex Colls, 2010), *Todos vós sodes capitáns* (Oliver Laxe, 2010), *A viaxe de Leslie* (Marcos Nine, 2014), *Encallados* (Alfonso Zarauza, 2013)… www.cineclubeilladearousa.wordpress.com
[804] Ídem.


USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

Chegados ata aquí, non é doado condensar e concluír o que levamos enunciando e defendendo nas páxinas que abarca este traballo.

O cine pode ser estudado como unha dicotomía: ben coma arte, ben coma industria. Aspectos ás veces separados, ás veces da man. A industria á súa vez soe estudarse en torno a tres grandes bloques: produción, distribución e exhibición. Neste traballo, como xa expuxemos no prólogo inicial, optamos por centrarnos no último aspecto por ser o que mellor reflexa, e o que máis intimamente conecta, coa vida dos pobos.

Cando estudamos, dende unha óptica histórica, a evolución da exhibición cinematográfica nunha vila ou área xeográfica concreta, en realidade, estamos a ir moito máis aló do feito puramente artístico ou comercial, pois o cinema devén en espello da evolución histórica, económica, social, urbanística... dunha vila. Ao mesmo tempo, o intricado local fúndese coas características e evolución do cinema a nivel nacional e internacional. O caso do Salnés non é diferente, e esperamos, ao longo desta investigación, ter reflectido este feito do xeito máis fiel posible.

Con todo o presentado neste traballo, queda claro como o espectáculo cinematográfico foi mudando ao longo do século XX. A vida das salas das que fomos falando nestas páxinas, amosa como os cines das vilas pequenas ou ámbitos rurais, constatan ao igual que as grandes cidades, feitos como a aparición do sonoro, da cor, as sucesivas crises da industria, as guerras, o influxo da Igrexa, da política, a censura e imposición da moralidade…. Pero tamén o tipo de cine producido e consumido en cada momento: o cine mudo en episodios, as versións musicais do primeiro sonoro e o éxito dos filmes ‘‘cantados en español’’, o predominio do cine americano nos anos 50 e 60, a aparición de ‘‘outros cines’’, o cine da Transición e o ‘‘Destape’’, os *blockbusters* das últimas décadas...

Tamén son reflexo os cines do Salnés da vertente social da exhibición cinematográfica; a interacción coa vida do pobo, as intensas vivencias rexistradas polos seus habitantes en relación a tantas películas, o edificio do cine como foro social, como case único divertimento xunto aos bailes no seu inicio... O cine traspasaba a pantalla, e chegaba aos disfraces de Entroido, aos alcumes, ás cancións populares, aos xogos por parte dos

empresarios cos títulos dos filmes exhibidos (como declaración de intencións dos seus negocios ou como ‘‘piques’’ con cines veciños ou ‘‘rivais’’)...

Por outra banda, e como tamén puidemos observar, o cine é un reflexo da evolución urbanística das vilas, comezando pola propia evolución dos espazos dedicados a este negocio. Durante moitas décadas os cines foron edificios independentes e específicos para iso, non obstante, dende os anos 70 as salas de exhibición van pasar a situarse nos baixos de edificios de vivendas, e xa nas últimas décadas, en centros comerciais que conforman conglomerados para o ocio.

Así mesmo, dende os inicios, as salas de cine sempre se situaron en lugares céntricos da vila, ou en lugares algo máis residuais, pero cara os cales a vila foi crecendo (no cal moito tiveron que ver estes cines como motor económico para tal fin). Véxanse casos significativos coma o do Grove, que construíu un dos seus cines (El Marino) nun lugar naquel momento afastado do centro, pero que na actualidade constitúe unha das arterias principais da vila.

Polo tanto, os cines fóronse convertendo co paso dos anos en bens inmobiliarios moi ‘‘golosos’’ dada a súa situación, o que tamén contribuíu a propiciar a súa pronta ‘‘caída’’ ante a especulación urbanística (sendo neste senso moi significativo o caso de Vilagarcía de Arousa), especialmente nos anos 70 e 80. Co paso das décadas, e debido a isto, os cines foron desaparecendo dos centros urbanos, pasando de estar nun punto neurálxico das vilas, ás grande superficies comerciais do extrarradio.

O espectáculo cinematográfico foi, dende a súa aparición, impulsor da modernidade, e na comarca do Salnés tivemos boa proba diso. Motivado por el, levouse a cabo a chegada do alumeado a algunhas vilas (O Grove), do teléfono a outras (Meaño), deuse un empuxe nas redes de transporte entre elas (Vilagarcía e núcleos dos arredores), influíu ás veces no trazado urbano… Nos seus primeiros tempos, o cine (en xeral, e a exhibición cinematográfica en particular) foi fomentado por emprendedores e ‘‘aventureiros’’ que arriscaron nun negocio nacente (importante sinalar aquí a contribución de Ramón Cabanillas ao ‘‘arranque’’ do primeiro cine de Cambados), e que coa súa visión de futuro dotaron ás vilas de soños, de evasión, de coñecementos... e contribuíron tamén á economía local. Todo isto tivo claramente especial relevancia no ámbito rural, no cal as opcións de ocio eran máis restrinxidas que nas cidades.

Compre dicir tamén, que a exhibición cinematográfica é nas vilas pequenas moi diferente ás grandes cidades. Mentres que nestas últimas soe haber tres ou catro cadeas cinematográficas que dominan (e dominaban) o mercado, nas primeiras sempre predominaron sen embargo as salas ‘‘individuais’’. É dicir, excepto ocasións contadas (como a entrada da Empresa Fraga para tentar dominar o mercado, visto en exemplos deste traballo), estamos ante iniciativas individuais, negocios independentes dun

empresario (que moitas veces deriva, como en outro tipo de negocios, en empresa familiar) que conformaban un mercado ‘‘alternativo’’ en pequenas salas. Este feito foi altamente positivo en moitos aspectos, xa que para empezar, e grazas a estes empresarios, o cine chegou máis aló dos grandes núcleos urbanos, pero ao tempo, e como un arma de dobre fío, tamén propiciaba a desaparición das salas no momento en que deixaban de ser rendibles, pois estes empresarios (que ademais, moitas veces explotaban outros negocios en paralelo) procedían á súa venda para dedicarse a outras empresas que aportasen maiores dividendos.

A evolución da exhibición cinematográfica no Salnés é un exemplo moi claro de como o espectáculo do cine evolucionou no mundo, e de como o cine no rural desaparece, ou máis ben, de como condicionantes como as novas formas de ocio fano desaparecer. A través das salas estudadas, vemos pois a incidencia social, urbanística e económica do cine, vemos a súa evolución histórica, e constatamos a desaparición cara a actualidade das salas de cine no ámbito rural —caso de Meis, Ribadumia ou Vilanova— e nas vilas menos poboadas, unhas vilas cunha poboación importante pero para nada comparable coas cidades, que ao longo da súa historia chegaron a ter numerosas salas (incluso en paralelo), aínda que hoxe non se conserve ningunha. Caso de Cambados, Sanxenxo, O Grove, a Illa de Arousa....

Tras unha vida que pasou por momentos de esplendor, así coma outros de crise, as salas do Salnés foron caendo e desaparecendo case na súa totalidade (quedando en pé tan só os multicines de Vilagarcía). Nos núcleos máis rurais, esta desaparición veu dada pola falta de público ante as novas mobilidades (o acceso xeneralizado ao coche como vehículo de desprazamento individual), os cambios nos modos de ocio (as discotecas, os videoclubs, a televisión..), os modos de distribución, os avances económicos… Nos núcleos máis urbanos, únese a todo isto a xa amentada especulación inmobiliaria, que rematou con moitos dos antigos edificios dos cines sen dar a mínima oportunidade para unha nova vida ou, tan sequera, para a rehabilitación do espazo aínda que pasase a destinarse a outros usos. Como en tantos lugares, o implacable avance da ‘‘modernidade’’ urbanística levou por diante unha pegada da Historia.

Nestes tempos de mudanza continua —e acelerada— dos modos de consumo, que van da man das mudanzas nos modos de exhibición cinematográfica, é especialmente importante dar un oco ao estudo do pasado. O cine, a exhibición cinematográfica neste caso (as salas de cine, as proxeccións alternativas, os gustos do público...), está estreitamente entretecido coa vida sociocultural e emocional dos pobos. Máis aló dos datos, as salas de cine teñen vida propia, e son cofres de vivencias, persoais e colectivas. A perda dos cines é unha perda social, cultural e sentimental, e o seu estudo é un modo de coñecer máis a Historia, e con isto, a nós mesmos.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

BIBLIOGRAFÍA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1. ARQUIVOS

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (AHPP)

Información e Turismo (Espectáculos, cine e teatro). Caixas sen inventariar, nº: 7, 8, 9, 30, 41, 56 e 62.
Protocolo notarial de Ramón Díaz Ponte, con escritura de constitución de sociedad para explotación Cine Variedades, *1909*. G. 20587.
Registro de declaraciones de espectáculos para la contribución industrial. Administración de Rendas Públicas. 1944-1951. L. 8967, e 1952-1957. L. 7928.
Registro de declaraciones de espectáculos por el Impuesto Industrial – Licencia Fiscal. Administración de Rendas Públicas. 1958-1963. L. 7929.
Registro de declaraciones de espectáculos por el Impuesto Industrial – Licencia Fiscal. Relacións cos contribuíntes. 1975-1981. L. 7930.
Registro de Teatros y Cinematógrafos. Administración Central Periférica Goberno Civil. 1946-1961. L.10115.

ARQUIVO MUNICIPAL DE CAMBADOS (AMC)

Concesións 1922.
Correspondencia Oficial: 1909 a 1928.
Expedientes: 1940 a 1965.
Instancias: 1908 a 1942.
Libros de Actas: 1909 a 1950.
Libros de Rexistro de Entrada de Documentos: 1898 a 1934.
Libros de Rexistro de Saída de Documentos: 1898 a 1934.

ARQUIVO MUNICIPAL DE MEIS (AMM)

Licenzas de Obras, Libros de Actas, Expedientes: 1943 a 1968.

ARQUIVO MUNICIPAL DE O GROVE (AMG)

Licenzas de Obras, Libros de Actas, Expedientes, Correspondencia Oficial e Documentación variada: 1943 a 1993.

USC

ARQUIVO MUNICIPAL DE RIBADUMIA (AMR)

Expedientes: 1966-1984.

ARQUIVO MUNICIPAL DE SANXENXO (AMS)

Licenzas de Obras, Expedientes: 1952 a 2003.

ARQUIVO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA (AMVA)

Expedientes, Instancias, Licenzas de Obras, Libros de Actas: 1902 a 2003.
Libros de Matrícula Fiscal: 1925 a 1936, 1985 a 1990.

ARQUIVO MUNICIPAL DE VILANOVA DE AROUSA (AMVN)

Licenzas de Obras, Expedientes: 1979-1980.

ARQUIVO PERSOAL DE ÁNGEL E RUBÉN GARCÍA FERNÁNDEZ (APARGF)

Documentación variada e fotos dos cines de O Grove.

ARQUIVO PERSOAL DE ANTÓN MASCATO GARCÍA (APAMG)

Documentación variada cine Vilanova de Arousa.

ARQUIVO PERSOAL DE ANTONIO GÓMEZ BÚA (APAGB)

Documentación variada (Cine Cervantes e Cine Avenida de Cambados).
Libros de contas e partes de liquidación de despacho de billetes do Cine Avenida de Cambados: 1981 a 1986 (incompletos).

ARQUIVO PERSOAL DE BEATRIZ BESADA FERNÁNDEZ (APBBF)

Documentación variada dos cines de O Grove.

ARQUIVO PERSOAL DE BENITO LEIRO CONDE (APBLC)

Fotos dos cines de Vilanova de Arousa.

ARQUIVO PERSOAL DE DOLORES BESADA COSTA (APDBC)

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Documentación variada dos cines de O Grove.

ARQUIVO PERSOAL DE DUNIA ÁLVAREZ PRIETO (APDAP)

Documentación variada dos cines de O Grove.

ARQUIVO PERSOAL DE JOSÉ CASTRO PINTOS (APJCP)

Documentación e correspondencia variada co Cine Barrantes e Espacio Azul (Ribadumia).

ARQUIVO PERSOAL DE JUAN CARLOS PORTO BOUZAS (APJCPB)

Fotos e documentación variada dos cines de Vilagarcía de Arousa.

ARQUIVO PERSOAL DE JUAN OTERO ‘‘GENITO’’ (APJO)

Documentación variada dos cines da Illa de Arousa.

ARQUIVO PERSOAL DE JULITA SANMARTÍN FERNÁNDEZ (APJSF)

Documentación variada dos cines de O Grove.

ARQUIVO PERSOAL DE LUIS COSTA LÓPEZ (APLCL)

Documentación sobre cines de Cambados:

Correspondencia comercial e persoal variada: 1924- 1938, descontinua.
Correspondencia con distribuidoras: 1924-1934, ídem.
Facturas: 1924-1938, ídem.
Fotografías
Libro de contas: 1924-1932 (incompleto).
Libro de contas: 1933-1937.

ARQUIVO PERSOAL DE MANUEL PILLADO SILVOSO (APMPS)

Programas do Cineclub da Sociedade Cultural de Cambados.

ARQUIVO PERSOAL DE MANUEL VILLARONGA GARCÍA (APMVG)

Documentación variada dos cines de Vilagarcía de Arousa:

Programa Festas Santa Rita 1991, con resumo da historia das salas de cine de Vilagarcía de Arousa.
Programa do acto inaugural da reapertura do Salón García. Concello de Vilagarcía de Arousa, 2013.
Fotos variadas dos cines de Vilagarcía de Arousa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARQUIVO PERSOAL DE MARÍA DEL CARMEN TORRES IGLESIAS (APMCTI)

Fotos e recortes de prensa do cine de Vilalonga.

ARQUIVO PERSOAL DE MARÍA JESÚS OTERO SARMIENTO (APMJOS)

Fotos relacionadas co cine en Cambados.

ARQUIVO PERSOAL DE MARÍA TERESA LEDE (APMTL)

Programas e fotos varias do Cine Puente Arnelas.

ARQUIVO PERSOAL DE MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (APMAFF)

Documentación variada cines do Salnés.

ARQUIVO PERSOAL DE PEPE LORES GONZÁLEZ (APPLG)

Programas de man de cines do Salnés (variados).
Fotos e documentación do Cine Besada e Cine El Marino de O Grove.

ARQUIVO PERSOAL DE XOÁN ANTONIO PILLADO SILVOSO (APXAPS)

Documentación variada dos cines do Salnés.

ARQUIVO PERSOAL DE XOÁN DOPICO ORJALES (APXDO)

Documentación variada e fotos dos cines da Illa de Arousa.

SERVICIOS PERIFÉRICOS DO MINISTERIO DE CULTURA DE PONTEVEDRA. SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO CIVIL (SPMCP)

Expediente Cine "Avenida" Cambados. Legajo 4544.

2. LIBROS

2.1. HISTORIAS DE CINE LOCAIS E AUTONÓMICAS (VARIAS)

AMAR RODRÍGUEZ, VÍCTOR MANUEL: *El cine en Cádiz durante la guerra civil española.* Quorum libros, Cádiz, 1999.

BALLESTEROS TORRES, PEDRO: *Alcalá y el cine: una aproximación al desarrollo cinematográfico de la ciudad.* Festival de Cine, Alcalá de Henares, 1995.

BARRIENTOS BUENO, MÓNICA: *Inicios del cine en Sevilla (1896-1906): de la presentación en la ciudad a las exhibiciones continuas.* Universidad, Sevilla, 2006.

CABALLERO RODRÍGUEZ, JOSÉ: *Historia gráfica del cine en Mérida (1898-1998).* Editorial Regional de Extremadura, Badajoz, 1999.

CASTRILLÓN HERMOSA, JOSÉ LUIS: *El espectáculo cinematográfico en Valladolid (1920-1932).* Semana Internacional de Cine, Valladolid, 1996.

CERÓN GÓMEZ, JUAN FRANCISCO; MARTÍNEZ CONZÁLEZ, JESÚS: *Cien años de cine en Lorca.* Universidad de Murcia-Servicio de Publicaciones, Murcia, 1999.

COLÓN, CARLOS: *El cine en Sevilla, 1929-1950.* Ayuntamiento, Sevilla, 1983.

ÍDEM: *Los comienzos del cinematógrafo en Sevilla (1896-1928).* Ayuntamiento, Sevilla, 1981.

DE LA MADRID, JUAN CARLOS: *Cinematógrafo y varietés en Asturias (1896-1915).* Principado de Asturias, Oviedo, 1996.

GARCÍA FERNÁNDEZ, EMILIO C.: *Avila y el cine: historia, documentos y filmografía.* Institución "Gran Duque de Alba", Ávila, 1995.

GARCÍA RODRIGO, JESÚS: *La aventura del cine 1897-1995 (Albacete en el centenario del séptimo arte).* Diputación, Albacete, 1995.

GAROFANO, RAFAEL: *El cinematógrafo en Cádiz, una sociología de la imagen (1896-1930).* Fundación Municipal de Cultura, Cádiz, 1986.

GONZÁLEZ, PALMIRA: *Els anys daurats del cinema clàssic a Barcelona (1906-1923).* Diputació, Barcelona, 1987.

GONZÁLEZ TORREBLANCA, NIEVES: *Madrid. Patio de butacas*. Ediciones La Librería, Madrid, 2007.

GRAHIT GRAU, JOSÉ: *El cine en Gerona.* Fénix, Barcelona, 1943.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

JURADO ARROYO, RAFAEL: *Los inicios del cinematógrafo en Córdoba*. Filmoteca de Andalucía, Córdoba, 1997.

LARA GARCÍA, MARÍA PEPA: *Historia de los cines malagueños, desde sus orígenes hasta 1946.* Diputación, Málaga, 1988.

LETAMENDI, JON; SEGUIN, JEAN-CLAUDE: *Los orígenes del cine en Álava y sus pioneros. 1896-1897.* Filmoteca Vasca, San Sebastián, 1997.

LETAMENDI, JON; SEGUIN, JEAN-CLAUDE: *Los orígenes del cine en Cataluña*. Euskadiko Filmategia i Generalitat de Catalunya, Institut Català de les Indústries Culturals, Barcelona, 2004.

MARTÍNEZ, JOSEFINA: *Los primeros veinticinco años de cine en Madrid (1896-1920).* Filmoteca Española, Madrid, 1992.

MUÑOZ ZIELINSKI, MANUEL: *Inicios del espectáculo cinematográfico en la región murciana. 1896-1907.* Alfonso X el sabio, Murcia, 1985.

NARVÁEZ TORREGROSA. DANIEL: *Los inicios del cinematógrafo en Alicante.1896-1931.* Filmoteca de la Generalitat, Valencia, 2000.

PAGOLA, MANU: *Bilbao y el cine.* Ayuntamiento, Bilbao,1990.

PLATERO FERNÁNDEZ, CARLOS: *El cine en Canarias.* Edirca, Las Palmas, 1981.

PORTER MOIX, MIQUEL: *Breu historia del cinema primitiu a Catalunya.* Robreyno, Barcelona, 1977.

PULIDO CORRALES, CATALINA: *Inicios del cine en Badajoz (1986-1900).* Badajoz, editorial Regional de Extremadura, 1997.

SADA, JAVIER MARÍA: *Cinematógrafos donostiarras.* Filmoteca Vasca, San Sebastián, 1991.

SAIZ VIADERO, JOSÉ RAMÓN: *Una historia del cine en Cantabria.* Concejalías de Cultura, Ayuntamiento, Santander, 1999.

SÁNCHEZ, BERNARDO: *1896-1955: Del cinematógrafo al cinemascope, primera vuelta de manivela para una historia del cine en La Rioja.* Consejería de Cultura de La Rioja, Logroño, 1991.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VERA, PASCUAL: *Empresa y exhibición cinematográfica en Murcia (1895-1939)*. Real Academia Alfonso X el Sabio, Murcia, 1991.

ZOIDO SALAZAR, IVÁN: *Almería de cine.* Centro de Estudios Andaluces, Sevilla, 2010.

ZUNZUNEGUI, SANTOS: *El cine en el País Vasco.* Diputación Foral de Vizcaya, Bilbao, 1995.

2.2. HISTORIAS DO CINE LOCAIS (GALICIA)

ACUÑA RODRÍGUEZ, XOSÉ ENRIQUE: *Da historia do cine en Pontevedra. 1897-1936*. Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1996.

ÁLVAREZ PRIETO, DUNIA: *A meca dos cines. A trascendencia histórica das salas de cine na vila do Grove.* Concello do Grove, O Grove, 2018.

ARRIBAS ARIAS, FERNANDO: *O cine en Lugo, 1897-1977. Notas para unha historia cinematográfica*. Xerais, Vigo, 1996.

CABO VILLAVERDE, XOSÉ LUIS: *Cinematógrafos de Compostela (1900/1986)*. Colección Difusión, Serie Ensayos. CGAI, Xunta de Galicia, 1992.

CASTRO DE PAZ, JOSÉ LUIS: *La Coruña y el cine I. 100 años de historia: 1896-1936*. Vía Láctea, A Coruña, 1995.

IDEM: *La Coruña y el cine II. 100 años de historia: 1936-1995*. Vía Láctea, A Coruña, 1995.

ERIAS MARTÍNEZ, ALFREDO; SARMIENTO ESCALONA, ROSARIO: *O Cinematógrafo en Betanzos (1897-1951)*. Deputación Provincial de A Coruña, A Coruña, 1997.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, MIGUEL ANXO: *Crónica de cine: O Carballiño 1900-1994*. Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), A Coruña, 1994.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

HUESO MONTÓN, ANGEL LUIS: *La exhibición cinematográfica en La Coruña, 1940-1989*. Deputación Provincial de A Coruña, A Coruña, 1992.

LÓPEZ PIÑEIRO, CARLOS AURELIO: *O nacemento dunha cidade. A implantación do cine en Pontevedra.* Deputación Provincial de Pontevedra, 1998.

MARTÍN CURTY, JOSÉ ANTONIO: *Cines de Vigo*. Instituto de Estudios Vigueses, Vigo, 2004.

MARTÍN SÁNCHEZ, RITA; VÁZQUEZ ANEIROS, AURORA: *Del New England a los Goya: casi un siglo de cine en Ferrol*. Cuadernos Ferrol Análisis, Ferrol, 1994.

PÉREZ PENA, AMPARO: *O cine de posguerra en Santiago, 1939-1944.* Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1985.

PILLADO VILLARONGA, SABELA: *O cine en Cambados*. Candea (Asociación de Ensinantes do Salnés), Cambados, 2009.

VILLARONGA GARCÍA, MANUEL; BERRIDE FERREIRA, CARLOS: *Aproximación a unha análise do cinematógrafo en Vilagarcía de Arousa.* ‘‘Primeira Convocatoria de traballos escritos, Historia da Galicia Cinematográfica’’, concurso da Federación de Cineclubs de Galicia, 1987. Traballo de investigación inédito.

2.3. HISTORIAS DO CINE DE GALICIA

CABO VILLAVERDE, XOSÉ LUIS; SÁNCHEZ GARCÍA, JESÚS ÁNGEL (editores): *Cines de Galicia*. Fundación Barrié, A Coruña, 2012.

CABO VILLAVERDE, XOSÉ LUIS: *Espectáculos precinematográficos en Galicia. Das sombras chinescas ós panoramas*. Xociviga, O Carballiño, 1990.

CASTRO DE PAZ, JOSÉ LUIS (director): *Historia do Cine en Galicia*. Vía Láctea, Oleiros, A Coruña, 1996.

FOLGAR DE LA CALLE, JOSÉ MARÍA: *Aproximación a la historia del espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1920)*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1987.

IDEM: “Los primeros años del espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1914)”. *Primeros tiempos del Cinematógrafo en España*, coordinado por Juan Carlos de la Madrid. Trea, Gijón, 1997, pp. 85-105.

GARCÍA FERNÁNDEZ, EMILIO CARLOS: *Historia del Cine en Galicia (1896-1984)*. La Voz de Galicia, A Coruña, 1985.

NOGUEIRA OTERO, XOSÉ: *O Cine en Galicia*. A Nosa Terra, Vigo, 1997.

QUIROGA VALCARCE, LUIS M.: *El Cine en Galicia durante la Segunda República*. Tese Doutoral dirixida por Ángel Luis Hueso Montón, defendida na Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela, 1989. Inédita.

2.4. DICIONARIOS DE CINE DE GALICIA

CABO VILLAVERDE, XOSÉ LUIS; COIRA NIETO, JOSÉ ANTONIO; PENA PÉREZ, JAIME (coordinadores): *Dicionario do cine en Galicia (1896-2000)*. Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual (Santiago de Compostela), CGAI (A Coruña), 2001.

GARCÍA FERNÁNDEZ, EMILIO CARLOS: *Dicionario Filmográfico de Galicia*. Coordenadas, Santiago, 1993.

2.5. OBRAS SOBRE CAMBADOS

CAAMAÑO BOURNACELL, JOSÉ: *Cambados a la luz de la Historia*. Santiago de Compostela, 1933.

CABANILLAS, RAMÓN: "Cambados de antaño". *Ramón Cabanillas. Obra completa, III*. Akal, Madrid, 1981, pp. 411-414.

DOMÍNGUEZ PEDREIRA, JACOBO: *A Juventud de Cambados. 75 anos de historias.* Editorial Candea, Cambados, 2009.

SÁNCHEZ PEÑA, JOAQUÍN: *Historia de Cambados*. 1927, manuscrito (borrador para un libro, sen editar).

2.6. OBRAS VARIAS

CABO VILLAVERDE, XOSÉ LUIS; GONZÁLEZ ÁLVAREZ, MANUEL: "O patrimonio cultural na emigración: cine e fotografía". *Patrimonio cultural galego na emigración*, coordinado por María Xosé Rodríguez Galdo e Alfonso Vázquez-Monxardín. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1996, pp. 221-227.

CAMBA, XABIER; REI, LUÍS (coord): *Cabanillas, xornalista cambadés*. Concello de Cambados, Deputación Provincial de Pontevedra e Xunta de Galicia. Cambados. 2001.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CARRERAS Y CANDI, F. (coord.): *Geografía general del Reino de Galicia*. Editorial Alberto Martín, Barcelona, 1936.

CASTRO DE PAZ, JOSÉ LUIS (coord): *José Sellier en A Coruña: los comienzos del cine español / José Sellier na Coruña: os comezos do cine español*. Deputación da Coruña, Fundación Emalcsa, Concello da Coruña, A Coruña , 2013.

FIGUEROA DAVILA, JOSÉ (coord.): *Comarca do Salnés. Plan de desenvolvemento comarcal de Galicia.* Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal. Presidencia Xunta de Galicia. 1995.

GONZÁLEZ ÁLVAREZ, MANUEL: *Documentos para a Historia do Cine en Galicia: 1970/1990*. Colección Patrimonio Audiovisual, Serie Escolma, CGAI, A Coruña, 1992.

HEININK, JUAN B.; DICKSON, ROBERT G.: *Cita en Hollywood, antología de las películas norteamericanas habladas en castellano*. Mensajero, Bilbao, 1990.

HUESO MONTÓN, ÁNGEL LUIS (coord.): *Catálogo dos fondos cinematográficos nos Arquivos Públicos galegos*. Consello da Cultura Galega, Comisión do Patrimonio Histórico, Santiago de Compostela, 1990.

IDEM (coord.): *Fontes e documentos sobre cine en Galicia nos arquivos da Administración Central*. CGAI/ Xunta de Galicia, A Coruña, 1992.

HUESO MONTÓN, ÁNGEL LUIS; FOLGAR DE LA CALLE, JOSÉ MARÍA (dirección). MARTÍN SÁNCHEZ, RITA; LÓPEZ LÓPEZ, YOLANDA (documentación e redacción): *Filmografía galega, curtametraxes*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 2002.

HUESO MONTÓN, ÁNGEL LUIS; FOLGAR DE LA CALLE, JOSÉ MARÍA (dirección). NOGUEIRA OTERO, XOSÉ; RIVAS VIDAL, RUBÉN (colaboradores). MARTÍN SÁNCHEZ, RITA (responsable xeral do catálogo): *Filmografía galega, longametraxes de ficción*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 1998.

HUESO MONTÓN, ÁNGEL LUIS; GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, XURXO; MARTÍN SÁNCHEZ, RITA: *Cines de Pontevedra. Documentación en arquivos públicos.* Seminario de Historia do Cine, Departamento Historia da Arte, Santiago de Compostela, 2013.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LAHOZ RODRIGO, JUAN IGNACIO (coord): *A propósito de Cuesta. Escritos sobre los comienzos del cine español, 1896-1920*. Ediciones de la Filmoteca (Institut Valencià de l'Audiovisual i la Cinematografia Ricardo Muñoz Suay), Valencia, 2010.

OTERO PEDRAYO, RAMÓN (dirección): *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomos IV, IX, XI e XXIX. Silverio Cañada, Santiago de Compostela/Gijón, 1974.

REI, LUÍS: *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades.* Editorial Galaxia, Vigo, 2009.

VILA FARIÑA, XOSÉ LOIS; DOPICO ORJALES, XOÁN: *Historia de A Illa de Arousa*. Imprenta Fidalgo S.L, Concello de A Illa de Arousa, Caixanova. 2007.

VVAA: *El paso del mudo al sonoro en el cine español.* Actas del IV Congreso de la A.E.H.C. Editorial Complutense, Madrid, 1993.

3. HEMEROGRAFÍA

3.1. XERAL

CARRIBA, LORENZO: ''En la Isla de Arosa''. *La Estampa,* nº 31, Madrid, 9 de marzo de 1935.

GARCÍA CAAMAÑO, JORGE: ''El cine Torres''. *Revista de Adina*, Sanxenxo, 22 de agosto de 2010, pp. 6-7.

HUESO MONTÓN, ÁNGEL LUIS: "Aspectos do comercio cinematográfico en Galicia". *Grial*, tomo 23, nº 90, outubro-decembro 1985, pp. 443-450.

